

MEMORIA TOMO II  
VOLUME 1







# MEMORIA

## TOMO II VOLUME 1



---

## CONTIDO

---

I.	PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA	7
II.	VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	83
III.	VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA	247
IV.	CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	351





## PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

### SECCIÓN 04





## I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

### I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa parte, o Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e fixou aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

No Decreto 72/2022, do 25 de maio, no seu artigo único dispónse que dependerán da Presidencia da Xunta de Galicia os seguintes órganos superiores:

- Secretaría Xeral da Presidencia, á que está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- Secretaría Xeral de Medios, á que está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación.
- Secretaría Xeral da Emigración.
- Asesoría Xurídica Xeral, con rango de Secretaría Xeral

Queda adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia

- a) A Axencia de Turismo de Galicia, que se axusta nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia; no Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e demais normas de aplicación.
- b) As delegacións da Xunta de Galicia no exterior.

O desenvolvemento desta estrutura orgánica lévase a cabo a través do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 117, do 20 de xuño de 2022, tendo como premisas os criterios de máxima eficacia e economía na organización administrativa.

A Presidencia contará coa Oficina de Asesoramento Especial e Apoio á Presidencia da Xunta de Galicia e coa Xefatura de Comunicación.

Tamén están adscritas aos órganos superiores dependentes da Presidencia os seguintes órganos colexiados:

- O Consello Asesor de Telecomunicacións e Audiovisual de Galicia, creado polo Decreto 276/1999, do 21 de outubro, adscrito á Secretaría Xeral de Medios.
- O Consello de Comunidades Galegas, regulado pola Lei 7/2013, do 13 de xuño, de galegidade, e polo Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento

to de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, adscrito á Secretaría Xeral da Emigración.

- O Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, regulado polo Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, adscrito á Axencia de Turismo de Galicia.
- O Consello de Turismo de Galicia, regulado polo Decreto 149/2012, do 5 de xullo, á Axencia de Turismo de Galicia.
- A Comisión Interdepartamental do Camiño de Santiago, regulada polo Decreto 107/2016, do 4 de agosto, á Axencia de Turismo de Galicia.
- A Comisión Organizadora do Xacobeo 2021, creada polo Decreto 4/2018, do 11 de xaneiro, á Axencia de Turismo de Galicia.
- O Comité Camelia Galicia, regulado pola Orde do 25 de maio de 2020 pola que se establece a ordenación da Ruta dos Xardíns da Camelia e se crea o Comité Camelia Galicia, á Axencia de Turismo de Galicia.

## **I.2. COMPETENCIAS**

### **I.2.1. DA CONSELLERÍA**

As funcións dos órganos superiores da Presidencia da Xunta de Galicia, segundo o establecido no Decreto 108/2022, do 20 de xuño, son as que se indican a seguir:

#### **SECRETARÍA XERAL DE PRESIDENCIA**

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

Correspóndelle en particular, entre outros:

- a) A asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Presidencia.
- b) A coordinación da planificación interdepartamental e a comunicación, nos asuntos xerais, coas consellerías, entidades e organismos que teñan relación coa Presidencia da Xunta de Galicia, así como as que lle sexan delegadas pola persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia.
- c) A coordinación dos órganos adscritos á Secretaría Xeral da Presidencia, sinalados no artigo único, letra a), punto 1, do Decreto 72/2022, do 25 de maio, polo que se esta-

blecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

- d) A elaboración de estudos e informes para a Presidencia da Xunta.
- e) A coordinación dos asuntos xerais da Presidencia da Xunta que así o precisen.
- f) A coordinación da elaboración dos orzamentos da Presidencia.
- g) A xestión do persoal da Presidencia nos termos establecidos neste decreto.
- h) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Secretaría Xeral da Presidencia.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia, que exercerá funcións de asesoramento, asistencia e apoio directo á Presidencia.

Correspóndelle en particular:

- a) Prestar asesoramento en todos os asuntos e materias que dispoña a Presidencia da Xunta de Galicia.
- b) Solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías para os efectos de facilitarlle a coordinación da acción de Goberno.
- c) Solicitar das institucións públicas e privadas a información que demande para o exercicio das súas funcións.
- d) Preparar os documentos e informes que sexan necesarios para a súa interlocución ou toma de decisións.
- e) Prestar asistencia para a preparación das súas intervencións no Parlamento de Galicia.
- f) A coordinación das actividades da Casa de Galicia en Madrid.
- g) O Secretariado do Goberno da Xunta de Galicia e das súas comisións delegadas, coa excepción da asistencia ás súas sesións, exercendo as competencias que se sinalan nas normas reguladoras de réxime interior da Xunta de Galicia.
- h) A defensa dos asuntos da Presidencia da Xunta na Comisión de Secretarios Xerais e o apoio á persoa titular da Presidencia no sometemento daqueles ao Consello da Xunta.
- i) A xestión da documentación da Presidencia da Xunta de Galicia.
- j) Realizar aquelas outras actividades ou funcións que se lle encomenden.

Para o exercicio das súas competencias, a Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia conta coa Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación, á que lle corresponden as seguintes competencias:

- a) A realización dos informes que lle sexan encomendados pola persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia.
- b) O estudo dos asuntos que teñan que elevarse á Comisión de Secretarios Xerais e ao Consello da Xunta de Galicia.

- c) O apoio á persoa titular da Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia no labor de solicitar e sistematizar información acerca das iniciativas, programas, plans e actividades das consellerías.
- d) A edición do Diario Oficial de Galicia.
- e) En xeral, a asistencia e xestión de cantos asuntos lle sexan encomendados.

Queda adscrita á Dirección Xeral do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia a Casa de Galicia en Madrid que, como sede da Xunta de Galicia en Madrid, desenvolverá as actividades previstas no artigo 11 do Decreto 108/2022, sen prexuízo da coordinación dos demais departamentos da Xunta de Galicia das actividades que se poidan desenvolver nela.

## **SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS**

É o órgano superior encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual. No marco desa competencia xeral exercerá as funcións de divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia; a xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social, comunicación audiovisual e as referidas á publicidade recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia; a coordinación da política de imaxe e publicidade institucional da Xunta de Galicia e da súa identificación corporativa; a dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación e a implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.

A esta secretaría xeral está adscrita a Dirección Xeral de Comunicación, á que lle corresponde a supervisión e coordinación da política informativa e de comunicación da Xunta de Galicia; a relación cos medios informativos en todas as materias de comunicación que afecten á Presidencia da Xunta de Galicia, así como a coordinación da comunicación interdepartamental da Administración xeral da comunidade autónoma e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

## **SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN**

Correspóndenlle as competencias en materia de emigración e retorno, e en particular as relacións e apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior; así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as políticas de emigración e retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior que faciliten a súa integración na sociedade galega, o Rexistro de Galegidade e o Asento de Galegas e Galegos do Exterior, a coordinación dos órganos de participación das comunidades galegas e, en particular, do Consello de Comunidades Galegas e

da súa comisión delegada, a execución das previsións contidas no capítulo V do título II da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, e as previstas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

Igualmente, asume as competencias que atribúe ás comunidades autónomas a Lei 40/2006, do 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior e en xeral, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior e como órgano superior da Administración da comunidade autónoma no ámbito da emigración e do retorno, as recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galeguidade.

Así mesmo, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, adscribe as delegacións exteriores da Xunta de Galicia á Presidencia da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Emigración.

## **ASESORÍA XURÍDICA XERAL**

Co rango de secretaría xeral, asume a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa Administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

### *1.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

#### **AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na súa disposición adicional cuarta, autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia de Turismo de Galicia, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Mediante o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, procedeuse ao desenvolvemento da citada disposición adicional, creando a Axencia de Turismo de Galicia e regulando os aspectos referidos á organización e funcionamento da axencia, a súa estrutura, o réxime do seu persoal, o seu réxime económico-financeiro e o seu réxime patrimonial e de contratación.

Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Axencia de Turismo de Galicia ten as seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

- a) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da comunidade autónoma, determinando as liñas de actuación de política turística, equilibradas e sustentables, que deben rexer no territorio galego.
- b) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.
- c) A dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo que se desenvolvan no ámbito da Administración da comunidade autónoma.
- d) A instauración de canles efectivas de comunicación con outros organismos locais, provinciais e da Administración central e outras administracións, así como co sector privado.
- e) O desenvolvemento e xestión de plans integrais de turismo para aplicar nos xeodestinos e/ou establecementos turísticos, apostando pola innovación, calidade e sustentabilidade dos produtos turísticos que configuren o portafolios de produtos turísticos de Galicia.
- f) O aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia coma no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado.
- g) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.
- h) Os labores de información turística tanto a nivel nacional como internacional, directamente ou a través de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a creación, coordinación e desenvolvemento destas accións de información e promoción turística interior e exterior.
- i) Directamente ou a través da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.
- j) A coordinación da participación da comunidade autónoma nas exposicións universais.
- k) Dirixir e coordinar as actuacións relativas á análise, estudo, coñecemento e estatísticas no eido turístico, así como o desenvolvemento de tarefas de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico no eido do turismo, sen prexuízo doutros organismos con competencias nestas materias.
- l) O impulso da competitividade do sector turístico privado, fomentando a mellora da xestión interna das empresas turísticas, a I+D+i, a cooperación entre empresas e a formación.
- m) A aplicación dos mecanismos necesarios para mellorar as estruturas e os fundamentos da formación profesional turística.
- n) A formación de formadoras ou formadores vinculados aos estudos turísticos, tanto desde o punto de vista teórico coma práctico, así como a formación continua dos traballadores do sector turístico, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos.

- o) Calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.
- p) O exercicio da función estatística da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de turismo, no marco do previsto no artigo 44 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- q) Todas as operacións que sexan preparatorias, auxiliares ou complementarias das mencionadas.

### *I.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

#### **CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.**

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, no seu artigo 2, encomenda á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A, (en diante Corporación RTVG), a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Corporación RTVG é unha sociedade mercantil pública autonómica integrada no sector público autonómico con forma de sociedade anónima e con capital participado na súa totalidade pola Comunidade Autónoma de Galicia. A Corporación RTVG goza de autonomía na súa xestión e actúa con independencia funcional respecto do Goberno e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

O servizo público de comunicación audiovisual é un servizo esencial de interese económico xeral que ten por obxecto a produción, edición e difusión dun conxunto posible de canais de radio, de televisión e de servizos de información en liña con programacións diversas e equilibradas para todo tipo de público, que cubrirán os distintos xéneros, destinados a satisfacer as necesidades de información, cultura, educación e entretemento da sociedade, a preservar o pluralismo nos medios de comunicación e a promover o emprego da lingua galega.

Esa función de servizo público comprende a produción de contidos e a edición e difusión de canais xeneralistas e temáticos, así como a oferta de servizos conexos e interactivos.





---

## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

### II.1. DA CONSELLERÍA

#### I.- SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA.

O Decreto 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

O Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

E, pola súa banda, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, estableceu a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

De conformidade co establecido nestes decretos, forman parte da Presidencia da Xunta de Galicia, a Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de Secretaría Xeral; a Axencia de Turismo de Galicia; o Diario Oficial de Galicia; e o secretariado do Goberno, coa finalidade de instrumentar as funcións de coordinación da planificación interdepartamental.

En consecuencia, os orzamentos de 2024 reflicten as dotacións necesarias para afrontar o desempeño destas atribucións que se derivan desta estrutura.

A Secretaría Xeral da Presidencia configúrase como órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de apoio e asistencia técnica á Presidencia da Xunta de Galicia.

En 2024 continuarase a reforzar, nos asuntos xerais, a coordinación da planificación interdepartamental en colaboración con todas as consellerías e co resto dos órganos superiores e de dirección da Xunta de Galicia.

#### 2.- SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS.

A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

Neste senso, establécense como principais funcións da Secretaria Xeral de Medios as seguintes:

- A divulgación da acción institucional da Xunta de Galicia e da Presidencia.

- A xestión das competencias da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación social e comunicación audiovisual.
- A coordinación da política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A coordinación da transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada na política de imaxe e dos contidos da publicidade institucional da Xunta de Galicia.
- A proposición e o desenvolvemento da normativa referente á comunicación social e á publicidade.
- A elaboración, coordinación e seguimento relativo ao manual e normas sobre a identificación corporativa da Xunta de Galicia.
- O estudo, preparación e tramitación de cantas actuacións correspondan á Xunta de Galicia para o desenvolvemento e efectividade das previsións do artigo 34 do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación coa radio, televisión e medios de comunicación social.
- A realización de estudos e a súa coordinación sobre materias relativas a todos os sectores da información e medios de comunicación en xeral.
- As competencias de supervisión, control e protección activa para garantir o cumprimento do previsto na lexislación básica en materia de comunicación audiovisual e, se é o caso, a potestade sancionadora en relación cos servizos de comunicación audiovisual cuxo ámbito de cobertura, calquera que sexa o medio de transmisión empregado, non supere os límites territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A dotación de infraestruturas no ámbito da comunicación.
- A implantación de redes propias de comunicación audiovisual, radiofónica e televisiva para a prestación de servizos que sexan competencia da comunidade autónoma, de acordo co establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual.
- A dirección e coordinación das actuacións en materia de comunicación audiovisual e multimedia, e todos os aspectos que deriven da aplicación destas tecnoloxías no ámbito da comunicación.

En 2024, a Secretaría Xeral de Medios continuará desenvolvendo todas as funcións que ten asignadas, entre as que se inclúen, as labores de coordinación da comunicación interdepartamental da Xunta de Galicia e dos contidos ofrecidos, no eido dixital, nas relacións coa cidadanía e coas institucións.

### **3.- SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN.**

A Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno.

Á Secretaría Xeral de Emigración correspóndelle a xestión do Programa de gasto 312C, "Servizos Sociais relativos ás Migracións", que ten como obxecto as actuacións de apoio á cidadanía galega no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, co fin de fomentar a súa participación na vida social, cultural e económica de Galicia e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida. Así mesmo, desenvolve as accións encamiñadas á integración social e á inserción profesional e laboral do colectivo de galegos que deciden retomar á súa terra.

En 2024 vaise continuar coas actuacións de apoio tanto ás persoas galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social, como ás persoas retornadas que necesitan un soporte económico, social, laboral e en xeral de acompañamento, no momento da súa chegada e que se fan aínda máis imprescindibles no momento actual.

No referente ás políticas de emigración, debemos destacar que na actualidade existen distintos países de Latino América nos que os seus cidadáns están vivindo unha importante situación de precariedade económica e socio asistencial, por canto os sistemas públicos nos seus países de residencia, polas crisis sociais que sofren, os fortes procesos inflacionarios, e máis especialmente en Cuba, Venezuela e Arxentina, non son capaces de dar cobertura suficiente á poboación, polo que na actualidade, unha parte das galegas e os galegos residentes nestes países, e en particular os máis maiores, son o colectivo máis vulnerable e en moitos casos sofren situacións de necesidade e de exclusión social.

É por iso que no 2024, continuaremos ampliando un esforzo para lograr chegar ás galegas e aos galegos residentes no exterior en situación de vulnerabilidade.

Cos programas de axudas sociais de carácter individuais chegamos en cada ano a máis de 20.000 familias, números que manteremos para as axudas deste 2024, reforzando o valor individual das axudas. Estes programas están dirixidos ás persoas emigrantes de nacionalidade española e de orixe galega, e a determinados familiares, residentes nos países do estranxeiro, que se encontren en situación de precariedade económica, problemas graves de saúde, situacións de dependencia, discapacidade ou vellez avanzada.

Refórzanse, novamente, as colaboracións con aquelas entidades de carácter social, como residencias de anciáns, centros de día e centros de asistencia socio-sanitaria, coas que chegamos aos galegos máis maiores e vulnerables do exterior. Garantir a presenza destas entidades e a prestación dos servizos é garantía de mellor calidade de vida para moitos dos nosos, dado que sen estas entidades dificilmente Galicia podería axudar a estas persoas. Polos países que se sitúan, sofren o rigor da situación económica destes e os seus procesos inflacionarios, por iso é necesario actualizar as colaboracións en función da evolución de cada país.

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve outro programa destinado ás galegas e galegos residentes no exterior tamén de carácter social, como é o "Reencontros con Galicia". A finalida-

de deste programa é a de promover o contacto de galegas e galegos residentes no exterior coa súa terra e coas súas familias, particularmente os de menos recursos económicos, fortalecendo así os vínculos de unión con Galicia, mediante unha viaxe á terra que os viu partir e posibilitando o contacto coas súas familias.

Seguimos moi pendentes de todas as entidades galegas do exterior. A Secretaría Xeral da Emigración fai un importante esforzo de xestión e orzamentario para que reciban un apoio axeitado pola relevancia que teñen como nucleadores das comunidades de galegos presentes nos distintos países, para axudar a garantir a súa permanencia no tempo a pesar dos cambios sociais e xeracionais.

No tocante aos programas formativos, a Secretaría Xeral da Emigración, co obxectivo de potenciar os costumes e tradicións galegas e posibilitar que as persoas galegas que residen no exterior manteñan os vínculos coa cultura de Galicia, convoca anualmente distintos obradoiros formativos de folclore, artesanía, cociña e seminarios de cultura galega, que se realizarán nas entidades galegas do exterior, de xeito que se manteña viva a nosa identidade e se promova a nosa cultura na Galicia exterior.

Tamén é importante destacar o programa formativo Escolas Abertas, destinado ás persoas que imparten docencia nas entidades galegas do exterior (un programa de formación de formadores), para que os profesores que traballan nos distintos centros galegos do mundo, veñan a Galicia a participar nos talleres de especialización co que se lles aporta unha formación altamente especializada e cualificada. No seu regreso aos distintos países, nos que residen e traballan, van a trasladar este coñecemento a miles de alumnos de todo o mundo, ao longo de todo o ano.

A Secretaría Xeral da Emigración tamén continuará a traballar na proxección exterior da cultura galega e do seu patrimonio, como marca recoñecida e valorada, así como na creación de pontes que faciliten a promoción e posicionamento internacional dos nosos produtos culturais e artísticos.

Nesta mesma liña, tamén desenvolvemos o programa Conecta con Galicia, Conecta co Camiño ou Conecta voluntariado, destinado aos máis novos e que ten por finalidade facilitar á mocidade da Galicia exterior o contacto coa realidade galega e o encontro cos seus familiares, e que iso permita nun futuro favorecer o retorno. Non se toma a decisión de ir a un lugar que non coñeces, por iso queremos que coñezan Galicia.

Merece un apartado moi destacado falar das competencias e accións en materia de retorno, sobre todo, desde que en decembro de 2022 a Xunta de Galicia aprobou o novo período da Estratexia Galicia Retoma, cun período de vixencia de 4 anos, dende o ano 2023-2026, e cun importante avance en liñas de acción, chegando en orzamento a 450 millóns de euros, ampliando a participación de todos os departamentos da Xunta de Galicia. A Estratexia Galicia Retoma converteu ao retorno nun dos piares fundamentais para solucionar o gran problema demográfico do noso territorio. A pretensión deste traballo é que a medio e longo prazo se logre normalizar un

fluxo migratorio positivo e sostido no tempo, que xunto coas políticas de natalidade e conciliación, se convertan nos eixos fundamentais para lograr a reversión da nosa pirámide poboacional.

Deste xeito, o Goberno Galego reforza a súa aposta polo retorno e faino sobre os seguintes fundamentos:

- É unha obriga legal, sustentada entre outras normas, polo propio Estatuto de Autonomía de Galicia, que confire aos galegos e galegas do exterior o dereito de volver á súa terra.
- A realidade demográfica de Galicia, que igual que o resto de occidente, vén experimentando nas últimas décadas un proceso de transformación social que nos conduce a unha importante problemática demográfica, na que o retorno pode xogar un importante papel, para revertir o seu sentido negativo.
- É unha oportunidade, que nos ofrece a posibilidade de mellorar tanto a competitividade como a produtividade do tecido empresarial galego.

A Estratexia Galicia Retoma é pioneira no seu prantexamento en todo o Estado Español (e hoxe referente para as demais CCAA), como instrumento capaz de marcar as liñas de traballo de toda unha administración converténdose nunha das políticas estruturais da nosa comunidade autónoma. Tanto é así que a regulación en materia de retorno que estableceron a Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de Impulso Demográfico de Galicia e a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento de Galicia, viñeron a transformar estas políticas de goberno en materia de retorno, nunha política de país, consolidada neste período 23-26.

Por este motivo, debemos facer un importante esforzo, non só para manter os orzamentos destinados ao retorno, senón que debemos seguir impulsando e incrementando a execución destas políticas, non só da Secretaría Xeral da Emigración, senón de todos os departamentos da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona numerosas accións contidas na Estratexia Galicia Retoma, das que debemos destacar 3 liñas de traballo específicas de axuda económica e dirixidas ás familias retomadas de forma exclusiva, e tamén quizais o máis importante, un servizo de acompañamento que é a Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao retorno.

O obxectivo principal desta Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno é prestar unha atención global e unificada ás persoas galegas retomadas e ás súas familias de cara á súa efectiva integración e que neste próximo ano vaise a ver especialmente reforzada en medios persoais e materiais, o que significa ampliar os servizos que presta, sumando aos xurídicos e sociais, os de orientación laboral e tributario básico. Ademais debemos destacar a posta en marcha xa efectiva cara o próximo ano da "Oficina Itinerante" que chegará a todo o rural galego, o máis preto posible do domicilio dos cidadáns que retomaron recentemente a Galicia e teñen máis dificultades para desprazarse ás oficinas das cidades.

Outra das axudas específicas en materia de retorno da Secretaría Xeral da Emigración son as Axudas extraordinarias aos galegos retornados. A situación de crise social, económica e política, acrecentada polos importantes procesos inflacionarios en moitos países de América Latina, está provocando que tamén teñamos un fluxo migratorio dende eses países de familias en condicións de vulnerabilidade. É por iso que estas axudas son máis necesarias que nunca para axudar aos que están a retornar e precisan un aporte económico no momento da súa chegada a Galicia, para favorecer o seu establecemento, cando os seus recursos son limitados. Estas axudas están destinadas a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do retorno, e concédense por unha soa vez.

Debemos tamén referirnos ás axudas aos galegos retornados emprendedores, que é un programa destinado á promoción dos traballadores autónomos e á creación de emprego dos galegos retornados que complementa outros programas de axudas por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. Dende a súa posta en marcha, axudamos ao redor de 700 proxectos.

Outra das relevantes liñas económicas específicas que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración en materia de retorno é o programa BEME -Bolsas de Excelencia para a Mocidade do Exterior- que permite cursar estudos de máster nalgunha das tres universidades de Galicia a galegas e galegos, ou descendentes, residentes no estranxeiro. Permite incorporar a Galicia profesionais de alto nivel de cualificación académica, o que supón un aporte moi relevante para o noso sistema produtivo. O próximo exercicio permitirá acadar unha cifra superior ás 1.500 bolsas na historia deste programa.

#### **4.- ASESORÍA XURÍDICA XERAL**

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2024 continuarase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico. Deste xeito, seguirase reforzando o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control, o que se traducirá nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Tamén se pretende, neste ano 2024, ao igual que no ano 2023, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, na materia de contratación pública, as accións da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia diríxense a: Potenciar a utilización das modalidades de compra pública innovadora; á aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais e, na materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, velar pola aplicación da Lei de impulso demográfico en canto ao establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma; contribuír ao deseño dos expedientes contractuais de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público; asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrncia.

Así mesmo, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións, pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

En cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos. Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensificárase a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos. O traballo destas comisións resulta fundamental para a mellora da calidade da redacción das normas, da súa claridade e precisión, o que fomenta a seguridade xurídica, e facilita, así mesmo, a participación pública e dos sectores interesados, e a súa máis áxil tramitación e informe por parte dos órganos administrativos e consultivos que deben informalas, coa consecuente redución dos prazos de tramitación. Neste sentido, a administración autonómica, a través da modificación do procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral recollida no anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que potencia o papel destas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos e recolle outras modificacións do procedemento, pretende no ano 2024 acadar a redución do prazo medio de tramitación das normas, reducíndoo á metade.

En particular, no ano 2023, a Asesoría Xurídica Xeral colaborou en relevantes proxectos de disposicións de carácter xeral, entre os que se poden destacar os anteprojectos da lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, da lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, da lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, da lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, da lei de calidade alimentaria de Galicia e da lei de medidas fiscais e administrativas, como garante da seguridade xurídica nestas materias.

Esta contribución da Asesoría Xurídica Xeral atende aos obxectivos fundamentais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de mantemento dun marco normativo estable e o máis simplificado posible que posibilite o coñecemento rápido e comprensible da normativa vixente que resulte de aplicación, e sen máis cargas administrativas para a cidadanía e as empresas que as estritamente necesarias para a satisfacción do interese xeral.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participa na aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

Nesta liña, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia desenvolverá as funcións que se asignan no Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2021. Así, asiste á Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade. A Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co Programa Marco, exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público. No marco destas funcións, informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraralos en dereito cando así o soliciten. En particular, co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade e, en especial sobre o tratamento das comunicacións por irregularidades, a Asesoría Xurídica Xeral forma parte do Comité de Ética.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 22 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.



Por último, a Asesoría Xurídica Xeral continuará a intervir nas iniciativas do plan anual normativo, no marco das funcións previstas Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

## II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

A Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo desenvolver todo o potencial turístico a partir dos recursos de Galicia consolidando Galicia como marca e como destino multiexperiential, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora, articulada ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha xestión que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo.

Todo isto realízase sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorando a captación de turistas cunha oferta segmentada e fomentando a súa fidelización co destino a longo prazo, transformando aos viaxeiros en prescriptores do destino.

Así, as principais liñas de actuación de Turismo de Galicia para 2024 priorizarán:

- A posta en valor dos recursos turísticos endóxeos para a creación dun destino turístico de excelencia, sostible, diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sustentable, garantindo un modelo turístico adaptado ás novas necesidades do viaxeiro pospandemia, que busca experiencias e contacto cos recursos turísticos e a poboación local.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, profesionalizado, innovador e coordinado, con visión internacional.
- A conservación, mantemento e posta en valor do Camiño de Santiago como o mellor embaixador da marca Galicia no ámbito internacional, tanto desde o punto de vista do trazado como dos servizos ofertados á peregrinación, garantindo a conservación e mellora da rede de albergues públicos así como dos valores intrínsecos á cultura xacobeá tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

Tras recuperar cifras pre pandemia, obxectivo acadado xa en 2022 grazas á celebración do Xacobeo 2021-2022, os obxectivos da Axencia de Turismo de Galicia pasan agora por avanzar na consolidación do posicionamento de Galicia como destino turístico seguro, sostible e competitivo, ao tempo que se sigue avanzando na transformación do modelo turístico galego a medio e longo prazo.

En 2023 as cifras de viaxeiros e peregrinos están a ser moi positivas, como soe corresponder ao ano posterior á celebración dun Ano Santo pero o sector turístico apunta situacións que afectan á rendibilidade e á competitividade do noso destino, como a inflación e a suba de prezos que afecta aos transportes, enerxía ou alimentos, subas que repercuten directamente na capacidade de gasto do viaxeiro interno e nacional.

É por isto que o orzamento da Axencia de Turismo de Galicia estará orientado a darlle continuidade a iniciativas que amosaron o seu éxito e a por en marcha outras complementarias que afofonde non cambio de paradigma que demanda á cidadanía así como á maior concienciación coa conservación dos recursos naturais, patrimoniais e etnográficas:

- Medidas de modernización e mellora da competitividade do tecido turístico galego, a través de iniciativas de fomento da economía verde e circular e medidas que axuden a incrementar a diferenciación, diversidade e calidade da oferta turística galega, tanto no ámbito do aloxamento como dos servizos e produtos turísticos ofertados.
- Posta en marcha de proxectos tractores que se convertan en motor do territorio onde se sitúan, contribuíndo a dinamizalos turisticamente, con especial atención a aqueles que contribúan a loitar contra o despoboamento do rural e permitan crear tecido socioeconómico.
- Despregamento dos fondos europeos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea como ferramenta transformadora e de posta en valor dos recursos turísticos diferenciais e da consolidación dun modelo turístico baseado na sostiabilidade 360º.
- Adaptación, mellora e posta en marcha de novos servizos para mellorar a experiencia no Camiño de Santiago, no marco do cumprimento do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027.
- Impulso da gobemanza turística, a través do diálogo e da implicación do sector e do resto das entidades e administracións para a posta en marcha de iniciativas que dean resposta aos novos retos.

A Xunta de Galicia lidera o desenvolvemento de diversos plans, atendendo ás prioridades de actuación definidas para a Administración autonómica. Así, os fondos Next Generation asignados á Axencia de Turismo de Galicia, van a permitir despregar unha serie de accións que a Xunta de Galicia consensuou con todos os axentes implicados no desenvolvemento turístico do territorio.

Neste sentido, unha vez identificados os ámbitos sobre os que se ía executar, formuláronse tres plans de acción:

- Plan litoral dotado con 29,38 M€
- Plan enogastronómico con 34,58 M€, e
- Plan de vilas termiais e cascos históricos con 23,23 M€

Adicionalmente, a Axencia de Turismo de Galicia participou en diversas convocatorias de achegas económicas con fondos Next Generation que supuxeron obter 22,7 M€ para a rehabilitación de bens de interese cultural no Camiño de Santiago e 16,5 M€ no Plan Nacional Xacobeo.

No ámbito do Plan Litoral, a Axencia de Turismo de Galicia está a desenvolver as seguintes actuacións:

- Senda litoral galega (melloras de trazado e mantemento, sinalización intelixente, Smart senda, senda stop CO2, custodia do territorio).
- Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego (rehabilitación de espazos singulares, mellora da fachada turística de establecementos hoteleiros, dixitalización,...).
- Revalorización de portos e actividades náutico deportivas (sinalización dixital das vías náuticas dos cruceiros costeiros, creación da rede de escalas turísticas de cruceiros costeiros, accesibilidade dos portos para cruceiros, dotación de equipos de mobilidade sostible para os cruceiros,...).
- Sinatura de convenios de colaboración con entidades locais por importe de 18 M€.

O Plan enogastronómico, que se comezou a desenvolver en 2023, implica as seguintes liñas de acción:

1. Adecuación de instalacións para a realización de experiencias enogastronómicas, potenciando a planta aloxativa das adegas para unha experiencia 360°.
2. Accións promocionais e de fomento da experiencia gastronómica de Galicia.
3. Medidas de optimización da mobilidade entre os distintos territorios mediante unha rede de mobilidade (coches eléctricos e e-bikes), facilitando os desprazamentos entre as Rutas e a proximidade entre os propios territorios e as estacións de AVE.
4. A subscrición de convenios de colaboración con entidades locais por importe de 17 M€ coa finalidade de executar medidas vinculadas á gastronomía nos termos municipais.

Finalmente, aprobouse este ano o derradeiro Plan Territorial, o de Vilas termais e cascos históricos.

Este plan, que se desenvolverá a partir de 2024, contará con actuacións que pivotarán arredor de dous piares: accións en destinos urbanos que precisen afondar na rehabilitación dos seus cascos urbanos para a súa posta en valor ou creación de novos usos orientados a ofrecer propostas turísticas sustentables, e o desenvolvemento do termalismo galego, con accións e plans para o desenvolvemento das infraestruturas e produtos turísticos de valor diferenciador, especializados e singulares, que permitirán seguir afondando na creación dun destino turístico diferenciado, e que se complementan coa posta en marcha en maio de 2023 da área termal da Xunta de Galicia, situada en Ourense.

Finalmente, no que atinxe aos investimentos en rehabilitacións en Bens de Interese Cultural, a Xunta de Galicia ten asignados 22,7 M € para levar a efecto obras para darlles unha finalidade turística.

No marco desta acción, estanse a levando a efecto actuacións nos seguintes inmobles:

- Arquipélago de Sálvora (1.400.000,00€).
- Illa de Ons (1.793.113,91 M€).
- Cárcere vello de Tui (400.000,00€).
- Castelo de Santa Cruz, A Guarda (200.000,00€)
- Ribeira do Lerez (1.000.000,00€)
- Casa Museo de Valle Inclán (432.150,00€)
- Fortaleza de Monterrei (14.000.000,00€)
- Conxunto histórico-artístico de Mondoñedo (272.850,00€).
- Parque do Pasatempo en Betanzos (1.500.000,00€).
- Torre de Hércules na Coruña (995.000,00€)
- Paisaxe cultural da Ribeira Sacra (1.400.000,00€).
- Torres de Oeste en Catoira (300.000,00€)

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2024 perseguen seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, centrados na conservación e posta en valor dos recursos turísticos a través do desenvolvemento dun modelo turístico tranquilo e sostible a longo prazo, e que ten na calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos, xunto co Camiño de Santiago, como as súas mellores ferramentas para a creación dun destino turístico adaptado ás necesidades do viaxeiro, moderno e competitivo.

## II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍIS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### A CORPORACIÓN CRTVG

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia encoméndalle a xestión do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da comunidade autónoma á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (Corporación RTVG).

As liñas de acción da Corporación RTVG cara ao exercicio 2024, artículanse, de xeito prioritario, nos eixes seguintes: (1) Prover un servizo público de comunicación audiovisual com-

petitivo e de calidade. Un servizo centrado en prestar máis e mellores prestacións ao conxunto da cidadanía de Galicia. Ao tempo mantén o pulso de competitividade, consolidando á CRTVG como una das canles máis dinámicas da FORTA (2) Incorporar a modernización tecnolóxica e a innovación como eixe da súa actividade fronte á transformación dixital. Un servizo público que contribúe ao fortalecemento da institucionalidade democrática, a cohesión social e ao apoio á diversidade dos valores culturais de proximidade (3) Garantir un emprego de calidade e axeitadamente retribuído, preservando a estabilidade no emprego, a través dun vínculo fixo, da totalidade do cadro de persoal. Preténdese así contribuír á mellora do rendemento operacional dos recursos e o capital humano.

En consecuencia as principais liñas de acción que se prevén acometer no exercicio 2024 son as seguintes:

I. Liñas de acción en materia de contidos e innovación.

Nos ámbitos dos Contidos, da Programación, mais no de Servizo Público as liñas de acción establecidas na xestión están a potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación ao tempo que se avanza, adaptándose ás tendencias da demanda, na redefinición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e medios, ampliando a repercusión sectorial da actividade.

En liña co exposto, as actuacións a realizar centraranse, entre outras, nas seguintes:

- Realizar unha provisión do servizo de radiotelevisión baixo criterios de eficiencia favorecendo a visión integral da oferta de servizo público, colocando á audiencia no centro da estratexia Corporativa.
- Lanzamento da plataforma de xestión, comercialización e distribución de contidos de audio e vídeo (plataforma OTT). Dotación de contidos nativos dixitais de calidade da plataforma OTT que dea resposta ás necesidades da audiencia. En consecuencia, crearanse as distintas posibilidades interactivas que requiran os avances tecnolóxicos derivados de modelos nados da intelixencia artificial, completando o modelo de xestión dixital da corporación.
- Avanzar no proceso operativo de dixitalización completa da radio.
- Mellorar o esquema de contidos da plataforma pública de audio/podcast en Galicia e en galego.
- Plantéxase unha nova actuación focalizada na dixitalización do arquivo da CRTVG.
- Lanzamento da actuación PetisGo!, a cal forma parte do proxecto DICO Mindset, para a creación dunha plataforma dixital de contidos infantís e deportivos.
- Renovación da imaxe da marca dos servizos informativos da CRTVG coa posta en marcha dun novo proxecto de avance dixital e multimedia e coa posta en marcha dun novo estudio global, crossmedia, performativo e de configuración libre.
- Proxecto G24, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos.
- Potenciar o traballo nas redes sociais como instrumento para a provisión de contidos xerando un esquema de comunicación con un gran potencial de retroalimentación.

- Avanzar, para completar, na integración plena de medios da corporación de forma que incorpore ás delegacións territoriais da CRTVG.
  - Emprender os traballos para incorporar esquemas de intelixencia artificial a utilizar tanto na redacción de textos como na lectura e creación de voces sintéticas, na estrutura informativa e na xeración de imaxes.
2. Liñas de acción na área de emisión.
- Con soporte nas súas dispoñibilidades orzamentarias, manterá a emisión de radio e televisión, ademais dun servizo de información en liña.
3. Liñas estratéxicas e obxectivos de produción.
- A Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade do servizo prestado. En consecuencia, pretende desenvolver para o ano 2024 as seguintes actuacións:
- Promover os principios inspiradores da programación sinalados na Lei 9/2011, nomeadamente a promoción e difusión da cultura e lingua galega, así como a defensa da identidade de Galicia.
  - Execución operativa das actuacións acollidas no Plan Xeral de Actuación da Corporación para 2024.
  - Promover a xestión do valor público para a cidadanía e a sociedade como estratexia de lexitimación do servizo audiovisual público.
  - Xestionar a transformación dixital fortalecendo os espazos de innovación, a estratexia dixital, a programación de contidos culturais, estratexias sobre públicos infantís e xuvenís, coordinación de valores públicos e políticas de igualdade e diversidade.
  - Contribuír na proxección de Galicia cara ao exterior.
  - Executar liñas de acción comprometidas cunha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego.
4. Liñas de acción en materia de tecnoloxía.
- Renovación do sistema de produción dixital de televisión e implantación dun novo para a radio.
  - Implantación dun novo sistema para o control de continuidade da televisión.
  - Modernización dos bens de equipo e renovación selectiva do parque de ordenadores.
5. Liñas de acción en materia económica e xurídica.
- No ámbito Económico-Administrativo e de Xestión preténdese o perfeccionamento da administración e a mellora da eficiencia; a mellora dos procedementos e mecanismos

de seguimento en perspectiva estratéxica. En todo caso, o saneamento económico financeiro é xa un dato característico consolidado.

- No ámbito Xurídico, téndose avanzado nas garantías e controis en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa, establecendo unha unidade de supervisión do modelo de cumprimento implantado, vaise a integrar a perspectiva xurídica como un elemento máis da exercida con relación á xestión dos recursos humanos.

6. Liñas de acción en materia de xestión das persoas.

- Seguirase a traballar nun proxecto laboral centrado nas persoas e comprometido coa estabilidade no emprego que se articula de xeito prioritario sobre os vectores seguintes: estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, estudo da implantación de instrumentos colaborativos, recoñecemento e participación dos traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua.
- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica, proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa, ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte para a estabilización no emprego de todo o cadro de persoal, mellorar así a capacidade de gobernanza facilitándolle ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.
- Elaborar e executar un plan de formación continua.

En definitiva, perséguese un servizo público moderno que presta máis e mellores servizos a un menor custo. Ao tempo mellora en clave de gobernanza, estabilidade social e recoñecemento ao conxunto dos/as traballadores/as e mesmo na eficiente provisión do servizo público de comunicación audiovisual.





---

### III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

#### III.1. PROGRAMAS DE GASTO

##### III.1.1. PROGRAMA 111A - PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese garantir que a actividade singular da Presidencia da Xunta de Galicia se preste en condicións eficientes, asegurando a coordinación e a execución dos compromisos cos distintos axentes cos que se establecen relacións de interacción.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un importante carácter intrínseco á propia actividade da persoa titular da Presidencia da Xunta, no que se refire ás súas relacións institucionais e protocolarias, e ao funcionamento normal e diario das unidades administrativas adscritas.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como xa se indicou, este programa ten un marcado carácter de apoio á actividade do Presidente da Xunta de Galicia, polo que nel se recollen basicamente gastos de funcionamento que sustentan esa actividade.

#### DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento deste programa ten a súa base, primeiramente, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

En desenvolvemento das previsións contidas nesa lei, dítanse os oportunos decretos de estrutura. Así, o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Pola súa banda, o Decreto 72/2022, do 25 de maio, estableceu os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, fixando aqueles órganos que, pola súa importancia e natureza, quedan adscritos á Presidencia.

En base a esta última norma, o Decreto 108/2022, do 16 de xuño, regulou a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección da Presidencia da Xunta de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é actuar como soporte orzamentario da actividade singular da persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia, así como das unidades administrativas que apoian directamente esa actividade, dun xeito eficiente e menos gravoso para as finanzas autonómicas, asegurando tamén a coordinación e comunicación co resto de órganos do sector público autonómico e reforzando a acción coordinada do goberno galego.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	x

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Presidencia

### III.1.2. PROGRAMA 121B - ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

##### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con rango de secretaría xeral, correspóndelle a dirección e coordinación dos servizos de asistencia xurídica da Administración da comunidade autónoma e da súa administración institucional, tanto consultiva como contenciosa, nos termos da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e do artigo 55 I.3 da Lei orgánica do Poder Xudicial.

Para o ano 2024 continuarase, polo que respecta ao sector público autonómico, intensificando a aplicación do principio de autoprovisión deseñado pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e que supón a asunción, con carácter xeral, por parte do corpo letrado da Xunta de Galicia das funcións de asesoramento xurídico e defensa en xuízo de todos os entes do sector público autonómico. Deste xeito, seguirase reforzando o control legal para que todo o sector público estea suxeito ao mesmo grao de supervisión e control, o que se traducirá nunha mellora da súa actuación e, en consecuencia, nun incremento substantivo da calidade xurídica da súa actividade.

Tamén se pretende, neste ano 2024, ao igual que no ano 2023, seguir reforzando a coordinación dos servizos consultivos e contenciosos nas diversas áreas, especialmente nas materias de contratación pública e subvencións.

En particular, na materia de contratación pública, as accións da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia diríxense a: potenciar a utilización das modalidades de compra pública innovadora; á aplicación das recomendacións da Guía de cláusulas sociais e, na materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, velar pola aplicación da lei de impulso demográfico en canto ao establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma; contribuír ao deseño dos expedientes contractuais de forma que se facilite a participación das pequenas e medianas empresas nas licitacións do sector público; asistir á administración autonómica na elaboración de modelos de pregos de cláusulas administrativas que contribúan a homoxeneizar a práctica contractual da Administración xeral e do seu sector público, co obxectivo de acadar unha maior eficiencia na tramitación dos procedementos de adxudicación en interese de tódolos participantes e facilitar a concorrencia.

Así mesmo, a Asesoría Xurídica Xeral colaborará no marco da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia coa Comisión para a planificación e impulso de proxectos a financiar polo instrumento Next Generation EU para a aprobación dos documentos de harmonización en materia de bases de subvencións,

pregos de cláusulas ou manuais tipo de procedementos de contratación, subvencións ou gasto público.

En cumprimento da propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Asesoría Xurídica seguirá velando pola aplicación das Directrices de Técnica Normativa, aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia, que proporciona as pautas e os criterios técnicos para conseguir unha estrutura e unha redacción homoxéneos nas diferentes disposicións administrativas de carácter xeral, o que facilita a súa aplicación. A aplicación da nova lexislación, que garante a presenza da Asesoría Xurídica dende o comezo dos procesos de elaboración normativa, facilita a consecución destes obxectivos. Nese sentido, para contribuír ao obxectivo de cumprir o principio de calidade normativa intensificárase a colaboración da Asesoría Xurídica Xeral, mediante a asistencia dos/das letrados/as da Xunta de Galicia nas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos. O traballo destas comisións resulta fundamental para a mellora da calidade da redacción das normas, da súa claridade e precisión, o que fomenta a seguridade xurídica, e facilita, así mesmo, a participación pública e dos sectores interesados, e a súa máis áxil tramitación e informe por parte dos órganos administrativos e consultivos que deben informalas, coa consecuente redución dos prazos de tramitación. Neste sentido, a administración autonómica, a través da modificación do procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral recollida no anteproxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que potencia o papel destas comisións encargadas da redacción dos anteproxectos e recolle outras modificacións do procedemento, pretende no ano 2024 acadar a redución do prazo medio de tramitación das normas, reducíndoo á metade.

En particular, no ano 2023, a Asesoría Xurídica Xeral colaborou en relevantes proxectos de disposicións de carácter xeral, entre os que se poden destacar os anteproxectos da lei para a igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, da lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, da lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, da lei do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, da lei de calidade alimentaria de Galicia e da lei de medidas fiscais e administrativas, como garante da seguridade xurídica nestas materias.

Esta contribución da Asesoría Xurídica Xeral atende aos obxectivos fundamentais da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de mantemento dun marco normativo estable e o máis simplificado posible que posibilite o coñecemento rápido e comprensible da normativa vixente que resulte de aplicación, e sen máis cargas administrativas para a cidadanía e as empresas que as estritamente necesarias para a satisfacción do interese xeral.

Ademais, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia participa na aplicación das medidas impulsadas pola administración autonómica en relación ao protocolo asinado co Consello de Contas e que ten por obxecto a fixación dun marco de colaboración institucional permanente coa finalidade de establecer mecanismos efectivos para a prevención e a loita contra a corrupción no sector público autonómico de Galicia.

Nesta liña, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia desenvolverá as funcións que se asignan no Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de maio de 2021. Así, asiste á Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión, órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade. A Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co Programa Marco, exercerá as funcións de control de legalidade nos procedementos de formación da vontade das entidades do sector público. No marco destas funcións, informará aos organismos encargados de vixiar o funcionamento e observancia do modelo de prevención dos incumprimentos que observe e asesoraralos en dereito cando así o soliciten. En particular, co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade e, en especial sobre o tratamento das comunicacións por irregularidades, a Asesoría Xurídica Xeral forma parte do Comité de Ética.

A Asesoría Xurídica continuará executando a personación da Xunta de Galicia nos casos de asasinato por violencia de xénero nos que se conte coa autorización da familia da vítima. Dende o ano 2013 son un total de 22 os casos nos que se levou a cabo esta personación.

Así mesmo, a lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia diríxese á cidadanía, dado que este centro directivo, e dentro del os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función: a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo da mesma.

Esta dobre función ten como finalidade asegurar o sometemento da actuación administrativa á legalidade e á defensa dos intereses propios da comunidade autónoma, o que redundará, en último termo, a favor da cidadanía.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Como se sinalou anteriormente, a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e, dentro dela os seus letrados, teñen atribuída en exclusiva unha dobre función, a de asesoramento xurídico da administración e a de defensa en xuízo desta.

Así, e en canto ao labor de defensa en xuízo da administración, aos preitos seguidos en primeira instancia (polos Gabinetes das catro provincias, polo Gabinete de Vigo e de Santiago) hai que sumarlle os recursos ordinarios e extraordinarios (de casación). A todo isto hai que

engadirlle ademais os preitos e recursos no Servizo Galego de Saúde e das entidades do sector público asistidas mediante convenio de colaboración.

Por outra banda, en canto á función de asesoramento xurídico, hai que ter en conta que a elaboración de informes constitúe unha das principais actividades dos letrados de cada unha das consellerías.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os obxectivos e liñas de acción da Asesoría Xurídica Xeral son os que se definen e concretan na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público e, en xeral, a prestación de asistencia xurídica tanto contenciosa como consultiva á administración autonómica e ao seu sector público.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos a conseguir son os propios da Asesoría Xurídica Xeral definidos na Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, e que se concretan no asesoramento á administración autonómica e ao sector público en asuntos constitucionais así como a representación e defensa ante o Tribunal Constitucional; no asesoramento á Administración da comunidade autónoma e ao seu sector público en materia de dereito comunitario europeo e o seguimento de normativa comunitaria; no asesoramento e emisión de informes en dereito á administración autonómica e ao seu sector público; no estudo e informe dos anteproxectos de lei e dos proxectos de normas regulamentarias e na defensa e representación en xuízo da administración autonómica e das entidades pertencentes ao seu sector público.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O Consello da Xunta na súa reunión de once de xullo de dous mil trece aprobou un Acordo conxunto da Secretaría Xeral da Igualdade e da Asesoría Xurídica Xeral para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en casos de morte por causa de violencia de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero.

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia

### III.1.3. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 312C, servizos sociais relativos ás migracións, atende ao obxectivo estratéxico do PEG 2022-2030 " Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante", (OE 4.2.2). O seu indicador de resultado son as actuacións de estudo, difusión e promoción.



## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa inclúe actuacións de apoio ás persoas galegas residentes no exterior e ás entidades galegas asentadas fóra da nosa comunidade autónoma, para que estes participen e compartan a vida social e cultural e económica de Galicia, e contribuír á mellora do seu benestar e calidade de vida, minguada pola actual contorna de crise económica e sanitaria agudizada tras a pandemia da COVID-19. Así mesmo, a través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de persoas emigrantes retornadas na nosa sociedade.

O principal obxectivo é asegurar unha vida digna ás persoas galegas que residen no exterior, e á súa descendencia con nacionalidade española, que teñan vinculación con algún concello de Galicia. A maior parte deste colectivo reside nos países latinoamericanos, cuxa situación socioeconómica tornou nas últimas décadas cara unha senda de carácter negativo, o que deu lugar a unha grande inseguridade e ausencia de sistemas de protección social, en xeral, e para os colectivos máis desfavorecidos en particular.

Polo que se refire ás comunidades galegas como entidades asociativas asentadas fóra do territorio de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración ten como tarefa fundamental a súa preservación. É necesario prestar apoio en todas aquelas que desenvolven actividades de carácter social, asistencial e sanitario. Tamén seguiremos apoiando ás actuacións que realizan estas entidades nas áreas formativas, culturais, informativas, de xuventude e contribuír á promoción e sostibilidade do patrimonio histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico creado por elas ao longo da súa historia.

No eido do retorno, cómpre promover medidas educativas, laborais e sociais que favorezan o retorno a Galicia das persoas galegas residentes no exterior e facilitar a súa integración na sociedade galega. A Secretaría Xeral da Emigración considera de carácter esencial as axudas económicas para aquelas persoas galegas que no momento da súa chegada precisan un soporte facilitador da súa integración na sociedade galega. Tamén resulta de especial interese reforzar a liña de bolsas BEME (Bolsas de Excelencia para a Mocidade do Exterior) para ofertar ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de ampliar a súa formación e adquirir competencias e habilidades que favorezan a súa inserción e futuro profesional en Galicia. Igualmente, é primordial apoiar o autoemprego e a actividade emprendedora das persoas emigrantes retornadas. Todas estas liñas de acción amplíanse coas que aportan os distintos departamentos da Xunta de Galicia, en un enforque integral de toda a Administración autonómica. Ademais, para conectar ás persoas con todos os instrumentos de axuda ao seu alcance, temos a Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno, que estende a súa labor de acompañamento tamén aos aspectos que poidan estar xestionados polas demais administracións públicas.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A actuación da Secretaría Xeral da Emigración diríxese ao colectivo de persoas residentes fóra de Galicia e á súa descendencia, así como ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia e recoñecidas nalgunha das categorías da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.

A nosa comunidade autónoma segue a ocupar un lugar destacado a nivel estatal en canto ao volume de persoas retornadas, situándose como a quinta comunidade de España en retorno en termos absolutos en 2021 con máis de 5.336 persoas retornadas, e a segunda se nos referimos ao porcentaxe de persoas emigrantes retornadas. Así mesmo, destas estatísticas despréndese que, en canto á idade, o grupo maioritario de persoas retornadas sitúase dentro do tramo en idade laboral. No 2021, último ano do que se dispón de datos, máis do 81,73% das persoas retornadas tiñan menos de 65 anos e case o 60% teñen menos de 45 anos.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A análise de datos da presenza da cidadanía galega no exterior que achegan os sistemas estatísticos español, a través do INE, e o galego, a través do Instituto Galego de Estatística (IGE), sinalan un incremento progresivo de persoas galegas residentes no exterior (é dicir, a suma das persoas emigrantes que naceron en Galicia e a da súa descendencia, xa nada no estranxeiro) nos últimos anos, mentres diminúe o número de persoas emigrantes residentes no exterior. O número total de persoas galegas residentes no exterior -tanto emigrantes como a súa descendencia- é de 527.449 persoas a 1 de xaneiro de 2023, 143.850 máis que en 2009 e 153.930 máis que en 2007, cando entrou en vigor a Lei da memoria histórica, principal causa do aumento do número de persoas que accederon ou recuperaron a nacionalidade española nos últimos anos. Pola contra, o número de persoas emigrantes galegas nadas en Galicia descendeu desde 2009 en 23.751 persoas. Só no último ano esta cifra baixou en 5.516 persoas, mentres o total de persoas galegas residentes no exterior (emigrantes mais a súa descendencia) tamén descendeu por primeira vez na serie histórica en 1.589 persoas, do que se pode deducir que tan so se incorporaron 4.111 novos descendentes de persoas galegas ao PERE.

Os estados con maior presenza de cidadanía galega son os do continente americano, o que, tanto en cifras totais como proporcionalmente, tamén amosa un maior incremento da cidadanía galega dende 2009 (121.097 novos/as cidadáns/ás) fronte a Europa (20.827 novos/as cidadáns/ás). A análise comparativa deste incremento entre a poboación galega residente e nacida en Galicia e a nacida no estranxeiro, é unha mostra clara de que estes incrementos non son consecuencia da saída de persoas galegas desde a nosa comunidade autónoma con destino a América, senón do aumento natural da poboación, do acceso á cidadanía por lei e das transmisións posteriores da cidadanía de pais a fillos/as.

Outro dato da presenza en América da cidadanía galega nacida en Galicia é o envellecemento da poboación, xa que a porcentaxe de persoas galegas maiores de 65 anos residentes neste continente vai dende máis do 97,6 de Arxentina, máis do 96% de Uruguai, o 93,5 de Cuba, o 93,5 de Brasil ao 42% dos Estados Unidos de América. Pola contra, a pirámide de idade dos galegos nados no estranxeiro e residentes en América é inversa: rexuenece, contraste especialmente chamativo no caso de países como Venezuela ou México, onde unha importante porcentaxe de poboación galega (nacida no estranxeiro) é menor de 16 anos.

No caso europeo, o incremento da poboación galega residente en Europa prodúcese entre persoas galegas nadas no estranxeiro, cun crecemento sostido dende o ano 2009, derivado de nacementos de familias emigrantes neste continente e por outra banda de persoas galegas nadas noutros países -esencialmente de América- que emigraron a Europa.

Estes datos obrigan a manter os programas destinados aos galegos na diáspora, así como intensificar todos aqueles que favorezan o retorno á nosa terra, non só das persoas galegas emigradas, senón tamén da súa descendencia.

Nas últimas décadas os países da área de Iberoamérica iniciaron un camiño de deterioro dos seus sectores produtivos ocasionado por distintos factores políticos, sociais e económicos, que deixou como consecuencia o paulatino empobrecemento de amplas capas sociais e a diminución dos sistemas de protección social naqueles países nos que estaban desenvolvidos.

Esta situación de precariedade socioasistencial das persoas emigrantes galegas e da súa descendencia directa vén sendo paliada por distintos programas de axudas dende a Secretaría Xeral da Emigración, executado en dúas grandes liñas: axudas directas para atender a persoas con carencia de medios que dean lugar a situación de exclusión social e axudas ás entidades galegas que dispoñen de centros de atención para os colectivos de persoas galegas, co obxectivo de protección socio sanitaria e con carácter de beneficencia.

A necesidade de dedicar maiores esforzos a este programa ven xerada, por unha banda, polo contexto no que se vive nalgúns países de acollida da emigración galega, que derivan nunha situación de precariedade socio asistencial. Cómpre destacar a especial situación de vulnerabilidade que está a atravesar a poboación galega residente en Venezuela, Cuba ou Arxentina.

En canto ás entidades galegas no exterior, son preto de 200 que desde case cada recuncho do mundo, colaboran co Goberno galego na labor de preservación e difusión da cultura, a lingua e o patrimonio de Galicia por todo o planeta. América concentra o maior número de entidades seguido de Europa. Con todo, España é, de lonxe, o país que máis entidades ten inscritas no Rexistro da Galeguidade.

A Galicia exterior actual é multicultural: a integración social das primeiras xeracións, sumada á formación e educación das segundas e terceiras xeracións plenamente integradas nas sociedades de acollida, achéganos unha base demográfica de poboación galega e descendentes con contribucións culturais de países moi variados. Esta riqueza cultural, social e económica é un valor

que é necesario incorporar ás entidades galegas do exterior, como vínculo que fortaleza os lazos vitais, culturais e sociais coa Galicia territorial.

A fortaleza deste programa é a grande vinculación afectiva que manteñen as persoas emigrantes con Galicia: unha rede de sociedades e entidades espalladas por todo o mundo, fundamentalmente en América, que contan a maior parte deles con servizos de protección (sanitarios, residencias de anciáns, centros de día ...) e o carácter de solidariedade e beneficencia cos seus paisanos máis desfavorecidos dos seus fundadores, que aínda perdura. A Secretaría Xeral da Emigración actúa complementando a tarefa que elas mesmas desenvolven.

Un factor que incide positivamente neste programa de gasto é a globalización que nos ofrece a realidade actual da sociedade, a través da poboación galega residente en todos os países que conforman a Galicia exterior, que permite o impulso de actividades de carácter económico e empresarial que fomenten o desenvolvemento e a proxección económica de Galicia no ámbito internacional.

Outra característica apreciable da emigración galega é a súa vontade de retorno. Este feito condiciona que grande parte deste colectivo manteña os vínculos sociais e culturais con Galicia, e demande un apoio por parte da nosa comunidade autónoma á hora de planificar o seu retorno. O Goberno galego é consciente que o noso país dispón dun activo que pode converterse nun dos piares fundamentais para atallar o importante reto demográfico ao que se enfronta a nosa comunidade: os milleiros de persoas galegas de segundas e terceiras xeracións que residen fóra da Galicia territorial. A Xunta de Galicia vén desenvolvendo de forma transversal, a través das súas consellerías e organismos, políticas destinadas a fomentar o retorno das persoas galegas emigrantes.

Neste sentido, a Secretaría Xeral da Emigración trata de captar para Galicia un retorno emprendedor e de talento entre as primeiras e seguintes xeracións de persoas emigrantes galegas, con vistas a que o retorno da poboación tamén supoña un retorno de capitais en forma de investimento, de riqueza, coñecemento e emprego.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, Decreto 66/2014, do 23 de maio de regulación da condición de comunidade galega e de centro colaborador da galegitude e do Rexistro da Galegitude e Decreto 111/2015, do 6 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.
- Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior.

- Lei 52/2007, do 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e ditadura.
- Estratexia Retorna.
- Estratexia Emigración.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento deste programa, actuarase en base as liñas implementadas na Estratexia Emigración, reforzando as axudas económicas, co obxectivo de paliar as situacións graves de carencia e desprotección en amplos sectores da poboación galega residente no exterior, en especial nos máis sensíbeis a este tipo de situacións como o conformado por persoas maiores, cunha demanda de atención específica de carácter sanitario, farmacéutico e de asistencia social cada vez maior; ou naqueles países que están a atravesar unha difícil situación socioeconómica, como Venezuela ou Cuba, e agora tamén Arxentina e Brasil.

Polo que se refire ás entidades galegas como entidades asociativas, asentadas fóra do territorio de Galicia, que teñen como unha das súas necesidades a súa preservación, é necesario neste próximo ano seguir facendo un esforzo especial para garantir a súa viabilidade e amplitude de actividades, ante as situacións de forte proceso inflacionario no momento actual, especialmente nos países de América onde están establecidas a maioría delas. Debemos ademais seguir prestando apoio ás actuacións que realizan estas nas áreas sociais, asistenciais, formativas, culturais, informativas, de xuventude, así como contribuír á promoción e sostibilidade do seu patrimonio de valor histórico, documental, cultural, artístico e arquitectónico, incentivando no actual contexto os de tipo telemático.

A Estratexia Galicia Retorna 23-26 recolle as novas accións transversais de apoio ao retorno por parte do Goberno galego, que neste programa en concreto céntranse na contribución a paliar as situacións de necesidade económica derivadas do proceso de retorno das persoas galegas retornadas e das súas familias, así como fomentar á súa integración socio laboral na comunidade autónoma, tanto no traballo por conta allea como, de xeito especial, no apoio e acompañamento no emprendemento, facilitando así, instrumentos de atracción profesional de poboación galega residente no exterior. Tamén con información e asesoramento técnico a través dunha plataforma única que é a nosa Oficina de Asesoramento e Seguimento ao Retorno.

Resulta fundamental colaborar no retorno da mocidade do exterior, mediante as axudas no eido académico, co obxectivo de que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen as persoas galegas con formación universitaria, que residen ou naceron no estranxeiro, e que agora retoman a Galicia, ao mesmo tempo que se reforza a súa vinculación coa comunidade autónoma.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades propias do programa están dirixidas á procurar o benestar e calidade de vida da cidadanía galega no exterior, das entidades galegas asentadas fóra de Galicia e o apoio ás persoas que retornen á nosa comunidade autónoma.

Das cifras do Instituto Nacional de Estatística (INE) relativas ao Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) –datos a 1 de xaneiro de 2023 extráese que este colectivo está integrado por un 51,38% de mulleres polo que os programas da Secretaría Xeral da Emigración están destinados a máis beneficiarios potenciais mulleres ca homes.

Polo que se refire ao ámbito do retorno, a estatística de variacións residenciais de 2021, segundo as fontes do INE, indica que retornaron a Galicia un 48,25% de mulleres sobre a cifra total de poboación emigrante retornada á nosa comunidade autónoma.

O programa inclúe actuacións específicas dirixidas a persoas emigrantes galegas e retornadas para atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero e á súa familia, así como un incentivo especial de apoio ás mulleres galegas que retornen a Galicia para a súa iniciativa emprendedora no mercado laboral, que faciliten a súa integración socio-laboral.

En canto ao papel da muller tanto na Galicia territorial como na exterior está a cobrar un peso cada día maior, que precisa dun apoio firme e constante por parte da Administración, polo que un dos principais obxectivos desta secretaria xeral é promover a integración e participación

efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus órganos de dirección; se ben estes potenciais axentes son soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas a través de campañas de concienciación co compromiso de igualdade nos espazos de representación da galegitude e nas colectividades do exterior.

A Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, recolle expresamente as actuacións no ámbito da igualdade de xénero entre as mulleres e os homes galegos residente no exterior, e instrumentará as medidas de apoio ás entidades galegas para este fin.

A Estratexia Emigración inclúe nas súas liñas de actuación unha área específica destinada á muller, co obxectivo de promover en coordinación coas entidades galegas no exterior, a realización de foros de debate e outras accións semellantes nas áreas xeográficas de residencia de poboación galega no exterior, e utilizar as conclusións destes congresos para a aplicación de políticas de igualdade e participación da muller no ámbito da galegitude.

No que se refire ao órgano Colexiado de representación e de participación das comunidades galegas asentadas fóra de Galicia, na actualidade inclúese un representante do sector público autonómico de Galicia con competencias en materia de muller e igualdade.

As actuacións do programa orzamentario mediranse con indicadores asociados desagregados por sexo, e aqueles que incorporan a perspectiva de xénero: número de congresos, número de obradoiros con contidos de igualdade; número de mulleres vítimas beneficiarias das axudas; porcentaxe de mulleres e homes nos órganos de decisión das comunidades galegas no mundo e porcentaxe de mulleres e homes que participan nas accións formativas, culturais e de reencontros no ámbito da emigración galega.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve unha liña de axudas para a promoción do autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma de Galicia das persoas galegas retornadas, na que se contribúe cunha achega económica complementaria para a actividade emprendedora feminina, co obxectivo de impulsar o emprendemento feminino e a mellora do tecido empresarial liderado por mulleres.

- Realización de congresos e seminarios de formación/debate e impulso da participación da muller nas comunidades e entidades galegas do exterior, de cara a fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.
- A Secretaría Xeral da Emigración, dentro da convocatoria de axudas económicas individuais para persoas residentes no exterior, contempla unha liña específica de axudas para as mulleres que sufran violencia de xénero, para facilitar unha resposta específica ás mulleres vítimas que se atopen no exterior.
- Outra actuación no ámbito de resposta específica para paliar as situacións de violencia de xénero, desenvólvese a través do programa de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas, no que se trata de dar apoio económica ás mulleres vítimas da violencia de xénero incluídas no programa de axudas.



---

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Estímase que coas actuacións deseñadas dende a perspectiva de xénero, se avance cara a unha diminución da fenda de xénero na participación das mulleres das entidades galegas no exterior nos órganos de decisión das asociacións deste ámbito e nos lugares nos que residen, así como unha repercusión no retorno das mulleres galegas a través das accións de fomento, información e inserción laboral na nosa comunidade autónoma.

## SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O programa 312C –servizos sociais relativos ás migracións- no apartado de emigración, executou axudas de carácter socioasistencial e desenvolveu programas sociais e culturais, dos que nunha porcentaxe dun 61,6% foron mulleres as beneficiarias destas actuacións no ámbito das persoas residentes no exterior.

Na área do retorno, as accións dirixidas ao colectivo en xeral, a porcentaxe de beneficiarias femininas foi dun 63,6%.

## INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A Secretaría Xeral da Emigración continuará a traballar coa incorporación da perspectiva de xénero na xestión das actuacións que se financian no programa de gasto 312C –servizos sociais relativos ás migracións-.

Entre as dificultades que se detectan para implantar novas estratexias neste ámbito, a máis significativa é que o colectivo ao que se dirixe á acción do dito programa de gasto é na súa maior parte o de persoas residentes no exterior, polo que radica en numerosos países, coas súas propias leis estatais e regulacións propias nesta materia.

Así mesmo, en canto ao fomento da participación efectiva das mulleres na vida asociativa e directiva das entidades galegas no exterior –especialmente no que fai referencia aos seus ór-

ganos de dirección-, detéctanse obstáculos que veñen dados por ser estes órganos colexiados axentes soberanos nas súas decisións e independentes do poder público á hora de orientar as súas políticas directivas.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral da Emigración.

### *III.1.4. PROGRAMA 461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como obxecto a promoción dos valores e a imaxe de Galicia, o apoio a proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios e a divulgación da acción institucional da Xunta.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido fundamentalmente ás empresas xornalísticas e de radiodifusión, así como ás universidades galegas.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os medios de comunicación social constitúen un dos elementos básicos da promoción dos valores e a imaxe de Galicia, das súas institucións e da lingua e cultura galegas.

Considérase fundamental que o sector dos medios informativos e de comunicación teñan a mellor capacidade para desenvolver as súas potencialidades nun sector extremadamente cambiante e dinámico, enormemente influído polo rápido desenvolvemento das novas tecnoloxías.

Polo tanto, as actuacións da Xunta de Galicia van encamiñadas a favorecer un marco xurídico, económico e social que permita aos medios de comunicación exercer as súas actividades eficaz e eficientemente.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 14/1966, do 18 de marzo, de prensa e imprenta, e as sucesivas modificacións.
- Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e as sucesivas modificacións.
- Lei 13/2022, do 7 de xullo, xeral da comunicación audiovisual.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é potenciar o coñecemento de Galicia e das súas institucións, así como a promoción dos seus valores e da súa lingua nos medios de comunicación social.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa orzamentario basicamente está enfocado á cobertura informativa da actividade institucional da Xunta de Galicia, así como á difusión dos valores e a imaxe de Galicia a través de accións de comunicación institucional de alcance xeral.

Neste senso, a Secretaría Xeral de Medios incorpora a perspectiva de xénero nunha dobre vertinte.

Por un lado, as campañas de comunicación contribúen á igualdade de xénero, fomentando unha imaxe equilibrada e non estereotipada de homes e mulleres. Ademais, realízanse campañas de comunicación que promoven especialmente a aplicación das políticas de igualdade e visibilizan a perspectiva de xénero.

Por outra banda, os procedementos de contratación incorporan nos pregos de cláusulas administrativas particulares o criterio de adxudicación e de desempate para aqueles licitadores que teñan implantado un Plan de Igualdade nas súas empresas, así como para aqueles que obtivesen a Marca galega de excelencia en igualdade.

Recentemente tamén se incluíu nas cláusulas, como criterio de adxudicación, a implantación de medidas de conciliación familiar e laboral, como a flexibilidade temporal (racionalización de horarios) ou espacial (teletraballo).

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Dentro da programación anual de campañas, cómpre destacar a do 8 de marzo, Día Internacional da muller, que está destinada principalmente á sensibilización e educación co fin de potenciar a igualdade entre mulleres e homes.

Tamén se desenvolve a campaña do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, destinada principalmente á sensibilización e o tratamento integral de cara á erradicación da violencia sexista.

Estas campañas contan cun elevado nivel de difusión, tanto a través da radio como dos xornais escritos e das súas edicións dixitais.

**PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

As campañas do Día Internacional da Muller e do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller teñen como poboación obxectivo os homes e mulleres de Galicia, sen que exista un tratamento exclusivo ou preferente a persoas dun sexo ou doutro, tendo en conta o obxectivo de reforzar a concienciación social e contribuír a erradicar a violencia de xénero, así como promover actitudes inclusivas e normalizadoras da igualdade entre xéneros.

Estas campañas teñen como público obxectivo a poboación galega en xeral, con rangos de idade diferente dependendo do medio de comunicación a utilizar; no caso de radios e xornais

impresos en papel inclúe as persoas maiores de 14 anos; no caso das edicións dixitais as persoas maiores de 15 anos e para a televisión as persoas maiores de 16 anos.

### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Todas as campañas previstas inicialmente realizáronse de conformidade, achegando as mensaxes sobre igualdade e de erradicación da violencia sexista aos homes e mulleres de Galicia, mediante a utilización dos soportes de prensa, radio e internet.

Non existe unha valoración cuantitativa dos resultados, tendo en conta a inexistencia de datos numéricos de avaliación das campañas desagregadas por xénero.

### **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

As campañas de publicidade e comunicación institucional xa incorporan a perspectiva de xénero, polo que poden ser consideradas como actuacións óptimas para reforzar a concienciación social en materia de igualdade e para a erradicación da violencia de xénero.

Tanto a creatividade como a planificación das campañas son fundamentais para mellorar o impacto na poboación das mensaxes sobre a perspectiva de xénero. Neste senso, acadar as mellores ideas creativas e unha óptima planificación da campaña son os mecanismos que permitirán incrementar o impacto das mensaxes sobre xénero entre a poboación galega.

## **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral de Medios  
Dirección Xeral de Comunicación

### III.1.5. PROGRAMA 461B - RADIODIFUSIÓN E TVG

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

##### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa consignación orzamentaria deste programa preténdese continuar coa mellora de infraestruturas, sistemas, equipos e servizos de telecomunicacións para a radiodifusión, a televisión ou outros servizos de comunicacións oficiais, así como os servizos técnicos para o correcto funcionamento dos equipos e sistemas que integran estas infraestruturas de difusión da comunicación audiovisual.

##### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A cidadanía galega ou outros cidadáns residentes en calquera das entidades de poboación de Galicia, concellos, empresas fabricantes ou instaladoras de equipos e infraestruturas de telecomunicacións, empresas públicas de telecomunicacións. Cidadáns e comunidades galegas no exterior.

##### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Con base no establecido na Lei 13/2022, do 7 de xullo, Xeral da Comunicación Audiovisual, os servizos públicos de comunicación audiovisual televisiva e radiofónica de ámbito autonómico teñen a consideración de servizo esencial de interese xeral, cuxo custo neto financiarase en base aos orzamentos públicos, así como cos ingresos e rendementos das súas actividades e da participación no mercado da publicidade.

A Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, regula a prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, encomendado á Corporación Radio e Televisión de Galicia.

A corporación desenvolve a súa actividade nun escenario en permanente estado de cambio. Por este motivo, e coa finalidade de manter o pulso da competitividade, vai desenvolver un conxunto de actividades que contribúan a propiciar unha CRTVG máis áxil, flexible, social, innovadora, próxima, curiosa, asentada nunha cultura de avance e nunha estratexia dinámica que permita o progreso competitivo. Neste contexto, nos últimos anos, a canle pública galega, en posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, preséntase como unha das máis dinámicas.

O financiamento basearase nun sistema mixto, mediante a percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público, ademais dos ingresos derivados da súa participación no mercado da publicidade. As compensacións polo cumprimento das obrigas do servizo público consignaranse nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda, unha vez rematado o proceso da liberación do segundo dividendo dixital coa reorganización das frecuencias utilizadas para a difusión da televisión dixital, en base á publicación do Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e regulaméntanse determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital, unha parte da poboación galega recibe os múltiplex dixitais a través das redes públicas dos case 300 centros de extensión de cobertura.

Todo isto supón un novo reto para a rede de difusión dos múltiples públicos de televisión dixital, e a necesidade de realizar novos investimentos en equipamento e axustes necesarios para o correcto funcionamento do servizo público de titularidade autonómica, e a garantía da cobertura a poboación, especialmente no eido rural.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Real decreto 391/2019, do 21 de xuño, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e se regulan determinados aspectos para a liberación do segundo dividendo dixital.
- Decreto 81/2005, do 14 de abril, polo que se regula o réxime xurídico da xestión do servizo público de televisión dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.
- Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.
- Decreto 102/2012, do 29 de marzo, polo que se desenvolve o servizo de comunicación audiovisual e radiofónica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decisión 2017/899 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, sobre o uso de banda de frecuencias.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Unha vez rematada a transición da tecnoloxía analóxica á dixital, completado o proceso de liberación do dividendo dixital, faise necesario investir en novos equipamentos necesarios para



o correcto funcionamento dos múltiples dixitais de titularidade pública autonómica, conforme aos plans técnicos aprobados e aos estándares de innovación tecnolóxica no eido da televisión.

A Corporación RTVG mediante a Radio Galega, a Televisión de Galicia e os servizos dixitais, ofertará á cidadanía, a través dos distintos medios e soportes tecnoloxicamente adecuados, un número suficiente de canles que diferencien e identifiquen os contidos e o público obxecto ao que se dirixe, en función da dispoñibilidade orzamentaria.

O acceso a esta oferta terá carácter universal e estará presente nos medios ou soportes tecnolóxicos derivados do desenvolvemento da sociedade da información.

En relación coas emisións de radio e televisión, estas terán o maior ámbito de cobertura posible dentro do territorio autonómico. Ao tempo manterá unha estratexia de presenza de marca nos sistemas de transporte de sinal legalmente previstos para os dispositivos de televisión e radio en mobilidade.

No ámbito da produción a Corporación RTVG fixará os seus obxectivos de produción en atención aos principios de eficiencia, calidade e rendibilidade na provisión do servizo público audiovisual media.

En coherencia co exposto, as accións a executar están asociadas, entre outras, á posta en funcionamento da plataforma de xestión, comercialización e distribución de contidos de audio e vídeo (plataforma OTT) e á consolidación do proxecto web/app G24 de informativos, cun enfoque mixto como contedor de redefinición, reaproveitamento do arquivo e difusión de novos contidos nativos dixitais.

Tamén desenvolveranse determinados proxectos de innovación incremental relacionados coa dixitalización da documentación audiovisual, recepción de sinal das cámaras wifi (mochilas), creación dunha canle de "podcast" de audio, "big data", programación de música á carta, lanzamento dunha canle de noticias G24, cambio e virtualización do plató 300, renovación dos contidos de meteoroloxía e a xeración de contidos educativos.

A través deste programa dótase de medios económicos complementarios á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. co fin de dar viabilidade ao funcionamento das actividades que lles son propias, así como facilitarlle os medios materiais e técnicos suficientes para manter operativas as redes de televisión e radio institucionais e lograr unha cobertura de recepción que chegue a todo o territorio de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.U. (en diante Corporación RTVG) ten encomendada a xestión da prestación do servizo público de comunicación audiovisual de competencia da Comunidade Autónoma.

Como medio de comunicación, e no cumprimento da súa misión de servizo público, a CRTVG deberá contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información fomentando o pluralismo, o debate democrático, o espírito crítico e a participación do colectivo de cidadáns no desenvolvemento social e cultural. Así, a súa actividade atende á promoción dunha serie de valores entre os que se atopan a promoción e defensa activa da igualdade de trato entre mulleres e homes. Isto implica, en xeral, un compromiso de implantación e desenvolvemento de políticas de comunicación para a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres, o impulso da súa visibilidade e audibilidade, a integración da perspectiva de xénero na súa actividade e a utilización dunha linguaxe non sexista; en particular a sensibilización e concienciación sobre o total rexeitamento e correcto tratamento dos casos de violencia de xénero.

Isto é así en razón dos principios inspiradores que recolle a Lei 9/2011 e, coherentemente, dos imperativos que se derivan do vixente Mandato Marco e do establecido nos seus criterios reitores da dirección editorial, consonte coa normativa estatal e autonómica vixente en materia de igualdade.

A esta dimensión de proxección externa, como titular de medios de comunicación engádesse o obrigado e congruente reflexo interno deses principios na organización e dinámica corporativas.

Neste sentido a CRTVG ten un renovado compromiso empresarial na implantación e desenvolvemento de políticas de igualdade de trato e oportunidades sen discriminación por razón de sexo, así como de impulso de medidas tendentes á consecución da igualdade real, establecéndoa como un principio estratéxico da política corporativa e de xestión das persoas, de acordo cos principios que fixan a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A CRTVG está representada no Observatorio Galego da Violencia de Xénero previsto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e regulado no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, sendo un dos eixos fundamentais do seu traballo a prevención de todo tipo de violencia machista. No seo do observatorio creouse unha comisión asesora de publicidade non sexista, onde a CRTVG ten un papel destacado.

É membro, así mesmo, da Comisión Asesora de Publicidade non sexista do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, no que participa activamente e no que se valoran as denuncias daqueles casos de publicidade que reflicten dunha forma non axeitada o papel da muller na sociedade.

Tamén está integrada na Asociación para a Autorregulación da Comunicación Comercial, na que participa todo o sector da publicidade en España.

A CRTVG está comprometida na visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da súa programación, empregando unha linguaxe e imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade, prestando atención informativa e dando cobertura a actividades como o Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero ou o Día Internacional da Muller.

En relación directa co anterior, a CRTVG ten implantada unha planificación anual de accións de comunicación corporativa que se instrumenta a través de campañas de Responsabilidade Social Corporativa (RSC). Estas accións teñen a igualdade como eixo transversal.

Por outra parte, nun plano interno, as políticas de Igualdade na CRTVG son estruturais e están concibidas desde a súa orixe de forma transversal, aplícanse a todas as áreas e en todos os ámbitos.

Así, a Corporación RTVG dispón a nivel orgánico, dunha Comisión de Igualdade constituída no seu Consello de Administración e a nivel operativo dun proxecto de igualdade corporativo.

Dunha parte, as prácticas da CRTVG en materia de organización e xestión do tempo de traballo das persoas integradas no seu cadro, promoven activamente a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal e laboral, situándoa como unha empresa avanzada no contexto de Galicia e no do sector da produción e difusión audiovisual.

Doutra, as relacións laborais da CRTVG baséanse no principio de diálogo entre a parte social e a empresa, existindo na actualidade unha Comisión Negociadora do Plan de Igualdade entre a empresa e a representación do persoal. Esta Comisión ten como finalidade a elaboración e aprobación do Plan de Igualdade esixido pola lexislación sectorial aplicable. Os seus traballos rematarán a curto prazo.

Alén do anterior, a corporación ten asinado, co departamento competente nesta materia, un convenio de colaboración cuxo obxecto consiste na realización de accións conxuntas dirixidas á promoción da igualdade e á loita contra a violencia de xénero, reforzando a integración do principio transversal de xénero na administración pública galega.

A Corporación RTVG ten establecido, ademais, que nas contratacións públicas, no caso de empate entre varios candidatos, un criterio de desempate é a acreditación por parte do licitador da condición de Marca Galega de Excelencia en Igualdade.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Dada a natureza do programa a valoración dos seus efectos está asociada á dimensión da acción da CRTVG que se proxecta nos medios e canles da súa titularidade.

A instancia reguladora interna do cumprimento das estratexias de Igualdade na CRTVG é a Comisión de Igualdade do propio Consello de Administración que vela pola observancia da normativa neste eido nos medios e canles da súa titularidade. A Comisión de Igualdade celebra reunións cando menos trimestrais, participando nelas os responsables das Áreas de Proxección Social, Innovación e Negocio, Recursos Humanos e Informativos e Documentación.

Ademais da consideración de todas as referencias normativas ás que se aludiron na actividade de comunicación da entidade, teñen unha importancia de primeira orde as “Normas reguladoras de comunicación comercial audiovisual emitida a través das canles e servizos conexas e interactivos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG)”, establecidas en 2017, co seu capítulo III dedicado á “Imaxe da Muller”.

Entón á hora de prever os efectos desta dimensión da actividade que dá sentido e razón de ser á CRTVG, hai que sinalar que a actuación desenvolvida pola Corporación neste eido ten unha relevancia social de primeira orde en clave de influxo transformador. Desde esta consideración do resultado do programa, valorando o alcance dos medios e as canles en conxunción coa súa continuidade, mesmo coa singularidade única que lle outorga estar dispoñibles 24 horas e en galego, pode concluírse que a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia proxecta un efecto moi positivo sobre a consecución dos obxectivos das políticas de promoción da igualdade.

Uns dous terzos da poboación xeral adulta galega ven a TVG algunha vez ao mes, de xeito que ao longo de 2022 un 96,5% da poboación galega conectou con ela nalgún momento. Máis de 8 de cada 10 destas persoas considéraa socialmente útil.

A TVG tivo de cota media de pantalla en 2022 un 10,5%, o que fai dela o segundo operador autonómico no conxunto da FORTA. Ao tempo é a terceira televisión de orientación xeral máis vista en Galicia.

Tamén os datos oficiais de audiencia de radio dos medios da CRTVG reflicten que a súa emisora de orientación xeral, a Radio Galega tivo en 161.000 oíntes diarios de media en 2022, sendo a terceira emisora autonómica do Estado por cota de audiencia no seu territorio.

No espazo dixital cun crecemento moi notable da interacción en redes nese exercicio, os datos de audiencia reflicten máis de 3 millóns de persoas usuarias, un alcance de “Facebook” que chega aos 222 millóns de visitas, un de “Instagram” que se aproxima aos 13 e aos 23 en “Tik Tok”, como cifras máis destacadas. Debe subliñarse que as antes citadas #AcciónsG teñen un espazo privilexiado de continuidade no medio dixital e as redes sociais.

En todo caso a consideración da audiencia e alcance de medios da CRTVG incorpora aos datos anteriores a posta en funcionamento dunha OTT que terá un efecto multiplicador no acceso aos contidos difundidos; tamén que os produtos e contidos deses medios están presentes na oferta de cable en dez países americanos e catro europeos, ao que hai que sumar a cobertura por satélite en alta definición nos dous continentes.

## SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Na perspectiva da súa realidade interna a CRTVG é exemplo de igualdade na súa estrutura directiva. Máis concretamente, no 2022, esta componse de 19 homes e 17 mulleres.

A Área de Información e Documentación, a de maior peso na parte xornalística e a Área de Soporte Tecnolóxico e Medios, encargada da xestión dos departamentos técnicos e de produción, están dirixidas por dúas mulleres, e se se ten en conta a fenda de xénero que persiste nos sectores da tecnoloxía e da enxeñería ten unha relevancia expresiva.

Na pantalla, a presenza das mulleres en informativos é maioritaria. E tamén nos deportes en todas as especialidades, hai unha notable presenza feminina, presenza outra volta maioritaria na información meteorolóxica.

En resumen, atendendo ao total do persoal que presta os seus servizos na CRTVG son mulleres cerca do corenta por cento do total.

En relación aos datos salariais non cabe falar de fenda salarial.

Na perspectiva non obstante que importa ao programa, desde a singularidade sinalada para unha medición literal de efectos, cabe apuntar algúns feitos significativos.

Desde a política referida de aplicación transversal do principio de igualdade e segundo a suma de criterios e normas expostos ao respecto, tense a convicción de estar a insistir na di-

rección correcta avanzando e consolidando, nun continuo, unha entidade e unha proxección en contidos e servizos cada vez máis igualitaria e xeradora de igualdade.

A modo de exemplo, as actividades concretas de exercicio da responsabilidade social corporativa realizadas a través das denominadas #AcciónsG -enmarcadas nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU subscritos voluntariamente pola entidade e co seu propio espazo dentro do portal [crtvg.gal](http://crtvg.gal)-, a emisión de contidos no portal de cine galego en aberto "Carteleira G", e a especial atención informativa e cobertura realizadas en datas sinaladas como o 25N, Día internacional para a eliminación da violencia de xénero, ou o 8M, Día internacional da muller, sensibilizaron e informaron á poboación sobre a igualdade de trato e sobre a necesidade da erradicación total da violencia de xénero. A inclusión do teléfono de atención a todas as formas de violencia contra as mulleres (016), en todos os programas, reportaxes, espazos e informacións relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, asegurou o seu coñecemento xeral e normalizou o seu uso.

Na mesma liña as accións en relación coa potenciación da visibilidade do deporte feminino, tanto na emisión de eventos deportivos como no reforzo da presenza da muller nos distintos ámbitos, normalizou a imaxe das mulleres en ámbitos nos que tradicionalmente estiveron relegadas a un segundo plano.

Paralelamente á evolución experimentada pola sociedade, a CRTVG, no seu incremento da presenza en redes, contribuíu á información e sensibilización mediante o mantemento de contidos sobre igualdade e violencia nunha sección específica do seu portal na Rede, o que permitiu a visión e consulta permanente e a demanda de entrevistas, documentais e outros contidos xa emitidos.

Precisamente no eido dixital, na Rede e nas redes sociais, préstase desde a Área de Contidos unha especial atención a esa temática e ás datas significativas en que se intensifica a comunicación ao respecto, coa intención de achegar información ao público máis novo que consume contidos en novos formatos e desde soportes móbiles.

O compromiso da corporación coa igualdade maniféstase así inequivocamente. Como unha mostra entre outras dos seus froitos, segundo un informe específico elaborado ao respecto, unha análise das retransmisións deportivas desde o ano 1992 ata este ano, revelou que a Televisión de Galicia, a través da G2, é a segunda canle de televisión de orientación xeral que máis deporte feminino emitiu e a primeira de todas as autonómicas do estado.

Rubricando eses resultados a CRTVG viuse recoñecida con varias distincións que confirman a súa sensibilidade e compromiso perante a igualdade de mulleres e homes. Esas distincións atinxen tamén á realidade interna da organización. Un exemplo sobranceiro é que obtivo, por parte do Servizo Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo, por cuarto ano consecutivo, o indicador "Empresa Igual en Xénero 2022", que recoñece aquelas -atinxindo só un 4% dun conxunto de 35.000 das galegas- con altos valores de igualdade desde unha perspectiva de xé-

nero no eido laboral medida en tres dimensións: igualdade de funcións, igualdade de retribucións e igualdade por actuacións.

**INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

A CRTVG está a enfrontar con rigor todos os mandatos legais e convencionais, e todos os compromisos adquiridos no ámbito da igualdade e da erradicación da violencia de xénero. Está ademais preparada para enfrontar calquera dos novos retos que, como medio de comunicación, deba de adquirir por resultar socialmente convenientes ou legalmente esixibles.

A CRTVG seguirá a traballar no ano 2024 en todas as liñas anteriores e paralelamente incorporará todas as accións complementarias que estime precisas. Neste sentido continuará avanzando no eido da RSC, aliñada coa misión e acción do Pacto Mundial das Nacións Unidas e cunha estratexia corporativa propia, #AcciónsG, coa que expresa o compromiso coa igualdade e ao abeiro da que desenvolverá campañas específicas en clave de xénero.

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medios  
Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.

### III.1.6. PROGRAMA 761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

De acordo coas liñas estratéxicas da Axencia de Turismo de Galicia, este programa inclúe a execución dunha serie de accións para desenvolver todo o potencial turístico a partir dos recursos de Galicia, que permitan construír un destino único, de calidade, sostible e diferencial, articulado ao redor dunha marca, Galicia, e todo baixo unha xestión, que incorpore a todos os axentes da cadea de valor e que facilite a sustentabilidade do destino a medio e longo prazo. Todo isto realizarase sen renunciar a criterios de rendibilidade económica e social propios dunha actividade económica como é o turismo; mellorando a captación de turistas cunha oferta seg-



mentada e fomentando a súa fidelización co destino a longo prazo, transformando aos viaxeiros en prescriptores do destino.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A recuperación do viaxeiro, especialmente do internacional, que era un dos grandes retos fixados para este ano. Tras recuperar das cifras pre pandemia, obxectivo acadado xa durante os primeiros meses de 2023 grazas á celebración do Xacobeo 2021-2022, os obxectivos de turismo de Galicia pasan agora por avanzar na consolidación do posicionamento de Galicia como destino turístico, sostible e competitivo, ao tempo que se sigue avanzando na transformación do modelo turístico galego a medio e longo prazo.

En 2023 as cifras de viaxeiros e peregrinos están a ser moi positivas, como soe corresponder ao ano posterior á celebración dun Ano Santo pero o sector turístico apunta situacións que afectan á rendibilidade e á competitividade do noso destino, como a inflación e a suba de prezos que afecta aos transportes, enerxía ou alimentos, subas que repercuten directamente na capacidade de gasto do viaxeiro interno e nacional.

É por isto que o orzamento da Axencia de Turismo de Galicia estará orientado a darlle continuidade a iniciativas que amosaron o seu éxito e a por en marcha outras complementarias que afonden no cambio de paradigma que demanda á cidadanía así como á maior concienciación coa conservación dos recursos naturais, patrimoniais e etnográficas:

- Medidas de modernización e mellora da competitividade do tecido turístico galego, a través de iniciativas de fomento da economía verde e circular e medidas que axuden a incrementar a diferenciación, diversidade e calidade da oferta turística galega, tanto no ámbito do aloxamento como dos servizos e produtos turísticos ofertados.
- Posta en marcha de proxectos tractores que se convertan en motor do territorio onde se sitúan, contribuíndo á dinamizalos turisticamente, especialmente aqueles que contribúan a loitar contra o despoboamento do rural e permitan crear tecido socioeconómico.
- Despregamento dos fondos europeos derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Unión Europea como ferramenta transformadora e de posta en valor dos recursos turísticos diferenciais e da consolidación dun modelo turístico baseado na sostibilidade 360°.
- Adaptación, mellora e posta en marcha de novos servizos para mellorar a experiencia no Camiño de Santiago, no marco do cumprimento do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027.
- Impulso da gobernanza turística, a través do diálogo e da implicación do sector e do resto das entidades e administracións para a posta en marcha de iniciativas, que den resposta aos novos retos.

A Xunta de Galicia lidera o desenvolvemento de diversos plans, atendendo ás prioridades de actuación definidas para a Administración autonómica. Así, os fondos Next Generation asignados á Axencia de Turismo de Galicia, van a permitir despregar unha serie de accións que a Xunta de Galicia consensou con todos os axentes implicados no desenvolvemento turístico do territorio.

Neste sentido, unha vez identificados os ámbitos sobre os que se ía executar, formuláronse tres plans de acción:

- Plan litoral dotado con 29,38 M€.
- Plan enogastronómico con 34,58 M€.
- E, Plan de vilas termais e cascos históricos con 23,23 M€.

Adicionalmente, a Axencia de Turismo de Galicia participou en diversas convocatorias de achegas económicas con fondos Next Generation que supuxeron obter 22,7 M€ para a rehabilitación de bens de interese cultural no Camiño de Santiago e 16,5 M€ no Plan Nacional Xacobeo.

No ámbito do Plan Litoral, a Axencia de Turismo de Galicia está a desenvolver as seguintes actuacións:

- Senda litoral galega (melloras de trazado e mantemento, sinalización intelixente, Smart senda, senda stop CO2, custodia do territorio).
- Rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego (rehabilitación de espazos singulares, mellora da fachada turística de establecementos hoteleiros, dixitalización,...).
- Revalorización de portos e actividades náutico deportivas (sinalización dixital das vías náuticas dos cruceiros costeiros, creación da rede de escalas turísticas de cruceiros costeiros, accesibilidade dos portos para cruceiros, dotación de equipos de mobilidade sostible para os cruceiros,...).
- Sinatura de convenios de colaboración con entidades locais por importe de 18 M€.

O Plan enogastronómico, que se comezou a desenvolver no 2023, implica as seguintes liñas de acción:

1. Adecuación de instalacións para a realización de experiencias enogastronómicas, potenciando a planta aloxativa das adegas para unha experiencia 360°.
2. Accións promocionais e de fomento da experiencia gastronómica de Galicia.
3. Medidas de optimización da a mobilidade entre os distintos territorios mediante unha rede de mobilidade (coches eléctricos e e-bikes), facilitando os desprazamentos entre as Rutas e a proximidade entre os propios territorios e as estacións de AVE.
4. A subscripción de convenios de colaboración con entidades locais por importe de 17 M€ coa finalidade de executar medidas vinculadas á gastronomía nos termos municipais.

Finalmente, aprobouse este ano o derradeiro Plan Territorial, o de Vilas termais e cascos históricos.

Este plan, que se desenvolverá a partir de 2024, contará con actuacións que pivotarán arredor de dous piares: accións en destinos urbanos que precisen afondar na rehabilitación dos seus cascos urbanos para a súa posta en valor ou creación de novos usos orientados a ofrecer propostas turísticas sustentables, e o desenvolvemento do termalismo galego, con accións e plans para o desenvolvemento das infraestruturas e produtos turísticos de valor diferenciador, especializados e singulares, que permitirán seguir afondando na creación dun destino turístico diferenciado, e que se complementan coa posta en marcha en maio de 2023 da área termal da Xunta de Galicia, situada en Ourense.

Finalmente, no que atinxe aos investimentos en rehabilitacións en Bens de Interese Cultural, a Xunta de Galicia ten asignados 22,7 M € para levar a efecto obras para darlles unha finalidade turística.

No marco desta acción, estanse levando a efecto actuacións nos seguintes inmobles:

- Arquipélago de Sálvora (1.400.000,00€).
- Illa de Ons (1.793.113,91 M€).
- Cárcere vello de Tui (400.000,00€).
- Castelo de Santa Cruz, A Guarda (200.000,00€).
- Ribeira do Lerez (1.000.000,00€).
- Casa Museo de Valle Inclán (432.150,00€).
- Fortaleza de Monterrei (14.000.000,00€).
- Conxunto histórico-artístico de Mondoñedo (272.850,00€).
- Parque do Pasatempo en Betanzos (1.500.000,00€).
- Torre de Hércules na Coruña (995.000,00€)
- Paisaxe cultural da Ribeira Sacra (1.400.000,00€).
- Torres de Oeste en Catoira (300.000,00€)

En conclusión, os orzamentos da Axencia de Turismo de Galicia para o ano 2024 perseguen seguir mantendo os valores que identifican o modelo turístico galego, centrados na conservación e posta en valor dos recursos turísticos a través do desenvolvemento dun modelo turístico tranquilo e sostible a longo prazo, e que ten na calidade e nos valores paisaxísticos, patrimoniais e enogastronómicos endóxeos, xunto co Camiño de Santiago, como as súas mellores ferramentas para a creación dun destino turístico adaptado ás necesidades do viaxeiro, moderno e competitivo.

---

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa diríxese tanto a axentes públicos e entidades xestoras como a axentes privados nacionais e internacionais.

Facer de Galicia un destino único, non é viable sen a cooperación con toda a cadea de valor do turismo, tanto entre axentes privados coma entre axentes públicos, para articular unha oferta máis atractiva e deseñar as comunicacións e infraestruturas necesarias para traer o turista a Galicia de xeito coordinado e potenciando tamén as alianzas nacionais e internacionais que permiten achegar o turista a Galicia baixo o prisma da gobernaza e da cooperación público-privada.

Neste sentido cómpre lembrar a transversalidade do turismo, polo que é relevante a colaboración e cooperación entre os distintos departamentos da Xunta na busca de estratexias conxuntas para lograr sinerxías entre o turismo e outros sectores (exteriores, emigración, agroalimentario, industrial, idiomático, mobilidade, medio ambiente, comercio artesanal, ...).

Finalmente hai que destacar as actuacións que desde a Axencia de Turismo de Galicia van dirixidas a toda a poboación en xeral, á que se pretende atraer ao destino Galicia a través de campañas ou accións de promoción directa.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O 2023 está a ser o ano da consolidación da recuperación turística tras a pandemia da COVID-19, confirmando a fortaleza do sector turístico que non só superou a pandemia se non que conseguiu medrar en resultados cuantitativos e cualitativos.

No primeiro semestre do ano confirmáronse as previsións que sinalaban que o crecemento en viaxeiros e noites tería continuidade trala celebración dun Ano Santo, mantendo a onda de crecemento que situou a Galicia entre os destinos que mellor se recuperaron trala pandemia e entre os que máis medraron así que os bos resultados do Xacobeo 21-22 son froito dun traballo que ten continuidade ao seguinte ano.

Entre xaneiro e xullo Galicia marca un novo récord da demanda turística tanto de viaxeiros como de noites, con 2,7 millóns de viaxeiros e 4,7 millóns de noites, un 11,8% máis ca no mesmo período do ano pasado no caso dos viaxeiros e un 10,6% no de pernactas.

É o terceiro ano no que se observa un ascenso da demanda turística acumulada en Galicia ata o mes de xuño. Esta tendencia fai que o volume de noites sexa o máis elevado dos últimos once anos. Con respecto ao pasado ano houbo un incremento no número de viaxeiros de 287.113 e de noites en 453.239.

O 76,5% da demanda turística corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis (que representa o 82,5%) como ás pensións (co 19,2%). O 23,5% restante, en cambio, sitúase no sector extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos (que representan o 5,3% da demanda total), aos cámpings (co 5,0%), aos establecementos de turismo rural (que supoñen o 2,4% neste caso) e aos albergues (que supoñen o 10,9% neste caso).

Polo tanto, o comportamento da demanda turística ven moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis.

En relación coas tipoloxías de aloxamento, no acumulado ata o mes de xuño obsérvase un crecemento da demanda turística nos establecementos hoteleiros dun 44,5%, cun comportamento positivo por parte do volume de viaxeiros aloxados (10,8%). No caso das pensións, prodúcese un aumento da demanda turística dun 47,0% unido a un incremento no número de viaxeiros do 16,8%.

En conxunto, no ámbito hoteleiro a demanda turística mellora cunha variación do 9,1% unido a unha variación do 12,0% en termos de viaxeiros.

No ámbito extrahoteleiro, prodúcese un incremento da demanda turística unido a un aumento do número de viaxeiros aloxados en establecementos extrahoteleiros: en apartamentos turísticos prodúcese un incremento da demanda turística do 23,4% e do 15,4% respectivamente, viaxeiros e noites, respectivamente, que é máis notable en provincias como Lugo e Ourense, onde se detectan caídas do turismo rural; en cámping pasa do 19,3% e do 10,7%, respectivamente; en turismo rural prodúcese unha caída da demanda turística unido a un descenso do número de viaxeiros aloxados (do -6,9% e do -7,3% respectivamente); Finalmente, nos albergues prodúcese un incremento da demanda turística unido a un aumento do número de viaxeiros aloxados (do 17,3% e do 14,4% respectivamente).

En termos de volume, a variación da demanda tradúcese na xeración de 300,4 mil noites no segmento hoteleiro e de 152,8 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao acumulado ata o mes de xuño do pasado ano. O comportamento positivo concéntrase no sector hoteleiro, correspondendo un 66,3% das noites ao ámbito hoteleiro.

## Procedencia

O acumulado ata este mes de xuño de 2023, o 67,0% da demanda turística corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao turismo receptor nacional- aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 33,0% restante corresponde ao turismo internacional.

O turismo nacional sube cunha variación anual do 3,8% debido a un aumento do número de viaxeiros dun 4,5% unido a unha diminución da estadía media. Isto sitúa ás noites nas 3.163,5

mil noites e nos 1.703, 1 mil viaxeiros residentes en España aloxados en aloxamentos turísticos de Galicia.

No turismo internacional, o acumulado representa o 37,3% do total de viaxeiros aloxados, un 26,7% máis. No caso das noites, o turismo internacional representa o 33,0% do total, cunha variación anual do 27,8%.

### **Distribución por provincias**

Este período marca un ritmo de crecemento positivo no conxunto do territorio, cunha suba media da demanda turística de preto case 10 puntos con respecto ao mesmo período do ano pasado. Os incrementos son máis notables no número de viaxeiros, que medran nas catro provincias, pero tamén no número de noites, sendo especialmente notable o incremento anual na provincia de Lugo.

O maior peso na chegada de viaxeiros segue estando na provincia da Coruña, que aglutina máis do 45%, seguido de Pontevedra con arredor do 30%, Lugo, coa metade e a provincia de Ourense, que queda cun peso preto do 10%.

Todas estas cifras son o resultado dunhas medidas eficaces, dun esforzo colectivo e da profesionalidade e o traballo do sector unido á posta en marcha de ferramentas e liñas de actuación para confirmar a senda do crecemento, consolidando non só a recuperación se non unha suba de viaxeiros que falan que de Galicia está de moda.

## **DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA**

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- Decreto 16/2023, do 16 de febreiro, polo que se modifican os datos da Axencia de Turismo de Galicia para a creación da Area de Turismo Termal con sede en Ourense.

Neste marco legal e regulamentario son de aplicación o Plan Director do Camiño de Santiago e as directrices de accesibilidade turística que definen as actuacións a realizar pola Axencia de Turismo de Galicia dentro do programa.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa será incidir na execución de accións que permitan desenvolver todas as iniciativas que o turismo pode aportar ao desenvolvemento de Galicia, priorizando:

- A posta en valor dos recursos turísticos endóxeos para a creación dun destino turístico de excelencia, sostible, diferencial a nivel interno, nacional e internacional.
- A consolidación de Galicia como marca e como destino multiexperiencial, cunha oferta segmentada e desestacionalizadora.
- O desenvolvemento de Galicia como destino europeo de turismo sustentable, garantindo o desenvolvemento dun modelo turístico adaptado ás novas necesidades do viaxeiro post pandemia, que busca experiencias e contacto cos recursos turísticos e a poboación local.
- O afianzamento dun sector turístico galego, competitivo, proactivo, profesionalizado, innovador e coordinado, con visión internacional.
- A conservación, mantemento e posta en valor do Camiño de Santiago como o mellor embaixador da marca Galicia no ámbito internacional, tanto desde o punto de vista do trazado como dos servizos ofertados á peregrinación, garantindo a conservación e mellora da rede de albergues públicos así como dos valores intrínsecos á cultura xacobeá tanto dentro como fóra das nosas fronteiras.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O posicionamento de Galicia como destino de calidade, moderno e profesional implica que a muller ten que ter unha presenza equilibrada no que atinxe a emprego. En 2022 o total de persoas empregadas en actividades vencelladas co turismo foi de case 110.000, atopándose a meirande parte deles na rama de servizo de comidas e bebidas independentemente do seu sexo.

Así pois, e tendo en conta a sección da hostalería segundo a CNAE, que recolle as ramas servizos de aloxamento e servizo de comidas e bebidas, representa o 63,7% do total de ocupados no sector do turismo en Galicia, o grupo máis numeroso é o das mulleres. Das 70.089 persoas ocupadas na hostalería en Galicia, o 58,8% son mulleres e o 41,2% homes, o que indica un sector feminizado, e tendo en conta o conxunto de todas as ramas características de turismo, a porcentaxe de mulleres ocupadas atópase nun 50,7%, sendo o sector máis feminizado o de servizos de aloxamento cun 74,2%.

Ademais, e para coñecer mellor as necesidades da peregrinación e no marco do cumprimento do Plan Estratéxico Xacobeo 2021, en 2022 a Xunta elaborou un estudo cuantitativo e cualitativo da información rexistrada polas diferentes fontes que participan directa ou indirectamente no Camiño para medir o impacto no Camiño da diferente participación das mulleres e dos homes, as súas necesidades, a existencia de discriminacións directas ou indirectas e a afectación dos roles de xénero.

O obxectivo que se perseguía foi o de visibilizar o impacto de xénero e o cumprimento dos obxectivos da Conferencia de Beijing, os Tratados e Acordos Europeos e a normativa en materia de igualdade: a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

O estudo permitiu detectar que se produce unha paridade en todos os anos de estudo e para o acumulado 2013-2021, dado que a porcentaxe de mulleres e homes atópase no rango 40%-60%, se ben se detecta preferencia das mulleres polo Camiño Francés e Portugués, estando máis masculinizados outros camiños con menos servizos ou fisicamente máis duros como o Camiño do Norte, Camiño Primitivo, Vía da Prata, Camiño de Inverno e Ruta do mar de Arousa e río Ulla.

As mulleres fan o Camiño durante a maior parte do ano, excepto nos meses de inverno, onde son maioritariamente os homes os que o fan. Non obstante o estudo permitiu detectar un aumento progresivo das mulleres en peregrinación mes a mes, cunha maior concentración entre os meses de abril a outubro.

En canto á comunicación turística, a oferta das experiencias turísticas debe estar acorde coa comunicación, que no caso de Galicia transmite que está dirixida a un público obxectivo onde a muller forma parte activa en igualdade, de aí que tamén se fixera un esforzo para que apareza



un maior número de mulleres tanto nas campañas, onde o peregrino era identificado maioritariamente como un home, como na información respecto á linguaxe utilizada, buscando unha linguaxe neutra (peregrinación fronte a peregrino, por exemplo).

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

No ano 2024 continuarase a fomentar a igualdade entre mulleres e homes no desenvolvemento tanto das informacións turísticas como das campañas, programas e demais iniciativas que se poñen en marcha desde Turismo de Galicia como da actividade no Centro Superior de Hostalería de Galicia, instando ao persoal docente a poñer especial coidado na formación en igualdade e na maneira na que se dirixen ao seu alumnado. Tamén nos cursos específicos de formación para o sector seguiranse incluíndo módulos nos que se incida nos aspectos que permitan incrementar as posibilidades de traballo para as mulleres, así como a progresiva ruptura da segregación de xénero do mercado laboral e o teito de cristal, que segue determinando que as mulleres ocupen poucos postos no ámbito da dirección ou da responsabilidade.

Nas accións formativas a través dos acordos de colaboración coas universidades previstas para o 2024 seguirase incidindo na información, sensibilización e educación para a igualdade en mulleres e homes. Neste ámbito, preverase tamén a inclusión de cláusulas nos convenios de colaboración que se asinen coas entidades sectoriais, conducente a que en virtude do convenio se transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes no sector turístico. A utilización de indicadores como o número de mulleres beneficiarias destas accións servirán para valorar a incidencia das medidas formativas.

Nas ordes de axudas destinadas a empresas turísticas, procurarase a valoración na concesión das subvencións da aplicación de políticas de igualdade de oportunidades aos traballadores e traballadoras das empresas do sector e estableceranse medidas para facilitar o acceso ás liñas de axudas das PEMES como instrumento máis adecuado para dar acceso ás mulleres ao sector turístico. Os indicadores a utilizar serán o número de mulleres destinatarias destas liñas de axuda.

A través da segregación e recompilación destes datos no ámbito dos estudos e estatísticas que se realizan pola Axencia de Turismo de Galicia, que permitirán seguir detectando desviacións ou desigualdades nas que sexa preciso mellorar.

No ámbito da promoción turística e campañas publicitarias da marca Galicia, porase especial atención na utilización de imaxes e linguaxe non sexistas, e en horarios e soportes máis axeitados para que a mensaxe chegue máis facilmente ás mulleres. Indicadores como franxa horaria de emisión ou soportes utilizados poden indicarnos se as decisións son as máis adecuadas para que a mensaxe chegue á poboación feminina.

As accións destinadas á desestacionalización do turismo contribúen tamén a incrementar as posibilidades de participación na oferta turística de actores económicos locais dos que resultan maioritariamente beneficiadas as mulleres.

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

As accións deseñadas pretenden, moi especialmente, a revalorización económica e social do traballo das mulleres en actividades turísticas, a superación dos esquemas sociais discriminatorios de xénero e promover o emprendemento feminino e o posicionamento das mulleres na oferta turística.

Tamén o obxectivo é incidir na mellora da accesibilidade dos recursos turísticos, o que favorecerá a decisión das mulleres a favor do recurso turístico accesible e de calidade.

### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Das 70.089 persoas ocupadas na hostalería en Galicia en 2022, o 58,8% son mulleres e o 41,2% homes, o que indica un sector feminizado, e tendo en conta o conxunto de todas as ramas características de turismo, a porcentaxe de mulleres ocupadas atópase nun 50,7%, sendo o sector máis feminizado o de servizos de aloxamento cun 74,2%.

### **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

Dado o equilibrio entre homes e mulleres, non se aprecia unha necesidade imperativa para a implantación de novas estratexias para a incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia este programa de gasto.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia de Turismo de Galicia

## IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

### OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<b>Programa: 111A PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
<b>Programa: 121B ASESORAMENTO E DEFENSA DOS INTERESES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
<b>Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS</b>	
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0005 - Atención socioasistencial e sociocultural aos cidadáns galegos do exterior.	
0006 - Atención ás entidades galegas no exterior para desenvolver os seus programas.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P0076D - Entidades galegas do exterior beneficiadas	184
P1027H - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Homes	5.107
P1027M - Persoas galegas residentes no exterior e retornadas. Mulleres	7.336
<b>Programa: 461A COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Accións de dinamización e consolidación do sector da comunicación.	
0005 - Actuacións de apoio ás políticas educativas.	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00044 - Axudas concedidas aos medios de comunicación social	59
<b>Programa: 461B RADIODIFUSIÓN E TVG</b>	
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<p>Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, desde a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado</p>	
<p><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI03 - Transferencias internas</p>	
<p>0004 - Accións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas de comunicación e radio-difusión</p>	
<p>0008 - Emisión e produción de contidos de calidade de radio e televisión en galego</p>	
<p><b>Indicador</b></p>	<p><b>Valor Previsto</b></p>
P00023 - Actuacións de infraestrutura de comunicación e radiodifusión	478
P01006 - Emisión de programas producidos en Galicia na RG	7.525
P01007 - Emisión de programas producidos en Galicia na TVG	6.650
P01126 - Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG	100.000
<p><b>Programa: 761A POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO</b></p>	
<p><b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b></p>	
<p><b>Prioridade de Actuación: PA06 - Fomentar o turismo sustentable e de calidade</b></p>	
<p>Obxectivo Extratécnico /Obxectivo Instrumental: E01 - Reforzar o atractivo turístico e situar a Galicia como destino único a través dun modelo máis competitivo, que aposte por proxectos de alto valor engadido, sustentable e adaptado aos cambios do mercado. Integrar a adaptación ao cambio climático na planificación sectorial do turismo e adaptar a actividade turística para minimizar o seu impacto</p>	
<p><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p>0004 - Actuacións sobre o Camiño de Santiago, mellorando os aspectos ambientais, a xestión de fluxos, a mellora dos trazados e da sinalización e a mellora dos servizos turísticos.</p>	
<p>0007 - Promoción e fomento do turismo</p>	
<p>0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico</p>	
<p><b>Indicador</b></p>	<p><b>Valor Previsto</b></p>
P00015 - Accións de mellora sobre o Camiño de Santiago	79
P00016 - Accións de promoción de produtos turísticos	544
P0045K - Axudas concedidas para potenciar o turismo en Galicia	765

## V. CADROS NUMÉRICOS

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	10	20	30	40	A2	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	6.238					6.238
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma				3.089		3.089
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			20.897			20.897
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social		5.880				5.880
461B-Radiodifusión e TVG		125.491				125.491
761A-Potenciación e promoción do turismo					144.150	144.150
<b>Total</b>	<b>6.238</b>	<b>131.371</b>	<b>20.897</b>	<b>3.089</b>	<b>144.150</b>	<b>305.745</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111A-Presidencia da Xunta de Galicia	4.630	1.493		105	11			6.238
121B-Asesoramento e defensa dos intereses da Comunidade Autónoma	2.925	164						3.089
312C-Servizos sociais relativos ás migracións	3.685	3.749	20	12.133	650	660		20.897
461A-Cobertura informativa e apoio á comunicación social	2.031	1.060		1.244	1.545			5.880
461B-Radiodifusión e TVG					2.381	250	122.860	125.491
761A-Potenciación e promoción do turismo	12.549	7.345	1	10.476	62.367	43.412	8.000	144.150
<b>Total</b>	<b>25.820</b>	<b>13.811</b>	<b>21</b>	<b>23.958</b>	<b>66.953</b>	<b>44.322</b>	<b>130.860</b>	<b>305.745</b>

(Miles de Euros)

### DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.420	4.630	4,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.493	1.493	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	105	105	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	11	11	0,0
<b>Total</b>	<b>6.028</b>	<b>6.238</b>	<b>3,5</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.970	2.031	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.060	1.060	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.244	1.244	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	3.926	3.926	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	250	250	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	118.763	122.860	3,4
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	0	-100,0
<b>Total</b>	<b>127.739</b>	<b>131.371</b>	<b>2,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.848	3.685	-4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.220	3.749	16,5
Cap. III - Gastos financeiros	20	20	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	11.143	12.133	8,9
Cap. VI - Investimentos reais	650	650	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	600	660	10,0
<b>Total</b>	<b>19.480</b>	<b>20.897</b>	<b>7,3</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

40 ASESORIA XURÍDICA XERAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.838	2.925	3,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	164	164	0,0
<b>Total</b>	<b>3.002</b>	<b>3.089</b>	<b>2,9</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.467	12.549	0,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	7.345	7.345	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	1	1	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.362	10.476	1,1
Cap. VI - Investimentos reais	61.103	62.367	2,1
Cap. VII - Transferencias de capital	43.414	43.412	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	0	8.000	0,0
<b>Total</b>	<b>134.691</b>	<b>144.150</b>	<b>7,0</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
10 SECRETARÍA XERAL DA PRESIDENCIA	6.028	6.238	3,5
20 SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS	127.739	131.371	2,8
30 SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN	19.480	20.897	7,3
40 ASESORIA XURÍDICA XERAL	3.002	3.089	2,9
A2 AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	134.691	144.150	7,0
<b>Total</b>	<b>290.940</b>	<b>305.745</b>	<b>5,1</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)



**Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas**

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	13.075	13.271	0	12.549	0	0	0	25.820
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.936	6.466	0	7.345	0	0	0	13.811
Cap. III - Gastos financeiros	20	20	0	1	0	0	0	21
Cap. IV - Transferencias correntes	39.902	40.838	0	10.476	0	27.357	0	23.958
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>58.933</b>	<b>60.596</b>	<b>0</b>	<b>30.371</b>	<b>0</b>	<b>27.357</b>	<b>0</b>	<b>63.609</b>
Cap. VI - Investimentos reais	4.586	4.586	0	62.367	0	0	0	66.953
Cap. VII - Transferencias de capital	105.260	114.584	0	43.412	0	113.674	0	44.322
Cap. VIII - Activos financeiros	118.763	122.860	0	8.000	0	0	0	130.860
Cap. IX - Pasivos financeiros	526	0	0	0	0	0	0	0
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>229.136</b>	<b>242.030</b>	<b>0</b>	<b>113.780</b>	<b>0</b>	<b>113.674</b>	<b>0</b>	<b>242.136</b>
<b>Total</b>	<b>288.069</b>	<b>302.625</b>	<b>0</b>	<b>144.150</b>	<b>0</b>	<b>141.031</b>	<b>0</b>	<b>305.745</b>

*(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)*

**Medios Persoais**

Presidencia da Xunta de Galicia	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>9</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>165</b>
Subgrupo A1	80
Subgrupo A2	29
Subgrupo C1	32
Subgrupo C2	15
Agrupacións profesionais	9
<b>Persoal Laboral</b>	<b>14</b>
Grupo I	1
Grupo IV	2
Grupo V	5
Grupo VIII	6
<b>TOTAL</b>	<b>188</b>

**Medios Persoais**

Axencia de Turismo de Galicia	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>1</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>121</b>
Subgrupo A1	28
Subgrupo A2	42
Subgrupo C1	22
Subgrupo C2	22
Agrupacións profesionais	7
<b>Persoal Laboral</b>	<b>149</b>
Grupo I	2
Grupo II	4
Grupo III	2
Grupo IV	3
Grupo V	5
Sin Grupo	133
<b>TOTAL</b>	<b>271</b>

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-  
cións do Sector Público Autonómico**

<b>Sociedades mercantís públicas autonómicas</b>	<b>Explotación</b>	<b>Capital</b>
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	7.327	
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.	121.202	9.980
<b>Total</b>	<b>128.529</b>	<b>9.980</b>

(Miles de Euros)



**VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA  
DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E  
DEPORTES**

**SECCIÓN 05**



## I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

### I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

O Decreto 73/2022, do 25 de maio, fixaba a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia. De conformidade con este, aprobouse o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa e coa finalidade de conseguir o máximo nivel de calidade na prestación de servizos.

Non obstante, o 15 de xuño de 2023 publicouse no DOG o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Esta vicepresidencia pasa a denominarse Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, baixo a superior dirección da persoa titular, contará para o exercicio das súas funcións coa seguinte estrutura orgánica:

- A Secretaría Xeral Técnica.
- A Secretaría Xeral para o Deporte.
- A Dirección Xeral de Xustiza.
- A Dirección Xeral de Administración Local.
- A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.
- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
- A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia quedan adscritas organicamente á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e exercerán as competencias previstas no artigo 7 do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, así como aquelas previstas na normativa aplicable.

Na orde funcional dependerán das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías que correspondan por razón das distintas competencias materiais.

As secretarías territoriais, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependen orgánica e funcionalmente da persoa titular da delegación territorial e exercerán as seguintes funcións:

- a) O apoio e o asesoramento á persoa titular da delegación territorial no exercicio das súas competencias.
- b) A suplencia da persoa titular da delegación territorial en caso de vacante, enfermidade ou ausencia, así como como nos casos en que fose declarada a súa abstención ou recusación.
- c) A xestión e a coordinación dos servizos de automobilismo provinciais e do persoal adscrito a eles, así como a utilización das súas dependencias e garaxes.
- d) Cantas outras competencias lle sexan atribuídas ou delegadas.

Así mesmo, quedan adscritos á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, o Instituto de Medicina Legal de Galicia, órgano técnico ao servizo da Administración de xustiza, creado polo Decreto 119/2005, do 6 de maio, e os órganos colexiados que se establecen no artigo 3.3 do Decreto 117/2022, do 23 de xuño.

Finalmente, quedan adscritas á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes as seguintes entidades:

- a) A Academia Galega de Seguridade Pública, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública, e demais normas de aplicación.
- b) A Axencia Galega de Emerxencias, que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e demais normas de aplicación.

## I.2. COMPETENCIAS

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, configurada como órgano de apoio e asistencia á Presidencia, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, a proposta e a execución da política do Goberno galego en materia de xustiza, administración local, relacións institucionais e parlamentarias, emerxencias e interior, relacións exteriores e coa Unión Europea e deportes, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, para cada un dos órganos que integran este departamento.

### *I.2.1. DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES*

#### **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**

A Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Correspóndenlle, en particular:

- a) A asistencia técnica, o apoio e asesoramento á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- b) As funcións de réxime interior e os asuntos xerais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- c) A vicepresidencia da Comisión de Secretarios Xerais, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do Decreto 72/2022, do 25 de maio, polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Ademais do anterior e xunto co desenvolvemento de competencias de carácter xenérico, asume a xestión, entre outras, das seguintes materias:

- A dirección, a coordinación e o control das oficinas de asistencia en materia de rexistro e atención á cidadanía, así como das demais oficinas de rexistro da Administración autonómica e das entidades locais galegas vinculadas ao Sistema de interconexión de rexistros (SIR).
- A xestión e o mantemento do Rexistro Electrónico de Apoderamentos, así como a coordinación co Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración xeral do Estado e demais administracións públicas.
- A recepción, a dixitalización e o envío aos órganos competentes dos documentos presentados nas oficinas de Rexistro e Atención á cidadanía.
- A xestión de asuntos relativos ás asociacións, fundacións de interese galego, colexios profesionais e academias de Galicia.
- A tramitación das respostas aos requirimentos e peticións formulados á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes polos xulgados, tribunais, o Defensor do Pobo, o Valedor do Pobo, a cidadanía e outros órganos e institucións.
- A xestión dos expedientes de contratación administrativa.

- A xestión dos asuntos relativos aos proxectos e actuacións da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiados ou susceptibles de ser financiados con fondos europeos.
- O impulso, a coordinación e a xestión das actuacións de carácter transversal que lle poidan afectar á Xunta de Galicia.
- A xestión de infraestruturas administrativas.
- A avaliación, a implantación e a planificación en materia de prevención de riscos laborais.
- A coordinación dos servizos que a Xunta de Galicia lle encomende para a xestión da prevención e asistencia en materia de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- O seguimento e a supervisión das obras e proxectos de competencia da consellería.
- A dirección do Parque Móbil da Xunta de Galicia e a coordinación dos parques sectoriais pertencentes a outras consellerías.
- A coordinación da asistencia médica facultativa ao persoal dos servizos centrais.

## **SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**

A Secretaría Xeral para o Deporte exercerá as competencias e funcións en materia de deportes, entre elas as seguintes:

- a) O deseño, a programación, o desenvolvemento e a execución da política deportiva de Galicia.
- b) A promoción e a difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas.
- c) O apoio e a promoción das asociacións deportivas, sempre que o seu ámbito de actuación non exceda o propio da comunidade autónoma.
- d) O estudo e a planificación das liñas de actuación no ámbito das infraestruturas deportivas.
- e) A promoción e a execución de infraestruturas de titularidade municipal mediante convenios de colaboración coas administracións locais. A colaboración coas administracións locais e coas entidades deportivas a través de axudas e subvencións nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos.
- f) En relación cos centros, tanto propios como dependentes doutras entidades, corresponderalle coordinar e supervisar o seu funcionamento e prestarlle a asistencia técnica necesaria para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- g) A xestión das prestacións e programas en materias propias das Secretaría Xeral, así como a realización de todas aquelas accións encamiñadas á mellora da actividade física e deportiva e da infraestrutura deportiva galega.



- h) A promoción e a difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos.
- i) Aqueloutras que lle atribúa a normativa vixente.

Ademais do anterior, asume, entre outras, as seguintes funcións:

- A coordinación e a asistencia técnica dos centros e instalacións deportivas para o correcto desenvolvemento da súa actividade.
- O seguimento da creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia e a elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos.
- A tramitación, a concesión e a xestión das axudas e subvencións a entidades públicas ou privadas para a construción ou reparación de infraestruturas deportivas ou adquisición de equipamentos deportivos.
- A tramitación e a execución de convenios que permitan a execución da liñas de actuación da Secretaría Xeral.
- A elaboración, o deseño e a execución dos plans de tecnificación deportiva e alto nivel.
- A elaboración de plans e programas relacionados co ámbito deportivo non competitivo, especialmente relativos á promoción da actividade física no conxunto da sociedade e ao desenvolvemento das funcionalidades económica, social e educativa do deporte.
- A xestión dos centros de tecnificación deportiva da Xunta de Galicia e a súa coordinación coas federacións deportivas e outras entidades para a súa utilización.
- A tramitación da axuda á Fundación Deporte Galego.
- A coordinación e a supervisión das funcións da Escola Galega do Deporte.
- A elaboración dos plans e programas relacionados co deporte en idade escolar, particularmente con relación ao programa Xogade.
- As actuacións relativas ao desenvolvemento do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, en especial no ámbito do recoñecemento da condición de alto nivel, alto rendemento e rendemento deportivo de base e dos núcleos de adestramento especializado.
- A realización e a análise de auditorías financeiras e operativas ou de xestión ás federacións deportivas galegas.
- O Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, asumindo as tarefas derivadas da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia e do Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Exercer as funcións de secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva.
- Levar o seguimento xurídico dos procesos electorais das federacións deportivas.

## DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Xustiza exercer as competencias atribuídas á Xunta de Galicia estatutariamente ou por transferencia, relativas á promoción e ao desenvolvemento do dereito civil especial, promoción do galego no ámbito da xustiza, propostas de demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, acceso dos cidadáns á xustiza en igualdade de oportunidades a través do sistema de asistencia xurídica gratuíta, as relacións co Poder Xudicial e demais institucións relacionadas coa xustiza, así como as facultades organizativas e de xestión de medios que configuran a denominada administración da Administración de xustiza.

O artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril) recolle unha cláusula subrogatoria que fai relación ao que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denomina “administración da Administración de xustiza”, concretamente referíndose ao exercicio de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza. Ao abeiro desta cláusula estatutaria apróbase o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro), o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, sobre traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo), que completan o proceso de transferencia de medios en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia. O marco das competencias da comunidade autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial, que supuxo unha significativa ampliación de competencias da comunidade autónoma en materia de xustiza.

En fin, o feixe de facultades e potestades comprendidas no ámbito da actuación da Dirección Xeral de Xustiza poden resumirse en:

- Dotación de medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo recursos humanos así como medios económicos (pagamento de valoracións e peritaxes, transportes e indemnizacións por razóns de servizo) e materiais (parque inmobiliario, mobiliario, instrumental, material e outras subministracións) dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia. Neste ámbito, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírense á comunidade autónoma a xestión da xubilación do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata ese momento ao Ministerio de Xustiza.

- Xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e indemnización económica á avogacía e a procura polos servizos profesionais.
- Deseño do modelo de implantación da nova organización da Administración de xustiza e das relacións de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza, cara a racionalización e optimización dos recursos destinados ao seu funcionamento.
- Fomento do coñecemento, investigación e desenvolvemento das ciencias xurídicas e forenses, en especial do dereito galego e na formación dos operadores xurídicos, así como desenvolvemento de proxectos e iniciativas que colaboran cos fins de prevención e solucións dos conflitos, seguridade xurídica e paz social aos que está orientada á xustiza.
- O impulso de medidas alternativas de resolución de conflitos, especialmente a mediación intraxudicial, mediante a colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, colexios profesionais e outras entidades ou organismos.
- Promoción do uso do galego no ámbito da xustiza.
- Coordinación das delegacións territoriais en materia de xestión de medios persoais, económicos e materiais da Administración de xustiza.

## **DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL**

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de Administración local. Correspóndenlle a este órgano as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local.

En particular, son competencias da Dirección Xeral de Administración Local:

- A coordinación das políticas públicas en materia de Administración local, xestión en materia de pacto local e cooperación coas asociacións de municipios.
- A proposición das directrices en relación cos programas de cooperación e financiamento local e, en especial, co Fondo de Cooperación Local.
- A elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.
- O fomento e a ordenación dos procesos asociativos e consorciais das entidades locais así como as propostas en materia de organización territorial.
- O fomento do asociacionismo veciñal.
- A execución das competencias que, con respecto aos funcionarios e ás funcionarias con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

- A elaboración, impulso e xestión de programas con financiamento da Unión Europea e de cooperación transfronteiriza con incidencia no mundo local e no ámbito das competencias da consellería competente en materia de Administración local, facendo especial fincapé nas accións enmarcadas no eido da cooperación Galicia-Norte de Portugal.
- O impulso, estudo e control do cumprimento da lei de Administración local de Galicia e demais normativa de réxime local, así como o exercicio das competencias que nesa materia correspóndanlle á Comunidade Autónoma de Galicia.
- O impulso do proceso de incorporación do galego á Administración local de forma coordinada coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- A xestión do Portal Eido Local, así como o fomento e impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.
- A tramitación dos expedientes de declaración de urxente ocupación nas expropiacións forzosas instados polas entidades locais.
- O Rexistro de Entidades Locais de Galicia.
- A tramitación dos expedientes de alteración e deslindamento de termos municipais; a tramitación dos expedientes suxeitos a intervención autonómica en materia de patrimonio das entidades locais e a tramitación dos expedientes de solicitude de disolución dos órganos das corporacións locais e de consultas populares en asuntos de competencia municipal.
- O impulso da formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero nas accións formativas para membros e persoal da Administración local en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.
- Aquelas outras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

## **DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS**

A Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano encargado da xestión das competencias que se lle atribúen á Comunidade Autónoma galega nas seguintes materias:

- a) A asunción das relacións entre o Goberno e o Parlamento galego, para artellar de xeito fluído as comunicacións entre ambos os dous órganos da comunidade autónoma, facilitando o control parlamentario sobre o Goberno e a achega das propostas deste ao lexislativo.
- b) A representación ordinaria do Goberno na Xunta de Portavoces do Parlamento, sen prexuízo de que a poida asumir outra persoa, membro do Goberno galego, cando este o considere oportuno.

- c) A asistencia ou representación da persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Concellería de Presidencia, Xustiza e Deportes nas reunións da Xunta de Portavoces do Parlamento, cando o Goberno considere oportuno acudir a elas, de conformidade co previsto no artigo 38.2 do Regulamento.
- d) A información e asistencia ao Goberno nas súas relacións co Parlamento de Galicia.
- e) O seguimento do programa legislativo do Goberno galego e dos acordos adoptados polo Parlamento de Galicia.
- f) A organización e coordinación dos procesos electorais en que sexa competente a Comunidade Autónoma de Galicia, así como a representación da Xunta de Galicia naqueles procesos electorais a que estea invitada como observadora.
- g) A xestión e a resolución das axudas ás formacións políticas con representación no Parlamento de Galicia, previstas no capítulo III do título I da Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes.
- h) O seguimento das iniciativas tramitadas nas Cortes Xerais ou noutras comunidades autónomas que puideren ter algunha relación coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) A determinación do departamento da Xunta de Galicia que debe dar resposta ás iniciativas parlamentarias que se presenten na Cámara.
- j) A representación da comunidade autónoma no que atinxe ás relacións institucionais coa Administración e Goberno estatal, así como coas restantes administracións e gobernos doutras comunidades autónomas.
- k) O rexistro dos convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e polas entidades instrumentais do sector público autonómico galego.
- l) A legalización de sinaturas de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico que vaian producir efectos no estranxeiro, conforme o establecido no Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- m) A representación da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Transferencias e nas comisións bilaterais de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica, así como naqueles foros en que sexa necesaria a súa presenza e non estea predeterminado o departamento que deba asistir por razón da materia que se vai tratar, cando así o acorde o Consello da Xunta de Galicia.
- n) O seguimento da participación da Xunta de Galicia nas conferencias sectoriais.
- o) A coordinación da actividade da Comisión de Seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas.
- p) A coordinación e o seguimento de actuacións en materia de liberdade relixiosa e de culto, xunto cos órganos competentes dos demais departamentos, así como a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

- q) A coordinación, xunto cos órganos competentes dos demais departamentos, de programas de cooperación en materia de memoria democrática con outras comunidades autónomas, corporacións locais e outros organismos.
- r) A representación da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes naqueles supostos en que lle sexa encomendada pola persoa titular.
- s) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

## **DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR**

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior exercerá as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia, relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade.

En particular, correspóndelle o exercicio das funcións que derivan das competencias nas seguintes materias:

- En materia de emerxencias e protección civil:
  - A dirección e a coordinación das funcións que ten atribuídas a Axencia Galega de Emerxencias nesta materia, conforme ao establecido no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (actual Primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entre as que cómpre destacar:
    - A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
    - A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
    - A representación da consellería no Consejo Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
    - O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
    - As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade de ter que compartir emerxencias comúns.
    - O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protec-

ción dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.

- En materia de seguridade e interior:
  - O exercicio da xefatura dos servizos de seguridade baixo a superior autoridade da persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
  - A proposta e execución dos plans de seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia así como a elaboración e proposta dos plans e proxectos de actuación, xestión e planificación operativa dos servizos policiais adscritos á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
  - A planificación, xestión e distribución dos recursos humanos e materiais destinados á seguridade da Comunidade Autónoma de Galicia e a proposta ou a resolución, se é o caso, das cuestións relativas á selección, formación e perfeccionamento do persoal adscrito aos servizos policiais da Xunta de Galicia.
  - As funcións de coordinación das policía locais que lle correspondan á comunidade autónoma.
  - O establecemento de mecanismos e fórmulas de cooperación coas forzas e corpos de seguridade do Estado para a coordinación e realización das competencias en materia de prevención e seguridade.
  - A elaboración de cantos informes e estudos requira e esixa o exercicio das competencias que lle corresponden á consellería en materia de prevención e seguridade.
  - O impulso para garantir a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, dentro das actividades formativas e de perfeccionamento do persoal de seguridade, policía e bombeiros, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade.
  - A preparación dos correspondentes estudos e anteprojectos de disposicións xerais.
  
- En materia de xogo e espectáculos públicos:
  - A tramitación dos expedientes administrativos en materia de casinos, xogos e apostas cuxa autorización corresponda a esta dirección xeral; a execución das directrices que lle sexan indicadas en relación aos distintos sectores do xogo e a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteprojectos de disposicións xerais na materia, así como para a recolla da información estatística das empresas correspondentes en coordinación coa Secretaría Xeral Técnica.
  - A tramitación dos expedientes administrativos relativos á autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia e, en xeral, todos os que sexan de competencia da dirección xeral en materia de espectáculos públicos, así como a elaboración dos correspondentes estudos, informes e anteprojectos de disposicións xerais na materia.

- Aqueloutras que, non estando incluídas nesta relación, lle atribúa a normativa vixente, así como as que dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

## **DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA**

Entre as atribucións da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea destacan as seguintes:

- A execución da actividade europea e da actividade exterior da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias sectoriais que lle correspondan a cada departamento.
- A cooperación institucional e técnica en relación co proceso de integración europea, especialmente naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais, e nas organizacións rexionais europeas non comunitarias.
- A coordinación entre os departamentos da Xunta de Galicia para os asuntos relacionados coa Unión Europea e coa acción e cooperación exteriores.
- A elaboración dos plans e estratexias no marco da Unión Europea, da acción exterior e da cooperación ao desenvolvemento, nos cales se determinarán as prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia.
- A representación da comunidade autónoma nos órganos que existan entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, sobre acción exterior e cooperación ao desenvolvemento, sen prexuízo das competencias doutros órganos autonómicos.
- A promoción das relacións de cooperación con entidades e institucións non estatais ou subestatais estranxeiras, fomentando especialmente a dimensión de xénero en todas elas, sen prexuízo das funcións doutros departamentos ou centros directivos.
- A elaboración das propostas de desenvolvemento normativo nas materias da súa competencia.
- O fomento da imaxe integral de Galicia no exterior.
- O seguimento das actuacións da Fundación Galicia Europa.
- A tramitación das notificacións oficiais de axudas públicas e das correspondentes ás actuacións inherentes ás queixas e infraccións comunitarias en que o Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación ou a Comisión Europea requiran un único centro de notificación e de interlocución.
- O desempeño das tarefas inherentes á súa condición de organismo intermedio para a xestión dos fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo que se subscriba coa autoridade de xestión.



- A canalización da información que se xere no ámbito da Unión Europea e que sexa de interese para as distintas consellerías e órganos superiores da Xunta de Galicia, para as entidades integrantes do sector público autonómico e para a sociedade galega en xeral.
- A implementación e supervisión da execución da Estratexia galega de acción exterior (Egaex), así como a prospección do contorno exterior para propor a súa revisión puntual ou actualización integral, sen prexuízo das competencias que lle correspondan a outros centros directivos.
- O impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación da Xunta de Galicia, e a intervención na determinación dos procedementos económicos e administrativos na materia.
- O fomento da cooperación ao desenvolvemento entre os diferentes axentes de cooperación galegos, promovendo o seu fortalecemento e a súa participación a través do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

## **DELEGACIÓNS TERRITORIAIS**

As delegacións territoriais da Xunta de Galicia, nas cales se integran todos os órganos, unidades e servizos da Administración periférica autonómica sitos no seu respectivo ámbito territorial foron creadas por Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Os delegados ou delegadas territoriais exercen a representación da Xunta de Galicia e a coordinación do exercicio das competencias da Administración xeral da comunidade autónoma no seu correspondente ámbito territorial, dependendo funcionalmente das directrices, instrucións ou criterios que emanen dos diversos órganos superiores das consellerías correspondentes, por razón das distintas competencias materiais.

### *1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS*

#### **ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**

A Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), foi creada pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, que regula, entre outros aspectos, os seus fins e as súas funcións:

- A Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao:
- Enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.
- Compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública.

- Impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención ao cidadán

As funcións formativas da AGASP son as seguintes:

1. No ámbito da formación xudicial e penitenciaria e da seguridade privada:  
Organizar e realizar nas materias de seguridade pública, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial e cos ministerios competentes en materia de xustiza e interior, así como con outros organismos, universidades ou centros de investigación, actividades dirixidas á formación de xuíces e fiscais, dos funcionarios de institucións penitenciarias e dos traballadores da seguridade privada, a través do asinamento dos oportunos convenios.
2. No ámbito da formación policial:
  - Elaborar os programas formativos e impartir os cursos dirixidos ao ingreso e á promoción interna nas distintas escalas dos corpos da policía de Galicia e das policía locais, así como a súa formación continua, perfeccionamento e especialización.
  - Colaborar coas administracións competentes na selección do persoal dos corpos da policía de Galicia e das policía locais.
  - Facilitarles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos das policía locais.
3. No ámbito da formación de protección civil, bombeiros e axentes forestais:
  - Elaborar os programas formativos e impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais coas que se formalice o correspondente convenio de colaboración.
  - Impartir os cursos dirixidos aos axentes forestais.
  - Colaborar coas entidades locais na selección e formación continua do persoal integrante dos corpos de bombeiros e de protección civil.
  - Facilitarles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.

Son tamén funcións da AGASP nas materias que lle son propias:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, con especial referencia á realidade galega.
- Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
- Homologar, cando proceda, os títulos correspondentes aos cursos de formación impartidos por outras academias, escolas ou centros.

- Calquera outra que lle poida ser atribuída polas normas, de conformidade coa súa natureza.

### *1.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

#### **AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS**

A Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) axustarase nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Decreto 292/2008, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Axencia Galega de Emerxencias, e ao Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (actual Primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que regula na súa disposición adicional primeira a integración na Axencia Galega de Emerxencias da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil e dos servizos de emerxencias das xefaturas territoriais, establecendo as súas funcións.

Correspóndelle á AXEGA o exercicio das seguintes funcións:

- A coordinación e a execución das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de atención de emerxencias e de protección civil, tales como a intervención e a atención das emerxencias e o restablecemento dos servizos esenciais para a cidadanía afectada por unha emerxencia, no marco das funcións atribuídas a esta pola Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Xestionar o Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia e prestar materialmente a asistencia requirida polos cidadáns e polas cidadás a través del, ou dar traslado, segundo se estableza regulamentariamente, daquelas que lles corresponda atender a outros organismos competentes na materia.
- Xestionar os medios e recursos operativos que se poidan incorporar á axencia.
- Analizar os riscos e mais identificalos e localizalos no territorio co fin de elaborar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia, así como os catálogos de medios e recursos e o catálogo de servizos.
- Desenvolver programas en materia de protección civil e xestión de riscos e de emerxencias consonte as directrices emanadas da Xunta de Galicia e establecer os medios para fomentar actuacións que contribúan á prevención de riscos, á atenuación dos seus efectos e, en xeral, á toma de conciencia e sensibilización dos cidadáns da importancia de protección civil.
- Levar a cabo os estudos necesarios para a elaboración do Plan territorial de protección civil de Galicia, dos plans especiais e das liñas directrices para a elaboración dos plans territoriais que correspondan.

- Avaliar e cualificar o risco cando lle sexa comunicada unha situación de emerxencia das que poden dar lugar á activación dun plan público de protección civil.
- Por á disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellaría na que esta delegue e mais daquelas outras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen.
- Estudar as actuacións necesarias para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade e a restauración, a rehabilitación e o entorno a normalidade en casos de catástrofe ou calamidade.
- Fomentar, a vinculación voluntaria e desinteresada dos cidadáns as actividades de protección civil.
- A planificación da protección civil e a prevención, a previsión e a análise de riscos relacionados con ela.
- A representación da consellaría no Consejo Nacional de Protección Civil e noutros organismos de coordinación internacionais, europeos e autonómicos de protección civil.
- O exercicio da planificación e a coordinación dos plans e os programas dos servizos contra incendios e salvamento locais, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder á Dirección Xeral de Administración Local.
- As relacións da Administración autonómica, en materia de atención de emerxencias, coas administracións locais, coas comunidades autónomas, coa Administración xeral do Estado e cos estados da Unión Europea, tendo unha relación especial con Portugal pola súa proximidade e pola posibilidade de ter que compartir emerxencias comúns.
- O seguimento da encomenda do Consello de Seguridade Nuclear á Xunta de Galicia en materia de vixilancia radiolóxica co exercicio de autoridade competente para a protección dos traballadores e da poboación fronte á exposición a fontes de radiación natural asociada a actividades laborais, en aplicación da normativa vixente.

#### *1.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS*

A entrada en vigor da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso a Xunta de Galicia, xunto coas deputacións provinciais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

A figura do consorcio contra incendios foi posta en marcha pola Xunta de Galicia, ao abeiro da lei de Administración local de Galicia, no ano 1999 coa finalidade de prestar este servizo esencial á poboación galega con independencia do seu lugar de residencia, garantindo a protección das súas vidas e patrimonios mediante a implementación de servizos profesionais de atención ás emerxencias as vinte e catro horas do día os 365 días do ano.

Estes consorcios, que inicialmente foron configurados con carácter comarcal, permitiron pasar dos 7 parques existentes na nosa comunidade no ano 1999 (parques municipais das grandes cidades galegas) á existencia neste intre, xa en funcionamento, de 32 parques en Galicia.

A fórmula de xestión destes servizos é a través dos consorcios contra incendios e de salvamento, que permiten unha xestión áxil e eficaz dos recursos, ao mesmo tempo que unha proximidade ao territorio cuberto polos mesmos e ás administracións implicadas no seu ámbito de actuación.

Estes consorcios que xestionan o servizo de extinción de incendios e salvamento, teñen actualmente todos eles, agás o consorcio comarcal Deza/Tabeirós con parque en Silleda, un carácter provincial nas catro provincias galegas, e, sen prexuízo da participación financeira da Xunta de Galicia, adscribíense ás respectivas deputacións provinciais de acordo coa Lei 27/2013, do 27 de decembro e a Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### *1.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO*

#### **FUNDACIÓN GALICIA EUROPA**

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivo xeral promover o achegamento entre Galicia e Europa.

Ademais da previsión establecida no Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa aparece regulada na disposición adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Tal e como se prevé na citada norma, a Fundación Galicia Europa, configúrase como unha entidade instrumental do sector público autonómico sen ánimo de lucro que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades. Ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

Respecto das funcións que lle son propias á Fundación Galicia Europa, ao longo do seus máis de 30 anos de historia, o traballo da FGE tense materializado en catro grandes ámbitos de acción que responden aos seguintes obxectivos:

1. Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea.
2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia.
3. Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.
4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

A Xunta de Galicia é membro fundador da Fundación Galicia Europa xunto con outras institucións como ABANCA. Ambas son membros do actual padroado xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, as deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación.

A FGE ten a sede en Santiago de Compostela e dispón dunha oficina en Bruxelas

## **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída mediante escritura pública outorgada o 16 de marzo de 1991. Foi declarada de interese galego por Orde da Consellería de 10 de xullo de 1991 (DOG, núm. 140, do 23 de xullo). Figura inscrita no Rexistro de fundacións de interese galego, Sección da actual Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes con número 1991/5.

A composición do padroado, establecida no artigo 12 dos estatutos (aprobados por acordo da Xunta de Galicia do 13 de decembro de 2018 e formalizados en escritura pública 20 de decembro de 2018) é a seguinte: o presidente e 6 patróns en representación da Xunta de Galicia; dous patróns en representación da Deputación de Pontevedra; dous patróns en representación da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia; un patrón en representación do Concello de Silleda e un patrón en representación de Abanca.

Entre os fins da fundación atópanse:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e mercados agropecuarios.
- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no eido agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar a mellora continua dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais.

- O impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Para a consecución destes fins, a fundación realiza as seguintes actividades:

- Organización de actividades feirais, expositoras e promocionais relacionadas cos sectores agrario e industrial de Galicia, ben directamente ou ben en colaboración con administracións públicas ou outras entidades públicas ou privadas, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.
- Colaboración co sector público e privado na realización de eventos sectoriais, exposicións e lonxas de contratación, que contribúan ao cumprimento dos fins fundacionais.
- Facilitar a implantación de actividades económicas públicas, privadas ou mixtas baixo o réxime de concertación, dentro das súas instalacións e terreos, que contribúan de forma significativa á elevación do nivel económico da zona e á viabilidade económica da fundación.
- Prestación de servizos e aportación de medios técnicos e instalacións do Recinto Feiral de Galicia en Silleda en orde ao impulso e mellora da posición estrutural dos sectores agroalimentario e industrial, e así mesmo, en orde á garantía da viabilidade económica da fundación, mediante a posta en valor das instalacións da mesma, para a mellora da xestión económico-administrativa e o mellor aproveitamento do patrimonio da fundación.
- Apoio e difusión de boas prácticas que contribúan a mellorar o dinamismo e rendibilización do sector feiral de Galicia, e en particular, a avaliación e redución do impacto negativo do mesmo no medio ambiente.
- Patrocinio do certame anual "Semana Verde de Galicia" e subscripción de convenios de colaboración e patrocinio con aquelas entidades públicas ou privadas que contribúan de forma significativa ao cumprimento dos fins fundacionais, con especial mención, neste último caso, á Asociación Feiral Semana Verde de Galicia.

Así mesmo, a Fundación Semana Verde de Galicia realiza as tarefas resultantes das encomendas que se lle asignan.

## **FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

A Fundación Deporte Galego foi constituída pola Xunta de Galicia como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación. A fundación, constituída sen ánimo de lucro, está declarada de interese galego por Orde do 19 de xuño de 2001.

O seu patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto. Asemade, ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ao réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A Fundación Deporte Galego está adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

De acordo os seus estatutos, a fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son os ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas función sociais. No seu ámbito de actuación podemos destacar as seguintes tres grandes liñas.

1. Apoio ao deporte de alto nivel.

O obxectivo fundamental nesta liña é incrementar o número de entidades e recursos para elas. Asemade, desenvolver actuacións que favorezan ás persoas deportistas compaxinar estudos ou traballo e competición, así como a incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva. Para o cumprimento desta liña lévanse a cabo distintas accións, entre as que podemos destacar as seguintes:

- A sinatura de convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta competición.
- A convocatoria de axudas aos deportistas galegos de alto nivel.
- A posta en marcha da Oficina de Atención ao Deportista.

2. Plan Galicia Saudable

Co Plan Galicia Saudable preténdese o fomento da práctica de actividade física e a mellora da condición física en toda a poboación co obxectivo de reducir o risco de padecer enfermidades non transmisibles. As actuacións coordinadas coas diferentes consellerías é o eido principal na consecución deste obxectivo, colaborando coa comunidade científica na fundamentación das mesmas e consolidando as TIC como ferramentas imprescindibles.

3. Deseño de programas físico – deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola fundación.

Dentro desta liña podemos destacar a supervisión e o control das xestións e actuacións realizadas polas empresas concesionarias nas xestións indirectas.

Por último, cómpre mencionar que a fundación integra os principios de igualdade e inclusión de maneira transversal nas súas actuacións, na práctica deportiva en xeral e na de alto nivel en particular.



## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

### II.1. DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

O papel central da Vicepresidencia Primeira e da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes na súa acción para o ano 2024 é o de exercer a súa función como órgano de apoio e asistencia á Presidencia da Xunta de Galicia, así como o de coordinación da mesma coas administracións locais, coas institucións do Estado e co Parlamento de Galicia. Ademais, a Vicepresidencia Primeira exercerá a coordinación da acción exterior do Goberno galego, en todos aqueles ámbitos de interese estratéxico para Galicia e coa interlocución coas distintas institucións e organizacións implicadas.

Esta función de apoio e asistencia tradúcese na tarefa de coordinación da estrutura periférica da Xunta, a través da adscrición orgánica das delegacións e secretarías territoriais á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Intégranse na Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Secretaría Xeral Técnica (con funcións de coordinación de servizos transversais), a Secretaría Xeral para o Deporte, a Dirección Xeral de Xustiza, a Dirección Xeral de Administración Local, a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

No ano 2024 a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, centrará os seus esforzos en mellorar a calidade de vida dos galegos e galegas, promovendo a actividade física e o deporte, contribuíndo a unha xustiza máis eficiente e próxima á cidadanía, atendendo ás demandas das entidades locais, procurando a mellora constante na atención ás emerxencias no territorio galego, dirixindo a acción exterior da comunidade autónoma cun esforzo renovado a prol da cooperación ao desenvolvemento e achegando unha administración cada vez máis eficiente á cidadanía.

No marco da estratexia de mellora das infraestruturas administrativas, a Xunta de Galicia vén asignando importantes recursos económicos para poder contar cuns espazos de traballo e servizo público modernos e en óptimas condicións de utilización. Así, nos últimos anos, xa se puxeron en marcha distintos proxectos para diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios, xa que dentro dos obxectivos prioritarios do Goberno Galego atópase a mellora da eficiencia enerxética no ámbito da Administración autonómica. Neste sentido, a Xunta de Galicia ven impulsando desde o ano 2014 actuacións de mellora enerxética co fin de converter as infraestruturas administrativas e xudiciais en infraestruturas saudables e eficientes, reducindo así, de forma significativa as emisións de CO<sub>2</sub>, tal e como establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, cara a converxencia dunha economía limpa, que cumpra os mais rigorosos estándares de eficiencia enerxética.

As obras realizadas desde a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, supuxeron un investimento de máis de 25,8 millóns de euros, 18,9 millóns en edificios administrativos e de 6,9 millóns en edificios xudiciais, e están a producir grandes beneficios, tanto operativos, isto é, ligados á mellora das infraestruturas, dos servizos públicos e das condicións das traballadoras e traballadores públicos; coma outros conexos coa eficiencia enerxética, e que supoñen na actualidade unha redución de 2.634 Tm/ano de emisións de CO<sub>2</sub> e uns aforros anuais nos consumos de 13.190.523 kWh/ano.

Cómpre salientar, dentro dos investimentos efectuados, a Instalación dunha caldeira de biomasa no edificio administrativo de San Caetano, a mellora da eficiencia enerxética na Academia Galega de Seguridade Pública, a mellora da envolvente térmica en cinco dos principais edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, a rehabilitación do Edificio Administrativo da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, as obras de mellora enerxética na EGAP e no edificio que alberga a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña e Ferrol, así coma no Pazo de Raxoi, entre outras.

Así mesmo, continuarase coas actuacións de renovación, realizadas en 2021 e 2023, dos vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia, adquirindo vehículos máis verdes, ecoloxicamente sostibles e con baixas emisións de dióxido de carbono que virán a substituír a outros moi avellentados, acadando así a renovación de practicamente o 100% do parque móbil.

As actuacións prioritarias en materia de Deporte, diríxense ao fomento da práctica do deporte e da actividade física na comunidade autónoma en atención á súa importancia para o fomento da saúde e do benestar, o desenvolvemento, a educación e a inclusión social, ou a propia economía e o emprego, xunto á vertente competitiva deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de equipamentos e infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios.

Os beneficios que se esperan acadar da súa actuación atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: o aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e a mellora da dotación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

No ámbito da Administración de xustiza, tamén se seguirán estendendo as tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles.

Ademais, iniciarase a construción dun novo edificio xudicial na Estrada que unificará nunha única sede aos órganos xudiciais existentes na vila e dun novo edificio para albergar a sede do IMELGA en Santiago de Compostela. Con estas obras a Xunta de Galicia continúa a renovar as sedes da Administración de xustiza galega, tralo investimento de 127 millóns de euros no marco do Plan de Infraestruturas xudiciais, que acometeu desde o ano 2010 obras destacadas como a da nova Cidade da Xustiza de Vigo, novos edificios xudiciais en Santiago de Compostela, Pontevedra, Ourense e Tui ou a rehabilitación da Fábrica de Tabacos da Coruña.

En paralelo, no ano 2024 continuaranse realizando as obras menores e pequenas reparacións nos edificios xudiciais que se repite, e así seguirá, cada ano.

Por outra banda, daráselle continuidade á execución do Plan de renovación do equipamento dos arquivos e das oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 5 millóns de euros, reforzarse o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta; seguiranse promovendo solucións alternativas para a resolución de conflitos, especialmente a mediación intraxudicial e seguirase apoiando o desenvolvemento da carreira profesional do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

O apoio aos concellos para que poidan prestar os mellores servizos de proximidade á cidadanía continuará sendo unha prioridade para este departamento en 2024. Así, o Goberno galego manterá un foco especial no seguimento do desenvolvemento dos acordos acadados pola Comisión Galega de Cooperación Local, seguirase atendendo a carencia de persoal habilitado nacional, continuarase apoiando a dinamización da vida local dos concellos a través da consolidación da liña de apoio económico ás asociacións veciñais ou a realización de investimentos en infraestruturas municipais e seguirase desenvolvendo, xunto coa FEGAMP, o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia para loitar contra a vespa velutina.

O diálogo cos propios concellos e as deputacións provinciais como institucións titulares da competencia, seguirá sendo fundamental para abordar ao longo do vindeiro ano un fortalecemento do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia que permita a mellora continua da atención ás emerxencias e a seguridade na comunidade autónoma, sobre a base do sólido mapa de recursos desenvolvido nos últimos anos.

Neste ámbito, no ano 2023, de acordo cos compromisos acadados no Grupo de Traballo dependente da Comisión Galega de Protección Civil continuaron a súa operatividade os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (en diante, GES) trala sinatura de convenios coas catro deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP). No ano 2024 continuarase a traballar no marco do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para dar continuidade, ampliar e completar os efectivos dos GES coa renovación e sinatura dos convenios de colaboración coas Deputacións provinciais e a FEGAMP co gallo de seguir avanzando na implementación dun mapa de emerxencias que abarque a totalidade do territorio de Galicia.

Ao mesmo tempo, logo da comarcalización no seu día do Parque de Bombeiros de Ferrol e dos avances realizados nos anos 2022 e 2023 na comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela, que concluiría coa efectiva comarcalización deste servizo no ano 2024, continuarase a traballar na comarcalización dos parques de bombeiros das restantes grandes cidades de Galicia, en colaboración coas deputacións provinciais e cos concellos, para mellorar as isócronas de atención as emerxencias, así como a eficiencia e eficacia dos servizos contra incendios e salvamento.

No ámbito da organización da prestación do servizo, cómpre a determinación do modelo de atención ás emerxencias por parte dos consorcios provinciais contra incendios e de salvamento, unha vez que tódolos consorcios teñan adoptado o acordo da prestación directa da xestión do servizo de atención ás emerxencias.

No ámbito da seguridade, continuarase a incidir de xeito particular na coordinación entre os distintos corpos e forzas de seguridade e emerxencias para garantir un maior índice de seguridade e protección para a cidadanía de Galicia.

Tamén a AGASP continuará a realizar nos programas formativos do vindeiro curso a formación relativa a actuacións no Camiño de Santiago e respecto da seguridade dos peregrinos e peregrinas, así como a profundización na formación en materia de igualdade para os membros dos corpos e forzas de seguridade, así como a especialización en materias específicas competencia destes colectivos.

Cómpre destacar así mesmo, en relación á academia, que durante o ano 2024 realizará a formación da 16ª promoción de policía local, xunto cos cursos selectivos de promoción interna ás categorías de oficial, inspector e inspector principal.

Nesta data, 91 concellos delegaron xa na Xunta de Galicia a selección do seu persoal do Corpo da Policía Local, o que supón o 70% dos concellos galegos con corpo da policía local.

No ámbito da acción exterior galega, cómpre destacar a aplicación da Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Esta lei determina os principios reitores da acción exterior galega, fixa obxectivos estratéxicos e concentra na Presidencia da Xunta de Galicia a representación exterior da comunidade autónoma e para subscribir acordos internacionais.

Ademais establece como regras xerais da acción exterior galega a transcendencia estratéxica alén do espazo dunha soa lexislatura e a busca do maior apoio parlamentario e social plasgados na Estratexia galega de acción exterior, e axustarase ao principio de unidade de acción, que incluírá o aliñamento coa Estratexia española de acción exterior e coa dirección da política internacional española.

O título II da lei regula a programación da acción exterior galega sinalando que se programará periodicamente por lustros nun documento estratéxico denominado Estratexia galega de

acción exterior (Egaex), que prelación os obxectivos a longo prazo, tanto materiais coma xeográficos, e ordene e rexa as diversas iniciativas sectoriais na materia, dotándoas de congruencia e coherencia, aproveitando as súas complementariedades e velando pola eficiencia no uso dos recursos públicos, co obxecto de maximizar os retornos socioeconómicos, demográficos e culturais para a comunidade autónoma.

No ano 2024 prevese a implementación, no caso de ser aprobada, da Estratexia galega de acción exterior 2022-2026. Para a súa elaboración aténdese aos documentos previos de planificación da Xunta de Galicia que teñan unha proxección exterior e á vixente estratexia española, así como as achegas das consellarías, as entidades, os organismos, as institucións e os expertos con intereses e experiencia na materia.

Ao tempo, no ámbito europeo seguirase participando activamente nos debates da axenda comunitaria que máis afectan a Galicia, principalmente os que teñen que ver coa transición ecolóxica e enerxética.

Galicia traballará para que as comunidades autónomas poidamos participar activamente na preparación e execución da presidencia española do Consello da UE no segundo semestre de 2023, preparando o noso propio documento de prioridades para remitir ao goberno. Do mesmo xeito, traballaremos para reforzar os intereses rexionais en Bruxelas nos distintos eidos de competencia autonómica. En concreto, traballaremos para asegurar unha transición xusta e ordenada dos sectores económicos galegos no marco do paquete lexislativo “obxectivo 55”, reforzar o posicionamento galego respecto das enerxías verdes no marco do Plan Repower EU ou explicar en Bruxelas o traballo da Xunta de Galicia coa Lei de recuperación de terras agrarias, no marco do novo Pacto Rural Europeo.

Todo isto, ao tempo que Galicia mantén a súa activa e frutífera cooperación transfronteiriza con Portugal, a través da presenza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal co seguimento exhaustivo dende a Administración galega do Plan de Investimentos Conxuntos e da concreción dos fondos do POCTEP, así como promovendo a recuperación conxunta postpandemia.

No eido da cooperación ao desenvolvemento no 2023 comezou un novo exercicio de planificación trala aprobación, co apoio unánime do sector, do V Plan Director 2023- 2026 da cooperación galega, que permitirá neste 2024 avanzar nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 como a erradicación da pobreza, a promoción dos dereitos humanos, a igualdade de xénero e a loita contra o cambio climático. Preténdese tamén reforzar a identidade singular, as vantaxes comparativas e o valor engadido da cooperación galega no contexto da cooperación española e con respecto aos principios de coordinación e complementariedade coa Administración xeral do Estado. Ademais, afondarase na concentración xeográfica da axuda galega, no fortalecemento das capacidades dos actores e axentes de cooperación na busca de maiores complementariedades e da xeración de sinerxías entre eles que permitan alianzas estratégicas para a posta en marcha liñas de actuación novidasas.

## **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**

A Secretaría Xeral Técnica exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, correspóndelle en particular a asistencia técnica, apoio e asesoramento á persoa titular da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as funcións de réxime interior e os asuntos xerais.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- a) Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estrutura, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
- b) No seguimento e control dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración.
- c) Nas obras e proxectos.
- d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria fixo necesario profundizar na eficiencia no uso dos recursos públicos e na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns cara a unha economía dixital e verde.

Xa se acometeron actuacións para a mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ourense, Pontevedra, Vigo, Lugo, A Coruña e Ferrol.

Continuaremos coas accións que permitan mellorar os edificios administrativos da Xunta de Galicia levando a cabo investimentos co obxectivo principal de mellorar as condicións de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e dos cidadáns que acoden a estes edificios a realizar algún tipo de xestión e que suporán unha nova redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios co conseguinte aforro económico, así como unha mellora ambiental, xa que continuarán a reducirse as emisións de gases contaminantes á atmosfera.

Nesta liña no ano 2023:

- Finalizouse a obra de eficiencia enerxética no Edificio Administrativo da Delegación Territorial de Lugo, cun investimento de máis de 2 millóns de euros.
- Realizáronse obras de eficiencia enerxética nos edificios administrativos de Coruña e Ferrol, cun investimento de case de 3 millóns de euros.

- Realizáronse obras de eficiencia enerxética nos xulgados de Marín e Noia por 0,5 millóns de euros.

Para o ano 2024 continúaase apostando pola mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos, así como actuacións de mellora de acondicionamento dos mesmos, sempre co fin de mellorar os servizos a cidadanía e mellorar as condicións de traballo dos empregados públicos.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 vén asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,3 millóns de euros.

Continuando nesta liña, no 2023 iniciáronse as obras para acondicionar novos espazos no edificio administrativo de Ferrol que rematarán no primeiro trimestre de 2024. A esta actuación destinaranse 441.300€.

Asemade, despois do concurso de ideas convocado no ano 2022 para un novo edificio administrativo na cidade de Ourense, no 2023 iniciouse a redacción do proxecto, coa previsión de empezar a execución das obras da nova delegación en 2024. O orzamento previsto para 2024 é de 2.000.000€. A construción do novo edificio administrativo de Ourense permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas na dita localidade e aforrar naqueles que están en aluguer.

Seguirase nesta senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio coa actuación prevista no edificio situado na rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais adicados a asociacións.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito no concello de Pontevedra, onde 28 asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

Continuando co Concurso de Ideas convocado no ano 2022 e resolto no 2023, unha vez finalice a redacción do proxecto neste ano, en 2024 iniciaranse os traballos de acondicionamento do edificio.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a xustiza e con visión de futuro para a creación de novas unidades xudiciais. A día de hoxe, a Xunta leva destinado desde 2009 máis de 127 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais.

Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

Hai que salientar que en 2022, coa finalización da Cidade da Xustiza en Vigo, realizouse o investimento máis ambicioso da Xunta desde que se transferiron as competencias xustiza, con máis de 45 millóns de euros investidos. En 2023 completouse o investimento preciso para o seu pleno funcionamento.

A previsión para 2024 é continuar coa construción de novos edificios xudiciais. Na Estrada, construírse un novo edificio, que albergará os dous órganos xudiciais existentes na actualidade e contará tamén con espazo suficiente e adecuado para posibles ampliacións de xulgados, para o que se consignan 2.245.000€.

Unha vez concluído o concurso de ideas e realizado o proxecto, prevese o inicio da construción dun novo edificio para a sede do IMELGA en Santiago de Compostela que contará con instalacións modernas e adecuadas para o desempeño das funcións dos médicos forenses. Este novo edificio será un referente en Galicia para a investigación médico-científica legal. Tamén se acometerán investimentos para a renovación de salas de autopsias nas sedes territoriais do IMELGA que o precisan. O orzamento que se destina en 2024 a esta actuación é de 2.760.000€.

Por outra banda, coas obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento conseguíuse diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios xudiciais, obténdose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Seguindo esta liña, continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética. En 2023 realizáronse as obras de eficiencia enerxética nos xulgados de Noia e Marín cun investimento de case 500.000 euros e en 2024 realizaranse novas actuacións nas envolventes de xulgados, instalando tamén iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles. A estas actuacións destinarase un importe total de 1.000.000€, parcialmente financiado con fondos FEDER 2021-2027.

Por outra banda, acometeranse obras de remodelación do antigo edificio xudicial de A Parada, en Pontevedra, para adaptalo ás necesidades actuais, por un importe de 240.000€.

A aposta da Xunta de Galicia por unha economía verde e sostible, encamiñada a reducir as emisións de gases contaminantes á atmosfera, reflíctese tamén no Plan de renovación do Parque Móbil Central da Xunta de Galicia.

O obxectivo da Xunta de Galicia é continuar coa substitución paulatina da flota actual por outros vehículos máis eficientes, dunha forma gradual e progresiva, nos vindeiros tres anos, o que asegurará unha mobilidade sostible, segura e conectada, optando preferentemente pola adquisición de vehículos de etiqueta eco ou cero. En 2024 esta actuación estará parcialmente financiada con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Programa Moves III, que se adicarán tanto á reposición de vehículos existentes por outros de tecnoloxía híbrida conectable (PHEV), como á adquisición de puntos de recarga.



Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

Ao tempo, seguiremos recollendo nos pregos que rexen as contratacións públicas cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización dos servizos.

A título de exemplo, continuarán fixándose condicións especiais de execución que exixan o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular, a obriga da empresa adxudicataria de:

- a) garantir ás persoas traballadoras adscritas á execución deste contrato a aplicación estrita das condicións laborais que estableza o convenio colectivo que lles resulte de aplicación.
- b) adoptar as medidas de seguridade e hixiene no traballo que sexan obrigatorias ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar a vida, integridade e saúde dos traballadores e traballadoras. Debe cumprir, así mesmo, as obrigas en materia de prevención de riscos laborais establecidas na normativa vixente, e acreditar o cumprimento das obrigas seguintes:

Cumprimento do plan de seguridade e saúde no traballo.

A formación e información para o desempeño das tarefas que realicen en materia preventiva as persoas traballadoras que utilizará na execución do contrato.

O xustificante da entrega de equipamentos de protección individuais que, de ser o caso, sexan precisos.

A garantía da vixilancia periódica da saúde dos traballadores en función dos riscos inherentes ao traballo.

- c) Se a empresa subcontrata parte da prestación, ten que exixir ás empresas subcontratistas os xustificantes das obrigas anteriores e entregalos á administración contratante.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 202.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os pregos que rexen as contratacións públicas establecen que o incumprimento destas condicións especiais de execución terá carácter de infracción grave prevíndose a imposición de penalidades para o suposto de incumprimento das mesmas.

En unidades como as oficinas de rexistro e información á cidadanía, onde a atención e a información ao público é unha das principais funcións, son necesarias a actualización e a innovación permanentes. Neste sentido é importante a formación continua do persoal, a incorporación das novas tecnoloxías e as melloras de aquelas ferramentas que están a facilitar o traballo e a facer mais comprensible e fluída a relación coa cidadanía.

Dentro da formación van a utilizarse todos os medios para actualizar coñecementos, transmitir a nova normativa e avanzar naquelas interpretacións das normas que permitan unha ac-

tuación común e unitaria en todas as oficinas de rexistro e información á cidadanía da Xunta de Galicia. Igualmente, é necesaria a coordinación mediante as correspondentes reunións telemáticas coa Administración do Estado e das restantes comunidades autónomas para compartir coñecemento e avanzar todas as administracións públicas compartindo información.

Con respecto á incorporación de novas tecnoloxías ou melloras das existentes, xa se están a planificar reunións e analizando propostas, para avanzar na aplicación de rexistro de documentación, Chave365 e, especialmente, do Rexistro de poderes.

Dende esta perspectiva respecto, dentro das funcións encomendadas a estas oficinas, vanse a realizar as seguintes melloras:

- Dixitalización

Dende a súa incorporación ao quefacer destas oficinas e seguindo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a dixitalización significou un paso adiante enorme na actividade das administracións públicas en xeral. A simplicidade e axilidade na relación coa cidadanía permitiu respostas máis rápidas e poder atender a un maior número de persoas. Isto supuxo, tamén, un avance importante na tramitación administrativa electrónica que influíu notablemente na mellora da resposta das restantes unidades administrativas á cidadanía.

Por outra banda, hai que sinalar a seguridade que representa esta dixitalización: non se perde ningún documento e sempre se sabe en que unidade está en cada momento e que persoa o recibiu. Como todo é susceptible de perfeccionarse, vaise a incidir na mellora da comunicación cos restantes unidades administrativas e no arquivo informático da documentación, para que sexa máis sinxelo acceder e permitir dispoñer dun histórico de calquera documento presentado.

Para o anterior, e sen prexuízo das melloras das aplicacións que dan cobertura a esta función, hai que destacar, tamén, a constante comunicación coas demais administracións para que a través do Servizo de Interconexión de Rexistros (SIR) avancemos todos na mesma dirección.

- Asistencia no uso de medios electrónicos

Dentro das funcións desenvolvidas por estas unidades, esta é unha das que require una actualización máis constante. Entre as persoas que solicitan este servizo, cada vez é maior o número das que teñen outra nacionalidade, ás veces con graves problemas para facerse entender ou para entender o complexo mundo da Administración pública galega e española en xeral. Isto significa atendelas sen coñecer suficientemente a súa lingua e con solicitudes cada vez máis complexas, vinculadas á nacionalidade, permisos de traballo, etc, o que obriga aos traballadores destas oficinas a estar nunha continua actualización para coñecer e axudar nas cuestións que demandan.

- Copias auténticas cara o expediente electrónico total

A importancia desta función ven dada pola vinculación que a documentación copiada ten para a mellora e comprensión da actividade das demais unidades administrativas. Por esta razón, perfeccionáronse as ferramentas que se están a utilizar para unha resposta máis áxil.

- Alta, modificación ou baixa da Chave 365 e a alta no certificado da FNMT  
En principio pensouse que estas funcións, por volume, serían ata certo punto residuais pero neste momento son as dúas funcións que, tras a dixitalización, consumen mais recursos e supoñen a segunda maior carga de traballo destas unidades. O avance da administración electrónica está a conseguir esta realidade.  
Esta aplicación da Chave 365 está a modificarse, cara a incorporar aspectos non contemplados nun primeiro momento, pero que a realidade fai imprescindible ter en conta. Estamos a falar da documentación das persoas estranxeiras para obter a Chave365, en especial, por proximidade e relacións laborais e comerciais, con cidadáns portugueses.
- Rexistro de apoderamentos  
Dende o 2 de abril do 2021, está a funcionar esta nova actividade, creada pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas, desenvolto polo Decreto 52/2021, do 18 de marzo, polo que se regula o rexistro de apoderamentos de Galicia.  
Está actividade está a incrementar a súa carga de traballo cada ano, dende o 1 de xaneiro ao 31 de agosto deste ano houbo 3462 inscricións, que se distribúen así:
  - Tipo A apoderamentos para realizar calquera actividade ante calquera Administración pública: 1181
  - Tipo B apoderamentos para realizar actividades en xeral ante a Xunta de Galicia e os seus organismos: 947
  - Tipo C: apoderamentos para realizar actividades concretas: 1334A aplicación será obxecto de modificación por entender que é necesario adaptala e modificar algunha parte para que sexa a ferramenta que se precisa para actuar coa maior efectividade.

## **SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**

Seguindo coas liñas marcadas nos últimos exercicios, durante o 2024 as principais liñas de acción da Secretaría Xeral para o Deporte agruparanse nestas grandes áreas:

- I. En primeiro lugar, a explotación das distintas funcionalidades do feito deportivo, con especial referencia á función sanitaria, á educativa e á económica do deporte. Neste contexto, e dende a perspectiva da promoción da saúde, continuarase co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable a través das actuacións que dinamicen a práctica da actividade física e deportiva entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva en idade escolar. Ademais, fomentarse a actividade física dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo das enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.  
No ámbito educativo, de forma directa e en colaboración coas entidades deportivas de Galicia, continuarase cos programas de actuación destinados á consolidación da actividade física e o deporte entre os nosos escolares a través das actuacións encadradas na actividade

física e deportiva na idade escolar: entre outros, o programa XOGADE ou Proxecto de Vida Activa e Deportiva (modalidades DAFIS, Milla diaria, Camiña/en bici á escola, Mais e mellor actividade física, etc.).

Na funcionalidade económica do deporte, a Secretaría Xeral para o Deporte potenciará, entre outras, actuacións encamiñadas ao impulso da achega económica do noso sector deportivo á economía galega, especialmente no ámbito do turismo, como son a organización de eventos deportivos.

2. En segundo lugar, o apoio ao tecido asociativo deportivo galego e aos deportistas. Neste ámbito, destácanse como accións principais o plan de axudas ás federacións, mediante a subscripción de convenios de colaboración, así como o perfeccionamento no control do seu funcionamento; o plan de axudas aos clubs e a outras entidades deportivas; o desenvolvemento do deporte de alto nivel (apoio ás entidades deportivas e a concesión de becas a deportistas) e o apoio ou organización de eventos deportivos. Cobra especial mención neste 2024 a celebración dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París.

Hai que salientar a posta en marcha do Bono Deportivo, que terá por finalidade axudar ás familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos e nenas de 6 a 16 anos federados ou do programa XOGADE. Nos termos que se establezan na correspondente convocatoria, cada pai/nai, persoa titora ou a que teña ao menor en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos, terá acceso a un bono de 120 € por neno/nena para a adquisición e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas (desconto do 80% de cada compra ata esgotar os 120€).

Continuarase coa aposta polos centros deportivos de tecnificación e alto nivel en Galicia: – Centro Galego de Tecnificación Deportiva, o Centro de Vela de Vilagarcía e a Pista de Piragüismo de Verducido – Complexo Náutico e Campo de Regatas de Verducido–David Cal, como pezas claves no crecemento da alta competición do deporte de Galicia. Neste punto, continuarase o apoio aos núcleos de adestramento deportivo especializado (NADE).

3. En terceiro lugar, a mellora da dotación de equipamentos e do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia, tanto propias como de terceiros.

Todas estas actuacións serán abordadas dende unha perspectiva que afonde na mellora e optimización da calidade do eido deportivo galego.

## DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto 131A “Administración de xustiza”, son as seguintes:

Continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

Neste marco, seguiremos a traballar no impulso do novo modelo organizativo que se recolle no proxecto de eficiencia organizativa do Ministerio de Xustiza, acadado no marco da cogobernanza e que ven a implantar os denominados tribunais de instancia e oficinas municipais de xustiza, e que supón un cambio de modelo da Oficina Xudicial, incorporando diferentes unidades e servizos.

Neste sentido, sen esquecer a preparación operativa de servizos comúns xerais, as prioridades na implantación virán marcadas pola situación concreta dos distintos partidos xudiciais, que se analizará de maneira conxunta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo da interlocución con outros axentes sociais e operadores xurídicos.

No 2024, seguirase co avance, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais, de expurgo, así como na mellora das salas de vistas, todas as cales serán enteiramente dixitais e de salas de autopsias.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de Administración de xustiza, apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a xustiza e con visión de futuro para permitir a creación de novas unidades xudiciais.

Desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta a este en grandes obras e en actuacións de mellora da eficiencia enerxética superou os 123 millóns de euros, o maior investimento na Administración de xustiza, desde que a comunidade galega administra as súas competencias, ao que se engaden obras menores nos edificios xudiciais da comunidade autónoma.

Grazas á execución deste Plan, xa están en funcionamento edificios novos como os xulgados de Santiago de Compostela, Ourense, a nova sede da Audiencia provincial de Coruña na antiga Fábrica de Tabacos, o novo edificio xudicial da Parda en Pontevedra o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución de Vigo, o novo edificio xudicial de Tui e a nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo, que é o maior investimento realizado nunha infraestrutura xudicial dente o traspaso das competencias á comunidade autónoma, ademais da rehabilitación doutros en Coruña, Ferrol, O Carballiño ou Viveiro.

En relación ás grandes obras proxectadas no ámbito xudicial, no ano 2024 esta previsto o inicio da construción dun novo edificio xudicial no concello da Estrada no que se situarán os dous xulgados actuais e a construción en Santiago de Compostela dun edificio que será a nova sede do Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga), actuacións que comezaron en 2021 coa convocatoria dun concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel anteprojecto. Con esta nova construción, a comunidade autónoma contará cunha sede de referencia para a investigación médico-científica legal en Galicia.

Con estas obras, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos

de eficiencia enerxética. No 2024, continuarase ademais coas actuacións de mellora da eficiencia enerxética nos inmobles dedicados á Administración de xustiza.

Daráselle continuidade no 2024 ao plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 6 millóns de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2024 consignáronse 2.056.298 €, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

Igualmente segue a ser unha liña fundamental de actuación o apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta e poder así atender a mellora nos baremos de retribución dos e das profesionais da avogacía e procuradoría, paro o que se asinaron novos acordos cos consellos galegos de avogados e de procuradores.

Por outra banda, continuarase a promover métodos adecuados de solución de controversias, especialmente a mediación intraxudicial, iniciativa pola que a Xunta de Galicia apostou reiteradamente desde o ano 2009 en que comezou o programa experimental de mediación intraxudicial familiar en Santiago ata a implantación en todas as cidades galegas, así como dos proxectos de mediación no ámbito civil e mercantil e no ámbito penal. Este impulso seguirá no 2024 tendo en conta as previsións lexislativas que na materia proxecta o Ministerio de Xustiza. Tamén continuará o avance na atención das labores de ordenación e expurgo dos expedientes xudiciais, así como o impulso da modernización tecnolóxica na actividade cotiá dos xulgados galegos mediante a implantación de solucións de natureza dixital acordas cunha moderna Administración de xustiza, con especial atención á relación cos cidadáns e profesionais de xustiza.

Outra liña de actuación fundamental está vinculada á continuidade das actuacións amparadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, que inclúen o funcionamento dos traballadores sociais das Oficina de Atencións ás Víctimas dos delitos, a formación nesta materia dirixida aos operadores xurídicos, e a continuidade do proxecto para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional. Así, a falta dun sistema de carreira profesional que tal e como establece a Lei orgánica do poder xudicial, debe ser aprobada por Real decreto, configúrouse un sistema transitorio que permita retribuír ao persoal ao servizo da Administración de xustiza en condicións similares ás dos empregados públicos da Xunta de Galicia.

Cabe salientar que desde o ano 2009 o cadro do persoal incrementouse en máis dun 20%. Así, tras a aprobación de 24 novas prazas no ano 2023, para o ano 2024, está previsto a creación de 15 novas prazas para a posta en funcionamento de 3 novas unidades xudiciais así como unha nova praza de subdirección no IMELGA de Santiago, que ata o de agora ostentaba quen ocupaba a praza de director/a, respondendo así á enorme demanda ao que ven facendo fronte

o IMELGA desde a aprobación do Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia.

## **DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL**

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A colaboración entre a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiulle a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran como unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2023-2024 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto da nosa comunidade autónoma, como das nosas entidades locais.

Un dos grandes retos deste centro directivo é o impulso dunha nova xestión pública local e a modernización das entidades locais de Galicia. Con este fin, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local, no ano 2024 desenvolverá as seguintes actuacións:

- a) Trala finalización dos traballos levados a cabo coa colaboración da Universidade de Vigo consistentes na revisión da normativa autonómica local e a elaboración do borrador da nova Lei de Administración local de Galicia, no ano 2024 tramitaremos esta proposta que persigue modernizar o réxime xurídico local e potenciar a autonomía e a potestade de autoorganización das entidades locais galegas, na que se abordan reformas substanciais que afectan ao réxime organizativo, competencial, incorporando aspectos que conlevan unha modernización da xestión administrativa, baseada no funcionamento electrónico e a necesaria adaptación organizativa e a mellora na prestación de servizos á cidadanía que redunden nunha mellora da calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Un dos retos desta norma é a articulación efectiva dun sistema de reparto de competencias que sexa claro e preciso así como o reforzo e concreción das competencias provinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, tendo en conta que os concellos son o nivel de proximidade por excelencia e, por tanto o máis sensible ás necesidades dos noso veciños.

- b) Co aval dos bos resultados acadados co traballo desenvolvido pola Cátedra institucional de Bo Goberno Local, o éxito do Congreso celebrado no ano 2023 “ Retos e desafíos dos municipios de menor poboación” e o interese suscitado polas investigacións, publicacións e informes elaborados no marco da mesma, durante o ano 2024 o Goberno Galego continuará apoiando o traballo desta cátedra coma marco de debate público sobre o mundo local e mecanismo para procurar a solución dos problemas do mundo local no momento no que se detectan.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Compre destacar que, ao longo do ano 2023, a Xunta de Galicia reforzou o apoio aos concellos galegos cunhas cifras históricas.

Concretamente un total de 564,3 millóns de euros, o que supón un 15,5% por riba da contía de 2022.

Nesa contía inclúense, ademais de distintas liñas de axudas da Xunta de Galicia 143,4 millóns de euros do Fondo de Cooperación Local (FCL) que recibiron os municipios este ano, un 17% por riba do ano pasado 2022.

En concreto, 134,4 millóns de euros do fondo base e 30,5 millóns de euros do fondo adicional.

Este último rexistrou unha suba dun 135% con respecto ao ano anterior.

Entrando no ámbito da Dirección Xeral de Administración Local, ao longo de 2023, impulsamos máis de 600 proxectos municipais a prol de mellores instalacións e servizos cun orzamento de 27,2 millóns de euros a través de diversas liñas específicas de apoio ás administracións locais, como a orde de infraestruturas de uso público, o Fondo de Compensación Ambiental e o fondo adicional do Fondo de Cooperación Local.

Así, a Orde de infraestruturas de uso público, dotada con 3,5 millóns de euros beneficiou neste ano 104 entidades locais na mellora das súas instalacións para a prestación de servizos básicos, de lecer infantil e familiar, deportivos ou culturais.

Pola súa banda, o Fondo de Compensación Ambiental facilitou, cun investimento superior aos 8,2 millóns de euros, actuacións de mellora da contorna natural en 93 concellos ao abeiro da liña competitiva e en 119 ao da liña non competitiva, dirixida a concellos nos que hai parques eólicos.



A maiores destas medidas de apoio, a través das distintas liñas do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local neste 2023 investíronse xa máis de 15,5 millóns de euros. Destinado aos concellos de menos de 15.000 habitantes, o orzamento facilitou a mellora da eficiencia enerxética de edificios municipais en 71 localidades, con 8,5 millóns de euros de investimento, e das redes de abastecemento en 113 localidades, cun investimento de case cinco millóns de euros, así como a adquisición de maquinaria e equipamento en 73 localidades, con case dous millóns de investimento.

Ademais, compre destacar que ao longo de 2023, dos 313 concellos galegos, 295 presentaron solicitudes de financiamento ao abeiro destas liñas de axuda coas que a Xunta puido atender ás necesidades da maioría dos concellos galegos.

Concretamente, preto do 90% (89,1%) dos concellos que solicitaron axudas á Dirección Xeral de Administración Local foron beneficiarias das subvencións convocadas, concretamente 263.

Esta é a finalidade que persegue a orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de Administración Local mediante a que se está a mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorécese o reequilibrio territorial e facilítase a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria se configura como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

Entre outros obxectivos perseguidos por esta orde destaca o fomento da mellora da accesibilidade e seguridade nos espazos ou instalacións deportivas co fin de fomentar a práctica do deporte seguro por tódolos segmentos da poboación e especialmente das mulleres.

No período 2009 - 2023 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 47 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.584 proxectos.

Seguiremos traballando da man das entidades locais para continuar avanzando na mellora do financiamento dos concellos. Compre destacar que un dos fitos fundamentais na relación cos entes locais produciuse en 2011, cando se garantiu por lei a participación mínima dos concellos nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local (FCL).

A distribución e as achegas do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local para 2024 están pendentes da decisión que se adopte no seo da Subcomisión permanente de réxime económico e financeiro da Comisión Galega de Cooperación Local, na que participan a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias. Neste ano 2023 puxemos a disposición dos concellos galegos un total de 564,3 millóns de euros, isto é un 15,5% por riba da contía de 2022. A todos eles garantímoslle ingresos extra para facer fronte ás súas necesidades específicas. Nesa contía inclúense, ademais de distintas liñas de axudas da Xunta

de Galicia 143,4 millóns de euros do Fondo de Cooperación Local (FCL) que recibiron os municipios este ano, un 17% por riba do ano pasado 2022. E dentro deste, o fondo adicional tivo unha dotación de 30,5 millóns de euros, un incremento histórico de dun 135% máis que no ano 2022 co que axudamos aos concellos a prestar os servizo que máis demandan. O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan que conta, na actualidade, con 306 concellos adheridos, o 98% do total.

- Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

No ano 2022 o Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional duplicou o seu orzamento acadando os 145.000 euros co fin de reforzar as axudas destinadas á contratación de auxiliares de policía local polos concellos de maior afluencia turística, apoiando así o labor que desempeñan os corpos de policía local no actual contexto de crise sanitaria.

Nos últimos anos o goberno galego leva investido case 1 millón de euros no financiamento dos postos de auxiliares de policía local nos períodos estivais

- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

No ano 2024 daremos un paso adiante no fomento dos agrupamentos de concellos para a prestación conxunta de servizos e competencias, como fórmula idónea de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos municipais fronte a xestión individual, regulando estes agrupamentos, como áreas funcionais de carácter temporal, entre dous ou máis concellos. Fomentaranse dende a normativa os agrupamentos coma fórmulas de xestión non permanentes limitando a súa actuación a proxectos ou actuacións concretas que non xustifican a constitución dunha entidade local permanente, coma as mancomunidades.

Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

- Continuar apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos concellos co

obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto.

Trala realización do estudo sobre a planta municipal xunto coas tres universidades galegas e a Fundación Juana de Vega, avanza, en colaboración coa FEGAMP, no impulso de novas formas de xestión compartida e propostas de fusión municipal.

- Logo da realización do estudo sobre a delimitación competencial da Administración local de Galicia, o 17 de abril de 2023 constituíuse a comisión técnica para avaliar os estudos elaborados pola Xunta de Galicia e a Fegamp e así chegar a acordos, sobre todo nos ámbitos nos que se detecta maior dificultade para clarificar as competencias como os servizos sociais, o mantemento de centros docentes e de saúde ou a atención ás emerxencias.

No ano 2024 esta comisión continuará analizando os distintos ámbitos materiais no que se proxectan as competencias dos concellos.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servizos de emerxencias ao 100% do territorio galego. Clarificar o papel das deputacións é fundamental tanto pola súa configuración coma polo impacto das súas competencias na garantía da prestación dos servizos municipais, por isto o Goberno Galego considera inaprazable o desenvolvemento e concreción das funcións, competencias e vías de asistencia destes entes respecto dos concellos do seu ámbito territorial en eidos como a contratación, a administración electrónica e a garantía da prestación dos servizos básicos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.
- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2024, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019, 2021 e 2022, a Dirección Xeral de Administración Local realizará unha nova convocatoria para seguir dispoñendo de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Administración local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da comunidade autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.
- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

Para 2024, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos últimos anos, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

Dende o ano 2020, ao abeiro desta orde fináncianse proxectos novidosos entre os que se destacan:

- As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforo e eficiencia enerxética.

- A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.
- Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.
- Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.
- As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.
- Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeadado interior.
- Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salienta tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010 - 2023, a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse case 125 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2024 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

No ano 2021 e 2022, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobáronse dúas novas liñas de subvencións que teñen coma obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de policía local de Galicia, contribuíndose a mudanza cara a un modelo de mobilidade e transporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Estas ordes incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio de estas ordes, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, estanse a financiar a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións

para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de Policía Local para o exercicio das súas funcións.

Neste momento a Dirección Xeral de Administración Local está xestionando dúas convocatorias da orde de renting de vehículos da policía local, a primeira, convocada no ano 2021 abrangue o período 2021-2025, a segunda, convocada no ano 2022, abrangue o período 2022- 2026, estas convocatorias están dotadas cun crédito de 1.675.200 euros destinados ao pagamento das cotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

No exercicio 2024 a Dirección Xeral de Administración Local contará cunha nova liña de axudas a concellos destinada ao financiamento de actuacións de eficiencia enerxética en instalacións municipais cofinanciada con fondos FEDER.

O obxectivo a longo prazo e a consecución de concellos climaticamente neutros mediante a modernización das infraestruturas municipais, a descarbonización e a búsqueda de alternativas as enerxías fósiles

Mellorar o medio ambiente, promover o uso das enerxías renovables e fomentar a eficiencia enerxética deben ser os puntos crave de calquera xestión pública medio ambiental. Dentro da responsabilidade das institucións pola optimización do uso da enerxía e polo establecemento dun marco de sustentabilidade eficiente, xoga un papel moi relevante a eficiencia enerxética nas dependencias municipais e na iluminación pública. Para acadar os fitos establecidos por Europa, é necesario incorporar nas estratexias municipais un plan de acción sobre eficiencia enerxética.

Esta nova liña de axudas da Xunta de Galicia mellorará a eficiencia e o aforro enerxético, diminuírá o impacto ambiental e as emisións de CO<sub>2</sub> dos inmobles e infraestruturas municipais.

Non cabe dúbida de que a redución das emisións pasa tamén pola concienciación en materia de eficiencia enerxética e polo fomento de accións que impliquen unha diminución da demanda de enerxía. Así, a aplicación de criterios de sustentabilidade asociados á construción de edificacións novas e á rehabilitación dos edificios son aspectos nos que se debe fundamentar a redución de emisións.

Con este obxectivo, as subvencións que se regulen nesta convocatoria orientaranse ,á mellora da envolvente térmica, á instalación de iluminacións eficientes, e á mellora dos sistemas de calefacción e climatización nos edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais. O orde de eficiencia enerxética terá un carácter plurianual abarcando os exercicios 2024 e 2025.

- No ano 2024 tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñais de Galicia nos exercicios anteriores, seguiremos apostando por apoiar ao asociacionismo veciñal cunha nova convocatoria de axudas mantendo o incremento orzamentario do ano 2021. Así, destinaremos 3.000.000 de euros que se suman aos case 16 millóns distribuídos no período 2016-2023 para continuar colaborando e fomentando e dinamización do asociacionismo veciñal, reco-

ñecendo o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá.

## **DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS**

No marco dos principios xerais de actuación de defensa da Constitución Española e de desenrolo e potenciación do ámbito competencial autonómico e tendo como guía o Estatuto de Autonomía, o marco autonómico, e o cumprimento dos acordos parlamentarios e a lealdade nas relacións institucionais cabe reseñar que a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias é o órgano de coordinación e desenvolvemento dos ditos principios no seno do goberno galego. No exercicio das funcións desta dirección, as principais liñas de acción a desenvolver no vindeiro exercicio poden establecerse en relación ás seguintes áreas:

- No eido das relacións parlamentarias, mantéñense como destacadas liñas de traballo:
  - A coordinación e canalización das actividades da Xunta de Galicia na súa relación co Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre ambas as dúas institucións respecto da tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno.
  - O apoio ao Goberno Galego na evacuación da información e documentación interesada, solicitando aos diferentes organismos da Xunta de Galicia e ao sector público autonómico os informes que procedan para dar resposta ás diferentes iniciativas que sexan formuladas no seo da Cámara galega.
  - A implementación de melloras no sistema informático de xestión do fluxo do traballo parlamentario.
  - A promoción da participación dos diferentes membros do Goberno ante os diferentes órganos nos que se organiza o Parlamento de Galicia.
  - O impulso e seguimento do cumprimento dos acordos parlamentarios aprobados en sede parlamentaria, así como facer un labor de seguimento da actividade lexislativa no Parlamento de Galicia e, especialmente, do desenvolvemento do programa lexislativo do Goberno galego, que sexa aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.
- No eido das relacións institucionais, o labor desta dirección xeral centrarase en optimizar tanto as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España así como a cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas, na busca dunhas relacións intensas e fluídas en aras da coordinación e colaboración institucional.

Na busca da mellora das relacións coa Administración xeral do Estado, tanto dende o punto de vista dos resultados como dende o punto de vista de custo económico.

O reforzo da regularidade das reunións do Grupo de Traballo, como órgano permanente para a análise e estudo dos conflitos no seo da Comisión Bilateral de Cooperación Ad-

ministración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, sendo convocadas por videoconferencia, e non presenciais, obtendo así un importante aforro en custos de desprazamentos e una maior axilidade e eficiencia nas comunicacións. Tamén é un claro obxectivo da Xunta de Galicia manter a liña de colaboración para a resolución das posibles discrepancias que poidan xurdir na produción legislativa autonómica e, en todo caso, dar prioridade a consensuar, entre ambas partes, acordos interpretativos que poñan fin á conflictividade normativa.

A demanda ao goberno central da convocatoria dunha Conferencia de Presidentes, que reúna os requisitos formais recollidos no regulamento (aprobado no seu seo no ano 2009 e, modificado no 2017 para dotar ao «Comité preparatorio», ademais das funcións de impulso e seguimento, das de avaliación e execución dos acordos acadados). Neste senso, é fundamental e urxente a recuperación do hábito de establecer, con carácter previo á celebración, unha orde do día coa documentación adxunta dos asuntos a tratar para, en consecuencia, poder chegar a acordos multilaterais. Tamén é prioritario, en cumprimento do compromiso acadado na VI Conferencia de Presidentes celebrada o 17 de xaneiro de 2017, recuperar a periodicidade de celebrar anualmente a conferencia e solicitar que nela se retomen cuestións que afectan substantivamente a Galicia, como as negociacións encamiñadas a deseñar un novo modelo de financiamento autonómico e local a partir do informe técnico xa realizado polos expertos designados polas distintas administracións autonómicas así como a defender nesas negociacións a postura fixada polos acordos acadados no Parlamento de Galicia na pasada lexislatura desta comunidade autónoma.

A regularidade na convocatoria da Comisión de Seguimento e análise das disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas dende o punto de vista competencial. A finalidade é defender as competencias propias da Comunidade Autónoma de Galicia coa posta en marcha, se procede, dos requirimentos correspondentes nos casos de conflitos de competencias e do procedemento da Comisión Bilateral, como instrumento para xestionar a conflictividade constitucional co fin de conquistar acordos para a resolución das discrepancias que poidan xurdir entre as partes, ben como paso previo a presentación dos posibles recursos de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional ou ben coa finalización dun acordo que evite a interposición do recurso de inconstitucionalidade.

A reivindicación da necesaria participación e audiencia da Comunidade Autónoma de Galicia na toma de decisión e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

Seguir afondando no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para esta dirección xeral, que continuará na liña de reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.



No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborárase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por último, e como complemento das dúas grandes áreas de actuación expostas, esta dirección xeral asume a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos: a promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

## **DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR**

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dirixe as súas actuacións nos seguintes eidos e liñas de actuación:

### I. Protección Civil e Emerxencias:

As accións neste campo centraranse en tres obxectivos estratéxicos, que a súa vez incluírán medidas operativas para o seu cumprimento:

#### a) Aplicación e desenvolvemento da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia e consolidación do mapa galego de emerxencias:

No ano 2018, a través do Grupo de Traballo de Emerxencias dependente da Comisión Galega de Protección Civil, no que estaban representadas as diferentes administracións, autonómica e locais, acordouse por unanimidade avanzar cara un modelo de atención as emerxencias que supere as fronteiras administrativas e conformado polos parques de bombeiros municipais, os parques dos Consorcios provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento e os GES.

Acordouse tamén, e así se materializou nos anos 2019, 2021, 2022 e 2023 por medio da renovación dos correspondentes convenios, dar continuidade á figura dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), ampliando os existentes para mellorar a cobertura de xeito que practicamente toda a poboación e territorio de Galicia teñan un servizo dilixente de atención as emerxencias. A estes efectos, recóllense no orzamento da Xunta de Galicia para 2024 as partidas necesarias na parte que corresponde ao Goberno galego para seguir mellorando o mapa de emerxencias ampliando e completando os efectivos dos GES, sempre en colaboración imprescindible coa FEGAMP e, especialmente, as deputacións provinciais, que terán que implicarse economicamente para a prestación destes servizos cuxa competencia, cómpre non esquecer, correspóndelles a elas en exclusiva.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia continuará no ano 2024 dotando aos GES e ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (en diante, AVPC) con material nece-

sario para o exercicio das súas funcións, a cuxo efecto mantense a partida dedicada a infraestruturas e equipamento nos servizos de emerxencias e protección civil e a partida destinada a axudas ao funcionamento das AVPC.

Potenciaranse os consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento, a través das achegas para equipamento e para gastos de funcionamento, que garanten á poboación galega, independentemente do seu lugar de residencia, un servizo permanente e profesional de atención e resposta ás emerxencias.

Respecto dos consorcios provinciais de bombeiros, acadouse un consenso nas catro provincias acerca do réxime do persoal dos consorcios e continuaremos traballando en acordos, no marco da legalidade vixente, entre as administracións que forman parte dos mesmos e os traballadores na regulación das súas condicións laborais, para a mellora destes servizos.

Todo elo co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os GES, complementados coas AVPC implementadas en todo o territorio galego.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2024 o presuposto necesario para acometer a comarcalización dos restantes parques de bombeiros das grandes cidades.

Nos últimos anos, o proceso de formalización da comarcalización foise retrasando entre outros motivos, pola negativa do goberno central a ceder a taxa de reposición que estaba negociada co anterior goberno do Estado.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta a emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase consignar nos orzamentos, con cargo ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, do concello titular do servizo e, de seguido da administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre tódalas partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

Neste senso xa se tiña acadado un acordo entre Xunta de Galicia, Deputación de Coruña e o concello de Santiago para a comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela. Este acordo comprende actuacións dirixidas ó remate dun novo parque de bombeiros como o acordo de financiamento do servizo comarcalizado e supón a aportación económica das tres administracións implicadas.

A Xunta de Galicia, tal e como sempre manifestou, aposta por este modelo de prestación de servizos e de apoio e colaboración ás administracións locais á hora de prestar un servizo áxil e eficaz á cidadanía galega.

No ano 2024 continuaremos a traballar e impulsar estes acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido e aumentarán na provincia da Coruña, se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias.

O apoio e o compromiso da Xunta de Galicia co voluntariado de protección civil a través de campañas de promoción, reunións entre os servizos provinciais de emerxencias e os concellos para informar e asesorar na constitución de novas AVPC e a dotación de material e recursos económicos fixo posible que desde o ano 2014 se constituísen 24 novas AVPC. Durante o ano 2024 continuarase co impulso das AVPC mediante agrupacións de concellos que optimicen o aproveitamento e utilización dos recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, e impulsando a incorporación de novos voluntarios ás AVPC xa existentes e a creación de novas AVPC, fomentando o carácter destas agrupacións como entes vehiculares de canalización da participación dos galegos en accións de voluntariado tal e como se puxo de manifesto nos numerosos operativos levados acabo polas mesmas durante a pandemia que vivimos todo este tempo.

Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das AVPC impulsando a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.

A ampliación da dotación de medios e recursos naqueles concellos con GES ou AVPC e zonas nas que aínda houberse necesidades pendentes. Esta actuación virá complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás Asociacións equipamento (208 vehículos todoterreo, 195 remolques de emerxencias, 65 furgóns, 98 espaxadores de sal, 70 embarcacións, 143 tendas de campaña, 4 UTV, 43 coitelas quitaneves, 21 kits de material loxístico de seguridade viaria, 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático, 21 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 15 millóns de euros.

A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.

A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colectivos colaboradoras do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, entre os que cómpre destacar os asinados con entidades para a prestación de atención psicosocial en emerxencias que así o requiran como accidentes de múltiples vítimas ou emerxencias que podan requirir a evacuación das persoas a consecuencia de incendios forestais.

O impulso na incorporación de solucións tecnolóxicas como a intelixencia artificial, a análise big data, a tecnoloxía 5G ou os sistemas de información xeográfica para dar unha mellor resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias que requiren da mobilización de múltiples recursos.

b) Planificación:

A modificación e actualización dos plans existentes para adaptalos á Lei 5/2007, do 7 de maio, e á estrutura prevista dos sistemas de atención ás emerxencias, incluíndo os mapas de riscos correspondentes.

A elaboración de novos plans de emerxencia para actividades novas ou que requiren plans de emerxencia de nova redacción. A publicación do Real decreto 837/2020, do 15 de setembro, polo que se aproba Directriz Básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil, establece a obriga de redactar e implantar un Plan especial de protección civil de ámbito autonómico para facer fronte a este risco.

Neste senso, no ano 2023 procedeuse a implantación dos plans recentemente elaborados e actualizados, en especial o Plan especial ante o risco de incendios forestais (PEIFOGA) e o Plan especial ante o risco de inundación (INUNGAL). No ano 2024 levarase a cabo a implantación da revisión do Plan especial ante o risco Sísmico (SISMIGAL), e do Plan especial de accidentes no transporte de mercadorías perigosas (TRANSGAL), trala súa revisión no ano 2023, e a aprobación do Plan especial ante accidentes de aviación civil, (AEROGAL), e procederase a súa implantación. A implantación dos plans implica a súa divulgación entre todos os organismos chamados a intervir, a formación dos integrantes no plan e a realización de simulacros e exercicios.

O fomento da colaboración e coñecemento dos procedementos de traballo entre os servizos que compoñen os grupos operativos, recollidos nos diferentes plans, por medio do impulso de exercicios conxuntos e simulacros de activación dos Plans de Emerxencia, con especial énfase nos Plans de emerxencia exterior das industrias SEVESO.

A implantación da normativa autonómica en materia de autoprotección, logo da aprobación no ano 2022 do decreto polo que se actualiza o catálogo de actividades e centros, establecementos e dependencias obrigados a realizar estes plans, establecendo as medidas e medios persoais e materiais necesarios para afrontar situacións de risco, e determinando o contido mínimo dos Plans de autoprotección, en desenvolvemento das previsións contidas no título IV da Lei 5/2007, do 7 de maio, e de acordo coas directrices básicas establecidas na lexislación vixente. O desenvolvemento, actualización e impulso do rexistro dos plans de autoprotección en Galicia, con especial significación

na autoprotección escolar, logo de que no ano 2023 se integrase na sede electrónica o procedemento de rexistro de ditos plans.

O apoio á Comisión Galega de Protección Civil para a revisión dos plans de emerxencia, especialmente dos plans de emerxencia municipal (PEMU), así como a convocatoria e coordinación dos grupos de traballo que se creen no seno de dita comisión, con especial dedicación ao Grupo de Traballo para revisar tecnicamente e identificar liñas de traballo das diferentes administracións, para mellorar a atención as emerxencias en Galicia.

A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, a través do mantemento e mellora continuado do visor de riscos elaborado no ano 2022 e que está dispoñible vía web e accesible ás administracións locais e aos cidadáns.

O fomento do voluntariado de protección civil, tanto potenciando a súa formación como realizando campañas de promoción entre a cidadanía, con especial atención á poboación en idade escolar así como a xente maior que pode atopar nas AVPC unha oportunidade para un envellecemento activo participando en actividades da Agrupación e transmitindo coñecementos, experiencias e valores aos mais novos. O labor altruísta dos voluntarios e voluntarias debe ser recoñecido e potenciado polas administracións, a cuxos efectos nos anos 2021, 2022 e 2023 se levaron a cabo actos de entrega de distintivos de permanencia aos voluntarios e voluntarias que levaban mais de 25 anos pertencendo a unha AVPC. No ano 2024 procederase novamente a recoñecer a labor do voluntariado coa nova entrega de medallas e co impulso das asociacións provinciais de AVPC fomentando xornadas de convivencia e captación de novos voluntarios e voluntarias.

Ademais, no ano 2024 continuarase a convocar as axudas para garantir o correcto funcionamento das AVPC, dotándoas de material e realizando formación a través da AGASP.

- c) Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias: (Axencia Galega de Emerxencias -AXEGA).

O Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE112-Galicia), ubicado na Estrada, configúrase como un elemento esencial para a paulatina "integración operativa" dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias (sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector contra incendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil) para así acadar unha xestión e coordinación "integral" (que abarque todos os campos posibles implicados nas emerxencias) e integrada (para que todos os axentes dos servizos de intervención actúen conxuntamente, de xeito coordinado e compartindo información en tempo real).

Ademais, no eido da coordinación, a AXEGA continúa a traballar na realización de simulacros que permitan unha actuación conxunta cada vez máis eficiente dos diferentes servizos. Así, durante o ano 2023 leváronse a cabo diversos simulacros de coordinación destacando os de medios en lumes forestais que se teñen demostrado de vital importancia para a coordinación nos incendios forestais declarados de situación 2, no ano 2024 continuarase coa realización de simulacros no ámbito das empresas SEVESO,

aeroportuario, presas, lumes forestais, portuarios, etc, con exercicios presenciais onde se practique a implantación de plans e os seus protocolos de intervención correspondentes.

Coa análise dos resultados obtidos nas anteditas simulacións e cos exercicios prácticos que se continúen a desenvolver na próxima anualidade 2024, seguirase a traballar na liña de implantar sistemas de coordinación de traslado de información que resulten cada vez máis eficaces, así como procurar novas melloras nas comunicacións entre os diversos medios de intervención. Neste sentido dende AXEGA deuse a coñecer os medios operativos de intervención o Plan de comunicación de emerxencias de Galicia baseado en tecnoloxía TETRA da rede Resgal facendo formación para os servizos operativos durante o 2023, rematando a fase de implantación para nos diferentes servizos de emerxencia e protección civil no ano 2024.

No 2024 levarase a cabo a entrega de dispositivos móbiles remotos cunha APP que permita a comunicación e traslado de datos de incidencias entre o CIAE-112 e os diferentes organismos que participan no sistema galego de Protección Civil. Estes dispositivos permitirán unha navegación ata o punto da incidencia e traslado de imaxes e vídeos en tempo real co cal fará mais eficiente a toma de decisións prioritariamente en grandes emerxencias.

Os traballos de coordinación esténdense a outros territorios de zonas fronteirizas comúns (Portugal, Castela-León, Principado de Asturias). No 2023 deu comezo o desenvolvemento do proxecto ATEMPO (Asistencia Transfronteiriza de emerxencias) que sigue a liña de traballo do Ariem+ tendo como obxectivos continuar na consolidación da colaboración e cooperación transfronteiriza na atención de emerxencias dentro da franxa fronteiriza entre Galicia, Castela-León e norte de Portugal), tal e como quedou patente nos lumes forestais en 2022 na fronteira en Chaves-Verín, Monção-Arbo, Barco de Valdeorras, etc.

A Xunta de Galicia como líder do proxecto ATEMPO busca afondar na mellora da capacidade de resposta das unidades de emerxencia transfronteiriza en un tempo efectivo ante eventos adversos relacionados co cambio climático e riscos tecnolóxicos con impacto nos ecosistemas da Eurorexión.

Para elo fará uso de 1) as ferramentas predictivas ofrecidas polos desenvolvementos da Intelixencia Artificial (IA) 2) a mellora da capacitación conxunta de efectivos e a posta en marcha dun marco de habilitación profesional común do persoal de emerxencias 3) o incremento da eficacia na resposta a emerxencias mediante o reforzo da inversión dotacional de equipamentos conxuntos e 4) a mellora da concienciación e a capacitación da poboación para facer fronte a emerxencias derivadas do cambio climático.

Dentro das previsións de colaboración e coordinación mediante proxectos europeos, para o exercicio 2024 continúa a participación da AXEGA en proxectos de colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia en traballos relacionados con drones con tecnoloxía que permita voar de forma autónoma controlada dende ubicacións remotas como

é o proxecto AMU-LED ou ACRE e colaboracións con GAIN no uso de tecnoloxía embarcada en DRONS para a busca de persoas desaparecidas.

## 2. Seguridade e Policía.

### a) No ámbito dos Corpos de Policía local:

No ano 2023 realizouse o desenvolvemento normativo derivado da modificación da lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, mediante o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, recollendo e solucionando todas aquelas cuestións máis conflitivas, favorecendo deste xeito tanto aos concellos como ao persoal policial, garantindo a cobertura efectiva das vacantes e a estabilidade nos postos de traballo de aqueles efectivos que opten aos corpos de policía doutros concellos a través do sistema de provisión de postos por mobilidade. Así mesmo suprimíuse o requisito de estatura mínima tanto para mulleres como para homes para o acceso aos corpos de policía local, aos concellos con vixiantes municipais e para a selección de auxiliares de policía.

Do mesmo xeito potenciárase a coordinación das actuacións dos corpos de policía locais, tal e como se fixo durante a pandemia, coa convocatoria e reunión periódica de órganos específicos como o Sacop, cara a garantir a efectiva implementación das disposicións normativas e procedementos de actuación policial e de xeito homoxéneo en todo o territorio galego.

Consensuar coa representación da FEGAMP e dos sindicatos, un marco para establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local.

Avaliar, no marco do Grupo de Traballo creado na Comisión de Coordinación de Policía Locais, a posibilidade de establecer convenios e protocolos de colaboración intermunicipal en materia de policía local que sirvan de referencia para o apoio na prestación puntual de servizos en concellos con insuficiencia de medios.

Favorecer a implantación xeneralizada da nova aplicación informática do Rexistro de Policía Locais xa rematada, actualizando os datos dos diversos corpos de policía locais para dotar a este rexistro de máis operatividade e funcionalidade, acordos coas necesidades actuais.

### b) No ámbito da UPA:

Promover o aumento dos medios humanos da UPA, reclamando do Ministerio do Interior a cobertura de vacantes nesta Unidade, que permita retomar aos niveis de persoal do ano 2013, tendo en conta ademais que a UPA ten asumido novas competencias, entre elas moi especialmente a protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.

Este obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servizo de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras máis de 30 anos de servizo en Galicia é recoñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez máis competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren

dun esforzo de persoal constante que demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos está a ser cada vez maior e, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores.

Así mesmo, este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas. Todo elo complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

Neste ano 2023 púxose en funcionamento unha oficina de atención ao peregrino de carácter móbil e que recorre os distintos camiños para dar un servizo cercano e puntual das diferentes rutas, oficina que se instalou nun vehículo especialmente adaptado a estas funcións.

No ano 2024 continuarase coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.

Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.

Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policía locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandado a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.

Promover en colaboración co Ministerio do Interior a constitución dun punto de atención e coordinación policial á entrada de Santiago de Compostela, con efectivos policiais, como reforzo aos mecanismos de coordinación de todas as forzas e corpos de seguridade que operan na cidade, co fin de ofrecer unha asistencia policial integral aos visitantes e peregrinos que chegan procedentes dos distintos camiños.

Este compromiso coa seguridade, en todos os seus aspectos, require a implicación de todas as administracións.



### 3. Espectáculos Públicos e xogo.

No exercicio 2024 continuarase coa aplicación do desenvolvemento normativo da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia mediante a creación do Rexistro administrativo de infraccións e sancións en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas no cal se inscribirán todas as infraccións sancionadas por resolución firme en vía administrativa e a correspondente sanción imposta.

Ademais do impulso normativo, manterase a colaboración cos diversos sectores afectados e cos concellos permanecendo aberta a liña de consultas específicas sobre a aplicación da distinta normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e continuando coa difusión da Guía explicativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas elaborada pola Subdirección Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos.

Así mesmo, colaborarase cos concellos na adaptación das ordenanzas e das licenzas municipais ás tipoloxías do novo Catálogo, fixando criterios de aplicación xeral que faciliten a devandita adaptación, así como a colaboración na aplicación da orde pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Continuarase co procedemento de obtención e renovación da habilitación para o desenvolvemento das funcións do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, iniciado no ano 2021 coa nova modalidade de obtención da habilitación que combina unha formación específica e unha maior axilidade na obtención da mesma, todo elo dirixido a facilitar o acceso a estes postos de traballo e que velan pola seguridade no acceso a locais de ocio e de xogo na nosa comunidade, circunstancia especialmente valiosa á hora de garantir as condicións de acceso e funcionamento destes establecementos.

No ano 2024 iniciaranse os traballos para a aprobación da normativa de desenvolvemento da nova Lei reguladora dos xogos de Galicia coa creación, en primeiro lugar, do Observatorio Galego de xogo e continuando coa elaboración e tramitación do resto de normativa regulamentaria. Tamén manterase a colaboración coas distintas asociacións que traballan na prevención e asistencia ás persoas con adicións ao xogo asinando convenios de financiamento das súas actividades. A estes efectos constan consignadas nos orzamentos partidas específicas para o Observatorio Galego de Xogo.

## **DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA**

O obxectivo prioritario da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea é a promoción da Acción Exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, nas relacións con Portugal, prioritariamente coa Rexión do Norte, e o fomento da cooperación para o desenvolvemento de conformidade coas prioridades xeográficas e sectoriais de actuación previstas no V Plan director 2023- 2026, aprobado por unanimidade polos axentes de cooperación representados no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento

(Congacode) na súa reunión de 14 de febreiro, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño.

Cara ao futuro, a opción estratéxica por unha Europa plenamente integrada resulta crucial para Galicia. O ceme básico das relacións internacionais de España cara ao exterior mantense con independencia dos cambios de Goberno. É nese ceme no que a acción exterior autonómica ha ter un referente, pero fóra del a autonomía -compatible coa lealdade constitucional - poderá desenvolver as particularidades discrecionais que decidan as institucións públicas galegas. Neste senso, hai que salientar do devandito núcleo:

- A promoción dos dereitos humanos, a democracia, a seguridade, o feminismo e a diversidade como referentes da acción de España no mundo.
- Impulsar a construción no plano global dun novo contrato social e interxeracional, sobre a base da Axenda 2030 e o pleno desenvolvemento dos dereitos políticos, sociais, económicos e ambientais.
- A defensa dun planeta máis sustentable, habitable, resiliente e verde.
- Prestar especial atención ás cuestións da paz, a seguridade e a defensa, desde unha concepción holística e integral da seguridade humana e a dignidade das persoas.
- Impulsar a Política Exterior e de Seguridade Común e a Política Común de Seguridade e Defensa.

Asemade, os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) han informar todas as iniciativas e actuacións da nosa acción exterior.

Neste contexto, a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, aspira a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da acción exterior galega. Entre outros aspectos regulados pola Lei destacan, incentivar: a participación galega na negociación de tratados internacionais, mellorar a atención dos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa proxección nos países da lusofonía, e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento.

Esta lei tamén regula a maneira de negociar e executar en Galicia tratados e acordos internacionais tanto na Unión Europea como fóra do marco xurídico da UE, aspecto este último clave trala materialización da saída do Reino Unido da Unión Europea.

Ademais, regúlanse distintas accións sectoriais no exterior. Así, no ámbito económico, recóllese a posibilidade de que a Administración autonómica examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo Doing Business, do Banco Mundial, para avaliar a implantación de medidas coas que mellorar a atracción de capital foráneo. No ámbito educativo, avógase por reforzar o apoio á internacionalización das universidades galegas para captar talentos novos.

Cómpre sinalar en todo caso un dos principais logros acadados no eido da Acción Exterior na lexislatura anterior e que terá continuidade: o peso que ten a cooperación transfronteiriza, tanto na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, como en xeral, nas relacións entre España e Portugal.

O principal instrumento de financiamento son os Programas Europeos de Cooperación transfronteiriza España – Portugal (POCTEP). En 2023 foron aprobadas as primeiras convocatorias de proxectos ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg VI España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, para poder comezar xa a súa execución.

As liñas básicas de actuación da dirección xeral son as seguintes:

- Reforzar e mellorar o seguimento, o fluxo de información institucional relevante e a participación na elaboración e aplicación das políticas comunitarias nos distintos eidos de competencia autonómica, a fin de asegurar unha transición xusta e ordenada dos sectores económicos galegos. Isto prestando especial atención ao posicionamento no debate sobre o futuro da política de cohesión e a súa configuración no próximo Marco Financeiro Plurianual e ás políticas de investigación e innovación, de agricultura e pesca e de transición dixital, así como ás propostas emanadas do Pacto Verde Europeo en materia de clima, enerxía, transporte e fiscalidade, con énfase no plan para a redución da dependencia enerxética REPower EU e os novos marcos reguladores do hidróxeno, do mercado da electricidade e da nova lexislación para acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables, e na creación da Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) e ós itinerarios de transición a un ecosistema europeo de mobilidade sostible.
- Participar nos debates previos á negociación do seguinte orzamento comunitario posterior a 2027, que se presentará previsiblemente en 2024, onde o gasto en seguridade e defensa, independencia enerxética e en materias primas estratéxicas, transición ecolóxica e axenda dixital coexistirán nos debates coa revisión da aplicación das políticas tradicionais (PAC e Cohesión).
- Afianzar unha Eurorrexión do coñecemento e da proximidade para que os cidadáns que viven a carón da fronteira se beneficien do feito transfronteirizo, así como para aproveitar as sinerxías que supón o traballo conxunto das dúas rexións, a galega e a portuguesa, nos ámbitos nos que están a traballar conxuntamente. No 2024 está previsto que a presidencia da Comunidade de Traballo Galicia – norte de Portugal pase a Galicia, o que servirá para intensificar o impulso desta cooperación, que ven de ser galardoada en 2023 coa medalla do Parlamento de Galicia.
- Apoiar e seguir potenciando á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, como un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, tanto públicas como privadas, no marco da nosa Eurorrexión.
- Executar as competencias da Unidade de Coordinación como Organismo Intermedio para os fondos comunitarios destinados á cooperación transfronteiriza (Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg VI España-Portugal (POCTEP) 2021-2027). Entre estas com-

petencias atópanse as de valoración das candidaturas de proxectos presentadas de acordo coas prioridades rexionais, a xestión e controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados con fondos comunitarios FEDER dos socios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participa como membro nos Comités de Seguimento e de Xestión do Programa, e co-preside o Comité Territorial.

- Apoiar o desenvolvemento dos obxectivos da Macrorrexión RESOE, que xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.
- Seguimento da Estratexia Atlántica e apoio a unha Estratexia Macrorrexional que remate coa creación dunha Macrorrexión Atlántica
- Manter o liderado na promoción da colaboración coa lusofonía e os países lusófonos toda vez que España, baixo o impulso de Galicia, ten entrado como Observador Asociado na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP). Nesa liña, está prevista a posta en marcha do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.
- Apostar polo crecemento e pola creación de emprego en Galicia, como país con identidade propia, potenciando a súa integración económica, social e territorial co resto de rexións europeas, e aproveitando especialmente as oportunidades no marco do Ano Europeo das Capacidades 2023-2024.
- Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e do instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, mellorando a interlocución institucional e o acceso á información relevante coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego.
- Consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité Europeo das Rexións, para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario.
- Garantir e reforzar o apoio a todas as consellerías na defensa dos seus intereses no contexto comunitario.
- Defender o firme compromiso de Galicia coa Unión Europea e a pertenza ao Mercado Único Europeo.
- Coordinar actuacións con outros territorios que teñan intereses e obxectivos comúns dentro do marco das organizacións rexionais europeas (CRPM, Comisión Arco Atlántico, ARFE), para permitir a elaboración de estratexias conxuntas e o seu desenvolvemento.
- Apoiar á representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica, en especial no Consello da UE, onde Galicia ostentará a representación autonómica en materia de Medio Ambiente durante o segundo semestre de 2024, e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).
- Apoiar unha resposta coordinada da UE aos retos derivados do cambio demográfico e a súa consideración como cuestión transversal que afecta a distintas políticas sectoriais da UE.

- Potenciar todas aquelas actuacións da Fundación Galicia Europa que contribúan a divulgar as políticas comunitarias en Galicia, e a que as institucións comunitarias coñezan de primeira man as peculiaridades e a casuística da rexión galega.
- Fomentar e reforzar o acercamento das institucións comunitarias a toda a sociedade civil.
- Implementar unha nova Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027, no caso de ser aprobada, consensuada cos principais actores, atendendo aos seus valores e intereses e que foi informada favorablemente por unanimidade polo CAEX.
- Potenciar e difundir unha imaxe integral de Galicia no exterior, facendo fincapé nunha “especialización intelixente”, e tendo en conta as prioridades da Estratexia Galega de Acción Exterior e os eixos do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
- Adoptar as medidas necesarias para permitir unha execución que dea cumprimento ao V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 no que se definen ámbitos estratéxicos de intervención, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, e os países e colectivos prioritarios das actuacións no exterior da Cooperación Galega, definindo, consonte ao modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, un marco de resultados con indicadores precisos e suficientes para garantir o seguimento e avaliación no alcance de resultados do Plan director.

Cómpre destacar que o Plan anual 2023 da Cooperación Galega foi executado na súa totalidade, avanzando no cumprimento dos obxectivos previstos no V Plan director da Cooperación Galega. O Plan anual que se elaborará para o 2024, deberá adaptarse aos obxectivos e prioridades que se definirán co V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

En calquera caso, a política de cooperación da Xunta de Galicia seguirá apostando por:

- Promover o aliñamento coa axenda global do desenvolvemento das Nacións Unidas, contribuíndo a realización dos ODS.
- Conseguir unha maior eficacia da axuda desembolsada no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, así como unha maior especialización nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.
- Garantir a participación da Xunta de Galicia en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria.
- Seguir apostando polas convocatorias públicas de axudas como principal instrumento para a xestión dos fondos destinados a cooperación, destinando a elas máis dun 80% do orzamento operativo de gastos.
- Apoiar o fortalecemento da profesionalización do sector da cooperación para o desenvolvemento en Galicia.
- Fomentar a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Promover a complementariedade entre os actores e axentes de cooperación a través do impulso da coordinación, a colaboración e a concertación.

- Consolidar a participación de Galicia nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### **ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA (AGASP)**

A AGASP, de acordo co establecido na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, orienta a súa actuación ao enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia, ao compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública e ao impulso da calidade nos servizos de seguridade pública para unha mellor atención á cidadanía.

A AGASP iniciou en 2016 un novo horizonte tendente principalmente a ampliar ás relacións e sinerxías con novos colectivos así como a exercer competencias delegadas ou compartidas a través de convenios ou outros instrumentos de xeito que o conxunto dos diferentes colectivos que conforman a seguridade pública en Galicia, en sentido amplo, teñan como referencia a academia e cabida nela.

Proba deste novo horizonte é a consecución por primeira vez do acordo co Ministerio do Interior para a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. A Garda Civil e da Policía Nacional suman preto de 8.000 efectivos na comunidade autónoma, supoñendo mais do dobre de efectivos que o número de profesionais da policía local e UPA, o que constitúe sen dúbida un novo potencial cada ano.

Por outra banda, nesta mesma liña, asinouse o convenio co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza en materia de formación de fiscais, letrados da Administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.

Pero sen dúbida, o fito mais importante dos derradeiros anos e cara ó futuro é a aprobación e posta en funcionamento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017, que posibilita unha total colaboración cos concellos para realizar a centralización dos procesos selectivos da policía local.

Dende a aprobación do mencionado decreto, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro, asináronse xa 91 convenios de delegación de competencias; é dicir, mais do 70% dos concellos con corpo de policía local en Galicia, e desenvóléronse e completáronse xa e desenvóléronse e completáronse xa procesos selectivos para as categorías de policía, oficial, inspector e inspector principal, así como auxiliares de policía local e vixiantes municipais, seleccionado a preto dun millar de persoas a través destes procesos unificados.

Neste sentido, as liñas de actuación previstas para o exercicio 2023 2024 son as que de seguido se relacionan:

1. No ámbito da formación policial:
  - Completar as adhesións dos concellos delegantes e a realización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.  
Asemade, durante o ano 2024 realizarase a formación da 16ª promoción de policía local, cos cursos selectivos de ascenso as categorías de oficial, inspector e inspector principal dos corpos da policía local.
  - Impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización, para todas as categorías ou todos os postos das policía locais e da Unidade da Policía Nacional Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Impartir formación para as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto á Garda Civil e á Policía Nacional, en execución da Resolución do 4 de novembro de 2015, BOE de data 16 de novembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior, pola que se publica o Convenio coa Xunta de Galicia para a colaboración en materia de formación e actualización do persoal dos Corpos de Seguridade do Estado destinados na Comunidade Autónoma de Galicia,
  - Colaborar co Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza para a formación de fiscais, letrados da administración de Xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
  - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos dos servizos de protección civil das policía locais.
2. No ámbito da formación de protección civil e bombeiros:
  - Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos aos integrantes dos servizos de protección civil e aos membros dos corpos de bombeiros das entidades locais.
  - Impulsar a formación dos integrantes dos grupos de emerxencia supramunicipais, como parte integrante do sistema de resposta ás emerxencias na nosa comunidade.
  - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos de bombeiros e protección civil, establecéndose os convenios oportunos.
  - Facilitarlles aos concellos os medios de coñecemento e información precisos para unha mellor execución dos servizos específicos dos servizos de protección civil.
  - Colaborar coa Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facilitándolle os espazos e medios para a realización do procedemento de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.
3. No ámbito da investigación e divulgación:

- Investigar, estudar e divulgar contidos, técnicas e documentación, na materia de seguridade pública e con especial referencia á realidade galega, a través principalmente da produción editorial, ampliación do fondo bibliográfico e potenciación da páxina web da AGASP e da formación on-line, no ano 2024 estrearse unha nova páxina web mais interactiva e seguirase a potenciar as redes sociais como medio de comunicación co alumnado, dando a coñecer as actividades propostas pola Agasp.
  - Fomentar entre o alumnado da AGASP de cursos selectivos á investigación en temas concretos da súa actividade profesional diaria, facilitándolle os medios técnicos e profesionais para levalo a cabo, e posteriormente publicar os resultados.
  - Promover relacións de intercambio e colaboración coas universidades e institucións de Galicia, así como con outros centros docentes e investigadores de ámbito autonómico, estatal ou internacional.
  - Creación dun laboratorio de análise de dispositivos móbiles ao servizo das forzas e corpos de seguridade en colaboración coa Amtega de acordo aos instrucións de Fiscalía de Estado en materia do tratamento de evidencias dixitais.
  - Profundar na labor de formación e especialización na materia de investigación e reconstrución de accidentes de tráfico, creando un grupo específico de policía local ao servizo dos concellos mais pequenos para a realización dos atestados e dilixencias nesta materia.
4. No eido da modernización:
- Continuar a realización de formación na modalidade de teleformación, incluíndo todas as ferramentas de clase en directo, instalando un aula de gravación na sede da academia e compaxinando coa formación presencial.
  - Instaurar de forma electrónica a bolsa de colaboración de contratación para persoal auxiliar de policía local e os chamamentos da mesma.
  - Establecer a notificación de presenza nos cursos de formación presencial a través de dispositivos electrónicos sitios nas aulas.
  - Creación dun aula específica de simulación de xulgado para a realización de prácticas reais dos corpos policiais e a construción dunha torre multiusos, para a formación práctica tanto dos servizos de seguridade pública como de emerxencias.
  - Adquisición dos mecanismos informáticos necesarios para que os tribunais de selección dos procesos unitarios contén nas instalacións da Agasp dun sistema automático de captura de datos.
5. No ámbito da formación en socorrismo.
- No ano 2024 continuase incrementando a formación específica dirixida o persoal socorrista, por unha banda, impartindo os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación ou reciclarse na actividade de socorrismo, e por outra banda, farase unha forte aposta pola realización do curso específico en formación en soco-



mismo de 120+120 horas, dirixido a toda persoa que pósea a formación básica obrigatoria que desexe desempeñar a profesión de persoal socorrista na nosa comunidade.

### II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

#### **AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS**

A AXEGA configúrase como unha entidade instrumental da Xunta de Galicia, para o estudo e execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión de emerxencias, que mobiliza recursos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do CIAE 112 Galicia.

En atención ao exposto, a AXEGA continuará adoptando como criterio básico para a confección dos seus orzamentos, o da optimización dos recursos existentes en aras a garantir o mesmo nivel de eficiencia e eficacia na prestación deses servizos.

#### I. Optimización dos recursos existentes:

Neste ámbito as liñas de actuación son as seguintes:

- Continuar coa potenciación do Servizo de Xestión do CIAE 112-Galicia, para adaptalo ás esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia da Estrada. Dentro deste impulso o longo do 2024 debido a modificación de convenio colectivo melloraranse as condicións laborais dos traballadores do CIAE-112, por outro lado introduciranse melloras no aplicativo GEMMA que usa o CIAE-112 para a xestión de incidencias así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede Resgal e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do 112 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala. A tecnoloxía avanza a pasos de xigante e por isto, compre neste ano 2024 realizar unha renovación da infraestrutura tecnolóxica do CIAE-112 para evitar problemas de obsolescencia, cambiaranse o longo do ano a plataforma de servidores e almacenamento, a electrónica de rede, os balanceadores de carga así como renovarase o datawarehouse corporativo e a base cartográfica e migraranse as bases de datos entre outra tarefas.

Durante o ano 2024 desenvolveranse e daráselle continuidade a diversas liñas de traballo conducentes á continua mellora do servizo prestado polo CIAE 112 á cidadanía. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- Continuar coa implementación dos avisos masivos a poboación integrados na RAN-PWs (Rede de alerta Nacional de Protección Civil) que permite o envío xeneralizado e inmediato de alertas en formato SMS os móbiles de persoas que se atopen en zonas afectadas por emerxencias ou catástrofes inminentes ou en curso.

- Continuar a colaboración coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias na configuración da Rede Nacional de información de Protección Civil. ( RENAIN).
- Continuar avanzando na intergración telemática e presencial de servizos operativos de emerxencia no CIAE-112 ( Garda Civil, Policía Nacional, Policía Local, Bombeiros etc.).
- Séguese avanzando no traballo coas diferentes federacións, responsables autonómicos dos 112 e representantes do goberno central, na mellora do centro nacional de tele interpretación que centralice un servizo 24 horas 365 días o ano ás persoas algún tipo de discapacidade auditiva ou da fala. En Galicia, no marco do proxecto "1-1-2 accesible".
- Colaboración con outras administracións en materia de intercambio de información, así como diversas melloras tecnolóxicas e técnicas no centro con esta mesma finalidade.
- Continuar durante o ano 2024 co deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios de pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos.
- Finalizar a implementación do Plan de comunicación de emerxencias de Galicia a través da rede Resgal.
- Optimizar a aplicación de coordinación de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.
- Optimizar a aplicación de información y notificación de Plans de Auto protección e Emerxencia así como a información dos datos dos responsables do PMA.
- Continuación de proxectos didácticos, que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación facendo do 1-1-2, tal como ditamina a lexislación, o número único de emerxencias Europeo.
- Continuar no 2024 co impulso no CIAE 112 do labor preventivo a través da divulgación que se ten levado a cabo durante este 2023. A tal fin, continuarase a traballar nunha dobre liña: por unha banda, proseguirase coas visitas para dar a coñecer o centro e concienciar á poboación no uso responsable do número de emerxencias (visitas de diversos colectivos: escolares, colectivos profesionais, asociacións, etc) e, por outra banda, seguirase a utilizar como ferramenta de prevención a emisión de consellos preventivos a través de redes sociais e medios de comunicación (consellos para poboación en xeral, para colectivos específicos como é o caso dos peregrinos, etc).
- No ano 2024 seguiremos avanzando na accesibilidade do 112 coa FAXPG Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para editar vídeos de consellos preventivos en linguaxe de signos.
- Seguir cos traballos de adaptación do centro ao Esquema Nacional de Seguridade así como ao RGLPD logo de ser clasificado como Infraestrutura Crítica e Servizo esencial polo Centro Nacional de Protección de Infraestruturas críticas (CNPIC).
- Potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI). O éxito do GALI fixo que se incrementase en mais dun 300% a demanda dos seu servizos, o que permitiu ir pau-

latinamente reforzando o equipamento operativo especializado de apoio loxístico en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervincentes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado. A realidade actual que reflicten as actuacións do GALI tanto en incendios forestais como industriais así como nas súas labores durante a pandemia puxo en evidencia a necesidade de aumentar a infraestrutura adicada ao GALI estando previsto para o 2024 a ampliación da nave onde se albergan as instalacións e material do GALI cuxo proxecto foi licitado e entregado polo adxudicatario no 2023 permitindo desta maneira unha mellor organización que redunde nun mellor servizo a cidadanía.

- No exercicio 2024 levárase a cabo unha prorrogación do contrato de servizo de apoio loxístico á intervención nas emerxencias, destacando, entre outras melloras organizativas da prestación, o reforzo dos profesionais ou especialistas asignados ao grupo así como novos medios dotacionais destacando os da sección de operación con drones ou robots para atacar grandes lumes industriais ou urbanos dende o interior das infraestructuras.
  - Continuar durante o exercicio 2024 coa adquisición de medios materiais para a atención e xestión de emerxencias, segundo as necesidades detectadas no Catálogo de Medios e Recursos mobilizables en caso de emerxencia da AXEGA, coa finalidade de poñelos a disposición dos Servizos de Intervención de Emerxencias e Protección Civil dos concellos.
  - O impulso da colaboración da AXEGA con outras entidades ou institucións que teñan por obxecto o tratamento das emerxencias, mediante a participación en proxectos europeos e internacionais ou de I+D+I para obter solucións tecnolóxicas que permitan solucionar tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a falla de comunicacións en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G. Na liña de investigación, a Axega tamén participa como organismo colaborador en proxectos de U-Space para aplicativos de coordinación de medios aéreos tripulados e non tripulados en situacións de emerxencia.
  - O traballo en convenios con diversas entidades, para intercambio de información en casos de incidencias ou emerxencias con determinadas entidades o empresas cun índice de risco elevado.
  - Durante o ano 2024 a AXEGA continuará con proxectos relacionadas coa prevención a través da divulgación e comunicación, como son: Implementación de carteis desañados coa intención de que sexan vinculados a edificios públicos para que a poboación teña acceso a recomendacións básicas, xomadas con influencers ou a xornada que se celebrará este ano en Galicia de responsables de comunicación de tódolos 112 do Estado, converténdose no epicentro nacional e referencia dos proxectos futuros de comunicación e de atención ás emerxencias de España.
2. A colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo:

- A consolidación mediante o proxecto ATEMPO da colaboración na atención das emerxencias producidas en zonas fronteirizas comúns con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias como quedou patente durante os lumes forestais na época estival.

## II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

A entrada en vigor da Lei 5/2007, do emerxencias de Galicia, supuxo o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

Neste senso, a Xunta de Galicia, xunto coas administracións locais de Galicia, participa na xestión e financiamento dos distintos consorcios contra incendios existentes na nosa comunidade.

## II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

### **FUNDACIÓN GALICIA EUROPA**

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro e ente instrumental do sector público autonómico, creada en 1988, que ten como obxectivo xeral promover o achegamento entre Galicia e Europa.

Ademais da previsión establecida no Decreto 178/2015 de acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, a Fundación Galicia Europa aparece regulada na disposición adicional segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. Tal e como se prevé na citada norma, a Fundación Galicia Europa, configúrase como unha entidade instrumental do sector público autonómico sen ánimo de lucro que opera, ademais, sometida ao dereito local foráneo onde desenvolve as súas actividades. Ten o mandato da Administración autonómica para exercer a representación autonómica galega ante as institucións e os órganos da Unión Europea, seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado. A fundación estará adscrita e sometida á tutela funcional do órgano de dirección da Administración autonómica en que se encadren as competencias fundamentais de relacións coa Unión Europea e acción exterior da Administración autonómica.

Respecto das funcións que lle son propias á Fundación Galicia Europa, ao longo do seus máis de 30 anos de historia, o traballo da FGE tense materializado en catro grandes ámbitos de acción que responden aos seguintes obxectivos:

1. Defender os intereses de Galicia perante a Unión Europea.
2. Informar sobre a Unión Europea en Galicia.
3. Formar e sensibilizar sobre a Unión Europea en Galicia.
4. Promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos.

A Xunta de Galicia é membro fundador da Fundación Galicia Europa xunto con outras institucións como ABANCA. Ambas son membros do actual padroado xunto co Consorcio da Zona Franca de Vigo, as deputacións de Coruña e Lugo e a Axencia Galega de Innovación.

A FGE ten a sede en Santiago de Compostela e dispón dunha oficina en Bruxelas.

No 2024, prevé desenvolver as seguintes actividades:

- I. Defensa dos intereses galegos ante a Unión Europea
  - Seguimento dos últimos expedientes a debate no último ano da lexislatura do Parlamento Europeo, que celebrará eleccións en xuño, e antes da renovación da Comisión Europea en outono. Especial atención á lexislación do paquete “Obxectivo 55” para reducir as emisións de efecto invernadoiro e a súa repercusión en Galicia.
  - Defensa dos intereses galegos no debate comunitario sobre o seguinte orzamento comunitario despois de 2027, en particular sobre o peso da política de cohesión dentro del e tendo en conta a revisión a medio prazo do marco financeiro 21-27.
  - Contribución ao debate sobre a transición enerxética no ámbito da pesca e defensa dos intereses galegos no marco da Política Común de Pesca co liderado no Comité Europeo das Rexións dun ditame sobre este tema.
  - Seguimento das novidades en materia de transporte e apoio ás reivindicacións galegas no marco da revisión da Rede Transeuropea de Transportes.
  - Seguimento e apoio á posible creación dunha Macrorrexión Atlántica.
  - Apoio á Axencia Galega de Innovación no seguimento das prioridades e os programas europeos relacionados coa innovación a nivel europeo.
  - Apoio ao IGAPE para a súa participación en diversas iniciativas europeas coas que se apoia a transformación da industria da automoción cara ás cero emisións.
  - Apoio á AMTEGA para a súa participación no proxecto Govtech4all e no debate a nivel europeo sobre o desenvolvemento da IA.
  - Apoio a ATURGA para a súa participación na rede de cooperación rexional NECS-TOUR.

- Organización de seminarios e fomento da participación galega na Semana Europea das Rexións e das Cidades.
  - Apoio á participación de Galicia no Foro Celta creado en 2023 a iniciativa de Bretaña.
  - En xeral, posta a disposición da Xunta de Galicia de asesoramento técnico e o apoio para asegurar unha activa participación da comunidade autónoma nos foros europeos de carácter institucional ou asociativo dos que é membro ou nos que está invitada a pronunciarse, como o Comité Europeo das Rexións e a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas.
  - Apoio á participación da Xunta de Galicia no Consello da UE en materia de Medioambiente durante o segundo semestre de cara a asegurar unha efectiva coordinación das comunidades autónomas.
  - Organización de encontros periódicos virtuais entre a Xunta de Galicia e a Comisión Europea co obxectivo de debater sobre distintos temas da axenda comunitaria, así como explicar ante a Comisión Europea o traballo desenvolvido pola Xunta de Galicia.
  - Organización de visitas institucionais a Bruxelas e de reunións virtuais coas institucións comunitarias.
  - Elaboración dun informe cuatrimestral para o Consello da Xunta sobre a defensa dos intereses galegos perante a UE.
2. Información sobre a Unión Europea en Galicia
- Envío de información europea a Galicia a través de notas informativas, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, o portal web e as redes sociais (LinkedIn e Twitter).
  - Envío aos departamentos da Xunta de Galicia das consultas públicas que abre a Comisión Europea, das preguntas en relación con Galicia formuladas por deputados do Parlamento Europeo e das peticións abertas na comisión de Peticións da EuroCámara tamén relacionadas coa nosa comunidade.
  - Publicación e envío a máis de 1.000 subscritores dun boletín electrónico mensual sobre actualidade comunitaria dende un punto de vista galego no que tamén se informa sobre a participación galega nos asuntos europeos e se seleccionan as convocatorias máis relevantes de programas de financiamento, as consultas públicas e eventos europeos de interese.
  - Baixo a etiqueta #Euroxuventude, información á mocidade galega sobre as distintas iniciativas e programas europeos deseñados para eles, así como sobre as saídas profesionais en organismos internacionais e nas institucións comunitarias co apoio da guía online sobre este tema que vén actualizando a FGE dende hai varios anos.
3. Formación e sensibilización en temas europeos
- Convocatoria de bolsas dirixidas a titulados superiores, para a realización de prácticas en asuntos europeos na oficina da FGE en Bruxelas, así como acollemento en prácticas de estudantes de graos e mestrados universitarios da Universidade de Santiago de Compostela.

- No marco de #Euroxuventude, organización de actos divulgativos sobre as oportunidades que ofrece a UE para a mocidade.
  - Campaña informativa en redes sociais sobre as Eleccións Europeas 2024 para animar á participación galega nestes comicios.
  - Actualización da Guía de prácticas e saídas laborais na Unión Europea e organizacións internacionais, adaptación ao público portugués, tradución a esta lingua e publicación na web.
4. Promoción da participación de entidades galegas en proxectos europeos
- Continuación do programa de especialización en financiamento comunitario "TecEuropa" e dinamización da rede de especialistas co mesmo nome formada por profesionais ao servizo de entidades galegas susceptibles de optar a fondos da Unión Europea.
  - Asesoramento aos actores galegos interesados en participar en proxectos europeos
  - Difusión da Guía de Financiamento Comunitario 2021-2027. Adaptación ao público portugués, tradución a esta lingua e publicación no sitio web.
  - Participación da propia FGE en varios proxectos relacionados coa dinamización da xuventude no eido rural: RUYOU, DYAS, RuralYouthFuture e YouLeaders.

## **FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

A Fundación Semana Verde de Galicia manterá a liña de racionalización na xestión, iniciada en anos pasados, que permitiu saldar a débeda histórica cos provedores, tras varios anos consecutivos con resultados financeiros positivos, que permitiu que a media de pago a provedores se manteña a día de hoxe dentro dos parámetros legais.

No tocante á actividade, en clara liña ascendente nos últimos anos, a Fundación Semana Verde de Galicia terá como liñas mestras da súa actividade no ano 2024:

- A dinamización das feiras consolidadas, incluíndo a feira ABANCA SEMANA VERDE, TUREXPO GALICIA e GALIFOREST ABANCA.
- A consolidación das novas feiras e eventos, como a Feira da Enerxía de Galicia - Enerxétika, a Feira de Servizos Municipais –ExpoMunicipal, a Feira de Caza, Pesca e Natureza, a Feira das Festas de Interese Turístico, a Feira de Transporte de Viaxeiros por Carretera – Expobus, a Feira Internacional de Seguridade, Defensa e Emerxencias – Sedexpo e XGN R Encounter.
- A creación de novos eventos feirais e non feirais, incidindo no carácter multisectorial do recinto, con eventos deportivos, musicais ou vinculados á produción audiovisual.
- A organización de eventos da propia Xunta de Galicia ou dos seus organismos, como fixo en anos precedentes con varios eventos da Axencia Galega de Innovación, a Axencia Galega de Industrias Forestais, Sergas e Facenda e Administración Pública, a través de encomenda, xa que a fundación ten carácter de medio propio da Xunta de Galicia e está claramente

especializada na organización de eventos, tanto propios como alleos, e tanto no recinto como fóra del.

- Ademais, a fundación afondará na implantación das estratexias de crecemento: internacionalización, actualización informática, mantemento de infraestruturas, aplicación do principio de autoprovisión no ámbito do sector público e a canalización das políticas públicas, así como a procura de novos membros do padroado ou patronos-patrocinadores, tanto públicos como privados e seguirá co aproveitamento e explotación dos edificios e infraestruturas agora non utilizados, mediante o pagamento do correspondente canon polas entidades e empresas usuarias.

## **FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO**

No 2024 a Fundación Deporte Galego continuará a súa actividade centrada na promoción da práctica de actividade física e deportiva na comunidade autónoma, así como o deporte de alto nivel. Nestes obxectivos, a fundación seguirá coas súas tres principais liñas de actuación:

- As actuacións de desenvolvemento do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física "Galicia Saudable".
- A Convocatoria de axudas aos Deportistas Galegos de Alto Nivel recoñecidos previamente pola Secretaría Xeral para o Deporte en desenvolvemento do decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.
- O fomento do deporte galego a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas, centrado basicamente no deporte de alto nivel.



### III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

#### III.1. PROGRAMAS DE GASTO

##### III.1.1. PROGRAMA 111E - RELACIONES EXTERIORES

#### A. DESCRIPCIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia goza dunha proxección internacional cualificada, sen prexuízo do seu sólido entroncamento en España.

Esa proxección fundaméntase nos xenuínos trazos da súa identidade, cun idioma e unha cultura propios e singulares, entre outras características que lle outorgan trazos específicos, e que nos acreditan como pobo europeo-atlántico e especialmente afín a Portugal, cunha diáspora asentada e integrada en múltiples nacións do planeta.

Desde a nosa adhesión á Unión Europea, Galicia persegue como obxectivo estrutural de primeira orde a súa plena equiparación socioeconómica coa Europa máis desenvolvida. Unha comunidade aberta e homologable cos estándares propios das comunidades máis avanzadas da Unión. O consenso xeralizado do país aposta por unha converxencia real co núcleo da UE, avanzando no ámbito da cohesión económica, social e territorial, pero tamén no da coherencia política coa integración dentro dun modelo de economía social de mercado.

Esta prioridade europea é a base que define os obxectivos e finalidades da Acción Exterior da nosa comunidade autónoma, que, non obstante, non se restrinxe á área europea.

Para acadar os obxectivos de proxección exterior, desde a Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea desenvolveranse as seguintes actividades:

- Defender e impulsar os intereses de Galicia no ámbito da Unión Europea, e aplicar esta actuación a outras áreas xeográficas nas que Galicia poida estar interesada.
- Reforzar o seguimento dos asuntos de actualidade na Unión Europea nun ano que estará marcado pola celebración das eleccións ao Parlamento Europeo, prestando especial atención á evolución e a resposta europea ao conflito armado en Ucraína e á axenda de traballo e prioridades que marcarán as presidencias Belga e Húngara do Consello durante o ano 2024.
- Reforzar e mellorar o seguimento, o fluxo de información institucional relevante e a participación na elaboración e aplicación das políticas comunitarias nos distintos eidos de competencia autonómica, a fin de asegurar unha transición xusta e ordenada dos sectores económicos galegos. Isto prestando especial atención ao posicionamento no debate sobre o futuro da política de cohesión e a súa configuración no próximo Marco

Financieiro Plurianual e ás políticas de investigación e innovación, de agricultura e pesca e de transición dixital, así como ás propostas emanadas do Pacto Verde Europeo en materia de clima, enerxía, transporte e fiscalidade, con énfase no plan para a redución da dependencia enerxética REPower EU e os novos marcos reguladores do hidróxeno, do mercado da electricidade e da nova lexislación para acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables, e na creación da Plataforma de Tecnoloxías Estratéxicas para Europa (STEP) e ós itinerarios de transición a un ecosistema europeo de mobilidade sostible.

- Consolidar a participación de Galicia nos órganos europeos de participación territorial, prioritariamente no Comité das Rexións, para dar a coñecer e defender os intereses galegos no tramado de toma de decisións comunitario e apoiar a representación de Galicia nos órganos comunitarios abertos á participación autonómica, en especial no Consello da UE, onde Galicia ostentará a representación autonómica en materia de Medio Ambiente durante o segundo semestre de 2024, e participar nos mecanismos de diálogo existentes entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas nos asuntos europeos, como son os órganos da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE).
- Fomentar a participación de Galicia nos programas europeos, no contexto do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 e do instrumento de recuperación europea Next Generation Europe, mellorando a interlocución institucional e o acceso á información relevante coa finalidade de contribuír a que o financiamento chegue á economía real e a facilitar o acceso ao investimento para as entidades e o tecido industrial galego.
- Participar nos debates previos á negociación do seguinte orzamento comunitario posterior a 2027, que se presentará previsiblemente en 2024, onde o gasto en seguridade e defensa, independencia enerxética e en materias primas estratéxicas, transición ecolóxica e axenda dixital coexistirán nos debates coa revisión da aplicación das políticas tradicionais (PAC e Cohesión).
- Representar á comunidade autónoma nos órganos de cooperación e nas institucións europeas e de acción exterior, garantindo a presenza activa de Galicia en institucións e organismos comunitarios así como noutras esferas de actuación.
- Responder as incidencias que, por actuacións da Unión Europea, poidan afectar aos intereses e competencias da comunidade autónoma.
- Promover a cooperación institucional e cooperación técnica en relación coas actuacións da Administración autonómica, naquelas materias relacionadas coas políticas rexionais e sectoriais de interese para a comunidade autónoma.
- Executar as relacións exteriores de Galicia como política de acción exterior propia, potenciación da coordinación e das interrelacións cos organismos comunitarios e consolidación e/ou ampliación dos organismos de cooperación interrexional.
- Impulsar a cooperación con rexións da Unión Europea e con rexións doutras áreas xeográficas a través de estruturas de participación bilateral e multilateral. Neste ámbito é necesario destacar a especial cooperación coa Rexión Norte de Portugal, especialmente no marco da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, e as actuacións dentro

da Macrorrexión “RESOE” que, xunto con Galicia, inclúe a Castela e León, Asturias e Cantabria, e as Rexións Norte e Centro de Portugal.

- Definir prioridades, conciliar actuacións e canalizar a información que sexa de interese para os departamentos da Xunta de Galicia e para a sociedade galega en xeral, tanto no ámbito da Unión Europea como no ámbito da acción exterior.
- Desempeñar as tarefas inherentes á súa condición de Unidade de Coordinación para a xestión e controis de primeiro nivel dos gastos cofinanciados cos fondos comunitarios FEDER destinados á cooperación transfronteiriza, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios, nas disposicións de aplicación do programa operativo e no acordo coa autoridade de xestión. No vindeiro ano, continuarase a realizar a xestión e control do programa, e a verificación e validación dos gastos dos socios beneficiarios baixo a súa dependencia. A Unidade de Coordinación participará como membro do Comité de Seguimento e do Comité de Xestión, e co-preside o Comité Territorial.
- Apoiar a divulgación da Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal como territorio cada vez mais cohesionado que está a aproveitar as sinerxías entre ambas as dúas rexións.
- Apoiar e seguir potenciando á Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, como un instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, tanto públicas como privadas, no marco da nosa Eurorrexión. Cabe destacar que a AECT da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal está a colaborar, xunto co Turismo do Oporto e Norte de Portugal, a Axencia de Turismo de Galicia e a Dirección Regional de Cultura do Norte, nun proxecto para a promoción e consolidación do Camiño Xacobeo portugués como recurso patrimonial cultural e natural transfronteirizo capaz de xerar actividades turísticas e económicas que contribúan ao desenvolvemento sostible da nosa Eurorrexión.
- Reforzando as relacións entre as institucións galegas, especialmente a Xunta de Galicia, e as institucións políticas, económicas e culturais portuguesas.
- Desenvolver unha política de acción exterior propia, tendo en conta os intereses de Galicia e os escenarios políticos internacionais, afirmando a presenza e a imaxe de Galicia, difundindo a súa realidade e especificidade, e impulsando a participación con voz propia nos procedementos e mecanismos da política europea e da política internacional.
- Colaborar no proceso de internacionalización da economía e das empresas, como un dos obxectivos prioritarios da Xunta de Galicia.
- Asegurar un correcto funcionamento administrativo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e da Fundación Galicia Europa.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Pola propia natureza dos obxectivos deste programa, o colectivo ao que se dirixe non ten límites xeográficos, xa que trata de afirmar a presenza de Galicia no contexto internacional.

Non obstante hai subgrupos específicos que se citan deseguido:

1. Fundación Galicia Europa
2. Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal
3. Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os principais obxectivos da acción exterior de Galicia son o apoio á cidadanía galega no exterior e a consolidación da imaxe de Galicia fóra das nosas fronteiras, en especial nos principais mercados, co fin de apoiar a internacionalización da economía e das empresas galegas.

Desde a década dos 90, o foco fundamental da actuación de Galicia mais alá do noso territorio veu dado pola cooperación coa Rexión Norte de Portugal, coa que temos constituída unha Comunidade de Traballo desde hai máis de 25 anos; a mais antiga da fronteira. Ademais, desde 2010, está a traballar a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal, que é o instrumento esencial para fomentar as relacións de cooperación con todas as entidades, públicas e privadas, no ámbito da Eurorexión.

Nas pasadas lexislaturas, a Xunta de Galicia iniciou distintas iniciativas cara ao reforzo da acción exterior de Galicia e a súa presenza alén das nosas fronteiras. Dentro delas cabe salientar o Consello de Acción Exterior, creado para consensuar cos principais actores as liñas básicas da actuación exterior de Galicia; a Macrorrexión "RESOE" como elemento aglutinador das actuacións das rexións do sudoeste europeo. E, por outra banda, no eido eurorrexional, a xa dita Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal (GNP, AECT) como entidade que executa as políticas que diseña a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal.

Neste mesmo eido é destacable a entrada de España como Observador Asociado da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), integración impulsada por Galicia. Nesa liña, está prevista a posta en marcha do Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade.

No ámbito da cooperación transfronteiriza, cómpre salientar que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten asumido a competencia como Unidade de Coordinación do Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg V-A España Portugal 2014-2020, e actúa como organismo intermedio nas tarefas de verificación-validación dos gastos dos beneficiarios vencellados á Xunta de Galicia. E así o segue a facer co novo Programa de Cooperación Transfronteiriza Interreg VI España-Portugal 2021-2027.

Continuando na contorna europea, lembrar o pulo que Galicia, Norte de Portugal e Castela e León deron á posta en marcha dunha macrorrexión RESOE na que se integraron en 2014 o Principado de Asturias e a Rexión Centro de Portugal e, en 2017, Cantabria. Partindo destes alicerces, Galicia está a impulsar a creación dunha Macrorrexión Atlántica.

Na procura de consolidar e incrementar a presenza de Galicia nas organizacións rexionais europeas, este programa orzamentario contribúe á cunha participación moi activa na Comisión do Arco Atlántico, na Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas de Europa (CRPM) e na Asemblea das Rexións Fronteirizas de Europa (ARFE).

No ámbito da Unión Europea un dos principais obxectivos foi a defensa dos intereses galegos en todos os órganos e institucións comunitarios con participación autonómica, en especial no Comité Europeo das Rexións, no que Galicia participou no debate de diferentes ditames de grande interese para a comunidade autónoma (Futuro da política de cohesión post 2027, loita contra a desinformación, protección dos consumidores, violencia de xénero, creación do Banco Europeo do Hidróxeno, estratexia europea en materia de drones, pacto verde, calidade do aire e tratamento das augas residuais, mercado eléctrico e redución da polución industrial; etc...) e interveu activamente no debate sobre o calidade das augas e do aire ambiente, a creación do Banco Europeo do Hidróxeno e a estratexia industrial en materia de drones.

Levou a cabo o seguimento das políticas comunitarias de maior incidencia para Galicia, como son a política de cohesión, a política medioambiental, as políticas agraria común (PAC), industrial e da pesca (FEMP), onde se propuxo e se presentou un ditame de reacción ao paquete de medidas para mellorar a sustentabilidade e a resiliencia do sector da pesca e a acuicultura na UE proposto pola Comisión Europea en febreiro de 2023.

Galicia deu continuidade aos mecanismos de coordinación existentes entre a Administración Xeral do Estado (AXE) e as Comunidades Autónomas (CCAA) nos asuntos europeos mediante o seguimento e a participación activa nos distintos órganos de cooperación sectoriais no seno da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), coordinada polo Ministerio de Política Territorial e Función Pública, así como nos Comités da Comisión Europea e nos Consellos da Unión Europea.

Durante os pasados anos Galicia exerceu a representación das comunidades autónomas en varias formacións do Consello de Ministros da Unión Europea (Agricultura e pesca, xogo, emprego e política social, sanidade e xuventude).

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa está encadrado no marco legal seguinte:

- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

- Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 368/2009 do 30 de xullo, polo que se crea e se regula o Consello de Acción Exterior.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Acordo constitutivo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, realizado en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 2006.
- Convenio de cooperación territorial europea entre a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, polo que se crea a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP, AECT), realizado en Santiago de Compostela, o 22 de setembro de 2008.
- Programa Interreg V-A España – Portugal (POCTEP) 2014-2020, aprobado pola Comisión Europea o 12 de febreiro do 2015, e financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).
- Programa Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, aprobado pola Comisión Europea o 22 de agosto de 2022, financiado polo Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O desenvolvemento do proceso de integración europea trala saída do Reino Unido, a situación económica derivada da guerra de Ucraína e a realidade que debuxa a crise da COVID-19 obrigarán ao Goberno galego a desenvolver unha acción exterior orientada a estes cambios.

A Lei 10/2021 de Acción Exterior e Cooperación de Galicia, permitirá a Galicia, a través da cooperación leal co Estado, participar activamente na negociación de tratados internacionais; defender os intereses galegos nos tribunais europeos; desenvolver a promoción comercial e cultural galegas; fomentar a atracción de universitarios e novos residentes; e construír novas redes cos galegos do exterior e coas empresas galegas que operen no estranxeiro.

As actuacións deste programa teñen por finalidade reforzar a presenza exterior de Galicia e dar visibilidade a súa participación naqueles foros nos que se poida mellorar a posición galega. Así mesmo, estas accións diríxense a prestar apoio e asesoramento aos distintos departamentos da Xunta de Galicia sobre as políticas comunitarias de especial incidencia e interese para a comunidade autónoma, como a prolongación do Corredor Atlántico, á Política de Cohesión máis alá do 2020, o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027 ou as medidas postas en marcha pola UE

para facer fronte a crise derivada da Covid-19 e a situación económica consecuencia da guerra de Ucraína.

Co obxecto de acadar mellores posicións no ámbito internacional e coa idea de maximizar a rendibilidade do esforzo para este fin, estanse a manter sinerxías con outras rexións con obxectivos concorrentes cos galegos. De maneira singular, colaborouse con todas as administracións implicadas, tanto nacionais como rexionais, españolas e portuguesas, na definición do futuro marco de actuación en materia de cooperación transfronteiriza, e todo elo co fin de continuar coa consolidación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal mediante o desenvolvemento do Programa europeo Interreg no período de programación 2021-2027.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea  
Fundación Galicia Europa

### III.1.2. PROGRAMA 121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica.

Dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto dos órganos que a integran nos seguintes eidos:

- Na elaboración de estudos e propostas de actuación sobre aspectos relativos á estrutura, planificación, organización, métodos de traballo e de mellora da xestión.
- No seguimento dos expedientes de contratación, dos convenios e protocolos de colaboración, así como dos expedientes de subvencións.



- c) Nas obras e proxectos.
- d) E no seguimento e control dos expedientes de subvencións.

Estes últimos anos viñéronse adoptando un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación coa cidadanía e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria exixiu afondar na eficiencia no uso dos recursos públicos e continuar na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos á cidadanía cara a unha economía dixital e verde.

No marco da estratexia de mellora das infraestruturas administrativas, a Xunta de Galicia vén asignando importantes recursos económicos para poder contar cuns espazos de traballo e servizo público modernos e en óptimas condicións de utilización. Así, nos últimos anos, xa se puxeron en marcha distintos proxectos, tanto para a mellora das infraestruturas administrativas como para diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios, xa que dentro dos obxectivos prioritarios do Goberno Galego atópase a mellora da eficiencia enerxética no ámbito da Administración autonómica.

Neste sentido, a Xunta de Galicia ven impulsando desde o ano 2014 actuacións de mellora enerxética co fin de converter as infraestruturas administrativas e xudiciais en infraestruturas saudables e eficientes, reducindo así, de forma significativa as emisións de CO<sub>2</sub>, tal e como establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, cara a converxencia dunha economía limpa, que cumpra os mais rigorosos estándares.

As obras realizadas desde a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, supuxeron un investimento de máis de 25,8 millóns de euros, 18,9 millóns en edificios administrativos e de 6,9 millóns en edificios xudiciais, e están a producir grandes beneficios, tanto operativos, isto é, ligados á mellora das infraestruturas, dos servizos públicos e das condicións das traballadoras e traballadores públicos; coma outros conexos coa eficiencia enerxética, e que supoñen na actualidade unha redución de 3.442 Tm/ano de emisións de CO<sub>2</sub> e uns aforros anuais nos consumos de 16.954.686 kWh/ano.

Cómpre salientar, dentro dos investimentos efectuados, a Instalación dunha caldeira de biomasa no edificio administrativo de San Caetano, a mellora da eficiencia enerxética na Academia Galega de Seguridade Pública, a mellora da envolvente térmica en cinco dos principais edificios do Complexo Administrativo de San Caetano, a rehabilitación do Edificio Administrativo da Rúa Benito Corbal de Pontevedra, as obras de mellora enerxética na EGAP e no edificio que alberga a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior ou nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña e Ferrol, así coma no Pazo de Raxoi, entre outras.

Para o ano 2024 se continúa apostando pola mellora da eficiencia enerxética nos edificios administrativos, levando a cabo investimentos co obxectivo principal de mellorar as condicións de todo o persoal ao servizo da administración autonómica e dos cidadáns que acoden a estes

edificios a realizar algún tipo de xestión e que suporán unha nova redución do consumo enerxético asociado á utilización destes edificios co conseguinte aforro económico, así como unha mellora ambiental, xa que continuarán a reducirse as emisións de gases contaminantes á atmosfera.

A importancia de levar a cabo esta liña de actuacións viuse incrementada coa situación económica actual, co incremento xeneralizado dos custos da enerxía, que teñen impacto nos gastos consignados para o funcionamento dos edificios administrativos no orzamento deste ano 2024, aínda que en menor medida do que se incrementarían sen ás actuacións de eficiencia enerxética xa realizadas.

En 2024 realizaranse novos investimentos orientados á eficiencia enerxética de edificios administrativos, cumprindo os obxectivos fixados no novo Programa Operativo de FEDER 2021-2027, por importe de 2.500.000 euros.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 vén asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta administración. Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,3 millóns de euros.

Continuando nesta liña, no 2023 iniciáronse as obras para acondicionar novos espazos no edificio administrativo de Ferrol que rematarán no primeiro trimestre de 2024. A esta actuación destinaranse 441.300€.

Asemade, despois do concurso de ideas convocado no ano 2022 para un novo edificio administrativo na cidade de Ourense, no 2023 iniciouse a redacción do proxecto, coa previsión de empezar a execución das obras da nova delegación en 2024. O orzamento previsto para 2024 é de 2.000.000€. A construción do novo edificio administrativo de Ourense permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas na dita localidade e aforrar naqueles que están en aluguer.

Coa actuación prevista no edificio situado na rúa Lalín en Vigo para poder albergar locais adicados a asociacións, seguirase na senda de rehabilitación e recuperación do patrimonio e de establecemento de liñas de colaboración cos actores sociais e outras administracións e entidades públicas, coa finalidade de reverter o seu uso á cidadanía. En 2024 adicarase a esta actuación un importe total de 4.717.000€, parcialmente financiado con fondos MRR.

Trátase dunha iniciativa xa probada con éxito no concello de Pontevedra, onde 28 asociacións dispoñen xa dun espazo propio. Os locais da Rúa Lalín paliarían o déficit existente no concello de Vigo para que os colectivos municipais desenvolvan a súa actividade en boas condicións.

Continuando co Concurso de Ideas convocado no ano 2022 e resolto no 2023, unha vez finalice a redacción do proxecto neste ano, no 2024 iniciaranse os traballos de acondicionamento do edificio.

A aposta da Xunta de Galicia por unha economía verde e sostible, encamiñada a reducir as emisións de gases contaminantes á atmosfera, reflíctese tamén no Plan de renovación do Parque Móbil Central da Xunta de Galicia.

O obxectivo da Xunta de Galicia é continuar coa substitución paulatina da flota actual por outros vehículos máis eficientes, dunha forma gradual e progresiva, nos vindeiros tres anos, o que asegurará unha mobilidade sostible, segura e conectada, optando preferentemente pola adquisición de vehículos de etiqueta eco ou cero. NO 2024 esta actuación estará parcialmente financiada con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Programa Moves III, que se adicarán tanto á reposición de vehículos existentes por outros de tecnoloxía híbrida conectable (PHEV), como á adquisición de puntos de recarga.

Todos estes investimentos tradúcense en beneficios reais para a cidadanía e para os empregados públicos, ao dispoñer de mellores infraestruturas, máis eficientes e menos espalladas e de medios que garanten unha mobilidade sostible e segura.

No exercicio 2024 continuaremos mellorando e reforzando a prestación dos servizos transversais.

Ao tempo, seguiremos recollendo nos pregos que rexen as contratacións públicas cláusulas de carácter social, relativas ao emprego das persoas traballadoras asignadas á realización dos servizos.

A título de exemplo, continuarán fixándose condicións especiais de execución que exixan o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade e saúde no traballo e de integración laboral, en particular, a obriga da empresa adxudicataria de:

- a) garantir ás persoas traballadoras adscritas á execución deste contrato a aplicación estrita das condicións laborais que estableza o convenio colectivo que lles resulte de aplicación.
- b) adoptar as medidas de seguridade e hixiene no traballo que sexan obrigatorias ou necesarias para prever de xeito rigoroso os riscos que poidan afectar a vida, integridade e saúde dos traballadores e traballadoras. Debe cumprir, así mesmo, as obrigas en materia de prevención de riscos laborais establecidas na normativa vixente, e acreditar o cumprimento das obrigas seguintes:

Cumprimento do plan de seguridade e saúde no traballo.

A formación e información para o desempeño das tarefas que realicen en materia preventiva as persoas traballadoras que utilizará na execución do contrato.

O xustificante da entrega de equipamentos de protección individuais que, de ser o caso, sexan precisos.

A garantía da vixilancia periódica da saúde dos traballadores en función dos riscos inherentes ao traballo.

- c) Se a empresa subcontrata parte da prestación, ten que exixir ás empresas subcontratistas os xustificantes das obrigas anteriores e entregalos á Administración contratante.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 202.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os pregos que rexen as contratacións públicas establecen que o incumprimento destas condicións especiais de execución terá carácter de infracción grave prevíndose a imposición de penalidades para o suposto de incumprimento das mesmas.

Por outra banda, en unidades, como as oficinas de rexistro e información á cidadanía, onde a atención e a información ao público é unha das principais funcións, son necesarias a actualización e a innovación permanentes. Neste sentido é importante a formación continua do persoal, a incorporación das novas tecnoloxías e as melloras de aquelas ferramentas que están a facilitar o traballo e a facer mais comprensible e fluída a relación coa cidadanía.

Dentro da formación van a utilizarse todos os medios para actualizar coñecementos, transmitir a nova normativa e avanzar naquelas interpretacións das normas que permitan unha actuación común e unitaria en todas as oficinas de rexistro e información á cidadanía da Xunta de Galicia. Igualmente, é necesaria a coordinación mediante as correspondentes reunións telemáticas coa Administración do Estado e das restantes comunidades autónomas para compartir coñecemento e avanzar todas as administracións públicas compartindo información.

Con respecto á incorporación de novas tecnoloxías ou melloras das existentes, xa se están a planificar reunións e analizado propostas, para avanzar nas aplicación de rexistro de documentación, Chave365 e, especialmente, do Rexistro de apoderamentos.

Dende esta perspectiva, dentro das funcións encomendadas a estas oficinas, vanse a realizar melloras tamén en materia de dixitalización, asistencia no uso de medios electrónicos e copias auténticas cara ao expediente electrónico total.

En definitiva, no 2024 continuaremos afondando nese esforzo xeral conxunto de modernización e optimización do funcionamento da administración autonómica, impulsando iniciativas e adoptando medidas que redunden tanto no beneficio xeral da cidadanía como na mellora das condicións de traballo dos empregados públicos.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos, o que redunda nun servizo público máis eficaz que ten como destinataria directa á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, o que determina o carácter universal do colectivo ao que van dirixidas as ditas actuacións.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Tralas medidas adoptadas nas pasadas lexislaturas, unha vez reordenados os créditos e axustados ás necesidades reais de prestación dos servizos comúns de xestión ordinaria, continuaremos avanzando na adopción de medidas que garantan a prestación de servizos de calidade.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (actual Primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no programa.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Finalmente, cómpre sinalar que a finalidade deste programa está orientada a proporcionar unha administración de calidade, eficiente e próxima á cidadanía.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración, dotando aos centros directivos dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Coa aprobación da Lei de racionalización do sector público autonómico, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adjudicadores da Administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a de considerar incumprimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo II Plan Galego de Benestar Laboral, Conciliación e Corresponsabilidade 2022-2025, aprobado polo Consello da Xunta do 27 de abril de 2023.

No ano 2021, no ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma. Este texto legal dispón que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico, cando utilicen unha pluralidade de criterios para a adxudicación dun contrato, deben incluír entre eles, sempre que estivese vinculado ao obxecto do contrato, un criterio referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen á execución do contrato. En cumprimento desta previsión legal recóllense nos pregos que rexen as contratacións públicas criterios de adxudicación referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen á execución do contrato cunha valoración dun 10% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas, outorgándolle ademais o carácter de condición especial de execución do contrato e obriga esencial do contrato prevendo para o suposto do seu incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo

ordenamento xurídico, a imposición das penalidades que a tal efecto se conteñan nos pregos ou a resolución do contrato, de conformidade co sinalado no artigo 211 f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumprimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, así como do resto dos programas desta consellería, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral Técnica

### **III.1.3. PROGRAMA 121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

Este programa de gasto está configurado para atender o exercicio das funcións que ten asignadas a Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias en execución do previsto no vixente decreto de estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes:

A actividade da Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias articulase en torno a dúas liñas de acción que vertebran toda a actividade: as relacións parlamentarias, as relacións institucionais e por último para completar as dúas areas de actuación está a necesaria coordinación co resto de departamentos da Xunta.



Nas Relacións Parlamentarias a actividade céntrase na coordinación e canalización das actividades da Xunta en relación coas iniciativas de control e impulso do Parlamento de Galicia, exercendo como canle de comunicación axeitada entre a Xunta de Galicia e o Parlamento respecto á tramitación de calquera tipo de iniciativa parlamentaria e solicitando das distintas consellerías ou órganos da Xunta os informes procedentes para a resposta e tramitación das iniciativas que derivan da función de control e impulso ao Goberno e a elaboración das respostas ás preguntas escritas.

Dentro de esta grande área tamén se incardinan o seguimento dos acordos parlamentarios e, especialmente, o desenvolvemento do programa legislativo aprobado polo Consello da Xunta.

Nas Relacións Institucionais, a dirección xeral centrase tamén en optimizar as relacións bilaterais da Xunta de Galicia co Goberno de España, tanto dende o punto de vista de resultados, como dende o de custo económico.

Así, búscase o fomento e mellora das relacións coa Administración xeral do Estado, reforzando a regularidade das reunións da Comisión Bilateral de Cooperación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Tamén xestionarase a conflitividade constitucional, intentando solucionar mediante a negociación os conflitos de competencias que poidan xurdir entre as partes. E reivindicarase a necesaria participación e audiencia de Galicia na toma de decisións e na elaboración de disposicións normativas de rango estatal que poidan afectar as súas competencias e á prestación dos seus servizos ou distorsionar a súa planificación económico-orzamentaria.

Nesta área tamén se reforza as iniciativas no autogoberno, ben mediante a mellora do sistema competencial co reforzamento das capacidades executivas ou ben pola vía do traspaso de competencias, impulsando e participando na Comisión Mixta de Transferencias para insistir na transferencia de novas competencias naquelas materias nas que a nosa comunidade ten un especial interese, coidando sempre de que veñan acompañadas da suficiente dotación económica para exercelas axeitadamente.

A cooperación horizontal coas demais comunidades autónomas é outro obxectivo prioritario para a dirección xeral, que buscará reforzar o seguimento das súas disposicións normativas e tamén potenciar a colaboración a través de convenios e protocolos que permitan compartir servizos e recursos, unificar criterios e aportar eficiencia ao funcionamento do noso modelo territorial e á prestación dos servizos públicos.

No marco do compromiso da Xunta de Galicia colaborarase coa transparencia e as boas prácticas na administración, de conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Por último, e como complemento das dúas grandes áreas de actuación, esta dirección xeral asumirá a coordinación e seguimento, cos órganos competentes dos demais departamentos: a

promoción, análise, investigación, asistencia técnica, e desenvolvemento da liberdade relixiosa e de culto, e a colaboración coas institucións e organizacións interesadas no seu estudo e desenvolvemento.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa dirixese tanto a axentes públicos e entidades xestoras autonómicas e nacionais.

O cumprimento destas funcións implica a interacción con órganos autonómicos, xa administrativos como co Parlamento, así como a coordinación e exercicio de funcións interactuando con órganos estatais a través das referidas comisións bilaterais.

En xeral podería concluírse que as actuacións repercuten en toda a cidadanía.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A dinámica administrativa e parlamentaria española complicouse nos últimos anos dende un punto de vista cualitativo, xa que a cambiante dinámica socioeconómica do Estado e a influencia da produción normativa europea motivan, xunto a outros factores, a complexidade crecente da normativa española, abarcando habitualmente co mesmo produto normativo funcións pluridisciplinares e multisectoriais. Isto se traduce en normativa máis elaborada cunha visión máis transversal dos temas e máis multidisciplinar e que implican o exercicio de competencias que atinxen a distintas administracións públicas o que dificultan o encaixe da devandita actuación nos parámetros de competencia constitucional contidos no artigo 148 e seguintes da Constitución Española.

A efectos prácticos isto implica unha maior carga de traballo e unha maior complexidade do seu desempeño.

As medidas levadas a cabo pasaron pola implementación de novas aplicacións informáticas, que permiten axilizar e mellorar o traballo a realizar, tanto polo persoal da dirección xeral como polos encargados das relacións parlamentarias así como un reforzo no desenrolo das Comisións Bilaterais co Estado para articular o xogo competencial, implicando a creación de grupos de traballo con soporte informático.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que comprende as actuacións do programa é o seguinte:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (actual Primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.
- Decreto 351/2009, do 9 de xullo, polo que se regula a legalización de documentos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deban producir efectos no estranxeiro.
- Orde do 12 de marzo de 2003 pola que se dispón a publicación do acordo de aprobación das normas de organización e funcionamento da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado - Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 379/2009, do 27 de agosto, polo que se crea a Comisión de seguimento de disposicións normativas estatais e doutras comunidades autónomas.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os beneficios que se pretenden acadar son: mellorar a canle de comunicación entre a Xunta de Galicia e o Parlamento galego, salvagardar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia e garantir o coñecemento e acceso da cidadanía aos convenios que sexan autorizados polo Consello da Xunta de Galicia e os que outorguen os departamentos da Xunta, organismos autónomos e entes de dereito público da Administración autonómica.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Se ben o programa é destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, nesta dirección se fai revisión de leis, remisión das proxectos ao Parlamento, así como presentación de alegacións aos distintos anteprojectos doutros departamentos nos que se observa e procura que exista sempre a promoción da igualdade. Así como a supervisión de que todos os proxectos legislativos que se remiten ao parlamento, vaian acompañados do seu Informe de Impacto de Xénero.

**PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, pero tal e como se expuxo o eixe das relacións parlamentarias que xa se explicou é unha das columnas vertebrais da dirección co que implica, no tema de iniciativa legislativa e demais actuacións, una supervisión dende o punto de vista da igualdade de toda iniciativa remitida dende a Xunta ao Parlamento.

**SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión, pero se garante que nos ámbitos das relacións parlamentarias e das relacións institucionais estea presente a perspectiva de xénero.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión; as intervencións en perspectiva de xénero son de supervisión non de implantación de programas específicos.

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

#### *III.1.4. PROGRAMA 123A - ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN*

##### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa está orientado a contribuír a financiar os gastos de alimentación do colectivo de traballadores da Xunta de Galicia.

##### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Subvencionar os gastos de alimentación do persoal da Xunta de Galicia mediante a entrega de bonos de comedor aos traballadores/as que prestan os seus servizos en Santiago de Compostela, que así o soliciten.

##### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivo de traballadores da Xunta de Galicia con destino en Santiago de Compostela.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Mantense a mesma cantidade na partida orzamentaria destinada a subvencionar os bonos de comedor dos traballadores coa finalidade de financiar o custo do menú no servizo de cafetería e comedor. O actual contrato de xestión e explotación da cafetería do Complexo Administrativo de San Caetano, formalizado no exercicio 2021, permitiu acadar unha mellora tanto na calidade dos alimentos como no emprego de produtos de proximidade, ecolóxicos e con redución do uso de plásticos.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribuír a financiar os custos de alimentación dos traballadores da Xunta de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica



### III.1.5. PROGRAMA 131A - ADMINISTRACION DE XUSTIZA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

##### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As principais liñas de actuación da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes en materia de Administración de xustiza e no marco do programa de gasto 131A “Administración de xustiza”, son as seguintes:

Continuar co proceso de modernización da Administración de xustiza, tanto dende o punto de vista dos seus medios materiais como da optimización dos seus recursos humanos.

Neste marco, prepararemos o impulso ao novo modelo organizativo que se recolle no proxecto de eficacia organizativa do Ministerio de Xustiza que ven a implantar os denominados tribunais de instancia e oficinas municipais de xustiza, e que supón un cambio de modelo da Oficina Xudicial, incorporando diferentes unidades e servizos.

Neste sentido, sen esquecer a preparación operativa de servizos comúns xerais, as prioridades na implantación virán marcadas pola situación concreta dos distintos partidos xudiciais, que se analizará de maneira conxunta co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se prexuízo da interlocución con outros axentes sociais e operadores xurídicos.

##### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa de gasto ten carácter sectorial, dirixido directamente ao sostemento dos gastos xerados polos operadores da Administración de xustiza en Galicia, e de modo amplo, dirixido ao sostemento da Xustiza como servizo público fundamental para os cidadáns e cidadás.

##### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade este programa de gasto contribúe á mellora da xestión realizada pola Administración autonómica, fundamentalmente en dúas vertentes: por un lado os gastos de funcionamento dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, e por outra banda os gastos de mantemento do servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta.

No 2024, seguirase co avance, nas medidas de dixitalización e catalogación de arquivos xudiciais, de expurgo, así como na mellora das salas de vistas, todas as cales serán enteiramente dixitais, e de salas de autopsias.

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias en materia de Administración de Xustiza, apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para permitir a creación de novas unidades xudiciais. A día de hoxe, a Xunta leva destinados máis de 127 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais, o maior investimento na Administración de xustiza desde que a comunidade galega administra as súas competencias. Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

Grazas á execución deste Plan, xa están en funcionamento edificios novos como os xulgados de Santiago de Compostela, Ourense, a nova sede da Audiencia provincial de Coruña na antiga Fábrica de Tabacos, o novo edificio xudicial da Parda en Pontevedra o Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución de Vigo, o novo edificio xudicial de Tui e a recentemente inaugurada nova sede da Cidade da Xustiza de Vigo, que é o maior investimento realizado nunha infraestrutura xudicial dente o traspaso das competencias á comunidade autónoma, ademais da rehabilitación doutros en Coruña, Ferrol, O Carballiño ou Viveiro.

En relación ás grandes obras proxectadas no ámbito xudicial, a previsión para 2024 é continuar coa construción de novos edificios. Na Estrada, iníciase a construción dun novo edificio xudicial, que albergará os dous órganos xudiciais existentes na actualidade e contará tamén con espazo suficiente e adecuado para posibles ampliacións de xulgados, para o que se consignan 2.245.000€.

Unha vez concluído o concurso de ideas e realizado o proxecto, prevese o inicio da construción dun novo edificio para a sede do IMELGA en Santiago de Compostela que contará con instalacións modernas e adecuadas para o desempeño das funcións dos médicos forenses. Este novo edificio será un referente en Galicia para a investigación médico-científica legal. Tamén se acometerán investimentos para a renovación de salas de autopsias nas sedes territoriais do IMELGA que o precisan. O orzamento que se destina en 2024 a esta actuación é de 2.760.000€.

Con estas obras, a Xunta non só cumpriu os seus compromisos, senón que foi máis aló deles e aínda segue a mellorar as sedes xudiciais tanto con obras menores como con proxectos de eficiencia enerxética. Coas obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento, conseguíuse diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios xudiciais, obténdose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Seguindo esta liña, en 2024 continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética acometendo novas actuacións nas envolventes de xulgados, instalando tamén iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostíbeis. A estas actuacións destinarase un importe total de 1.000.000€, parcialmente financiado con fondos FEDER 2021-2027.

Por outra banda, acometeranse obras de remodelación do antigo edificio xudicial de A Parada, en Pontevedra, para adaptalo ás necesidades actuais, por un importe de 240.000€.

Daráselle continuidade no 2024 ao plan plurianual de renovación do equipamento mobiliario dos arquivos e oficinas xudiciais, no que xa foron executados máis de 6 millóns de euros. Para afondar nesta liña de investimento, no orzamento para 2024 consignáronse 2.056.298 €, medrando así as previsións iniciais dos investimentos do Plan.

Igualmente vólvese a incidir no apoio á prestación do servizo da xustiza gratuíta e poder así atender a mellora nos baremos de retribución dos e das profesionais da avogacía e procuradoría, paro o que se asinaron novos acordos cos consellos galegos de avogados e de procuradores, e por este motivo a consignación orzamentaria para o ano 2024 ascende a 14.222.900 €, o que supón un incremento do 3,03%, para cumprir cos compromisos acadados.

Por outra banda continuarase a promover métodos adecuados de solución de controversias, especialmente a mediación intraxudicial, iniciativa pola que a Xunta de Galicia apostou reiteradamente desde o ano 2009 en que comezou o programa experimental de mediación intraxudicial familiar en Santiago ata a implantación en todas as cidades galegas, así como dos proxectos de mediación no ámbito civil e mercantil e no ámbito penal. Este impulso seguirá no 2024 tendo en conta as previsións legislativas que na materia proxecta o Ministerio de Xustiza. Tamén continuará o avance na atención as labores de ordenación e expurgo dos expedientes xudiciais, así como o impulso da modernización tecnolóxica na actividade cotiá dos xulgados galegos mediante a implantación de solucións de natureza dixital acordos cunha moderna Administración de xustiza, con especial atención á relación cos cidadáns e profesionais de xustiza.

No ano 2024 continuaranse coas actuacións amparadas polo Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, que inclúen o funcionamento dos traballadores sociais das Oficina de Atencións ás Vítimas dos delitos, a formación nesta materia dirixida aos dos operadores xurídicos, e a continuidade do proxecto para a posta en marcha de accións dirixidas á atención xurídica a mulleres vítimas de violencia sexual.

Así mesmo, a totalidade das sedes xudiciais de Galicia dispoñen desde 2017 de sistemas de videoconferencia alcanzando actualmente os 194 puntos de videoconferencia, que se continuarán incrementando para que contén coa configuración de ubicacións como sala de declaracións/salas de celebración de videoconferencias, con capacidade de gravación do acto, para favorecer a realización de actuacións procesuais a través do sistema de videoconferencia, contribuíndo así a mellorar o acceso á xustiza baixo os principios de eficacia e seguridade.

Finalmente, a Xunta de Galicia abordou no 2020 a implantación dun sistema de carreira profesional para o persoal ao servizo da Administración de xustiza que continuará a desenvolver, permitindo aplicar un recoñecemento da súa traxectoria profesional. Así, a falta dun sistema de carreira profesional que tal e como establece a Lei orgánica do poder xudicial, debe ser aprobada por Real decreto, configurouse un sistema transitorio que permita retribuír ao persoal ao servizo

da Administración de xustiza en condicións similares ás dos empregados públicos da Xunta de Galicia. O custo para 2024 será de 3.333.409€.

Cabe salientar que desde o ano 2009 o cadro do persoal incrementouse en máis dun 20%. Así, tras a aprobación de 24 novas prazas no ano 2023, para o ano 2024 está previsto a creación de 15 novas prazas para a posta en funcionamento de 3 novas unidades xudiciais así como unha nova praza de subdirección no IMELGA de Santiago, que ata o de agora ostentaba quen ocupaba a praza de Director/a, respondendo así á enorme demanda ao que ven facendo fronte o IMELGA desde a aprobación do Decreto 119/2005, do 6 de maio, polo que se crea o Instituto de Medicina Legal de Galicia.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco normativo no que se encadra este programa ten a súa orixe no artigo 20 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), que recolle unha chamada cláusula subrogatoria ou residual que fai relación ao exercicio pola nosa Comunidade Autónoma de todas as facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial atribúen ao Goberno do Estado en relación coa Administración de xustiza, materia esta que a sentenza do Tribunal Constitucional 56/1990, do 29 de marzo, denominou “administración da Administración de xustiza”.

Concretamente en base a este artigo do Estatuto de Autonomía aprobouse o Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, que foron asumidas a través do Decreto 394/1994, do 29 de decembro. Do mesmo xeito aprobouse o Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza (funcións asumidas a través do Decreto 438/1996, do 20 de decembro), e o Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro sobre ampliación do traspaso das competencias equivalentes relativas ás fiscalías de Galicia e os institutos de medicina legal (funcións asumidas a través do Decreto 82/1998, do 5 de marzo).

Desde xeito quedou completado o proceso de transferencias de medios materiais e persoais en materia de xustiza á Comunidade Autónoma de Galicia.

O marco das competencias da comunidade autónoma nesta materia resultan da relación das anteditas normas coas previsións da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985 do Poder Xudicial.

Así mesmo, e en virtude do disposto na Lei orgánica 4/2014, do 11 de xullo, complementaria da Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, transfírese á comunidade

autónoma a xestión da xubilación do persoal ao servizo da Administración de xustiza con destino en Galicia, competencia reservada ata agora ao Ministerio de Xustiza.

## **FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA**

Como antes se dicía, a finalidade xeral que persegue o programa é dar soporte á Administración de xustiza en Galicia, incidindo especialmente na posta en marcha de actuacións tendentes ao seu mellor funcionamento e modernización. Para conseguilo, é preciso artellar unha serie de políticas instrumentais coa finalidade de dotar os medios de soporte da Administración de xustiza, incluíndo os recursos humanos auxiliares, concretamente aqueles medios económicos para o pagamento das valoracións e peritaxes, as locomocións e indemnizacións por razóns de servizo, así como o fornecemento dos medios materiais relativos ás infraestruturas inmobiliarias, o equipamento mobiliario e instrumental e outros subministros dos xulgados, tribunais, fiscalías, rexistros civís, instituto de medicina legal e demais servizos da Administración de xustiza en Galicia.

Así mesmo dentro deste mesmo programa artículase a xestión do sistema de asistencia xurídica gratuíta, no relativo á regulamentación administrativa, recoñecemento das prestacións aos cidadáns beneficiarios e correlativa indemnización económica á avogacía e á procura polos servizos profesionais.

Outros obxectivos fundamentais que persegue o programa son o deseño do modelo da nova organización da Administración de xustiza a través da implantación progresiva dos servizos procesuais comúns da Oficina Xudicial.

O esforzo económico deste programa está en relación á mellora da estrutura da Administración de xustiza en Galicia, que vén experimentando un continuo crecemento desde a asunción de competencias, co correspondente incremento no número de postos.

## **B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER**

### **CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA**

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O Programa ten por obxecto a mellora da organización e funcionamento da administración de xustiza, dotando aos órganos e aos servizos xudiciais en Galicia dos medios materiais e económicos necesarios para que desenvolvan a súa actividade de xeito eficaz e eficiente.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Para o desenvolvemento das actividades que se financian con este programa de gasto aplícase fundamentalmente o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que debe velarse porque se cumpra o establecido no artigo 71.1.b) do indicado texto, en canto ás prohibicións de contratar e que establece “Haber sido sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia profesional que ponga en entredicho su integridad, de disciplina de mercado, de falsedad de la competencia, de integración laboral y de igualdad de oportunidades ...”.

Tamén se inclúe en todos os pregos, entre os criterios de desempate no caso de igualdade de proposicións, a acreditación da implantación dun plan de igualdade ou a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo co establecido nos artigos 65 e 72 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Por outra parte, nos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen as licitacións establécense condicións especiais de execución dos contratos e consideracións de tipo social que perseguen eliminar as desigualdades entre mulleres e homes no mercado laboral (artigos 201 e 202 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público).

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Cando se recollan nos pregos de cláusulas administrativas condicións especiais de execución, pode contribuírse á redución das diferenzas laborais entre mulleres e homes.

## **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Dirección Xeral de Xustiza  
Secretaría Xeral Técnica

### III.1.6. PROGRAMA 141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Dirección Xeral de Administración Local, no marco e execución das súas competencias, persegue como obxectivos prioritarios:

- A optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía.
- O logro de melloras progresivas na cooperación coas entidades locais.
- O avance en dotacións e servizos prestados aos administrados.
- O fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías e da e-Administración ou administración electrónica nas entidades locais, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A colaboración entre a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local permitiu a posta a disposición dos concellos de Galicia do Portal de Transparencia e a Guía de Transparencia Local de Galicia que se configuran como unha ferramenta para que os concellos podan dar información a cidadanía e o mesmo tempo serve de vía de comunicación permanente a través da rede entre tódolos concellos e a Administración autonómica e por suposto facilítalles o cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado. Durante o exercicio 2024 manteranse permanentemente actualizados ambos instrumentos incorporando as novas obrigas derivadas da lexislación sectorial.

- O establecemento, dentro do marco básico estatal, dun réxime normativo propio para a administración local galega, efectuando as adaptacións e propostas, tanto a nivel lexislativo como regulamentario, que reflectan as particularidades e características propias, tanto da nosa comunidade autónoma, como das nosas entidades locais.

Un dos grandes retos deste centro directivo é o impulso dunha nova xestión pública local e a modernización das entidades locais de Galicia. Con este fin, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Administración Local, no ano 2024 desenvolverá as seguintes actuacións:

- i. Trala finalización dos traballos levados acabo coa colaboración da Universidade de Vigo consistentes na revisión da normativa autonómica local e a elaboración do borrador da nova Lei de Administración Local de Galicia, no ano 2024 tramitaremos esta proposta que persigue modernizar o réxime xurídico local e potenciar a autonomía e a potestade de autoorganización das entidades locais galegas, na que se abordan reformas substanciais que afectan ao réxime organizativo, competencial, incorporando aspectos que conlevan unha modernización da xestión administrativa, baseada no funcionamento electrónico e a necesaria adaptación organizativa e a



mellora na prestación de servizos á cidadanía que redunden nunha mellora da calidade de vida dos nosos veciños e veciñas.

Un dos retos desta norma é a articulación efectiva dun sistema de reparto de competencias que sexa claro e preciso así como o reforzo e concreción das competencias provinciais como garantía da apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade, tendo en conta que os concellos son o nivel de proximidade por excelencia e, por tanto o máis sensible ás necesidades dos noso veciños.

- ii. Co aval dos bos resultados acadados co traballo desenvolvido pola Cátedra institucional de Bo Goberno Local, o éxito do Congreso celebrado no ano 2023 “ Retos e desafíos dos municipios de menor poboación” e o interese suscitado polas investigacións, publicacións e informes elaborados no marco da mesma, durante o ano 2024 o Goberno Galego continuará apoiando o traballo desta Cátedra coma marco de debate público sobre o mundo local e mecanismo para procurar a solución dos problemas do mundo local no momento no que se detectan.
- O fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas, con especial énfase no apoio aos concellos na prestación dos servizos que lles son propios, apoiando a creación e a mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para que os concellos poidan contar con espazos dignos e adecuados para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

Compre destacar que, ao longo do ano 2023, a Xunta de Galicia reforzou o apoio aos concellos galegos cunhas cifras históricas.

Concretamente un total de 564,3 millóns de euros, o que supón un 15,5% por riba da contía de 2022.

Nesa contía inclúense, ademais de distintas liñas de axudas da Xunta de Galicia 143,4 millóns de euros do Fondo de Cooperación Local (FCL) que recibiron os municipios este ano, un 17% por riba do ano pasado 2022.

En concreto, 134,4 millóns de euros do fondo base e 30,5 millóns de euros do fondo adicional.

Este último rexistrou unha suba dun 135% con respecto ao ano anterior.

Entrando no ámbito da dirección xeral de administración local, ao longo de 2023, impulsamos máis de 600 proxectos municipais a prol de mellores instalacións e servizos cun orzamento de 27,2 millóns de euros a través de diversas liñas específicas de apoio ás administracións locais, como a orde de infraestruturas de uso público, o Fondo de Compensación Ambiental e o fondo adicional do Fondo de Cooperación Local.

Así, a Orde de infraestruturas de uso público, dotada con 3,5 millóns de euros beneficiou neste ano 104 entidades locais na mellora das súas instalacións para a prestación de servizos básicos, de lecer infantil e familiar, deportivos ou culturais.

Pola súa banda, o Fondo de Compensación Ambiental facilitou, cun investimento superior aos 8,2 millóns de euros, actuacións de mellora da contorna natural en 93 concellos ao abeiro da liña competitiva e en 119 ao da liña non competitiva, dirixida a concellos nos que hai parques eólicos.

A maiores destas medidas de apoio, a través das distintas liñas do fondo adicional do Fondo de Cooperación Local neste 2023 investíronse xa máis de 15,5 millóns de euros. Destinado aos concellos de menos de 15.000 habitantes, o orzamento facilitou a mellora da eficiencia enerxética de edificios municipais en 71 localidades, con 8,5 millóns de euros de investimento, e das redes de abastecemento en 113 localidades, cun investimento de case cinco millóns de euros, así como a adquisición de maquinaria e equipamento en 73 localidades, con case dous millóns de investimento.

Ademais, compre destacar que ao longo de 2023, dos 313 concellos galegos, 295 presentaron solicitudes de financiamento ao abeiro destas liñas de axuda coas que a Xunta puido atender ás necesidades da maioría dos concellos galegos.

Preto do 90% (89,1%) dos concellos que solicitaron axudas á Dirección Xeral de Administración Local foron beneficiarias das subvencións convocadas, concretamente 263.

Esta é a finalidade que persegue a orde de infraestruturas municipais, que constitúe unha das principais liñas de colaboración cos concellos cas que conta a Dirección Xeral de Administración Local mediante a que se está a mellorar a cobertura do benestar da poboación rural, favorécese o reequilibrio territorial e facilítase a realización de actividades que poidan xerar emprego e fixar poboación.

Con relación a este último aspecto, cómpre subliñar que esta convocatoria se configura como un instrumento adecuado para fomentar os proxectos de cubrición de parques infantís xa existentes ou ben a construción de novos parques cubertos, contribuíndo cos concellos no desenvolvemento desta tipoloxía de proxectos de innegable repercusión nunha área tan sensible para a cidadanía como é o lecer infantil e a creación de ámbitos de convivencia e relación social na infancia.

Entre outros obxectivos perseguidos por esta orde destaca o fomento da mellora da accesibilidade e seguridade nos espazos ou instalacións deportivas co fin de fomentar a práctica do deporte seguro por tódolos segmentos da poboación e especialmente das mulleres.

No período 2009-2023 a Dirección Xeral de Administración Local destinou máis de 47 millóns de euros ao financiamento desta liña de axudas cos que se financiaron un total de 1.584 proxectos.

Seguiremos traballando da man das entidades locais para continuar avanzando na mellora do financiamento dos concellos. Compre destacar que un dos fitos fundamentais na relación cos entes locais produciuse en 2011, cando se garantiu por lei a participación mínima dos concellos nos orzamentos da Xunta a través do Fondo de Cooperación Local (FCL). Así, os fondos que os concellos galegos recibirán neste ano 2023 ascenden a máis de 500 millóns de euros, entre o total do Fondo de Cooperación Local e outras transferencias dos demais departamentos autonómicos. Esta cifra supón un novo incre-

mento sobre as cantidades orzadas en 2022 que vén sumarse ao incremento do 20% das achegas deste exercicio respecto do ano 2021.

O Goberno galego, xunto coa FEGAMP, continuará liderando o plan coordinado, conxunto e global para toda Galicia de loita contra a vespa velutina, posto en marcha no ano 2020 para dar solución a un problema que se estende por practicamente todo o territorio galego e no que tanto a Xunta coma os concellos levamos anos traballando. Un Plan que conta, na actualidade, con 306 concellos adheridos, o 98% do total.

- Tamén se evidenciará a colaboración cos concellos nas medidas de apoio ás policía locais da nosa comunidade, con especial fincapé no reforzo da seguridade cidadá naqueles concellos con elevado incremento poboacional durante a tempada de verán.

No ano 2022 o Plan específico de subvencións a concellos turísticos con elevado incremento poboacional duplicou o seu orzamento acadando os 145.000 euros co fin de reforzar as axudas destinadas á contratación de auxiliares de policía local polos concellos de maior afluencia turística, apoiando así o labor que desempeñan os corpos de Policía Local no actual contexto de crise sanitaria. Este importe se mantivo en 2023 e será o mesmo en 2024.

Nos últimos anos o goberno galego leva investido case 1 millón de euros no financiamento dos postos de auxiliares de policía local nos períodos estivais

- A necesidade de que as entidades locais afronten o reto de acadar unha suficiente capacidade organizativa e financeira para prestar os servizos públicos da súa competencia, de maneira axeitada e sostible, subxace nas accións que promoverá a Dirección Xeral de Administración Local en apoio ás fórmulas de colaboración e cooperación intermunicipal, que racionalicen servizos e recursos para ofrecer uns mellores servizos á cidadanía, favorecendo a concesión das axudas ás entidades locais que se acollan a estas fórmulas.

No ano 2024 daremos un paso adiante no fomento dos agrupamentos de concellos para a prestación conxunta de servizos e competencias, como fórmula idónea de eficacia e eficiencia na prestación dos servizos municipais fronte a xestión individual, regulando estes agrupamentos, como áreas funcionais de carácter temporal, entre dous ou máis concellos. Fomentaranse dende a normativa os agrupamentos coma fórmulas de xestión non permanentes limitando a súa actuación a proxectos ou actuacións concretas que non xustifican a constitución dunha entidade local permanente, coma as mancomunidades.

Tamén se lle dará impulso ao asociacionismo municipal das entidades locais mediante iniciativas que premien accións concretas de colaboración na xestión conxunta de servizos entre agrupacións de concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, no eido das subvencións e do sostemento común dos postos de habilitados no que se fomentará as agrupacións de concellos.

- Continuar apoiando a cooperación municipal, tanto a través de fórmulas de xestión compartida de servizos públicos como mediante o fomento de novos procesos de fusión municipal impulsando activamente unha xestión eficaz e eficiente dos recursos dos

concellos co obxecto de garantir a continuidade na prestación de servizos aos cidadáns en condicións de calidade.

Así, a Xunta de Galicia leva anos desenvolvendo unha política de promoción e fomento da cooperación municipal tanto a nivel normativo como orzamentario, co establecemento de vantaxes obxectivas para os concellos fusionados ou que presten servizos públicos de xeito conxunto, como a través do fondo especial para fusións.

Trala realización do estudo sobre a planta municipal xunto coas tres universidades galegas e a Fundación Juana de Vega, avanza, en colaboración coa FEGAMP, no impulso de novas formas de xestión compartida e propostas de fusión municipal.

- Logo da realización do estudo sobre a delimitación competencial da Administración local de Galicia, o 17 de abril de 2023 constituíuse a comisión técnica para avaliar os estudos elaborados pola Xunta de Galicia e a Fegamp e así chegar a acordos, sobre todo nos ámbitos nos que se detecta maior dificultade para clarificar as competencias como os servizos sociais, o mantemento de centros docentes e de saúde ou a atención ás emerxencias.

No ano 2024 esta comisión continuará analizando os distintos ámbitos materiais no que se proxectan as competencias dos concellos.

- A coordinación das políticas da Xunta e as deputacións provinciais, avanzando na concreción do reparto de competencias entre gobernos e especializando a actividade das deputacións na garantía dos servizos locais nos concellos de menor poboación. Isto atopa a súa mellor expresión no obxectivo de estender os servizos de emerxencias ao 100% do territorio galego.

Clarificar o papel das deputacións é fundamental tanto pola súa configuración coma polo impacto das súas competencias na garantía da prestación dos servizos municipais, por isto o Goberno Galego considera inaprazable o desenvolvemento e concreción das funcións, competencias e vías de asistencia destes entes es respecto dos concellos do seu ámbito territorial en eidos como a contratación, a administración electrónica e a garantía da prestación dos servizos básicos nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

- A relación coas corporacións locais e a elaboración dos programas formativos en materia de Administración local.
- O fomento da formación nas administracións locais de Galicia, potenciando para iso os medios dos que dispón a Administración autonómica, de xeito que se asegure unha oferta formativa racional e axeitada no conxunto das administracións existentes en Galicia.
- A execución das competencias que, con respecto ao funcionariado con habilitación de carácter nacional, lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

No ano 2024, logo do éxito das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019, 2021 e 2022 a Dirección Xeral de Administración Local realizará unha nova convocatoria para seguir dispoñendo de persoal interino para poder ofertar aos concellos de Galicia a posibilidade de provisión dos postos vacantes abertos ás escalas e subescalas da Adminis-

tración local con habilitación nacional de maneira máis áxil e con respecto aos principios constitucionais de acceso á función pública.

- O impulso, en estreita relación coas entidades locais, ao desenvolvemento e materialización das accións previstas no Pacto Local, de modo que se poida acadar a implantación e desenvolvemento das previsións contidas nel. Continuarase na senda iniciada no 2017, ano no que a Comisión Galega de Cooperación Local retomou a súa actividade. A Dirección Xeral de Administración Local realiza unha importante labor de seguimento e impulso do cumprimento dos acordos adoptados.
- Os incentivos ás entidades locais que cumpren coa súa obriga anual de rendición de contas. Estas institucións cando son beneficiarias dunha subvención financiada con fondos propios da comunidade autónoma non teñen que xustificar o pagamento material das actuacións subvencionadas con carácter previo ao libramento da subvención, é suficiente a acreditación do recoñecemento da obriga, sen prexuízo de ter que acreditar a efectividade do pagamento da actuación no prazo de sesenta días desde a recepción dos fondos públicos.
- A xestión do Fondo de Compensación Ambiental que tamén se empregará como ferramenta de reequilibrio territorial e de impulso ao funcionamento dos servizos e á dotación de infraestruturas e realización de investimentos produtivos e xeradores de emprego no ámbito local e no financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia ambiental.

Para 2024, a orde reguladora do Fondo de Compensación Ambiental recollerá, igual que o fixera nas convocatorias dos últimos anos, un catálogo de actuacións subvencionables, agrupadas por categorías que se orientan ao fin sinalado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro e ao cumprimento dos obxectivos marcados pola Unión Europea, é dicir, a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, o impulso e incremento da participación de enerxía procedente de fontes renovables e a mellora e o incremento da eficiencia enerxética.

Nesta orde recóllese un catálogo de proxectos subvencionables, agrupándoos en varias categorías, sen esquecer que se trata dunha enumeración non pechada susceptible de ampliación mediante as achegas que as propias entidades locais fagan no momento de materializar a súa solicitude.

A través do desenvolvemento de proxectos para a optimización enerxética dos edificios, instalacións e vehículos das entidades locais e para a implantación de tecnoloxías máis eficientes e respectuosas co ambiente e de menor consumo enerxético pode conseguirse unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera e asemade unha redución da factura enerxética das entidades locais. A isto engádese o efecto exemplarizante dos proxectos na medida en que contribúen a concienciar a veciñanza da repercusión sobre o ambiente das medidas de eficiencia enerxética e impulso da sustentabilidade ambiental no sector público local.

Dende o ano 2020, ao abeiro desta orde fináncianse proxectos novidosos entre os que se destacan:

As campañas divulgativas municipais para a sensibilización sobre a importancia das medidas de protección ambiental e de eficiencia enerxética: boas prácticas ambientais, divulgación de medidas de aforro e eficiencia enerxética

A elaboración e difusión de material divulgativo e recursos didácticos sobre valores ambientais ou espazos naturais concretos no ámbito municipal.

Plans e estratexias de mellora ambiental nos edificios municipais: auditorías enerxéticas, certificación enerxética de edificios municipais ou plans para a implantación de estratexias enerxéticas municipais.

Plans sustentables de mobilidade que fagan compatibles as necesidades do transporte local e a sustentabilidade ambiental.

As actuacións nos núcleos rurais que permitan unha mellor integración paisaxística no contorno, particularmente o soterramento dos tendidos aéreos de cableado e a construción de pavimentos interiores de pedra.

Adquisición de equipamento de alta eficiencia enerxética: equipos de climatización, ofimáticos e de alumeadado interior.

Renovación sustentable das flotas municipais mediante a adquisición de vehículos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

Xunto a isto cabe salientar tamén a maior definición dos proxectos destinados a mellorar a eficiencia enerxética das instalacións e edificios municipais, establecendo diferentes niveis de actuación: mellora da eficiencia enerxética da envolvente do edificio, mellora de iluminación interior, instalación de sistemas eficientes de climatización, sistemas de aforro de auga, ascensores eficientes, e introdución de enerxías renovables para calefacción e auga quente sanitaria, con referencia expresa por primeira vez á instalación de paneis solares térmicos en edificios municipais.

Durante o período 2010- 2023, a través das liñas competitiva e non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental xestionadas pola Dirección Xeral de Administración Local, destináronse case 125 millóns de euros a actuacións de conservación, reposición e restauración do ambiente e ao reequilibrio territorial. No ano 2024 este fondo terá un papel moi importante na recuperación sostible dos nosos concellos.

No ano 2021 e 2022, no eido da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobáronse dúas novas liñas de subvencións que teñen coma obxectivo a redución do incremento das emisións de gases con efecto invernadoiro (GEI) ca que se pretende a renovación en verde do parque de vehículos dos corpos de policía local de Galicia, contribuíndose a mudanza cara a un modelo de mobilidade e transporte facilitador de vida en condicións saudables, compatible coa sustentabilidade ambiental e conciliable coa promoción do desenvolvemento económico.

Estas ordes incardínase no Fondo de Compensación Ambiental dentro das actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e do reequilibrio territorial, nas que se inclúen as actuacións que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou risco.

Por medio de estas ordes, financiada co Fondo de Compensación Ambiental e dirixida aos concellos de Galicia de menos de 50.000 habitantes, estanse a financiar a subministración de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter o distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, mediante o sistema de renting, con destino aos corpos de policía local para o exercicio das súas funcións. Neste momento a Dirección Xeral de Administración Local está xestionando dúas convocatorias da orde de renting de vehículos da Policía Local, a primeira, convocada no ano 2021 abrangue o período 2021-2025, a segunda, convocada no ano 2022, abrangue o período 2022-2026, estas convocatorias están dotadas cun crédito de 1.675.200 euros destinados ao pagamento das cuotas mensuais que deba aboar o concello beneficiario polo renting do vehículo durante un máximo de 48 meses.

No exercicio 2024 a Dirección Xeral de Administración Local contará cunha nova liña de axudas a concellos destinada ao financiamento de actuacións de eficiencia enerxética en instalacións municipais cofinanciada con fondos FEDER.

O obxectivo a longo prazo e a consecución de concellos climaticamente neutros mediante a modernización das infraestruturas municipais, a descarbonización e a búsqueda de alternativas as enerxías fósiles

Mellorar o medio ambiente, promover o uso das enerxías renovables e fomentar a eficiencia enerxética deben ser os puntos clave de calquera xestión pública medio ambiental. Dentro da responsabilidade das institucións pola optimización do uso da enerxía e polo establecemento dun marco de sustentabilidade eficiente, xoga un papel moi relevante a eficiencia enerxética nas dependencias municipais e na iluminación pública. Para acadar os fitos establecidos por Europa, é necesario incorporar nas estratexias municipais un plan de acción sobre eficiencia enerxética.

Esta nova liña de axudas da Xunta de Galicia mellorará a eficiencia e o aforo enerxético, diminuírá o impacto ambiental e as emisións de CO<sub>2</sub> dos inmobles e infraestruturas municipais.

Non cabe dúbida de que a redución das emisións pasa tamén pola concienciación en materia de eficiencia enerxética e polo fomento de accións que impliquen unha diminución da demanda de enerxía. Así, a aplicación de criterios de sustentabilidade asociados á construción de edificacións novas e á rehabilitación dos edificios son aspectos nos que se debe fundamentar a redución de emisións.

Con este obxectivo, as subvencións que se regulen nesta convocatoria orientaranse, á mellora da envolvente térmica, á instalación de iluminacións eficientes, e á mellora dos sistemas de calefacción e climatización nos edificios e infraestruturas vinculados á prestación de servizos municipais. O orde de eficiencia enerxética terá un carácter plurianual abarcando os exercicios 2024 e 2025.

- No ano 2024, tendo en conta a importante demanda e os resultados acadados polas convocatorias de axudas específicas destinadas as asociacións veciñais de Galicia nos exercicios anteriores, seguiremos apostando por apoiar ao asociacionismo veciñal cunha nova convocatoria de axudas mantendo o incremento orzamentario do ano 2021.

Así, destinaremos 3.000.000 de euros que se suman aos case 16 millóns distribuídos no período 2016-2023 para continuar colaborando e fomentando e dinamización do asociacionismo veciñal, recoñecendo o seu labor indispensable no desenvolvemento da vida social nos concellos, e a súa condición de eixo fundamental da participación cidadá.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa, aínda que ten coma principais destinatarios ás entidades locais, ten carácter universal ao ter como destinatarios últimos o conxunto da cidadanía, sendo os concellos os suxeitos relevantes na implantación das actuacións previstas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A normativa xeral, constituída fundamentalmente pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece o punto de partida para o deseño das propostas a través das cales acadar os obxectivos orzamentarios.

No tocante aos concellos, cómpre indicar que o concello constitúe o nivel básico e esencial da organización territorial de Galicia. A crise do COVID -19 e as consecuencias da crise económica derivada da guerra de Ucraína afectaron tamén as facendas locais, singularmente aos pequenos municipios, con escasa poboación e insuficientes medios económicos, que se encontran con importantes dificultades para atender a prestación dos servizos públicos e a satisfacción das novas prioridades e necesidades. É por iso que, nun escenario, de crise económica e social é mais necesario que nunca buscar fórmulas e recursos técnicos e organizativos adecuados que garantan un nivel óptimo de prestación de servizos ou contribúan á mellora da súa calidade, na acción de fomento individual ou mediante fórmulas de xestión compartida: convenios de colaboración, subvencións para infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, para actuacións destinadas á conservación, reposición e restauración do ambiente e reequilibrio territorial que inclúan o financiamento do gasto corrente ou de funcionamento das entidades locais en materia medioambiental, axudas para actuacións de reforzo das policía locais, así como o impulso do Portal Eido Local ou o estímulo definitivo á modernización da administración local da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a implantación, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, da e-Administración nos concellos de Galicia, constitúen importantes ferramentas para acadar unha prestación homoxénea dos servizos á vez que elevan o seu nivel de calidade e para camiñar na senda da recuperación e transformación dos nosos concellos trala crise sanitaria sen precedentes a que nos enfrontamos.

Por outra banda, o fomento do asociacionismo municipal, a través das mancomunidades de concellos ou os consorcios locais, e a implantación de instrumentos e procedementos que per-



mitan a xestión compartida de servizos municipais na acción de fomento, compoñen fórmulas de xestión que optimizan recursos a menor custo e maior efectividade, especialmente no caso dos pequenos concellos e lles permiten prestar servizos públicos de maneira adecuada e sustentable. Un campo especialmente propicio para a agrupación de pequenos concellos é o do sostemento en común dos postos reservados aos habilitados nacionais, medida que será impulsada dende a Dirección Xeral de Administración Local.

Finalmente, non se pode esquecer a existencia das asociacións veciñais. Por mandato da Lei de Administración local de Galicia, desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia. As asociacións que se constitúen con esta finalidade teñen a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, eríxense nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos. Por este motivo o asociacionismo veciñal é outro dos escenarios en que se desenvolve a acción subvencional da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, respaldando o seu labor mediante o financiamento de novos investimentos e equipamentos das asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de augas e asociacións de mulleres rurais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese local.

Outros ámbitos de actuación salientables serán as colaboracións cos colexios territoriais Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Galicia. A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten atribuídas as competencias de elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter nacional, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia. Entre as funcións dos colexios atópase o impulso, a través dos medios que procedan, do estudo do dereito e técnicas de administración que afecten aos profesionais colexiados, así como cantas outras funcións redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados, como pode ser a implantación da e-Administración. Para facilitar a consecución dos seus intereses comúns, cómpre establecer un marco de colaboración que permita xuntar esforzos con estas asociacións de carácter profesional, que agrupan o persoal funcionario con habilitación de carácter nacional, e que deben xogar un papel central no proceso de modernización e racionalización da Administración local.

O fomento da cooperación local centrará a actuación deste centro directivo mediante o impulso da actuación da Comisión Galega de Cooperación Local que retomou a súa actividade no 2017.

A cooperación coas administracións locais estreitarase, como non pode ser doutro xeito, no ano 2024 co fin de chegar a aqueles concellos cuxa situación económica e social máis o requira

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprende as actuacións do programa vén constituído por:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico o e Fondo de Compensación Ambiental.
- Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa 141A.Administración Local concrétase por unha banda, na optimización e mellora da xestión na prestación de servizos á cidadanía a través da convocatoria e execución de liñas de subvencións para a prestación de servizos municipais, o apoio ás policía locais, o impulso do asociacionismo entre concellos e as actuacións de seguimento do Pacto Local. Por outra banda o obxectivo do programa é contribuír á mellora da xestión administrativa local en si mesma, mediante a incorporación de novas tecnoloxías, fomento da formación do persoal, apoio á cobertura de postos de habilitación nacional por persoal interino.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	

Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	
--	--

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Entre os obxectivos deste programa de gasto están a de contribuír ao financiamento de equipamentos e infraestruturas nas entidades locais para a prestación de servizos á cidadanía e a realización de investimentos produtivos que xeren emprego no ámbito local, así como o impulso da Administración electrónica para posibilitar unha mellor relación entre a Administración autonómica e os concellos e entre estes e a cidadanía.

Polo que se refire á dotación de equipamentos e infraestruturas, analizado dende o punto de vista da perspectiva de xénero hai que considerar que, a pesar da súa aparente neutralidade e do suposto carácter universal, as necesidades de mulleres e homes en canto a equipamentos públicos non son iguais, derivadas da situación que se recolle en numerosos estudos e estatísticas de que as mulleres utilizan máis o espazo público para tarefas de xestión doméstica e de coidado das persoas que dependen delas (maiores ou menores) e de que seguen a existir diferenzas en canto á mobilidade.

Por este motivo, a programación das infraestruturas e dos equipamentos públicos debe realizarse tendo en conta que mulleres e homes teñen diferentes, oportunidades e necesidades. Dende o punto de vista do xénero será diferente o impacto que pode ter o financiamento para a construción dunha escola infantil ou dun centro de atención a persoas maiores, que a construción dun campo de fútbol. Así, polas características dos investimentos que se financian (parques para a infancia, obras e equipamentos para a protección do ambiente e do medio natural e para o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais), hai que considerar que este programa de gasto vai ter un impacto positivo dende o punto de vista do xénero.

Polo que se refire ao fomento da e-Administración para facilitar a relación entre as entidades locais e a cidadanía, hai que considerar a existencia dunha fenda dixital de xénero que afecta non só ao acceso aos ordenadores e a internet, senón tamén á intensidade xa que as mulleres son usuarias menos intensivas, conectándose con menos frecuencia e durante menos tempo.

En canto ao número de mulleres e homes que potencialmente poden beneficiarse do programa de gasto, debemos considerar ao total da poboación galega, xa que desde este programa de gasto se desenvolven actuacións dirixidas á Administración local galega co fin de promover a realización de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos. A diversidade de servizos que se pretende dotar ou mellorar, dentro dun amplo catálogo que vai desde as infraestruturas de uso público ata a realización de obras, equipamentos e subministracións para a prestación dos servizos públicos relacionados no artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, permite identificar como poboación potencialmente beneficiaria por igual á poboación masculina como á feminina.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Ademais das actuacións directas que se financian e que como xa se indicou poden ter un impacto positivo na promoción da igualdade entre mulleres e homes, no punto seguinte relaciónanse os obxectivos e as medidas concretas para a incorporación da perspectiva de xénero e a identificación dos indicadores de seguimento.

OBXECTIVOS	Actividades	Destinatarios
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
	Convocatorias de subvencións promovidas pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais
	Subscrición de convenios promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito do asociacionismo veciñal
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Redacción de convocatorias de subvencións, contratos e convenios	Persoal ao servizo da Dirección Xeral de Administración Local
		Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Execución de obras e adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais, entidades sen ánimo de lucro no ámbito da Administración local
	Procedementos de contratación promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Empresas
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Subvencións a entidades locais para a execución de proxectos de obras e para a adquisición de equipamentos para a prestación de servizos públicos	Entidades locais

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero:

OBXECTIVOS	MEDIDAS	INDICADORES
Integrar a perspectiva de xénero na actuación xeral do departamento	Introdución da perspectiva de xénero nos procedementos administrativos promovidos pola Dirección Xeral de Administración Local	Porcentaxe de procedementos de contratación que incorporan cláusulas con perspectiva de xénero
		Porcentaxe de convocatorias de axudas que incorporan criterios de igualdade de xénero
		Porcentaxe de convenios asinados que incorporan criterios de igualdade de xénero
Promover o uso da linguaxe inclusiva en toda a documentación producida pola Dirección Xeral de Administración Local (convenios de colaboración, convocatorias de subvencións, contratos, ...)	Desenvolvemento de pautas de supervisión e orientación para facilitar e estimular un mellor uso dunha linguaxe inclusiva na documentación producida pola actividade administrativa da Dirección Xeral de Administración Local	Número de accións realizadas por tipoloxía (convocatorias de subvencións, contratos, convenios)
		Número de textos de convocatorias de subvención, contratos e convenios revisados e validados
Promover a actividade empresarial e laboral das mulleres introducindo medidas que faciliten o acceso das mulleres a todos os sectores da actividade profesional sobre os que se actúa	Incorporación de criterios de valoración que, desde a perspectiva de xénero, incentiven a contratación de mulleres na execución dos proxectos que se desenvolvan baixo o impulso da Dirección Xeral de Administración Local, a través de convenios de colaboración e convocatorias de subvencións	Porcentaxe de mulleres contratadas sobre o total de persoas contratadas
		Incorporación de cláusulas nos pregos de contratación que promovan a integración da perspectiva de xénero nos contratos xestionados pola Dirección Xeral de Administración Local
Potenciar o desenvolvemento e adecuación dos proxectos en materia de obras e equipamentos para a prestación de servizos públicos que facilitan a conciliación	Integración da perspectiva de xénero nos proxectos de obras e equipamentos para a prestación dos servizos públicos	Número de proxectos que actúan sobre os servizos públicos que facilitan a conciliación
		Número de proxectos e obras que teñen en conta a dimensión de xénero
		Poboación potencialmente destinataria desagregada por sexo

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Administración Local

### III.1.7. PROGRAMA 212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O papel da Xunta de Galicia na atención de emerxencias céntrase en tres funcións fundamentais: a superior dirección e coordinación da protección civil, a xestión dos servizos que se considere necesario prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, e a xestión das emerxencias que superen os medios de resposta de que dispoñen as entidades locais; ademais a Xunta de Galicia lle corresponde a implementación das competencias propias de seguridade pública da comunidade autónoma a través do exercicio das funcións da Unidade de Policía Nacional Adscrita á Xunta de Galicia.

Os obxectivos deste programa na área de protección civil e emerxencias consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema que garanta a protección da cidadanía fronte as situacións de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, e que por extensión poda utilizarse dun xeito efectivo para a xestión das situacións de urxencia ou emerxencia que de xeito cotián ocorren á poboación da comunidade autónoma.

Na área de seguridade consisten en soportar o funcionamento do sistema de seguridade público galego, desde a aplicación, ordenación e calidade do servizo público para garantir unha prestación máis eficaz e eficiente, tanto na consecución dos resultados desexables como no uso racional e sostible dos recursos públicos dispoñibles, tendo en conta que estamos ante unha materia moi sensible e transcendente, ao constituírse como un ben público que vai unido ao benestar social e a calidade de vida da sociedade galega.

As prioridades de actuación do programa orzamentario 212A a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, da Axencia Galega de Emerxencias (en diante, AXEGA) e da Academia Galega de Seguridade Pública (en diante, AGASP), atendendo a problemática observada ata o momento actual, tanto nas emerxencias producidas na comunidade, como tendo en conta a dispersión poboacional e a poboación sobre a que se leva a cabo o obxectivo estratéxico do programa, son, fundamentalmente:

Planificación axeitada e actualizada en materia de protección civil, coa implantación dos plans recentemente elaborados e actualizados. No ano 2024 levarase a cabo a implan-

tación da revisión do Plan especial ante o risco Sísmico (SISMIGAL), e do Plan especial de accidentes no transporte de mercadorías perigosas (TRANSGAL), trala súa revisión no ano 2023, e a aprobación do Plan especial ante accidentes de aviación civil, (AEROGAL), e procederase a súa implantación. A implantación dos plans implica a súa divulgación entre todos os organismos chamados a intervir, a formación dos integrantes no plan e a realización de simulacros e exercicios.

Equipamento dos servizos profesionais e organizacións de voluntariado que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia para garantir unha adecuada atención a cidadanía.

Aplicación e desenvolvemento da lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, coa implantación do decreto de autoprotección aprobado no ano 2022, no que, ademais de actualizar o catálogo de actividades, centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias dos que os titulares teñen a obriga de elaborar e rexistrar un plan de autoprotección, establecéronse novos limiares para determinadas actividades ou centros. No ano 2024 continuaránse impulsando medidas de prevención e defensa corporativa, incidindo na prevención, como un dos cernes fundamentais da protección civil, e mellorando o acceso dos servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia á información de riscos, tanto a través da actualización continua do xeportal de protección civil como da información do propio rexistro de Plans e autoprotección.

Colaboración coas administracións locais competentes, concellos e deputacións, para seguir mellorando o mapa de emerxencias de Galicia.

O impulso na incorporación de solucións tecnolóxicas como a intelixencia artificial, a análise big data, a tecnoloxía 5G ou os sistemas de información xeográfica para dar unha mellor resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias que requiren da mobilización de múltiples recursos.

No ano 2023 aprobouse o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais. En consecuencia no ano 2024, modificaránse varias disposicións normativas para adaptarse ás previsións contidas no novo decreto e outra normativa de aplicación.

A aposta pola mellora continua en medios humanos, vehículos e medios técnicos destinados á Unidade do Corpo Nacional de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, UPA), cunha actuación preferente establecemento dos dispositivos de seguridade necesarios para atender e protexer á poboación da Galicia, con especial fincapé na loita contra a violencia de xénero, en coordinación e colaboración coas demais forzas e corpos de seguridade.

A potenciación da formación de carácter permanente na AGASP para: a) os funcionarios da UPA en todas as funcións que lle son propias e, en especial, para os grupos de investigación especializada en medio ambiente e incendios, menores, violencia de



xénero, xogo, etc; b) para os voluntarios de protección civil, persoal de protección civil e emerxencias e resto de axentes que interveñen nas emerxencias.

Modernización e potenciación do sistema de atención ás emerxencias en Galicia a través do Centro Integrado de Atención de Emerxencias I 12 Galicia (en diante, CIAE-I 12 Galicia), dando unha resposta mais áxil e eficaz á cidadanía galega a través do uso de novas tecnoloxías para comunicación a poboación e servizos de emerxencia e protección civil.

Consolidación e potenciación do Grupo de Apoio Loxístico nas súas funcións de intervención nas emerxencias así como en operativos preventivos, poñendo a disposición dos distintos colectivos operativos os seus recursos especializados e o Posto de Mando Avanzado.

Coordinación e colaboración transfronteiriza en emerxencias, xerando melloras técnicas e dotacionais nos grupos operativos e formativas e informativas que aumenten a resiliencia da poboación nestas zonas.

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: a Dirección Xeral de Emerxencias, a AGASP e a AXEGA, que dirixen as súas actividades en orde a:

- Na área de protección civil, elabóranse e implántanse plans de emerxencia por mor de riscos naturais e de aqueles ocasionados pola actividade humana, aténdese a xestión de emerxencias derivadas dos avisos ao CIAE-I 12 Galicia e da activación dos devanditos plans; préstase apoio os concellos e agrupacións de voluntarios de protección civil, como parte fundamental do sistema, e dáse apoio técnico á Comisión Galega de Protección Civil, como órgano colexiado da Administración da Comunidade Autónoma, que ten como finalidade a coordinación e colaboración interadministrativa en materia de protección civil.
- Na área de bombeiros, a través dos catro consorcios provinciais e un comarcal nos que participa a Xunta de Galicia xunto coas deputación provinciais, así como os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) onde tamén participa a Xunta de Galicia coas administracións locais que son as competentes nesta materia, aténdense prioritariamente, por persoal especializado, as incidencias derivadas de incendios urbanos, industriais e forestais de afectación a vivendas, explosións, fugas, inundacións, rescates, derrubamentos e outras actividades de salvamento que for precisas.
- Na área de policía, as intervencións do persoal policial da UPA, como policía administrativa, se dirixen a complementar as actuacións das distintas consellerías da Xunta de Galicia que poidan precisar de prevención, reforzo ou investigación desde a perspectiva da seguridade: protección, incendios forestais, medio natural, furtivismo e marisqueo ilegal, patrimonio cultural, protección de vítimas de violencia de xénero, de menores e familia, e as inspeccións en materia de urbanismo.
- A través da AXEGA, as necesidades que se tratan de atender consisten na definición e a aplicación dun criterio integral e integrado de coordinación, cooperación e colaboración, entre os distintos axentes que interveñen na emerxencia, que permita dar unha

resposta completa no eido da xestión das emerxencias e, no seu caso, na posterior rehabilitación da situación o seu estado anterior. Ademais a AXEGA intenta resolver as necesidades dotacionais dos diferentes servizos operativos de emerxencia de Galicia por orde prioritario, e mellorar o sistema de comunicación e traslado de datos entre o CIAE-112 Galicia e os diferentes grupos operativos e responsables do sistema de protección civil galego a través das comunicacións vía radio da rede RESGAL (Rede pública dixital de comunicacións de emerxencias) e unha aplicación embarcado en dispositivo móbil tipo tablet.

- A través da AGASP aténdese á formación do persoal do sistema integrado de protección civil, de emerxencias e de seguridade pública, así como o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, continuando coas adhesións dos concellos delegantes e a realización da centralización na AGASP dos procesos unitarios de selección da policía local e dos auxiliares de policía local de Galicia.

No que vai de ano 2023, o servizo de formación en Seguridade Pública realizou 181 cursos, mentres que o gasto en formación en materia de emerxencias ascendeu a 381.397,13€.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Polo que respecta ao colectivo ao que se dirixen as actuacións do programa, tanto nas áreas de protección civil e de emerxencias como na de policía, ao estaren despregados os efectivos destes colectivos por toda a xeografía galega, as súas intervencións abarcan toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia e nalgunha ocasión en función dos pactos de axuda mutua e os convenios de colaboración en emerxencias entre comunidades limítrofes, á poboación da zona de fronteira do Norte de Portugal, Asturias e Castilla e León. Estas actuacións realízanse en colaboración e coordinación cos corpos de emerxencias, voluntarios e profesionais de protección civil, seguridade e bombeiros dependentes dos concellos, así como tamén cos corpos de seguridade dependentes da Administración estatal.

Na área da formación, as actividades están dirixidas á policía Local de Galicia, á UPA, ás agrupacións de protección civil, aos bombeiros, aos axentes forestais e ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En relación a actividade da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

## I. Na área de protección civil.

### I.1 Situación de partida.

- Disponse de plans e programas de emerxencias que necesitan ser renovados, tendo en conta que os riscos non son constantes no tempo, para garantir a súa operatividade e mellorar a súa implantación.
- Hai novas obrigas legais que derivan da aprobación do Plan de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil, trala entrada en vigor do Real decreto 837/2020, do 15 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
- O rexistro de voluntarios de protección civil é soportado por unha aplicación informática desenvolta ao longo do ano 2021, que permite implementar novas funcionalidades para responder ás necesidades das agrupacións e da administración e mellorar o seu funcionamento, en orde a acadar unha óptima mobilización dos recursos dispoñibles.
- O Decreto 37/2019, do 21 de marzo, polo que se determinan os órganos competentes e outras medidas para o control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos cales interveñan substancias perigosas.
- O Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

### I.2 Actuacións novas.

Ademais de atender ás emerxencias ordinarias (incendios, inundacións, accidentes,...) e á tramitación de expedientes de subvencións, convenios, etc. está previsto:

- Renovación e implementación dos plans de emerxencia exterior que caducaron ou van a caducar.
- Implantación do Plan Especial de Protección ante o risco de emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
- Revisar os plans vixentes e proceder á súa implantación: se están a implantar novas aplicacións informáticas para facilitar a operatividade dos plans (procedementos de activación e desactivación e actuacións necesarias segundo o nivel de activación) e está previsto a realización de exercicios e simulacros.
- Difusión e alta de concellos, servizos de emerxencias e a outras consellerías ao Rexistro de plans de autoprotección como ferramenta de información sobre os centros, establecementos, espazos, instalacións ou dependencias que facilite e optimice as intervencións dos servizos do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia en caso de sinistro.
- Participación en proxectos europeos na área de protección civil e xestión de riscos.
- Impulso das Asociacións de Voluntarios de Protección Civil (en diante, AVPC) mediante agrupacións de concellos que optimicen o aproveitamento e utilización dos

recursos dispoñibles, tanto humanos como materiais, e impulsando a incorporación de novos voluntarios ás AVPC, fomentando o carácter destas agrupacións como entes vehiculares de canalización da participación dos galegos en accións de voluntariado tal e como se puxo de manifesto nos numerosos operativos levados a cabo polas mesmas durante a pandemia que vivimos todo este tempo. Continuaremos apoiando e pondo en valor o papel das agrupacións de voluntarios de protección civil impulsando a súa participación en programas específicos como son a atención as incidencias que poidan ocorrer nos camiños de Santiago, a seguridade en lugares de pública concorrencia e a implementación de plans de protección civil.

- Ampliación da dotación de medios e recursos naquelas AVPC e zonas nas que aínda houberse necesidades pendentes, a través fondos do programa operativo FEDER 2021-2027 Esta actuación virá a complementar o amplo proceso de renovación e mellora do equipamento que se levou a cabo nos últimos anos e que achegou ás AVPC equipamento (208 vehículos todoterreo, 195 remolques de emerxencias, 65 furgóns, 98 espaxadores de sal, 70 embarcacións, 143 tendas de campaña, 4 UTV, 43 coitelas quitaneves, 21 kits de material loxístico de seguridade viaria, 21 kits de material para as emerxencias no medio acuático, 21 kits de ferramentas eléctricas para a atención ás emerxencias ou 212 equipos de protección individual contra a vespa velutina, entre outros) por valor de máis de 15 millóns de euros.
- A impartición de programas de formación homoxéneos para os profesionais das emerxencias de Galicia e potenciación da formación dos voluntarios que complementen de forma coordinada os medios de intervención na nosa comunidade.
- A sinatura de convenios de colaboración con entidades, organismos e colaboradoras do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, entre os que cómpre destacar os asinados con entidades para a prestación de atención psicosocial en emerxencias que así o requiran como accidentes de múltiples vítimas ou emerxencias que podan requirir a evacuación das persoas.
- O impulso na busca de solucións tecnolóxicas que permitan darlle resposta a tipoloxías de incidencias crecentes, como é o caso da busca de persoas desaparecidas ou a comunicación en grandes incidencias a través da tecnoloxía 5G.
- A mellora e potenciación dos sistemas de información para coñecemento do risco, a través do mantemento e mellora continua do visor de riscos elaborado no ano 2002 e que está dispoñible vía web e accesible ás administracións locais e aos cidadáns.

## 2. Na área de medios operativos de emerxencias

### 2.1 Situación de partida

A Xunta de Galicia está a participar no financiamento e operatividade do consorcio provincial da Coruña (con 10 parques comarcais de bombeiros), de Lugo (con 6 parques comarcais de bombeiros), no de Pontevedra (con 4 parques comarcais de bombeiros)

e no consorcio provincial de Ourense (4 parques comarcais de bombeiros), ademais do parque do Consorcio de Bombeiros das Comarcas Deza/Tabeirós e Terra de Montes, con sede en Silleda.

No ámbito da organización da prestación do servizo, cómpre a determinación do modelo de atención ás Emerxencias por parte dos consorcios provinciais contra incendios e de salvamento. Os consorcios provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra, xa aprobaron a prestación directa da xestión do servizo de atención ás emerxencias. No caso de Ourense está en tramitación moi avanzada o expediente de cambio de modelo de xestión para o paso a xestión directa.

Ademais, a Xunta de Galicia consigna no orzamento de 2024 o presuposto para acometer a comarcalización dos restantes parques de bombeiros das grandes cidades, unha vez comarcalizado o parque de bombeiros de Ferrol, e avanzado na comarcalización do parque de bombeiros de Santiago de Compostela.

A comarcalización constitúe unha das recomendacións do ditame final da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal do Parlamento de Galicia, que a propoñía coa finalidade de reducir os tempos de resposta ás emerxencias nas súas áreas metropolitanas. A estes efectos volverase consignar nos orzamentos, con cargo ao Fondo de Cooperación Local, unha contía dedicada especialmente á prestación dos servizos de emerxencias con carácter comarcal ou, no seu defecto, supramunicipal, na convicción de que este é o camiño para acadar a mellor cobertura posible no territorio dun servizo profesional de emerxencias.

Este proceso de comarcalización de parques municipais de bombeiros require do acordo e da vontade de distintas administracións; en primeiro lugar, o concello titular do servizo e, de seguido da Administración autonómica, da administración provincial e, como non, dos concellos aos que o parque que se comarcaliza deba dar este servizo.

A Xunta de Galicia aposta decididamente por este modelo de comarcalización dos parques de bombeiros das cidades que permitirá optimizar os recursos xa existentes e dar cobertura ás emerxencias que se poidan producir nos seus contornos, defendendo un modelo de colaboración entre tódalas partes afectadas, como xa se ven facendo co parque de Ferrol dende hai varios exercicios.

No ano 2024 continuaremos a traballar e impulsar estes acordos de comarcalización de parques de bombeiros municipais, que xa se teñen producido na provincia da Coruña, se poidan estender e materializar no resto do territorio de Galicia, e así se poidan beneficiar todos os galegos e galegas desta, sen dúbida, mellora da atención das emerxencias e completar o obxectivo de acadar un mapa de atención ás emerxencias que cubra de forma integral a todo o territorio de Galicia cuns tempos de reposta aínda menores dos acadados neste momento.

## 2.2 Actuacións novas

A partir do ano 2018 todos os consorcios provinciais están en pleno funcionamento, atendendo deste xeito á obriga recollida na disposición adicional terceira, apartado 2, da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, e se homoxeniza un mesmo sis-

tema de prestación deste servizo en toda a comunidade autónoma. Mesmo se abordou a equiparación salarial, tomando como referencia os salarios do consorcio provincial de Ourense; a equiparación xa está efectiva en Lugo, Pontevedra e A Coruña.

Todo elo co obxectivo de acadar unha prestación homoxénea e uniforme en todo o territorio de Galicia, co horizonte de dar un servizo áxil e eficaz a todos os galegos e galegas, independentemente do seu lugar de residencia, a través dos servizos profesionais de emerxencias que constitúen tanto os parques de bombeiros como os grupos de emerxencia supramunicipal

Para 2024 continúaase coa mesma actuación, por parte da Xunta de Galicia e das deputacións provinciais, que seguirán participando nos orzamentos dos Consorcios de bombeiros, estando prevista ao efecto unha achega da Xunta de máis de 10 millóns de euros, que se verán incrementados de seguro por procesos pendentes de comarcalización dos parques municipais das grandes cidades.

A Xunta de Galicia xunto coas deputacións provinciais, que son os organismos locais responsables da dotación de recursos para facer fronte as emerxencias, seguirá participando nos orzamentos que permitan consolidar os Grupos de Emerxencia Supramunicipais, achegando o 52,5% dos gastos de funcionamento e dotándoos de material.

A Xunta de Galicia está, a través da Comisión Galega de Protección Civil, a fomentar un proceso de comarcalización para dar un servizo de atención de emerxencias baseado no menor tempo de resposta do servizo operativo (Isocrona), así como fomentando a creación de novos grupos operativos de emerxencia, tal e como se fixo o longo de 2023.

### 3. Na área de policía.

#### 3.1 Situación de partida.

Dende a súa creación en 1991, a UPA ven ampliando notablemente a prestación dos seus servizos, para dar resposta á asunción paulatina de novas funcións e competencias. Actualmente, o labor da UPA abrangue eidos importantes para a vida cotiá dos cidadáns, en materia de menores, xogo, a loita contra o furtivismo e incendios forestais, a ordenación do territorio ou a intervención fronte aos casos de violencia de xénero.

#### 3.2 Actuacións novas.

- Promover o aumento dos medios humanos da UPA, reclamando do Ministerio do Interior a cobertura de vacantes, que permita retomar aos niveis de persoal do ano 2013, tendo en conta, ademais, que a UPA ten asumido novas competencias, entre elas moi especialmente a protección de mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Este obxectivo reiteradamente reclamado ao goberno do Estado, tanto polo goberno da Xunta de Galicia como en sede Parlamentaria, persegue poder dar un servizo de calidade aos galegos e galegas a través desta unidade policial que tras 30 anos de servizo en Galicia é recoñecida como unha policía propia de todos os galegos e que de forma progresiva foi asumindo cada vez máis competencias.

Algunha das competencias asumidas, como son as referidas a protección dos camiños, as de protección do medio ambiente e de protección do patrimonio cultural, requiren dun esforzo de persoal constante pero que, demandan unha maior atención e implicación pola nosa policía, xa que o número de peregrinos está a incrementarse ano tras ano, polo tanto, as accións vencelladas a este incremento e atención de competencias nas rutas xacobeas tamén serán maiores. Así mesmo este incremento de persoal permitiría poñer en marcha unha nova modalidade de patrullaxe nos camiños con servizos a pé en distintos puntos das rutas xacobeas e que permitirían unha atención máis cercana e accesible aos peregrinos, cunha especial incidencia na protección da muller nas distintas rutas. Todo elo complementado coa adscrición a estes servizos de vehículos híbridos e todo camiño adquiridos especialmente para esta finalidade e que se complementan con equipos DESA para a posible atención in situ dos peregrinos.

Neste ano 2023 púxose en funcionamento unha oficina de atención ao peregrino de carácter móbil e que recorre os distintos camiños para dar un servizo cercano e puntual das diferentes rutas, oficina que se instalou nun vehículo especialmente adaptado a estas funcións.

Continuar coa renovación de vehículos e medios técnicos necesarios para unha mellor prestación do servizo policial e un óptimo desenvolvemento das funcións propias da UPA, especialmente nos eidos da seguridade e protección de persoas, órganos, edificios e establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia; a prevención e investigación de incendios; a protección do medio natural e dos recursos mariños; a colaboración en tarefas de rescate e salvamento; e a actuación e colaboración na protección de vítimas de violencia de xénero e nos casos de violencia intrafamiliar e contra menores.

Fomentar a participación do persoal da UPA na formación específica, dirixida especialmente a aquelas funcións que precisan dunha maior actualización e competencia profesional, respecto de todas as funcións que desenvolve, incidindo de xeito prioritario na formación vencellada aos ámbitos dos camiños xacobeos e atención dos peregrinos en eidos tales como a violencia de xénero, a formación en DESA e protección do patrimonio cultural.

Manter e ampliar os mecanismos de colaboración e coordinación das actuacións da UPA con outros corpos e forzas de Seguridade que desenvolven as súas tarefas na nosa comunidade, con especial incidencia na colaboración coas policía locais de Galicia, impulsando cando sexa necesario e demandado a implementación de dispositivos coordinados e conxuntos.

- Promover en colaboración co Ministerio do Interior a constitución dun punto de atención e coordinación policial á entrada de Santiago de Compostela, con efectivos policiais, como reforzo aos mecanismos de coordinación de todas as forzas e corpos de seguridade que operan na cidade, co fin de ofrecer unha asistencia policial integral aos visitantes e peregrinos que chegan procedentes dos distintos camiños.

- Este compromiso coa seguridade, en todos os seus aspectos, require a implicación de todas as administracións.
- Dotar á UPA dos medios técnicos (vestiario, informática, transmisións e outros) e dos vehículos necesarios para desenvolver con maior eficacia as súas tarefas.

#### 4. A través da AXEGA

##### 4.1 Situación de partida.

Na actualidade o sistema de atención de emerxencias de Galicia está baseado nunha estrutura multidisciplinar, que dependendo de distintas administracións e con sistemas organizativos moi diversos, procede a resolución destas unha vez que os recursos dispostos para elo son alertados polo CIAE-I 12 Galicia. O sistema de protección civil da comunidade autónoma diferencia entre dúas tipoloxías de emerxencias as ordinarias que cos medios asignados a nivel local pódense resolver ou as extraordinarias onde a capacidade dos medios asignados localmente non son suficientes, e téñense que activar diferentes plans segundo a tipoloxía da emerxencia onde se amplía a información e a intervención a medios operativos e responsables de protección civil en ámbitos superiores o local.

##### 4.2 Actuacións novas.

- Potenciar o Grupo de Apoio Loxístico á Intervención (GALI). O éxito do GALI fixo que se incrementase en mais dun 300% a demanda dos seu servizos, o que permitiu ir paulatinamente reforzando o equipamento operativo especializado de apoio loxístico en emerxencias complexas ou de gran magnitude na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta a disposición dos axentes intervincentes de recursos especializados e do Posto de Mando Avanzado. A realidade actual que reflicten as actuacións do GALI tanto en incendios forestais como industriais así como nas súas labores durante a pandemia puxo en evidencia a necesidade de aumentar a infraestrutura adicada ao GALI estando previsto para o 2024 a ampliación da nave onde se albergan as instalacións e material do GALI cuxo proxecto foi licitado e entregado polo adxudicatario no 2023 permitindo desta maneira unha mellor organización que redunde nun mellor servizo a cidadanía. En 2024 destinaranse a esta actuación 308.000€.
- No exercicio 2024 levárase a cabo unha prorroga do contrato de servizo de apoio loxístico á intervención nas emerxencias, destacando, entre outras melloras organizativas da prestación, o reforzo dos profesionais ou especialistas asignados ao grupo así como novos medios dotacionais destacando os da sección de operación con drones ou robots para atacar grandes lumes industriais ou urbanos dende o interior das infraestructuras.

O GALI constitúe un grupo de traballo capaz de mobilizar os recursos á súa disposición a calquera punto no que se requira o seu apoio, cando a entidade da incidencia



así o aconselle, dentro duns parámetros de tempo curtos e axeitados á urxencia que a situación requira.

A composición do grupo responde ao criterio de especialización, dado que a tipoloxía das súas funcións determina a necesidade de profesionais con coñecementos técnicos de apoio loxístico necesarios para preparar e utilizar os recursos materiais e equipamentos coa máxima dilixencia e conseguir a súa implementación eficaz con outros recursos dispoñibles do resto dos axentes que interveñen directamente nas emerxencias (grupos de intervención).

- Finalizar a implementación do Plan de comunicación de emerxencias de Galicia a través da rede Resgal.
- Consolidación da súa estrutura organizativa con criterios de tecnificación e especialización na atención das emerxencias.
- Adquisición de novas ferramentas TIC así como a evolución e optimización das existentes.
- Formación e constante especialización do persoal da AXEGA e do CIAE I12 Galicia.
- Impulso e apoio ao papel que debe xogar o CIAE I12-Galicia da Estrada, como elemento catalizador para a paulatina “integración operativa” dos distintos servizos básicos de atención ás emerxencias: sector seguridade, sector sanitario, sector asistencial, sector conraíncendios e salvamento, sector medioambiental e sector protección civil, para así acadar unha xestión e coordinación “integral” (que abarque todos os campos posibles implicados nas emerxencias) e integrada (para que todos os axentes dos servizos de intervención actúen conxuntamente, de xeito coordinado e compartindo información en tempo real).
- Continuar coa potenciación do Servizo de Xestión do CIAE I12 Galicia, para adaptalo ás esixencias e necesidades operativas e tecnolóxicas do Centro Integrado de Atención ás Emerxencias I12 Galicia da Estrada. Dentro deste impulso o longo do 2024 debido a modificación de convenio colectivo melloranse as condicións laborais dos traballadores do CIAE I12 por outro lado introducíranse melloras no aplicativo GEMMA que usa o CIAE-I12 para a xestión de incidencias así como melloras nas comunicacións cos grupos operativos de emerxencia a través da rede Resgal e a utilización dun aplicativo remoto para dispositivos móbiles compartindo en tempo real a información que as operadoras do I12 introducen no aplicativo GEMMA das diferentes incidencias que entran en sala. A tecnoloxía avanza a pasos de xigante e por isto, compre neste ano 2024 realizar unha renovación da infraestructura tecnolóxica do CIAE-I12 para evitar problemas de obsolescencia, cambiáranse o longo do ano a plataforma de servidores e almacenamento, a electrónica de rede, os balanceadores de carga así como renovárase o datawarehouse corporativo e a base cartográfica e migráranse as bases de datos entre outra tarefas. Para esta actuación consígnanse nos orzamentos de 2024 560.000€

Durante o ano 2024 desenvolveranse e daráselle continuidade a diversas liñas de traballo conducentes á continua mellora do servizo prestado polo CIAE 112 á cidadanía. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- Continuar coa implementación dos avisos masivos a poboación integrados na RAN-PWs ( Rede de alerta Nacional de Protección Civil) que permite o envío xeneralizado e inmediato de alertas en formato SMS os móbiles de persoas que se atopen en zonas afectadas por emerxencias ou catástrofes inminentes ou en curso.
- Continuar a colaboración coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias na configuración da Rede Nacional de información de Protección Civil. ( RENAIN).
- Continuar avanzando na integración telemática e presencial de servizos operativos de emerxencia no CIAE-112 ( Garda Civil, Policía Nacional, Policía Local, Bombeiros etc.).
- Séguese avanzando no traballo coas diferentes federacións, responsables autonómicos dos 112 e representantes do goberno central, na mellora do centro nacional de teleinterpretación que centralice un servizo 24 horas 365 días o ano ás persoas algún tipo de discapacidade auditiva ou da fala. En Galicia, no marco do proxecto "1-1-2 accesible".
- Colaboración con outras administracións en materia de intercambio de información, así como diversas melloras tecnolóxicas e técnicas no centro con esta mesma finalidade.
- Continuar durante o ano 2024 co deseño, aprobación e evolución de protocolos de intervención de recursos de emerxencias no territorio de Galicia, atendendo a criterios de pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos.
- Optimizar a aplicación de coordinación de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.
- Optimizar a aplicación de información y notificación de Plans de Auto protección e Emerxencia así como a información dos datos dos responsables do PMA.
- No ano 2024 seguiremos avanzando na accesibilidade do 112 coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para editar vídeos de consellos preventivos en linguaxe de signos.
- Seguir cos traballos de adaptación do centro ao Esquema Nacional de Seguridade así como ao RGLPD logo de ser clasificado como Infraestrutura Crítica e Servizo esencial polo Centro Nacional de Protección de Infraestruturas críticas (CNPIC).
- Mellora continua dos protocolos atendendo a criterios de pronta resposta, de territorialidade e operatividade dos recursos, así como procedementos que regulan os simulacros que se coordinan dende o CIAE-112 Galicia potenciando a presenza da AXEGA e do CIAE-112 Galicia como centro coordinador e vertebrador daqueles exercicios prácticos que se realizan no ámbito da comunidade autónoma calquera que sexa a súa natureza.

- Continuase no 2024 coa participación en proxectos de investigación e innovación, en colaboración con outras administracións ou entidades como é a Universidade de Vigo, Universidade de Coruña e Instituto Tecnolóxico de Galicia, GAIN, etc, co obxectivo de desenvolver ferramentas ou materiais que permitan controlar os riscos e diminuír o número de situacións de emerxencias que se producen.
- O mantemento da cooperación interrexional en materia de emerxencias con Portugal, Castela-León e o Principado de Asturias en zonas fronteirizas comúns, promovendo iniciativas que melloren a resiliencia dos servizos operativos e da cidadanía que vive ou desenrola a súa actividade laboral ou de ocio na zona transfronteiriza.
- Mantemento da coordinación e cooperación cos Centros de Atención de Emerxencias 112 do resto de comunidades autónomas e coa Dirección General de Protección Civil y Emergencias do Ministerio do Interior para a implantación de sistemáticas homoxéneas de atención á cidadanía (xeolocalización de terminais móbiles, atención a persoas con discapacidade auditiva ou visual, avisos masivos a poboación, melloras de comunicación da cidadanía co CIAE-112 Galicia a través de APPs que cumpran o protocolo PEMEA regulado para comunicación deste tipo en toda Europa, etc).
- Continuar coa adquisición de material e equipamento especializado necesario para dar resposta a emerxencias tanto por parte do Grupo de Apoio Loxístico da AXEGA como de Grupos de intervención en labores de salvamento e contra incendios correspondendo ao obxectivo da AXEGA de dotar aos servizos de intervención dos recursos axeitados para mellorar a súa capacidade de resposta ante as situacións de emerxencia, co fin de acadar un maior grado de seguridade para a cidadanía.
- A continuidade de proxectos didácticos que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación.
- Continuación de proxectos didácticos, que teñan como obxectivo fomentar entre os menores o correcto uso do número de emerxencias. Realizaranse neste ámbito proxectos co mesmo obxectivo enfocado a xente nova e maiores utilizando unidades didácticas, redes sociais e medios de comunicación facendo do 1-1-2, tal como ditamina a lexislación, o número único de emerxencias Europeo.
- Continuar no 2024 co impulso no CIAE 112 do labor preventivo a través da divulgación que se ten levado a cabo durante este 2023. A tal fin, continuarase a traballar nunha dobre liña: por unha banda, proseguirase coas visitas para dar a coñecer o centro e concienciar á poboación no uso responsable do número de emerxencias (visitas de diversos colectivos: escolares, colectivos profesionais, asociacións, etc) e, por outra banda, seguirase a utilizar como ferramenta de prevención a emisión de consellos preventivos a través de redes sociais e medios de comunicación (consellos para poboación en xeral, para colectivos específicos como é o caso dos peregrinos, etc).

- Durante o ano 2024 a AXEGA continuará con proxectos relacionadas coa prevención a través da divulgación e comunicación, como son; implementación de carteis desaiñados coa intención de que sexan vinculados a edificios públicos para que a poboación teña acceso a recomendacións básicas, xornadas con influencers ou a xornada que se celebrará este ano en Galicia de responsables de comunicación de todos os 112 do Estado. Converténdose no epicentro nacional e referencia dos proxectos futuros de comunicación e de atención as emerxencias de España.

## 5. A través da AGASP

### 5.1 Situación de partida.

A AGASP, organismo autónomo administrativo, ten como finalidade a formación, actualización e especialización no eido das emerxencias e da seguridade pública, incluíndo ao persoal de protección civil, emerxencias, GES, bombeiros, Policía local, UPA, Policía Nacional e Garda Civil.

Asemade o desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, modificado polo Decreto 20/2019, do 28 de febreiro polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, a AGASP xa consolidou a realización de procesos selectivos unitarios para a selección do persoal dos corpos das policía locais de Galicia.

Durante o ano 2024 realizará a formación da 16 promoción de policía local, ao remate dun proceso unitario que se convocou en maio do ano 2023, promoción interna as categorías de oficial, inspector, inspector principal e intendente.

Tamén a AGASP reforzará de xeito particular nos programas formativos do vindeiro curso a aplicación de novas tecnoloxías para as forzas e corpos de seguridade así como as emerxencias, como é o uso de cámaras de gravación, ou pilotaxe de aeronaves non tripuladas para estes servizos, así como incidirá nos problemas sociais máis importantes aos que estes profesionais teñen que afrontarse, especialmente relacionados coa lacra da violencia de xénero, menores e persoas maiores e dependentes.

### 5.2 Actuacións novas:

- Completar o cadro de concellos con corpo de policía local delegantes da súa competencia na selección do persoal da policía local en relación ao desenvolvemento do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, publicado no DOG do 22 de novembro de 2017. Actualmente existen 90 delegacións de competencias dun total de 138 concellos, 127 con corpo de policía local e 11 con vixiantes.
- Retomar a colaboración aos niveis previos a irrupción da pandemia derivada do covid19 en relación a execución do convenio posto en funcionamento en 2016 co

Ministerio do Interior, a formación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en concreto da Garda Civil e da Policía Nacional, que en total suman preto de 8.000 efectivos na comunidade autónoma xa iniciada durante o ano 2021.

- Instar e colaborar co Ministerio de Xustiza no desenvolvemento do convenio marco, asinado polo Centro de Estudos Xurídicos do Ministerio de Xustiza e a Xunta de Galicia en materia de formación de fiscais, letrados da Administración de xustiza, médicos forenses e avogados do Estado.
- Colaborar co Ministerio do Interior na formación dos colectivos de seguridade privada na comunidade autónoma.
- Continuar coa formación para a obtención da habilitación do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas, de xeito que mensualmente haxa oferta formativa para que calquera persoa interesada e sen custe, poida obter esta habilitación.
- Consolidar a formación dual (teleformación para as materias mais teóricas acompañada dos avances tecnolóxicos mais actuais e formación presencial para as materias e contidos prácticos).
- Impartir os cursos de formación e perfeccionamento dirixidos tanto, as persoas interesadas en exercer a actividade profesional de socorrismo en Galicia, como aquelas persoas xa inscritas no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia que requiren completar a súa formación o reciclarse na actividade de socorrismo.
- Implementación de accións formativas dirixidas a corpos e forzas de seguridade e a outros colectivos en materia de xogo con motivo da entrada en vigor da nova lei de xogo de Galicia.
- Realización de actividades de formación e divulgación en materia de espectáculos públicos e autoprotección dirixida a persoal de concellos e colectivos de seguridade e emerxencias, en orde a garantir a seguridade en grandes eventos de pública concurrencia.
- Creación dun laboratorio de evidencias dixitais e un grupo de especialistas en reconstrución e investigación de accidentes de tráfico, ao servizo dos concellos galegos e en coordinación coa Fiscalía.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Polo que respecta ao marco legal no que se desenvolve o programa, este está integrado polas seguintes disposicións legais:

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil.
- Real decreto, 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.

- Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de auto-protección.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñen substancias perigosas.
- Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación dos voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil.
- Decreto 123/2014, do 18 de setembro, polo que se regula a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario das agrupacións de voluntarios de protección civil, a imaxe corporativa destas agrupacións e os equipos de mobilidade necesarios para o desenvolvemento das funcións de protección civil e emerxencias.
- Decreto 101/2016, do 21 de xullo, polo que se regulan os órganos de coordinación, cooperación administrativa e asesoramento en materia de protección civil e emerxencias.
- Decreto 19/2019, do 21 de febreiro, polo que se regulan as medallas ao mérito de protección civil de Galicia e outras condecoracións
- Resolución do 2 de agosto de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Galicia, polo que se publica o Plan Territorial de Emerxencias e Protección Civil de Galicia.
- Orde do 8 de xuño de 2021 pola que se modifica a Orde do 27 de febreiro de 2012 pola que se crea o Rexistro electrónico de plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o seu procedemento (código de procedemento PR485A).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de corpos e forzas de seguridade.
- Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais.
- Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Orde do 29 de xaneiro de 2009, referida aos méritos, probas e temarios para os distintos procesos selectivos referidos aos corpos de Policía Local, vixilantes municipais e auxiliares de tempada.
- Decreto 59/2012, do 19 de xaneiro, do procedemento de homologacións da AGASP de cursos realizados por outras entidades.
- Real decreto 221/1991, do 22 de febreiro, de regulación das unidades adscritas.

- Real decreto 1089/2000, do 19 de xuño, que modifica ao anterior.
- Orde do 19 de xuño de 1991, do Ministerio do Interior, de creación da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 223/2007, do 5 de decembro, polo que se aproba o estatuto da AXEGA.
- Real decreto 903/1997, do 16 de xuño, do Ministerio de Fomento sobre transposición da normativa europea referente ó número único de emerxencias 112.
- Acordo do Consello da Xunta do 1 de outubro de 1997, en virtude do cal se constitúe a Xunta de Galicia en entidade prestataria do servizo de atención de chamadas de urxencia 112.
- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia.
- Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese:

- mellorar e renovar a implantación de plans de protección civil.
- reforzar e mellorar dos grupos operativos de emerxencias.
- apoiar aos diferentes organismos da Xunta en necesidades relativas a protección, investigación, vixilancia e garantía da seguridade das persoas e do medio.
- asemade perséguese o estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e emerxencias, mediante o exercicio das funcións definidas no artigo 18 da lei de emerxencias.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa desenvólvese a través de tres centros directivos: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, AXEGA e AGASP, e entre as actividades afectadas atópanse a implantación de plans de emerxencia e protección civil e a súa activación, actividades de prevención, reforzo e investigación dende a área da seguridade e formación do persoal do sistema integrado de protección civil, emerxencias e seguridade pública.

Entre as súas finalidades está a de favorecer a incorporación da muller ás forzas e corpos de seguridade, así como aos servizos de emerxencias, e promover as condicións para que, mellorando a súa formación e capacitación, adquira una maior participación. Neste senso no Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, suprimiuse o requisito de esixencia de estatura mínima para as mulleres e os homes no acceso á categoría de policía dos corpos de policía local, para os vixiantes municipais e para a selección dos auxiliares de policía.

Por outra banda, na UPA tense creado un grupo específico para desenvolver tarefas en materia de violencia de xénero e protección das vítimas, conformado con persoal especializado, ao que se deu formación na materia, e prácticas nas comisarías do Corpo Nacional de Policía CNP, incorporándose en xullo de 2016 a estas labores.

A AXEGA na súa actividade ordinaria de xestión, segundo o disposto na Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, incorpora a perspectiva de xénero coma un dos principios reitores na súa política de xestión e contratación pública.

Sendo unha das súas funcións principais a da dirección do CIAE-I 12 Galicia, tal principio se plasma nos pregos dos contratos de servizos licitados para a xestión do mesmo, tanto no que atinxe estritamente ao servizo de teleoperación como o de xestión dos sistemas informáticos e de telecomunicacións.

Así, hoxe pódese afirmar que das 95 persoas contempladas no contrato de xestión operativa e soporte tecnolóxico do número de emerxencias I 12, 72 son mulleres o que representa que o 76% do total de persoas que traballan no Centro de Atención de Emerxencias son mulleres.



Dende a AGASP outorgáselle prioridade as mulleres para o acceso á formación, así como establece prioridade no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de Violencia de xénero (VIOXEN).

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

---

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actividades previstas para o 2024 consisten en afondar na capacitación a través de cursos de especialización e actividades formativas organizadas pola AGASP. Nos cursos de formación policial obrigatorios (novo ingreso e promoción) e nos cursos básicos en materia de protección civil existirán módulos sobre a igualdade entre homes e mulleres.

Logo da creación na UPA en xullo de 2016 dun grupo específico en materia de violencia de xénero, as actuacións van dirixidas a perfeccionar e mellorar as actuacións na protección das mulleres vítimas fronte aos seus maltratadores, favorecendo a presentación das correspondentes denuncias e poñendo en marcha o máis amplo abano de actuacións asistenciais e de protección, ao fin de evitar o desamparo.

Así mesmo, polo que se refire ás actividades desenvolvidas no CIAE I I2 Galicia dependente da AXEGA, respecto das políticas activas de igualdade, é necesario ter presente que a maioría do persoal son mulleres, polo que neste ámbito a AXEGA cumpre os obxectivos previstos coa política de promoción da igualdade entre mulleres e homes non sendo necesario unha especial acción de fomento de contratación feminina (as mulleres representan o 80% dos curriculum presentados na bolsa de traballo do Centro de Atención de Emerxencias).

Dende a AXEGA e o CIAE I I2 Galicia se colabora a través das redes sociais na información e formación a través de campañas para loitar contra a violencia machista en grandes eventos e xerar espazos seguros para as mulleres.

En definitiva, na AXEGA e no CIAE I I2 Galicia, a muller é considerada como un factor clave no desenvolvemento de tan esencial servizo.

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Maior e mellor coñecemento en materia de análise de xénero e de políticas de igualdade.

Potenciar as unidades dedicadas especificamente a loita contra a violencia de xénero e a atención a este tipo de vítimas. Neste sentido, ademais da creación do grupo específico da UPA

para a loita contra a violencia de xénero e a protección das vítimas, se mantén un protocolo de colaboración coa Xefatura Superior de Policía de Galicia, para a colaboración e coordinación do persoal de ambos corpos dedicados a estas tarefas, de xeito que se acaden mellores cotas de eficacia e cooperación.

Realizar un esforzo en materia de formación co obxecto de aumentar os cursos específicos en materia de xénero, en especial os dirixidos as forzas e corpos de seguridade.

Continuar coa prioridade as mulleres para o acceso á formación así como no suposto de empate nos procesos selectivos de policía local e auxiliar de policía local, ademais de fomentar a formación en materia de VIOGEN.

Continuar nas políticas activas desenvolvidas ata o de agora, tal e como se sinalou, e afondar nos plans de favorecemento á muller, nos que xa participa a AXEGA, tales como o Plan Dike (programa para a inserción laboral das vítimas de violencia doméstica); Proxecto Perla (entre Administración pública, empresas e asociacións sen ánimo de lucro que unen esforzos para potenciar a igualdade de oportunidades e a conciliación); Red Madre (fundación creada no 2008 co propósito de activar unha rede solidaria de apoio á muller para superar calquera conflito xurdido ante embarazos imprevistos).

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior  
Academia Galega de Seguridade  
Axencia Galega de Emerxencias

### *III.1.8. PROGRAMA 324B - MELLORAS DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto, asignado á Secretaría Xeral Técnica, serve de instrumento para dar cobertura ás funcións que o Servizo de Prevención de Riscos Laborais ten atribuídas polo Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia, así como polo disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

Desta forma, a Secretaría Xeral Técnica está a cumprir as seguintes funcións:

- A avaliación dos factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde dos traballadores.
- A planificación da actividade preventiva e a determinación das prioridades na adopción das medidas preventivas adecuadas e a vixilancia da súa eficacia.
- A información e formación dos traballadores e traballadoras en materia de prevención de riscos laborais, vixilancia da súa saúde e adopción das medidas de evacuación.
- A prestación dos primeiros auxilios e plans de emerxencia.
- A vixilancia da saúde mediante os recoñecementos médicos dos traballadores e traballadoras en relación cos riscos inherentes ao seu traballo.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións recollidas no programa están dirixidas a dar cumprimento á normativa de prevención de riscos laborais referida ao persoal empregado público da Administración Xeral da Comunidade Autónoma que non desenvolvan o seu posto de traballo nun centro educativo ou sanitario.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Continúase consolidando o gasto neste programa, logrando que sen incrementar a dotación económica do mesmo, se manteñan as condicións óptimas na vixilancia da saúde, na formación ao persoal empregado público e en tódalas accións referidas á prevención de riscos laborais que se financian dende este programa.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco legal seguinte:

- Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda (actual Primeira) e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 204/1997, do 24 de xullo, polo que se crea o Servizo de Prevención de Riscos Laborais para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.

- Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O presente programa ten como finalidade garantir o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais no ámbito da Xunta de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa ten por obxecto o cumprimento das condicións de seguridade e saúde laboral dos empregados públicos, debendo terse en conta a perspectiva de xénero á hora de realizar as súas actividades.

Deste xeito, os estudos de seguridade e saúde laboral nalgunha das súas conclusións son específicos para colectivos femininos, tales como: embarazadas, parto recente, nais en lactación natural ou a vixilancia da saúde de xeito diferenciado por razón de sexo.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Coa aprobación da Lei de racionalización do sector público, no ano 2013, Galicia dotouse por primeira vez dunha norma legal que establece que os poderes adjudicadores da Administración autonómica deben ter en conta criterios sociais na elaboración dos seus pregos de contratación.

Posteriormente, no ano 2015 coa aprobación Lei de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración volveuse incidir neste eido, incorporando previsións como a

de considerar incumplimento grave que xustifica a resolución dun contrato a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras (en especial os permisos de paternidade e maternidade), xa sexa directamente ou mediante coaccións.

En cumprimento desas obrigas legais, a Asesoría Xurídica da Xunta elaborou unha Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector público autonómico galego, aprobada polo Consello da Xunta o 17/09/2015, para que os órganos de contratación dispoñan de pautas para concretar esa obriga legal. A elaboración desta guía enmárcase nunha serie de decisións adoptadas nos últimos anos para desenvolver o Plan de Mellora da Contratación Pública.

Exemplos de aplicación desta normativa e das recomendacións das guías en licitacións xa realizadas pódense consultar na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

A estas accións únense as cláusulas para o fomento da corresponsabilidade e a conciliación impulsadas polo Plan Galego de conciliación e corresponsabilidade aprobado polo Consello da Xunta en 2018.

No ámbito concreto da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, o Goberno galego, a través da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, blindou o establecemento de cláusulas de igualdade na contratación pública da comunidade autónoma. As previsións contidas na lei concretáronse en guías, instrucións internas e medidas de fomento ás empresas contratistas.

Así mesmo, a nova Lei de impulso demográfico habilita á Administración autonómica para exercer a acción popular nos procedementos penais por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade ou paternidade.

Finalmente, cómpre sinalar que a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social abarca a investigación de calquera denuncia de incumplimento da lexislación en materia laboral, seguridade e saúde laboral, incluso por quen non estea afectado directamente pola suposta infracción, ademais de desenvolver un Plan Anual para velar polo cumprimento das condicións laborais das persoas traballadoras galegas que se consensúa cos interlocutores sociais.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

As distintas actividades levadas a cabo con base a este Programa, contribúen, de forma xeral, a garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

## SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Como se sinalou, moitas das actividades amparadas neste programa teñen en conta o sexo dos empregados públicos (por exemplo, avaliacións de riscos con previsión expresas para embarazadas ou nais en lactación). No ano 2022 realizáronse os seguintes recoñecementos médicos específicos desagregados por sexos:

- Recoñecementos médicos: 8.662
  - Homes: 3.006
  - Mulleres: 5.656
- Recoñecementos xinecolóxicos (so para mulleres): 4.812
- Proba do PSA (so para homes): 1.502

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

### *III.1.9. PROGRAMA 331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria.

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a Xunta de Galicia contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover a realización efectiva dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta.

As accións da cooperación galega orientaranse á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a coopera-



ción galega, e contribuirán á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

No actual período de vixencia do V Plan Director da Cooperación Galega 2023-2026 coma no anterior, tómase de referencia a Axenda 2030 de Desenvolvemento sostible, que ten entre os seus principios fundamentais o de Non Deixar a Ninguén Atrás e garantir os Dereitos Humanos para todas as persoas.

Non Deixar a Ninguén Atrás non só implica chegar aos máis pobres, senón que tamén require combater a discriminación e as crecentes desigualdades dentro e entre os países, e as súas causas fundamentais. Unha causa importante de que as persoas queden atrás son as formas persistentes de discriminación, incluída a discriminación de xénero, que deixa a individuos, familias e comunidades enteiras marxinadas e excluídas.

Traballar neste sentido require un enfoque integral cunha serie de pasos, incluída a identificación de quen queda atrás e por que; identificar medidas efectivas para abordar as causas profundas; monitorear e medir o progreso; e garantir a responsabilidade de Non Deixar a Ninguén Atrás. Garantir a participación libre, activa e significativa de todas as partes interesadas, en particular as mais vulnerables e tradicionalmente invisibilizadas, é unha compoñente clave de todos os pasos e fases da política, a planificación e a programación da Cooperación Galega.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Trala execución do IV Plan director da Cooperación Galega 2018-2021, que foi prorrogado durante o ano 2022 pola vixencia da Estratexia de resposta á Covid 19 da Cooperación Galega, no ano 2023 iniciouse a execución do V Plan director galega 2023-2026, que foi elaborado mediante un proceso participativo dos axentes de cooperación, convidando a participar aos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia para que realizasen as súas achegas.

Consonte aos criterios internacionais de eficacia do desenvolvemento de especialización sectorial e concentración xeográfica e o principio de coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable, o novo Plan director define os ámbitos estratéxicos de intervención, aliñados coa Axenda 2030 e os ODS das Nacións Unidas, e establece os países e colectivos prioritarios das actuacións no exterior da Cooperación Galega. Por outra banda, consonte ao modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, define un marco de resultados con indicadores precisos e suficientes para garantir o seguimento e avaliación do alcance de resultados do Plan director.

Dito Plan director foi aprobado por unanimidade dos axentes de cooperación representados no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na súa reunión de 14 de febreiro, polo Consello da Xunta de Galicia o 2 de marzo e polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño.

O programa orzamentario de cooperación para o desenvolvemento permitirá desenvolver un Plan anual da cooperación galega 2024 no que se incluírán actuacións en todas as áreas (cooperación no exterior, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, investigación para o desenvolvemento, etc., fortalecemento dos axentes de cooperación, avaliacións, etc) e permitirá publicar as convocatorias tradicionais da cooperación galega, de acordo co que se estableza no V Plan Director 2023-2026. Ao conxunto das convocatorias destinarase ao redor dun 80% do orzamento operativo de gastos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 65/2023, do 14 de xuño, polo que se nomea vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.
- Plan Anual 2024 da Cooperación Galega.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Contribución á consecución dun mundo mais próspero, xusto e sustentable colaborando para o cumprimento da Axenda 2030 e a consecución dos seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), así como potenciar a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global nas súas catro dimensións: sensibilización, formación, investigación e mobilización, xerando conciencia crítica e solidaria na cidadanía galega.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través deste programa finánciase a execución da política da Xunta de Galicia na materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria, que ten entre os seus ámbitos estratéxicos de acción "Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións" e como transversal a igualdade de xénero.

O programa vincúlase directamente co establecido no artigo 32 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes que dispón que todas as políticas e a planificación estratéxica en materia de cooperación ao desenvolvemento incluírán o principio de igualdade entre mulleres e homes como elemento esencial na súa axenda de prioridades e recibirán un tratamento de prioridade transversal e específica nos seus contidos.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
--	---

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

O V Plan Director da Cooperación Galega establece entre as súas prioridades transversais, a Igualdade de xénero, e deberá estar presente en todas as intervencións financiadas pola cooperación galega.

En todas as convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea insírese a perspectiva de xénero a través do establecemento nas bases de cada unha delas, de requisitos e criterios de valoración específicos para garantir que, tanto as entidades solicitantes como os proxectos subvencionados, contén cun bo tratamento e impacto en temas de xénero. A modo de exemplo, requírese e valórase o seguinte:

- Que a entidade solicitante conte cunha estratexia de xénero e persoal formado na materia, así como con diagnósticos de xénero nos territorios e sectores de intervención.
- Que o proxecto se deseñe tendo en conta as diferentes necesidades e situacións de mulleres e homes.

- Dependendo da temática do proxecto, que se potencie o empoderamento das mulleres para a súa participación na toma de decisións.
- A existencia dun orzamento con perspectiva de xénero.

Estes mesmos criterios de valoración aplícanse tamén no caso dos convenios de colaboración e cando se contratan servizos externos requírese das persoas contratadas formación específica en materia de xénero.

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Moitos dos proxectos que se desenvolven e financian no ámbito da cooperación ao desenvolvemento están encamiñados a mellorar a situación das mulleres en termos de redución da pobreza e da violencia de xénero, o seu acceso e permanencia no sistema educativo, garantir os seus dereitos sexuais e reprodutivos, mellorar a súa situación económica e laboral e a súa participación social e política.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

### ***III.1.10. PROGRAMA 441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA***

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

A actuación da Secretaría Xeral para o Deporte diríxese ao fomento da práctica do deporte e da actividade física na comunidade autónoma en atención á súa importancia para o fomento da saúde e do benestar, o desenvolvemento, a educación e a inclusión social, ou a propia economía e o emprego, xunto á vertente competitiva deportiva.

A explotación das funcionalidades do deporte, a xeneralización e accesibilidade da práctica do deporte e da actividade física mediante a súa incorporación á vida cotiá da cidadanía; a mellora e dotación de equipamentos e infraestruturas; o apoio aos axentes deportivos na promoción e crecemento do deporte ou o perfeccionamento nas áreas de docencia, formación e tecnificación do deporte son, entre outros, obxectivos prioritarios deste programa.

Os beneficios que se esperan acadar na execución deste programa atópanse ligados ás necesidades existentes no actual ámbito deportivo galego: o aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, a mellora da calidade de vida da cidadanía e o crecemento deportivo de Galicia, mediante o apoio ao tecido deportivo galego e a mellora da dotación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo afectado pola actividade da Secretaría Xeral para o Deporte, e máis en concreto por este programa, é a sociedade galega globalmente considerada (principalmente en canto ao obxectivo prioritario da xeneralización da práctica da actividade física) e o tecido deportivo galego (no tocante á práctica deportiva e ao deporte de competición) sen esquecer, entre outros, ás entidades locais principalmente no referido a infraestruturas deportivas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a última enquisa de hábitos deportivos dos españois (CSD 2022) practican deporte na nosa comunidade poboación, xa sexa de forma periódica ou ocasional, un 50,2% (ascende ao 57,3% no conxunto do Estado). Por outra banda, atendendo tamén a última Enquisa Nacional de Saúde -2017-, o 59,75% dos galegos e galegas de 18 e mais anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 54,5% da media nacional), e o 23,29% dos galegos e galegas de entre 2 e 17 anos teñen sobrepeso ou obesidade (fronte ao 28,56% da media nacional).

No ano 2013 realizouse en Galicia a enquisa sobre “Hábitos de actividade física e deportiva da poboación galega” elaborada en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC). Segundo os seus resultados, sete de cada dez galegos maiores de 18 anos practica exercicio habitualmente, nunha porcentaxe case 16 puntos superior á do 2007, ano no que se fixera un estudo de equivalentes características. A porcentaxe de práctica de exercicio físico é bastante similar entre as catro provincias galegas, mentres que se continúa a apreciar unha certa diferenza entre sexos. Así, hai unha maior porcentaxe de homes (74%) que de mulleres (68%) que realiza actividade física, pero esa distancia acurtouse en case dous puntos desde 2007. Desde entón, aumentou nun 14,8% a porcentaxe de homes que fai exercicio e nun 16,8% a de mulleres.

Débase tamén significar que a actividade deportiva ten como elementos básicos para unha axeitada evolución aos clubs e federacións. Na actual conxuntura considérase esencial manter o apoio a través de liñas de subvención para a actividade tanto dende a perspectiva das persoas xurídicas como dende a perspectiva do deportista persoa física.

As actuacións anteriores complementáanse coa implantación de equipamentos e infraestruturas deportivas.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A norma pola que se regula a actividade deportiva en Galicia é a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, que foi modificada pola Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (modificacións dos artigos 22, 60, 116 e da disposición adicional terceira, e se engadiu unha nova disposición adicional -a cuarta-), a Lei 2/2017, do 8 febreiro (modificación do artigo 116), a Lei 3/2018, do 26 de decembro (modificación dos artigos 21, 46, 64, 116, 117, 130 e 133), a Lei 7/2019, do 23 de decembro (modifica os artigos 5.1, 51.5, 56.4 e 130.2, e suprime os artigos 134 a 146) e a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro (modifica os artigos 5, 47, 57, 61, 93 e 117).

Complementando as previsións legais, atópase o Decreto 52/2022, do 28 de abril, polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, a Orde do 23 de xuño de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos para a obtención das condicións de persoa deportista de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e os criterios deportivos para o recoñecemento dos núcleos de adestramento deportivo especializado, o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, o Decreto 78/2018, do 26 de xullo, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Prevención e Represión da Dopaxe, o Decreto 63/2018, do 31 de maio, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Galega de Control da Violencia e o procedemento sancionador na materia, o Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas -modificado por Decreto 171/2021, do 23 de decembro-, o Decreto 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e o Decreto 120/2013, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Por último, cómpre indicar o Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para conseguir os obxectivos perseguidos con este programa, actuarase nos seguintes grandes aspectos:

- En primeiro lugar, na execución do Plan Galego de Fomento da Actividade Física “Galicia Saudable”, continuarase o iniciado en exercicios precedentes, desenvolvendo actuacións que dinamicen a práctica da actividade física entre toda a poboación galega, en especial a actividade deportiva na idade escolar. Ademais, fomentarase a actividade física

dende un punto de vista sanitario, como elemento preventivo nas enfermidades non transmisibles facilitando a práctica a toda a cidadanía, consolidando as ferramentas TIC.

- En segundo lugar, no apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas, estableceranse os correspondentes plans de axudas económicas ás federacións deportivas, aos clubs e outras entidades deportivas, traballarase en medidas de apoio aos deportistas, na promoción do deporte en idade escolar e no impulso dos programas de tecnificación deportiva.

En 2024 o Bono Deportivo terá por finalidade axudar ás familias nos gastos derivados da práctica deportiva dos nenos e nenas de 6 a 16 anos federados ou do programa XOGADE. Nos termos que se establezan na correspondente convocatoria, cada pai/nai, persoa titora ou a que teña ao menor en situación de acollemento familiar ou garda con fins adoptivos, terá acceso a un bono de 120 € por neno/nena para a adquisición e equipamento deportivo ou a realización de actividades deportivas (desconto do 80% de cada compra ata esgotar os 120€).

Asemade, prestarase especial atención ao fortalecemento das modalidades olímpicas e paralímpicas incluídas no programa París 2024.

- En terceiro lugar, na mellora do mapa de equipamentos e infraestruturas deportivas, continuarase a optimización da rede actual e investirase, de ser o caso, na construción de novas dotacións.
- Por último, seguirase traballando na adecuación da normativa actual á realidade do deporte galego, avanzando no desenvolvemento regulamentario da Lei do deporte de Galicia, así como na adecuación do marco normativo á realidade do sector.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	



## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Con incidencia no campo da práctica de actividade física e do deporte federado (e de alto nivel), os programas de Galicia Saudable, ou do deporte escolar (XOGADE), os convenios de patrocinio aos clubs de alto nivel, as actuacións de aproveitamento das funcionalidades do feito deportivo, ou as axudas aos deportistas galegos de alto nivel, serven, dende unha perspectiva e deseño mixto, para crecer en igualdade.

Así o amosan os indicadores, especialmente significativos nos convenios de patrocinio e nas axudas a deportistas de alto nivel. Desta forma, pódense apuntar distintos indicadores que amosan unha positiva evolución no ámbito do deporte feminino: máis licenzas femininas (o ano 2022 cerrouse con 72.982, fronte ás 42.090 licenzas do 2009), máis equipos de alto nivel patrocinados (108 femininos e 6 mixtos no programa xeral, e 22 equipos no programa específico de apoio ao deporte feminino) ou o número de mulleres deportistas de alto nivel recoñecidas pola Secretaría Xeral para o Deporte segundo o Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia ( 390 mulleres segundo o último recoñecemento publicado á presente data).

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	

Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Entre outras actuacións, a Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego realizan dúas actividades que provocan un importante impacto no deporte desenvolvido polas mulleres:

Os convenios de patrocinio aos equipos galegos de alta competición, que seguirán a ser unha das actividades prioritarias deste departamento e da fundación no 2024. Na presente tempada 2022-2023, dos 228 equipos totais do plan xeral, 108 son femininos e 6 mixtos.

Nas políticas de fomento do deporte de alto nivel e de axuda aos deportistas, o último recoñecemento de deportistas galegos de alto nivel, publicado recolle un total de 1029 recoñecementos, dos que 639 corresponden a homes e os restantes 390 a mulleres.

Ambas actuacións fomentan a participación activa das mulleres no deporte, fortalecendo a súa imaxe na sociedade.

No ámbito das subvencións a clubs deportivos, valórase a adhesión das entidades deportivas ao Manifesto pola Igualdade e pola Erradicación da Violencia de Xénero no Deporte da Secretaría Xeral de Igualdade e da Secretaría Xeral para o Deporte, o número de licenzas femininas e o número de mulleres en postos directivos da entidade.

Pola súa parte os convenios de colaboración que a Secretaría Xeral para o Deporte asina anualmente coas federacións deportivas da comunidade autónoma continuarán contemplando actuacións directamente dirixidas á promoción da igualdade: adhesión ao Manifesto pola igualdade no deporte asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral de Igualdade, evolución das licenzas femininas, subvención directa de programas de promoción da igualdade no deporte (onde, entre outros extremos, valórase número de mulleres en postos directivos da federación deportiva), a non discriminación retributiva entre homes e mulleres, ou igualdade nas axudas federativas outorgadas a deportistas homes e mulleres nos mesmos niveis deportivos.

No ámbito do deporte en idade escolar, o programa Xogade, dirixido á poboación de entre 6-16 anos e cun custo en 2024 de 3.475.193€, deséñase e execútase baixo un enfoque inclusi-

vo, de forma que se manteñen a normativa e as actividades onde prevalece unha participación mixta dos equipos nas primeiras idades, dirixido a igualar a participación feminina e masculina no programa. En termos xerais isto supón que, no conxunto de mutualizados, a participación sexa aproximadamente do 40% de rapazas e 60% rapaces. O curso escolar 2023-2024 manterá a gratuidade do seguro de accidentes deportivos para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos – acción que é un dos piares esenciais da actuación da política deportiva para o fomento da actividade física e deportiva entre a poboación – que será sufragado directamente pola Secretaría Xeral para o Deporte. Seguen tamén as Actuacións de actividade deportiva escolar, a Actividade deportiva federada – seguro deportivo 6-16, Coñece o meu club, os Xogos tradicionais e populares, Xogando coa auga e co vento, e Actividades de Promoción. Xogade segue sendo unha ferramenta para os Proxectos de Vida Activa e Deportiva – PVAD encadrado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

No exercicio 2024, prevese seguir incrementando o número de beneficiarias nos programas antes referidos o que, en todo caso, virá supeditado á consecución dos parámetros e resultados obxectivos, de marcas deportivas acadadas. Neste incremento espérase seguir obtendo unha positiva evolución do deporte feminino.

### **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Entre outros, compre destacar os parámetros do número de licencias femininas, que ceinou o ano 2022 con 72.982, e dos equipos de alta competición patrocinados que, na tempada 2022/2023, ascenderon a 108 femininos e 6 mixtos no programa xeral, e a 22 equipos no programa específico de apoio ao deporte feminino.

### **C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN**

Secretaría Xeral para o Deporte  
Fundación Deporte Galego



## IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

### OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<b>Programa: 111E RELACIÓNS EXTERIORES</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0003 - Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da acción exterior de Galicia e apoio á presenza efectiva da Xunta naqueles foros de ámbito comunitario abertos á participación autonómica.	
0007 - Xestión, seguimento, avaliación e control dos fondos comunitarios	
<b>Programa: 121A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMINISTRACIÓN XERAL</b>	
<b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resiliencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0003 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar unha mobilidade sostible (urbana e interurbana) así coma a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P01090 - Vehículos de transporte eficiente adquiridos	65
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións para o aumento da eficiencia das administracións públicas, como parte da reforma da administración pública e do sector público, cunha estratexia integrada que trate as disfuncións institucionais existentes na conxunto da administración autonómica.	
0004 - Aplicación de reformas en materia de centralización de contratos e autoprovisión.	
0008 - Renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía.	
0010 - Implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán a través dunha nova aplicación informática cun único Rexistro Xeral, e a incorporación da dixitalización dos documentos que se presenten nas oficinas de rexistro	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P01090 - Vehículos de transporte eficiente adquiridos	191
<b>Programa: 121C RELACIÓNS INSTITUCIONAIS</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Accións de mellora e axilización da tramitación parlamentaria das diferentes iniciativas gubernamentais	
<b>Programa: 123A ACCIÓN SOCIAL EN FAVOR DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>0002 - Desenvolver e aplicar estratexias e políticas de recursos humanos axeitadas ás necesidades reais para a prestación dos servizos públicos, nomeadamente a través do desenvolvemento da lei do empregado público</p>								
<p><b>Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA</b></p> <p><b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico</p> <p><b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico</p> <p><b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0003 - Modernización e adaptación das infraestruturas sobre as que se presta este servizo.</p> <p>0004 - Implantación de novas solucións tecnolóxicas.</p> <p>0006 - Medidas para a modernización e achegamento á cidadanía da Administración de Xustiza</p> <p>0008 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="text-align: center;">Indicador</th> <th style="text-align: center;">Valor Previsto</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>P00141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas</td> <td style="text-align: right;">47</td> </tr> <tr> <td>P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes</td> <td style="text-align: right;">30.000</td> </tr> <tr> <td>P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres</td> <td style="text-align: right;">20.000</td> </tr> </tbody> </table> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>0008 - Renovación e mellora das infraestruturas públicas (novas instalacións e equipamentos) co obxecto de acadar unha xestión máis eficiente da enerxía.</p>	Indicador	Valor Previsto	P00141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas	47	P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	30.000	P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	20.000
Indicador	Valor Previsto							
P00141 - Infraestruturas xudiciais construídas ou rehabilitadas	47							
P1022H - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Homes	30.000							
P1022M - Persoas usuarias da asistencia xurídica gratuíta. Mulleres	20.000							
<p><b>Programa: 141A ADMINISTRACIÓN LOCAL</b></p> <p><b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p> <p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0002 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe</p>								

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P0076E - Entidades locais beneficiadas en actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambien	241
P0076F - Entidades locais beneficiadas en actuacións de creación, mellora e ampliación servizos locais básicos	115
<b>Programa: 161A ELECCIÓNS E PARTIDOS POLÍTICOS</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Organizacións públicas integras. Unha administración lexitimada e respectada diante da cidadanía pola súa integridade e boa xestión	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0011 - Eleccións e partidos políticos	
<b>Programa: 212A PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA</b>	
<b>Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0007 - Sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos de ludopatía	
<b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0I01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Dimensionamento dos teléfonos de información á cidadanía existentes e implantación dun novo mapa de atención ás emerxencias coa modernización e mellora da atención á poboación.	
0002 - Profesionalización dos servizos de emerxencia.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
DOE005 - Poboación beneficiada pola actuación e que diminúe o seu risco	2.690.464
P00280 - Profesionais de intervención ante as urxencias	583
P01023 - Chamadas atendidas polos servizos de emerxencias	854
P01024 - Medios técnicos adquiridos para o sistema de emerxencias e de protección civil	110
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	9.000
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	2.000
<b>Programa: 324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO</b>	
<b>Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E04 - Consolidar un marco de relacións laborais moderno que facilite unhas condicións de traballo saudables e seguras e favorecer a conciliación da vida laboral, familiar e persoal	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0014 - Recoñecementos médicos do persoal empregado na Xunta de Galicia	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00325 - Accións de formación e información desenvoltas en materia de prevención de riscos laborais	107
<b>Programa: 331A COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO</b>	
<b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei</p>	
<p><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico</p>	
<p><b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b></p>	
<p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa</p>	
<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Fortalecer a colaboración, cooperación e coordinación das diferentes administracións públicas en busca da eficiencia na xestión do gasto público e da mellora dos servizos á cidadanía, en especial dos maiores e dos que viven en zonas de maior illamento</p>	
<p><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p>0001 - Accións de cooperación no exterior.</p>	
<p>0006 - Programas de educación para o desenvolvemento.</p>	
<p>0009 - Medidas de Acción Humanitaria.</p>	
<p><b>Indicador</b></p>	
<p><b>Valor Previsto</b></p>	
<p>P0045L - Axudas concedidas para a cooperación exterior e ao desenvolvemento</p>	<p>73</p>
<p><b>Programa: 441A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA</b></p>	
<p><b>Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico</b></p>	
<p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade</p>	
<p>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E07 - Impulsar o deporte dende a etapa escolar e como práctica integradora e inclusiva que conduza á súa xeneralización entre a poboación galega, fortalecendo o deporte feminino e atendendo aos deportistas de alto nivel durante e despois da súa dedicación deportiva, así como a procurando as condicións máis adecuadas que coadruen aos clubs e deportistas nas súas respectivas competicións deportivas dentro e fóra de Galicia</p>	
<p><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p>0001 - Apostar por medidas de fomento da actividade física con carácter xeral e en toda a poboación (fóra do ámbito educativo).</p>	
<p>0002 - Actuacións de dinamización deportiva mediante a construción ou mellora das infraestruturas deportivas.</p>	
<p>0006 - Fomento do deporte a través de convenios, axudas e patrocinios a entidades deportivas.</p>	
<p>0008 - Axuda á docencia deportiva e promoción activa da investigación no deporte a través de axudas á Facultade de Ciencias do Deporte.</p>	
<p><b>Indicador</b></p>	
<p><b>Valor Previsto</b></p>	
<p>P0076C - Entidades deportivas beneficiadas</p>	<p>1.400</p>
<p>P01011 - Actuacións en infraestruturas e equipamentos deportivos</p>	<p>337</p>
<p>P080.H - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Homes</p>	<p>100.000</p>
<p>P080.M - Participantes en idade escolar en programas de promoción deportiva. Mulleres</p>	<p>55.000</p>
<p>P1009H - Número de licenzas federativas. Homes</p>	<p>215.000</p>
<p>P1009M - Número de licenzas federativas. Mulleres</p>	<p>80.000</p>



## V. CADROS NUMÉRICOS

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos					
	01	02	03	04	05	06
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	68.418					
121C-Relacións institucionais					941	
123A-Acción social en favor do persoal da Administración	150					
131A-Administración de xustiza			171.065			
141A-Administración local				20.094		
161A-Eleccións e partidos políticos					2.000	
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma						18.234
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo	756					
441A-Promoción da actividade deportiva		56.226				
<b>Total</b>	<b>69.323</b>	<b>56.226</b>	<b>171.065</b>	<b>20.094</b>	<b>2.941</b>	<b>18.234</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	07	08	81	A1	Total
111E-Relacións exteriores	2.140				2.140
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral		2.705			71.123
121C-Relacións institucionais					941
123A-Acción social en favor do persoal da Administración					150
131A-Administración de xustiza					171.065
141A-Administración local					20.094
161A-Eleccións e partidos políticos					2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma			3.626	8.666	30.526
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo					756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	8.939				8.939
441A-Promoción da actividade deportiva					56.226
<b>Total</b>	<b>11.079</b>	<b>2.705</b>	<b>3.626</b>	<b>8.666</b>	<b>363.958</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	Total
111E-Relacións exteriores	1.006	212	1	905	16			2.140
121A-Dirección e servizos xerais de Administración xeral	26.180	27.215	256	121	16.021	1.290	40	71.123
121C-Relacións institucionais	755	149			37			941
123A-Acción social en favor do persoal da Administración		150						150
131A-Administración de xustiza	123.595	19.538		17.003	10.929			171.065
141A-Administración local	1.029	104		5.100	162	13.699		20.094
161A-Eleccións e partidos políticos				2.000				2.000
212A-Protección civil e seguridade da comunidade autónoma	6.801	3.624		11.120	8.981			30.526
324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo		523			232			756
331A-Cooperación exterior e ao desenvolvemento	681			6.147	77	2.035		8.939
441A-Promoción da actividade deportiva	4.135	5.082		29.410	10.629	6.970		56.226
<b>Total</b>	<b>164.181</b>	<b>56.596</b>	<b>257</b>	<b>71.806</b>	<b>47.084</b>	<b>23.994</b>	<b>40</b>	<b>363.958</b>

(Miles de Euros)

### DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	22.816	23.475	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	28.134	27.888	-0,9
Cap. III - Gastos financeiros	256	256	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	121	121	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	15.490	16.253	4,9
Cap. VII - Transferencias de capital	1.290	1.290	0,0
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	0,0
<b>Total</b>	<b>68.147</b>	<b>69.323</b>	<b>1,7</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.053	4.135	2,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.135	5.082	-1,0
Cap. IV - Transferencias correntes	14.321	29.410	105,4
Cap. VI - Investimentos reais	13.366	10.629	-20,5
Cap. VII - Transferencias de capital	7.197	6.970	-3,2
<b>Total</b>	<b>44.072</b>	<b>56.226</b>	<b>27,6</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	119.101	123.595	3,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	18.774	19.538	4,1
Cap. IV - Transferencias correntes	16.534	17.003	2,8
Cap. VI - Investimentos reais	10.335	10.929	5,7
<b>Total</b>	<b>164.744</b>	<b>171.065</b>	<b>3,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	999	1.029	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	104	104	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	5.100	5.100	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	162	162	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	13.699	13.699	0,0
<b>Total</b>	<b>20.064</b>	<b>20.094</b>	<b>0,1</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	733	755	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	149	149	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.000	2.000	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	37	37	0,0
<b>Total</b>	<b>2.919</b>	<b>2.941</b>	<b>0,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.018	5.158	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.172	1.172	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	10.839	11.058	2,0
Cap. VI - Investimentos reais	347	847	144,1
<b>Total</b>	<b>17.376</b>	<b>18.234</b>	<b>4,9</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

07 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.836	1.687	-8,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	214	212	-0,9
Cap. III - Gastos financeiros	2	1	-33,3
Cap. IV - Transferencias correntes	6.986	7.052	0,9
Cap. VI - Investimentos reais	118	93	-20,9
Cap. VII - Transferencias de capital	2.035	2.035	0,0
<b>Total</b>	<b>11.190</b>	<b>11.079</b>	<b>-1,0</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

08 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.625	2.705	3,0
<b>Total</b>	<b>2.625</b>	<b>2.705</b>	<b>3,0</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.066	1.098	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.214	2.300	3,9
Cap. VI - Investimentos reais	228	228	0,0
<b>Total</b>	<b>3.507</b>	<b>3.626</b>	<b>3,4</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	532	546	2,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	153	153	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	62	62	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	7.459	7.906	6,0
<b>Total</b>	<b>8.206</b>	<b>8.666</b>	<b>5,6</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	68.147	69.323	1,7
02 SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE	44.072	56.226	27,6
03 DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA	164.744	171.065	3,8
04 DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL	20.064	20.094	0,1
05 DIRECCIÓN X. DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	2.919	2.941	0,8
06 DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR	17.376	18.234	4,9
07 DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA	11.190	11.079	-1,0
08 DELEGACIÓNS TERRITORIAIS	2.625	2.705	3,0
81 ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	3.507	3.626	3,4
A1 AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS	8.206	8.666	5,6
<b>Total</b>	<b>342.850</b>	<b>363.958</b>	<b>6,2</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

### Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	157.181	162.538	0	1.643	0	0	0	164.181
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	53.680	54.144	0	2.453	0	0	0	56.596
Cap. III - Gastos financeiros	257	257	0	0	0	0	0	257
Cap. IV - Transferencias correntes	59.847	75.823	0	62	0	4.079	0	71.806
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>270.966</b>	<b>292.761</b>	<b>0</b>	<b>4.158</b>	<b>0</b>	<b>4.079</b>	<b>0</b>	<b>292.840</b>
Cap. VI - Investimentos reais	39.855	38.950	0	8.134	0	0	0	47.084
Cap. VII - Transferencias de capital	31.909	32.128	0	0	0	8.134	0	23.994
Cap. VIII - Activos financeiros	40	40	0	0	0	0	0	40
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>71.804</b>	<b>71.118</b>	<b>0</b>	<b>8.134</b>	<b>0</b>	<b>8.134</b>	<b>0</b>	<b>71.118</b>
<b>Total</b>	<b>342.770</b>	<b>363.879</b>	<b>0</b>	<b>12.291</b>	<b>0</b>	<b>12.213</b>	<b>0</b>	<b>363.958</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

### Medios Persoais

Vice 1ª e C. Pres., Xustiza e Deportes	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>14</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>3.502</b>
Subgrupo A1	233
Subgrupo A2	959
Subgrupo C1	1.452
Subgrupo C2	768
<b>Agrupacións profesionais</b>	<b>90</b>
<b>Persoal Laboral</b>	<b>384</b>
Grupo I	20
Grupo II	10
Grupo III	152
Grupo IV	95
Grupo V	107
<b>TOTAL</b>	<b>3.900</b>

### Medios Persoais

Academia Galega de Seguridade Pública	2024
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>21</b>
Subgrupo A1	7
Subgrupo A2	4
Subgrupo C1	1
Subgrupo C2	7
Agrupacións profesionais	2
<b>Persoal Laboral</b>	<b>2</b>
Grupo II	1
Grupo III	1
<b>TOTAL</b>	<b>23</b>

### Medios Persoais

Axencia Galega de Emerxencias	2024
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>3</b>
Subgrupo A1	3
<b>Persoal Laboral</b>	<b>4</b>
Grupo III	3
Grupo IV	1
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>

### Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Consorcios autónomos	Explotación	Capital
Consorcio Local dos Peares	74	1
Fundacións do sector público autónomo	Explotación	Capital
Fundación Galicia Europa	897	6
Fundación Semana Verde de Galicia	3.310	
Fundación Deporte Galego	3.796	10
<b>Total</b>	<b>8.078</b>	<b>17</b>

(Miles de Euros)





**VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA  
DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E  
VIVENDA**

**SECCION 06**





## I. ESTRUCTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

### I.1. ESTRUCTURA ORGÁNICA

Con data 15 de xuño de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia o Decreto 59/2023 do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

No seu artigo 1 dispón que a Xunta de Galicia está integrada entre outras pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Con data 23 de xuño de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia (DOG N° 119) o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia

Este decreto no seu artigo 2 enumera como órganos de dirección da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, os seguintes:

- A Secretaría Xeral Técnica
- A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

Ademais, quedan adscritos á consellería, segundo o artigo 2 apartado b) do mesmo decreto:

- O organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio (IET).
- O organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).
- A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), ente público de natureza consorcial.

Esta estrutura xa estaba recollida no Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG n° 79 do 25 de abril de 2019) que establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Con posterioridade, a estrutura foi modificada a través da Disposición final primeira do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de ordenación do territorio e urbanismo. O decreto 59/2023 do 14 de xuño, veu a engadirle á consellería a condición de vicepresidencia.

Segundo o decreto de estrutura orgánica da actual Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, quedan adscritos á consellería, segundo o artigo n° 3. 2 deste decreto os seguintes órganos colexiados:

- A Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo

- A Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia
- O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
- A Comisión Superior de Urbanismo de Galicia
- O Observatorio Galego da Biodiversidade
- A Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartográfica
- O Observatorio Galego de Educación Ambiental
- O Comité Consultivo par a Protección Animal
- O Comité Galego de Pesca Fluvial
- Os comités provinciais de pesca fluvial
- O Comité Galego de Caza
- Os comités provinciais de caza
- O Comité Galego das Árbores Senlleiras
- O Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia
- O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia
- O Comité Asesor de Habitabilidade

## I.2. COMPETENCIAS

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano de administración da comunidade autónoma ao cal lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, consonte ao establecido no EAG, nos termos sinalados na Constitución Española, e que exercerá, no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica, para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

A súa acción política guíase pola idea fundamental de que o territorio é o principal activo de que dispón a nosa sociedade. Un activo que ten algo máis que un valor económico de uso, que non é só un recurso de explotación económica, senón que é o contorno no que os seres humanos desenvolven a súa vida, xerando, polo tanto, con el, unha relación de identidade, unha relación emocional que nos obriga a protexelo, a ordenar con mimo o seu uso e a transferilo, se é posible, en mellores condicións das que nós o temos herdado. A política territorial para Galicia abordará de xeito global o desenvolvemento dun territorio ordenado, buscando fortalecer 3 tipos de relacións: a necesaria interrelación entre as cidades, a vinculación entre o medio rural, o ámbito periurbano e o mundo urbano, e a coordinación entre as administracións municipais, supramunicipais e autonómica. Deste xeito poderemos planificar e ordenar con criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social os usos do territorio.

No que respecta á materia de medio ambiente, continuarase coa orientación ambiental baseada na introdución de melloras na xestión, programación e planificación, para o que se van seguir empregando métodos de traballo dinámicos que comporten unha maior implicación social, empresarial e institucional.

### *1.2.1. DA CONSELLERÍA*

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aquelas outras previstas na normativa aplicable ao mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería.

De acordo co disposto no artigo 10.1 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, exercerá a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático as competencias e funcións en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

Segundo o establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (actual Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda), a Dirección Xeral de Patrimonio Natural exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras e, en particular, exercerá as seguintes:

- a) O fomento de medidas de desenvolvemento socioeconómico dos espazos naturais protexidos.
- b) A ordenación, conservación, protección, fomento e aproveitamento sustentable dos recursos cinexéticos e piscícolas nas augas continentais.
- c) A divulgación dos valores do patrimonio natural; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos senlleiros da xea da comunidade autónoma galega.
- d) O desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural.
- e) A promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

- f) A conservación específica dos espazos que compoñen a Rede galega de espazos protexidos e da Rede Natura 2000 de Galicia ou doutras zonas de alto valor ambiental, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.
- g) O estudo e a elaboración dos proxectos normativos no ámbito das súas funcións.
- h) O informe de recursos interpostos contra resolucións ditadas pola persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural nas materias da súa competencia.
- i) As funcións inherentes á xestión económica, execución, seguimento, control e xestión da execución dos contratos administrativos e actividades de fomento no ámbito da súa competencia por razón da materia.
- j) A xestión dos expedientes de contratación menores de competencia da dirección xeral por razón da materia.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo exercerá as funcións inherentes á dirección, planificación, impulso, xestión e coordinación das competencias en materia de urbanismo e ordenación do territorio, así como os informes na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e no solo rústico, que ten atribuídas a consellería e, en particular:

- a) A materialización e posta e práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social.
- b) O exercicio das funcións que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do sol de Galicia, ou norma que a substitúa.
- c) O fomento da formación e da investigación e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral.
- d) O fomento, seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios e o requirimento de anulación de actos de aprobación de instrumentos de plan e xestión urbanística.
- e) O fomento da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do plan territorial e urbanístico; entre outras.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

- Medio Ambiente e Territorio:
  - Real decreto 3564/1983, do 5 de outubro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estudos de ordenación do territorio e medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 53/1984, do 23 de marzo.

- Real decreto 971/1984, do 28 de marzo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medio ambiente. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 116/1984, do 29 de xuño.
- Real decreto 659/1985, do 17 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral e vertidos ao mar. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 252/1985, do 28 de novembro.
- Urbanismo:
  - Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfere á Xunta todas as competencias atribuídas á Administración do Estado pola lei sobre réxime do solo, ordenación urbana e disposicións regulamentarias, no que afecte ao ámbito territorial da Xunta. Asumidas e asignadas polo Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, as funcións e servizos son traspasadas polo Real decreto 2424/1982, do 24 de xullo, e asumidas e asignadas polo Decreto 130/1982, do 4 de novembro. Tales competencias comprenden todas as relativas ás ordes normativa, organizativa, resolutiva, consultiva e de calquera outro xénero atribuídas á Administración do Estado polas disposicións vixentes nas citadas materias.
- Patrimonio Natural:
  - Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, de ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado en materia de conservación da natureza, a través do que se realizou a transferencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

### ***I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS***

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define os organismos autónomos como entidades públicas instrumentais cuxa organización e funcionamento se regulan polo dereito administrativo, e que se someten a dereito privado só naqueles casos nos que corresponda de acordo coa normativa xeral ou sectorial aplicable.

Adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con natureza de organismo autónomo figuran:

#### **INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)**

O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio

e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

Ambas as dúas leis foron derogadas pola vixente Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, que no seu capítulo IV regula o Instituto de Estudos do Territorio como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio e co obxecto de analizar, estudar e asesorar en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia establece que o Instituto de Estudos do Territorio é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á consellería competente en materia de ordenación do territorio, e ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

Segundo o disposto no artigo 16 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, as funcións do IET son as seguintes:

- a) Realizar traballos de investigación, análise, estudo e difusión sobre urbanismo e ordenación do territorio.
- b) Prestar asistencia e asesoramento aos concellos de Galicia para a elaboración do planeamento urbanístico e a xestión e execución do planeamento, a fin de implementar as políticas da paisaxe na planificación urbanística e territorial.
- c) Prestar apoio á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.
- d) A recompilación e o tratamento da información do territorio galego, así como a produción cartográfica para as diferentes consellerías e organismos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en materia agraria e de desenvolvemento rural.
- e) O apoio e o asesoramento á Xunta de Galicia en materia de paisaxe, e de colaboración e coordinación con outras administracións e sectores da sociedade.
- f) Delimitar as grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os catálogos da paisaxe e elaborar os catálogos da paisaxe de Galicia.
- g) Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes.
- h) Avaliar o estado de conservación das paisaxes de Galicia, analizar as súas transformacións e previsible evolución e realizar estudos e propostas en materia de paisaxe.
- i) Promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, sobre todo mediante asistencia científica e técnica mutua, e intercambios de experiencias con fins de formación e información.

- j) O seguimento de iniciativas de investigación e difusión de coñecementos de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.
- k) Fomentar o intercambio de información e experiencias, así como a asistencia científica e técnica mutua en materia de paisaxes transfronteirizas.
- l) Elaborar cada catro anos un informe sobre o estado da paisaxe en Galicia, que a Xunta de Galicia presentará ao Parlamento de Galicia.

As funcións atribuídas ao Instituto de Estudos do Territorio entenderanse sen prexuízo das que lles correspondan aos órganos urbanísticos da comunidade autónoma.

Os estatutos do IET foron aprobado polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, que foi modificado, no que se refire as súas funcións, polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia e no que se refiire á súa estrutura polo Decreto 104/2023, do 29 de xuño.

## **O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)**

Organismo autónomo creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, ao que lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia. O IGVS adscíbese á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, segundo o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo exerce as competencias e funcións que a continuación se indican:

- En xeral correspóndenlle as competencias e funcións en materia de política de vivenda, favorecendo o acceso dos cidadáns ao dereito, constitucionalmente garantido, dunha vivenda digna e adecuada.
- O fomento das actuacións de rehabilitación do patrimonio e arquitectónico en materia de vivenda tanto rural como urbana.
- A creación de solo residencial e de equipamentos acorde coas necesidades de asentamento da poboación.
- A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.
- A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

Estas competencias e funcións relacionadas de xeito xenérico son consecuencia de sucesivas transferencias, que de seguido tamén se relacionan:

- Patrimonio arquitectónico, control de calidade na edificación e vivenda: o Real decreto 1926/1985, do 11 de setembro, dispón o traspaso de funcións e servizos na materia. A asunción e asignación lévase a cabo mediante Decreto 230/1985, do 24 de outubro.
- Sociedade estatal de promoción e equipamento do solo (SEPES): polo Real decreto 213/1986, do 10 de xaneiro, foron traspasadas á comunidade autónoma as participacións accionariais, e as funcións inherentes ás mesmas, que SEPES ostentaba en Xestur Coruña, Xestur Lugo e Solo Urbano de Pontevedra.
- Real decreto 2498/1983, do 20 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda rural. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 152/1983, do 11 de outubro.
- Real decreto 1461/1989, do 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de patrimonio arquitectónico, control da calidade da edificación e vivenda.

### *1.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS*

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda figuran adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

#### **AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)**

A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia introduce a novidade organizativa de maior interese en materia de disciplina urbanística, ao crear a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (en adiante APLU) como instrumento fundamental para velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto no ordenamento urbanístico, e proceder a súa regulación no seu artigo 226. Esta norma legal derrogouse pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que dedica o seu artigo 10 á APLU, definíndoa como un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño



de cantas outras competencias lle asignen as leis e os seus estatutos. Está adscrita orgánicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

A estrutura orgánica da APLU e a definición das funcións de cada unidade administrativa establecéronse inicialmente no Decreto autonómico 51/2008, do 6 de marzo.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ten por finalidade esencial velar pola utilización racional do solo conforme ao disposto na normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral, especialmente no medio rural e na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Correspóndenlle, en todo caso, as seguintes competencias:

1. As competencias que en materia urbanística lle sexan atribuídas polos seus estatutos. O artigo 3 do Decreto 213/2007 indica que son funcións da APLU as seguintes:
  - a) A inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso do solo.
  - b) A adopción das medidas cautelares previstas na lei urbanística, en especial, as de suspensión dos actos de edificación e uso do solo que se realicen en solo rústico sen a preceptiva autorización autonómica ou incumprindo as condicións da autorización outorgada.
  - c) A instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, cando a competencia para a súa resolución lle corresponda á comunidade autónoma.
  - d) A formulación ás distintas administracións de toda clase de solicitudes que considere pertinentes para asegurar o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
  - e) A denuncia ante o Ministerio Fiscal e os órganos da orde xurisdiccional penal dos feitos que, como resultado das actuacións practicadas, se consideren constitutivos de delito.
  - f) A potestade sancionadora e de restitución e reposición da legalidade no ámbito da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.
  - g) O requirimento para a anulación de licenzas urbanísticas contrarias á normativa reguladora do urbanismo, a ordenación do territorio e do litoral.
  - h) O asesoramento e asistencia ás administracións públicas integradas na axencia, nas materias da súa competencia, así como a proposta á consellería competente en materia de urbanismo de modificación ou adopción de normas legais ou regulamentarias necesarias para o mellor cumprimento da legalidade urbanística.
  - i) As competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na axencia deleguen nela, nas condicións que se determinen nos correspondentes convenios de adhesión.
2. As competencias inicialmente asignadas aos órganos autonómicos para restaurar a legalidade urbanística e para impor sancións por infraccións urbanísticas graves e moi graves.

## **O CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA (CEIDA)**

É froito dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, o Concello de Oleiros e a Universidade da Coruña para coordinar, dinamizar e promover a educación ambiental en Galicia, en todos os sectores sociais, así como o intercambio científico e cultural, traballando na procura de solucións aos problemas ambientais e fomentando as boas prácticas cidadáns neste eido.

## **O CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO**

Creado no ano 2005 froito do compromiso das administracións local e autonómica, coa colaboración do Consorcio da Zona Franca, ten como misión fundamental encabezar o proceso de rehabilitación integral do centro histórico da cidade de Vigo.

No ano 2007, por parte da Consellería de Vivenda e Solo, adquiriuse a participación da Zona Franca, pasando así a estar participado o Consorcio nun 90% polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) en un 10% polo Concello de Vigo.

### ***1.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS***

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está adscrita a sociedade pública autonómica que de seguido relaciona con natureza de sociedade anónima mercantil:

## **SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA (SOGAMA)**

Creada por Decreto 1111/1992, de 11 de abril, coma unha sociedade pública autonómica dependente da consellería competente en materia de residuos, ten encomendadas entre as súas funcións a xestión dos residuos urbanos a partir de que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas

conseguintes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado dos residuos.

A súa denominación Social é Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) e a distribución do capital social é a seguinte: Xunta de Galicia, 51% e Naturgy 49%.

A escritura de constitución da Sociedade é do 14 de maio de 1992 sendo o seu obxecto social o seguinte:

Todas as actividades relacionadas co deseño, construción, explotación e mantemento de instalación de transferencia, tratamento, eliminación e, en xeral, xestión de todo tipo de residuos engadida a recollida, transporte e reciclaxe.

O estudo, desenvolvemento e implantación de tecnoloxías, proxectos e instalacións encamiñados á obtención de enerxía a partir de fontes alternativas que cooperen á preservación do medio ambiente.

A realización de todo tipo de traballos, obras, plans, estudos, informes, investigación, proxectos, auditorías, consultorías, asistencias técnicas e servizos profesionais relacionados coa protección, conservación, limpeza, recuperación, rexeneración, descontaminación ou mellora do medio ambiente, así coma a xestión de todo tipo de servizos en materia medio-ambiental. Ditas actividades incluirán, en particular, as materias seguintes:

- Descontaminación de solos.
- Aproveitamento de recursos forestais para a produción de biomasa.
- Adecuación, selado, clausura e rexeneración de vertedoiros de residuos.

## **XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA-XESTUR SA**

Xestión do Solo de Galicia-Xestur, SA, é unha sociedade anónima resultante da fusión de Xestión Urbanística de A Coruña, S.A., Xestión Urbanística de Lugo, S.A., Xestión Urbanística de Ourense, S.A. e Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.; Xestión do Solo de Galicia-XESTUR, SA, constituíuse o 23 de decembro de 2013.

Polo que respecta ao obxecto social de Xestur Galicia, SA, esta sociedade nace para acometer, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, as seguintes tarefas:

- Elaboración de estudos urbanísticos, incluída a redacción de plans de ordenación e proxectos de urbanización, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación.
- Desenvolvemento da actividade urbanizadora, que comprende tanto a promoción e preparación do solo, a renovación ou remodelación urbana, a realización de obras de infraestrutura urbana ou a dotación de servizos para a execución dos plans de ordenación.

- Xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización, no caso de obter a concesión ou acabar o convenio correspondente, conforme ás normas aplicables a cada caso.
- Calquera outra actividade relacionada coas expresadas nos apartados anteriores incluso a construción, alugueiro e expropiación de naves, vivendas e locais industriais e comerciais.

## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

### II.1. DA CONSELLERÍA

#### **SECRETARÍA XERAL TECNICA**

Os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, baséanse nos criterios de austeridade e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das xefaturas territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

Adicionalmente, a Secretaría Xeral Técnica actuará e prestará apoio na xestión dos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aos centros directivos que os teñan asignados.

Neste sentido cómpre indicar que a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e os dirixentes da UE acordaron un Plan de Recuperación e Resiliencia (FRR) para axudar a reparar os danos económicos e sociais causados pola pandemia do coronavirus, que se destinará a inversións públicas e reformas para fortalecer as economías dos países da Unión Europea (U.E.).

Os Estados membros deben elaborar plans nacionais de recuperación que demostren que se centran en ámbitos políticos clave da UE para poder optar a dita financiación. O Plan Nacional foi aprobado por Acordo do Consejo de Ministros do 27 de abril de 2021 e publicado no BOE do 30 de abril.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España (PRTR) recolle dez palancas que se concretan en trinta compoñentes, que articulan os proxectos coherentes de inversións e reformas para modernizar o país. Todo iso con un triple obxectivo: apoiar a corto prazo a recuperación tras a crise sanitaria, impulsar a medio prazo un proceso de transformación,

e acometer a longo prazo un desenvolvemento máis sostible e resiliente dende o punto de vista económico-financeiro, social, territorial e medioambiental.

O 16 de xuño de 2021 a Comisión Europea aprobou o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Reino de España.

A distribución territorial da financiación que recolle o PRTR se está a realizar polo Estado a través de distintos mecanismos, entre eles, a través de conferencias sectoriais.

Nomeadamente a través de conferencias sectoriais, foron asignados á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, fondos do PRTR para a execución de actuacións de diversos compoñentes, concretamente fondos do compoñente 2 (Plan de Rehabilitación de vivenda e rexeneración urbana), do compoñente 4 (Conservación e restauración de ecosistemas e a súa biodiversidade) e do compoñente 12, na que se articulan as medidas e financiación para o desenvolvemento de proxectos relativos ao Plan de apoio á implementación da normativa de residuos, Programa de Economía Circular e Plan de Impulso ao Medio Ambiente -PIMA Residuos. Sen prexuízo das competencias de xestión e execución de cada un dos servizos desta sección orzamentaria que reciban fondos do PRTR, a Secretaria Xeral Técnica velara pola xestión coordinada dos fondos e, a tal fin, evitará solapamentos nas liñas de axudas e ou inversións que materialicen a súa execución, propiciando unha execución acompañada entre todos eles.

## **DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO**

As liñas básicas de actuación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático son as seguintes:

- Continuar coa execución dos novos Plan de Xestión de Residuos tanto urbanos como industriais para o período 2023-2035, para adaptalos á normativa en vigor en materia de residuos.
- Implementar a mellora na recollida de residuos, a través da concesión de axudas para a mellora dos puntos limpos, puntos limpos de proximidade e puntos limpos móbiles, así como ao fomento da preparación para a reutilización e a autorreparación.
- Axudas para actuacións en materia de residuos de competencia municipal encamiñadas a implementar a recollida separada dos biorresiduos e a compostaxe in situ por parte das entidades locais de Galicia.
- Concesión de axudas para a construción de novas instalacións de preparación para a reutilización e o reciclado doutros fluxos de residuos recollidos separadamente e para investimentos relativos a instalacións de recollida (como puntos limpos), triaxe e clasificación (RAEE, téxtiles, etc), e mellora de instalacións existentes de PxR de residuos domésticos recollidos separadamente.

- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030.
- Afondar nas actuacións de tratamento de biorresiduos e elaboración de compost a partir da recollida selectiva de residuos FORSU nos concellos coa finalidade de incrementar as taxas de recuperación e reciclaxe de residuos na comunidade autónoma e de mellorar a capacidade da rede de plantas de transferencia de residuos urbanos incorporando, ademais da recollida dos residuos de fracción, a recollida selectiva de contedor amarelo e do contedor marrón (FORSU).
- Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das augas e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información e avaliación dos ecosistemas galegos.
- Traballar coa premisa de optimizar a consulta, participación e intercambio de ideas e a información cos distintos operadores sociais galegos en relación cos plans, proxectos e actuacións que teñan incidencia sobre a sostibilidade, a través do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Así mesmo, promover a comprensión por parte da cidadanía dos efectos da contaminación atmosférica na súa saúde e na degradación dos ecosistemas, a través do Consello da calidade do aire de Galicia.
- Mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a loita contra o cambio climático e a toma de decisións e a gobernanza rexional e local en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados, mellorando a resiliencia fronte os seus efectos e potenciando o valor dos servizos ecosistémicos para a protección da poboación. Partindo da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, da Estratexia de Sustentabilidade, a parte ambiental da Axenda 2030 de Galicia e da Oficina Técnica que coordina en Galicia o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, realizaranse actuacións destinadas a converter Galicia nunha rexión sostible, climaticamente neutra e resiliente aos efectos do cambio climático.
- Mellorar os sistemas de detección e comunicación de alertas de fenómenos meteorolóxicos extremos (rachas de vento, choivas intensas, sarabia, raios, neve, etc) con avisos á carta para usuarios públicos e privados (protección civil, DGT, portos, agricultores..) e para a poboación xeral, mediante aplicacións móbiles e redes sociais.
- Manter as instalacións de redes ambientais para garantir a boa calidade dos datos recollidos e obter a máxima precisión nas medicións.
- Manter e consolidar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia (Plan Camgal) relativo ás actuacións de coordinación das actividades en terra.
- Elaboración e actualización da normativa de aplicación no ámbito das competencias da dirección xeral, coma o anteproxecto da Lei do Clima de Galicia, co obxecto de acadar a neutralidade climática en Galicia no prazo máis breve posible e, en todo caso, a máis tardar no ano 2050, en consoancia co Pacto Verde Europeo e co Acordo de París de 2015, outorgándolle prioridade en calquera política sectorial ás medidas de mitigación e adaptación ao cambio climático para as actuacións da comunidade autónoma.

- Incorporar sistemas de teledetección por satélite de vertedoiros mediante imaxes de satélite para análise periódica de cambio e crecemento en vertedoiros legais ou ilegais, ou de lugares determinados de interese ambiental, así como análise mediante imaxes de arquivo para analizar sucesos pasados.
- Potenciar o asesoramento ás entidades locais para o fomento de medidas coordinadas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia e no cumprimento da nova normativa en materia de residuos e nos fondos europeos destinados ás competencias desta dirección xeral.
- Mellorar a eficiencia enerxética dos edificios públicos da consellería.
- Actuacións de descontaminación dos solos na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente en aqueles lugares que padecen unha contaminación histórica de sustancias perigosas derivada da actividade de determinadas industrias que non estaban consideradas como potencialmente contaminadoras dos solos pero que provocaron unha grave situación ambiental.
- Continuar coa potenciación, actualización e mellora, dos medios que garantan a calidade e transparencia da información ambiental, o que permitirá facer un seguimento dos resultados da planificación.
- Reforzar a Plataforma Galega de Información Ambiental, GAIA co obxectivo de integrar toda a información ambiental e simplificar a comunicación coas empresas e os sectores implicados en materia ambiental.
- Seguir afondando na incorporación da variable ambiental nos procedementos de aprobación dos plans e programas, mediante a súa avaliación ambiental estratéxica, de acordo ao establecido nas directivas comunitarias.
- Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
- Impulso do Plan de Mediación medioambiental de Galicia, co fin de incentivar o uso da mediación previa á decisión da autoridade pública, e a unha nova forma de tomar as decisións ambientais, tras unha xestión cooperativa extraxudicial do conflito.

## **DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL**

As actuacións a desenvolver pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural para 2024, estrutúranse en catro liñas principais, segundo o seguinte:

### **I. CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN E IMPULSO SOCIOECONÓMICO DE ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS.**

A aprobación da Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia coa finalidade principal de garantir a restauración e conservación deste patrimonio, ao tempo que se potencia o seu uso sostible, supuxo unha importante actualización do



escenario normativo da conservación dos espazos naturais e da biodiversidade ás novidades xurídicas estatais e da UE, tras case 20 anos de vixencia da lei anterior.

Os principais obxectivos establecidos para o ano 2024 seguen a incidir na liña de traballo establecida para garantir a protección, conservación e a posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas, desenvolvendo e afianzando as medidas que inclúe o Plan director da rede natura 2000 de Galicia.

Neste contexto, as principais accións previstas para 2024 son:

- Rede Natura.

Seguirase a traballar no desenvolvemento das medidas que contempla o Plan Director da Rede Natura 2000, aprobado no 2014, modificado pola Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, co obxectivo de establecer obxectivos e medidas de conservación adecuadas para a súa conservación, así como para abordar futuros protocolos de seguimento. No ámbito da divulgación o paquete de medidas abarca dende a atención aos visitantes nos parques naturais, nas aulas da natureza e con diversa colaboración con colectivos concretos para difundir os valores do patrimonio natural e a súa debida conservación. Prestarase especial atención no 2024 á adopción de medidas para a conservación e restauración dos hábitats e os valores naturais dos 8 Monumentos Naturais declarados en Galicia.

- Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.

Galicia, contribúe á Rede Española de Reservas da Biosfera con sete reservas, das que catro se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá e Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo e Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel última declarada no ano 2021), outra comparte territorio co Principado de Asturias (Río Eo, Oscos e Terras de Burón), e outra é de carácter transfronteirizo con Portugal (Transfronteiriza Gerês-Xurés).

Estas sete reservas representan, aproximadamente, o 35% do territorio da comunidade autónoma, e forman parte delas, como zonas núcleo, unha gran cantidade de espazos naturais protexidos pertencentes á Rede Natura 2000 de Galicia, que inclúe ZEC (Zonas Especiais de Conservación) e ZEPA (Zonas de Especial Protección para as Aves); así como varios Monumentos Naturais e Humedais Protexidos, e outras áreas protexidas por instrumentos internacionais, como é o caso dos Humedais de Importancia Internacional, do convenio relativo aos Humedais de Importancia internacional (Convenio Ramsar).

Para dar cumprimento aos obxectivos da rede de reservas da biosfera de Galicia, respecto aos espazos incluídos, se continuará a senda de fomento destas áreas con convocatorias de axudas dirixidas á realización de estudos/investmentos vinculados ao mantemento, a recuperación e a rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, incluídos os seus aspectos socioeconómicos, así como as iniciativas de sensibilización ecolóxica dentro

da Rede de reservas da biosfera de Galicia. Estas axudas contan a partir de 2024 co cofinanciamento do Plan Estratéxico da PAC (PEPAC de Galicia 2023-2027).

- A Rede de Parques Naturais de Galicia.

A Rede de Parques Naturais de Galicia configúrase como un sistema integrado e unitario co obxectivo de converter os parques naturais da nosa comunidade autónoma nun modelo de xestión compartida e coordinada e nunha icona da España verde, e de situar a marca “Galicia Natural e Única” como referente en España.

Os Parques Naturais están encamiñados a fomentar as oportunidades de desenvolvemento económico dos territorios e do seu contorno. É preciso dar relevancia á participación pública a través dos órganos establecidos como son as Xuntas Consultivas.

É preciso tamén dar un pulo á colaboración cos concellos en actuacións de conservación, rexeneración e mellora dos espazos con especial valor dos recursos naturais locais.

O apoio socioeconómico ás áreas de influencia dos parques naturais e da Rede Natura 2000 configúrase como elemento dinamizador do desenvolvemento socioeconómico da poboación residente nas ditas áreas.

No 2024 se realizarán a convocatoria de axudas para os Parques Naturais que se inclúen no Plan Estratéxico da PAC (PEPAC de Galicia 2023-2027) afianzando o establecido no anterior Programa, dirixidas a financiar accións de apoio ao desenvolvemento socioeconómico das áreas de influencia, tanto dos parques naturais como da Rede Natura 2000 e seguir impulsando as axudas aos axentes do territorio de cara á mellora da paisaxe; prevención da erosión; o aumento, conservación e restauración biodiversidade; conservación de elementos patrimoniais, culturais e naturais característicos da paisaxe agraria galega, incluíndo tamén investimentos. Igualmente cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia finalizaranse as inversións nos parques, tanto de conservación de hábitats como de mellora de infraestruturas.

- A xestión do Parque Nacional Marítimo Terrestre de Illas Atlánticas.

Desde o ano 2008 a xestión do Parque Nacional corresponde á Xunta de Galicia. Mellorase a oferta de uso público, a través da creación de infraestrutura, equipamentos e sinalizacións para impulsar o turismo de natureza como actividade xeradora de ingresos e emprego, compatibilizando a conservación dos valores naturais cun uso sostible do medio natural. Por outro lado, levaranse a cabo actuacións que fomenten a protección e conservación das especies e dos hábitats e que incrementen o coñecemento técnico e científico dos elementos de conservación.

No ano 2024 continuarase coa execución do proxecto “LIFE INSULAR – Estratexia integrada para a xestión sostible dos hábitats insulares en illas Natura 2000 do océano Atlántico” (LIFE20 NAT/ES/001007) en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e coas inversións incluídas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia relativas á mellora do Ciclo da Auga no Parque nacional e de Biodiversidade Mariña.

## 2. CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE

As accións para a conservación da biodiversidade encádranse no contexto normativo derivado da Lei 5/2019 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, que ten por obxecto a conservación, o uso sustentable, a mellora e a restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade no ámbito territorial de Galicia.

Neste marco, en 2024 continuarase co desenvolvemento de accións encamiñadas á adecuada protección e conservación das especies de flora e fauna silvestres, especialmente daquelas incluídas no catálogo galego de especies ameazadas.

Así mesmo, continuarase coas accións necesarias para garantir a correcta aplicación das Directivas comunitarias “hábitats” e “aves”, orientadas ao mantemento nun estado de conservación favorable dos hábitats e das especies.

- Conservación de especies ameazadas

No 2024 seguirase a traballar na aplicación das medidas de seguimento previstas na normativa básica estatal e autonómica das especies incluídas na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia e que son obxecto dun seguimento específico coa finalidade de realizar unha avaliación periódica do seu estado de conservación cada seis anos.

- Control de especies exóticas invasoras

A introdución de especies animais ou vexetais exóticas con comportamento invasor está considerada como a segunda causa de extinción de especies e o segundo problema ambiental, por orde de magnitude. Esta problemática atinxe enormes danos económicos en sectores relevantes como a agricultura, a pesca, o sector forestal.

No ano 2024 prevese a actualización do Plan Estratéxico Galego para a xestión das especies exóticas invasoras

- Protección de árbores senlleiras

Con independencia das medidas establecidas para a protección de especies ou unidades taxonómicas como tales, a conservación da nosa biodiversidade vexetal pasa tamén pola protección de aqueles valores naturais, culturais, científicos, didácticos, estéticos ou paisaxísticos. Estes exemplares senlleiros representan un valioso legado e un valor natural na medida de que se trata de exemplares que subsistiron aos rigores dos tempos ou que contan cunhas particularidades especiais.

No 2024 continuarase coas liñas de axudas que dan cobertura a actuacións para á conservación, protección e mellora destas árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, como medida de apoio para os propietarios destes elementos do patrimonio natural de Galicia.

- Rede galega de centros de recuperación de fauna silvestre

As actuacións vinculadas coa recuperación da fauna silvestre desenvolvidas nos centros de recuperación de fauna dependentes da consellería están directamente relacionadas coas medidas incluídas no Plan Director e constitúen a información base imprescindible

para a adopción das medidas pertinentes para paliar as ameazas ou perturbacións sobre estas especies, tal e como se formula no citado instrumento de planificación.

É preciso seguir na liña de traballo establecida nos catro centros de recuperación de fauna cos que conta a comunidade autónoma, pola labor que se está a realizar neles para a recuperación das especies.

No ano 2024 co programa Galicia FEDER 2021/2027 realizaranse actuacións de mellora e dotación de equipamentos nos Centros de Recuperación da Fauna Silvestre, ictioxénicos e outros centros auxiliares de conservación de fauna dependentes da consellería

- Protección animais de compañía

O obxectivo deste programa trata de mellorar a protección e o benestar dos animais de compañía en Galicia. A posta en marcha da Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia ten suposto un gran reto no desenvolvemento de actividades específicas e medidas encamiñadas á protección efectiva dos animais e contra o maltrato.

Durante 2024 continuarase coas actividades encamiñadas á divulgación e información á sociedade sobre os contidos e principios nesta materia, mediante campañas de concienciación en medios para o fomento da adopción de animais abandonados, xomadas informativas, así como continuar coas liñas de axudas iniciadas en 2017 para o control reprodutivo e identificación de animais, e para a loita e control do abandono. Ademais implementarase unha nova liña de axudas dentro do financiamento do Programa Galicia FEDER 2021/2027 de actuacións de mellora, nova construción e dotación de equipamento na Rede de centros de recollida de animais de compañía abandonados na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 3. OS RECURSOS CINEXÉTICOS E PISCÍCOLAS

No relativo aos Recursos Piscícolas, a promoción, defensa e protección dos valores biolóxicos que ten o medio acuático continental constitúe unha das principais encomendas da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e neste sentido, durante 2024 seguirase a traballar na mellora do coñecemento sobre as especies piscícolas e as súas principais ameazas no contexto actual, así como no avance da posta en marcha do desenvolvemento da lei reguladora da pesca continental na nosa comunidade autónoma. Continuarase así mesmo coa liña de axudas destinadas as Entidades colaboradoras de pesca fluvial como expoñente do apoio institucional á importante labor desenvolvidas por estas entidades en favor desta actividade.

En canto á actividade cinexética, seguirase apostando polo seu carácter social e polo seu carácter de instrumento indispensable para a xestión das poboacións silvestres, posibilitando un equilibrio que faga factible o desenvolvemento de todas as especies que conviven no mesmo medio. No ano 2024 continuarase coa convocatoria das liñas de axudas destinadas ás entidades sen ánimo de lucro titulares de Terreos cinexéticos ordenados (TECORES) destinadas ao fomento da riqueza e xestións dos recursos cinexéticos.

Así mesmo, durante 2024 seguirase traballando na aplicación tanto das axudas necesarias para paliar as afeccións ocasionadas polas especies de fauna silvestres sobre o gando ou os cultivos agrícolas, como na implantación de medidas preventivas fronte a estes danos, co fin de minorar a tensión social asociada e contribuír deste xeito á coexistencia entre a viabilidade das explotacións galegas e o mantemento das poboacións destas especies en niveis compatibles coas actividades agrarias.

## **DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO**

As principais liñas de actuación da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para o ano 2024 son:

- a) A materialización e posta en práctica da política territorial e de utilización racional do solo coa finalidade de favorecer o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio; contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación e protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos, e o exercicio das funcións que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, lle atribúe á persoa titular do centro directivo competente en materia de urbanismo.
- b) O fomento da formación, da investigación e a elaboración e divulgación de estudos e proxectos en materia de urbanismo, ordenación do territorio e litoral e da participación cidadá na formulación, tramitación e xestión do planeamento territorial e urbanístico. O seguimento e control da actividade urbanística, sen prexuízo das competencias dos municipios.
- c) A elaboración de proxectos e anteprojectos de disposicións normativas en materia de urbanismo.
- d) A preparación de informes que, conforme á lexislación de carácter sectorial, lle corresponda emitir ao órgano autonómico competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- e) A análise e proposta de informe dos expedientes de solicitude de autorización de execución de grandes establecementos comerciais sobre a súa adaptación ao planeamento vixente e en tramitación, para a posta en coñecemento da súa viabilidade á Comisión Consultiva de Equipamentos Comerciais.
- f) A realización de apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a súa xestión e execución e o seu seguimento, arquivo e rexistro.
- g) A execución dun programa de axudas económicas e de asesoramento técnico encamiñadas á materialización do planeamento urbanístico municipal, coa finalidade de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal e polo tanto, o desenvolvemento sostible do noso territorio.

- h) A realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.
- i) A emisión de informes preceptivos en materia de costas e o outorgamento de autorizacións administrativas na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre, segundo a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
- j) O apoio e asesoramento necesario á Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, órgano de carácter consultivo en materia de ordenación do territorio e urbanismo no ámbito da comunidade autónoma.
- k) A análise e tramitación dos proxectos públicos de excepcional interese ou urxencia, segundo o disposto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de proxectos públicos de excepcional interese ou urxencia.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo continuará supervisando os contratos para redactar os Plans básicos municipais de varios concellos que cumpren os requisitos sinalados nos artigo 63.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

Darase continuidade ao apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico, a través de axudas á redacción dos instrumentos previstos na lei.

Realizaranse unha serie de actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer á disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Trátase de preservar, conservar e/ou transformar, segundo ao caso, determinadas espazos urbanos, a través de medidas puntuais e específicas para cada zona para a creación de riqueza e, en consecuencia, contribúan a unha maior calidade de vida dos seus cidadáns. As actuacións realizaranse coa colaboración dos concellos, xa que son as administracións máis próximas ao territorio e aos cidadáns, mediante o desenvolvemento dos programas de equipamentos públicos, de humanización de rúas e de urbanización e mellora de espazos públicos, para dar cobertura ás necesidades da cidadanía.

O obxectivo é que, ata o ano 2024, o 90 % de concellos de Galicia sexan partícipes desta colaboración, priorizando o gasto máis eficiente desde o punto social e económico.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO (IET)

Os obxectivos, liñas de acción e actuacións básicas do Instituto de Estudos do Territorio para o ano 2024 son:

#### I. Planificación da paisaxe

- Durante o ano 2024 implementarase unha metodoloxía de traballo para o seguimento do estado das paisaxes de Galicia, recollida no Plan Estratéxico da Paisaxe de Galicia 2021-2024, de acordo co previsto no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, para elaborar o informe cuatrienal sobre o estado da paisaxe, e permitir abordar a actualización do Catálogo das paisaxes de Galicia.
- Continuarase co desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e particularmente, conforme ao Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, polo que se traballará na tramitación do Plan transfronteirizo de mellora paisaxística do Esteiro do río Miño, que se desenvolverá ao longo dos anos 2024 e 2025.
- Elaboraranse novas guías de boas prácticas e integración paisaxística dentro da colección Paisaxe Galega e publicaranse as rematadas no ano 2023.
- Iniciaranse estudos e propostas de mellora e integración paisaxística e Plans de Acción da paisaxe en áreas de especial significación paisaxística.
- Traballarase na promoción e difusión de itinerarios de interese paisaxístico en bicicleta e da Rede de Itinerarios de Interese Paisaxístico de Galicia.

Neste ano 2024 implementarase unha metodoloxía de traballo para o seguimento do estado das paisaxes de Galicia, de acordo co previsto no Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

- Continuarase coa tramitación de expedientes e informes en materia da paisaxe.
  - Dentro do Plan de Formación e Divulgación, continuarase cos programas Paisaxe e Sustentabilidade e Mestres Gandeiros do Plan Proxecta, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
  - Continuaranse realizando actividades de divulgación e sensibilización da poboación sobre a paisaxe.
- #### 2. Estudos do territorio
- Continuarase, xunto coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural, co desenvolvemento da Estratexia galega de Infraestrutura Verde e da Conectividade e a Restauración Ecolóxicas (EGIVCRE).

- Continuarase coa execución do Plan de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia e da Sustentabilidade Territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro.
  - Continuarase coa convocatoria do distintivo Bandeira Verde de Galicia.
  - Desenvolverase o proxecto europeo sobre a Infraestrutura verde con bosques e árbores, no desenvolvemento do xa concedido (GIFT, aprobado no ámbito do programa Interreg Europe) que lidera o Instituto de Estudos do Territorio.
3. Cartografía e información xeográfica
- Mellora e elaboración da cobertura de ortofotografía aérea do territorio galego (PNOA) cun incremento na resolución de ata 18cm e 15 cm do voo PNOA en colaboración co Instituto Geográfico Nacional (IGN).
  - Continuarase cos traballos correspondentes ao Plan PNOA10\_Galicia para a obtención de fotografías áreas de alta resolución espacial das áreas urbanas de Galicia.
  - Finalización e peche da cobertura SIOSE (Sistema Información Ocupación Suelo España) correspondente a o ano 2017.
  - Continuarase coa actualización da cartografía básica e da Información Xeográfica de Referencia: co aactualización e produción das bases topográficas a escala 1:5.000 da provincia de Ourense, en colaboración coa Amtega, e a mellora da toponimia.
  - Desenvolverase o Plan galego de cartografía e información xeográfica a través do seu programa operativo anual e poranse en funcionamento o Rexistro de Cartografía e a Cartoteca, todos eles recollidos no Regulamento de ordenación da actividade cartográfica de Galicia.
  - Continuarase coa xestión do Sistema de Información Xeográfica Corporativo (SIXC) e dos grupos de traballo da Comisión de Coordinación de SIX e Cartografía (CCSIXC).
  - Seguimento e control da fase de despregue de tres contratos da Axencia Galega de Innovación (GAIN) na CIVIL UAVs INICIATIVE, en concreto as relativas a “Terra 1”, “Terra 2” e “Terra 3”.
  - Colaborarase coa Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a elaboración da cartografía dos Plans básicos municipais, actualización do Plan Básico Autonómico, así como a actualización e mellora do Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia (SIOTUGA).
  - Continuarase prestando asesoramento, apoio técnico e publicación de servizos e visores de información xeográfica ao resto dos organismos en todas aquelas materias nas que o IET é competente, en especial á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e á Consellería do Medio Rural en función das súas competencias no territorio.
  - Obterase un conxunto de imaxes aéreas da zona de aplicación da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.



4. Axudas actuacións de corrección de impactos paisaxísticos
  - Continuarase coas convocatorias de axudas para a corrección de impactos paisaxísticos, tanto as destinadas a concellos de Galicia como a particulares, que deron un resultado moi positivo na aplicación de certas medidas correctoras que desenvolveron, con éxito, a protección e coidado da paisaxe alí onde se desenvolveron.

## **INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS)**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988, do 27 de abril, é o organismo autónomo ao que lle corresponde a realización da política do solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e axeitada, e unha utilización do solo acorde co interese xeral, erradicando a especulación e actuando como elemento regulador do mercado inmobiliario e de mellora da calidade medioambiental.

Así mesmo, conforme a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, correspóndelle a proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación. Tamén, a planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico e a elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

Segundo o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Instituto Galego da Vivenda e Solo queda adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda como organismo autónomo, ao que, de acordo co Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo, lle corresponde a realización das políticas de vivenda e solo, coa finalidade de acadar os obxectivos previstos na Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e no marco dos principios reitores contidos no artigo 47 da Constitución española.

Os créditos que o proxecto de orzamentos pon a disposición do Instituto Galego da Vivenda e Solo destínanse a exercer as competencias e funcións descritas anteriormente.

En materia de solo empresarial impulsarase a creación de solo produtivo ordenadamente, de acordo cos plans e programas vixentes, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a posta a disposición deste solo nas condicións mais favorables posibles, co obxecto de facilitar a implantación de actividades económicas xeradoras de emprego na nosa comunidade autónoma. Neste ámbito seguirase ademais co Observatorio de solo empresarial en colaboración con Xestur, S.A, como un espazo de información, comunicación e participación, que pretende integrar a todos os axentes implicados no sector e á cidadanía en xeral, co obxectivo de fomentar o coñecemento nesta materia en todas as súas vertentes. Por último, seguirase na liña emprendida

coa Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia para axilizar trámites e logo da aprobación da Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

En materia de vivenda seguiranse as directrices incluídas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Este pacto asinouse, o 20 de xaneiro de 2021, polos membros do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia constituído polos representantes das Administracións públicas con competencias na materia e os representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na lei 38/1999 de 5 de novembro, de ordenación da edificación así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

No dito pacto recóllense as seguintes liñas estratéxicas:

- Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda.
- Liña estratéxica B.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Liña estratéxica C.- Solo residencial.
- Liña estratéxica D.- Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación.

En execución do pacto desenvolveranse as citadas liñas estratéxicas mediante programas e accións, dos que se destacan os seguintes:

- Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda

Esta liña divídese en dous eixes: acceso á vivenda e prevención da exclusión residencial. Dentro dos programas do eixe I, orientados a facilitar o acceso á vivenda executaranse as actuacións previstas na liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023 que busca incorporar máis de 1800 inmobles para acadar as 5600 vivendas no ano 2026. Para cumprir esta meta, o IGVS vai reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública a través de diferentes vías, ao tempo que impulsará a construción de vivendas protexidas por parte de promotores privados e cooperativas, para o que porá á súa disposición solo residencial da súa propiedade alí onde se concentra a maior demanda; impulsarase a vivenda protexida de protección autonómica; seguirase co programa de mobilización de vivendas para o alugamento dirixido a fomentar a posta no mercado de vivendas baleiras en réxime de alugueiro e continuarase convocando axudas para o alugamento. Esta aposta polo acceso á vivenda en réxime de alugueiro complementase coa convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e para a adquisición de vivendas protexidas ou a prezo limitado, con especial reforzo para as persoas mozas, que busca ademais fixar poboación e dinamizar os núcleos rurais e centros históricos, así como facilitar o acceso a unha

vivenda protexida ou a prezo limitado. Preténdese tamén continuar co programa de avais para a mocidade dirixido a persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda. No eixe 2, dirixido á prevención da exclusión residencial, inclúense 5 accións destinadas a axudar ás persoas con maiores dificultades de acceso á vivenda ou en situación de risco de exclusión social. Dentro destes programas figuran o Bono de alugueiro social, o Bono de alugueiro social para persoas vítimas de violencia de xénero, a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes, a atención a colectivos vulnerables e a persoas sen fogar.

Neste sentido debe destacarse tamén a xestión polo IGVS dos programas en materia de acceso á vivenda previstas no Plan estatal para o acceso á Vivenda 2022-2025.

- Liña estratéxica B.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.

Nesta liña, seguirase apostando pola rehabilitación de vivendas e edificios, tanto nos ámbitos urbanos como nos núcleos rurais, nos conxuntos históricos ou no ámbito dos Camiños de Santiago, no marco da Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, tanto a través de programas de axuda á rehabilitación como de actuacións directas por parte do IGVS, tanto no seu propio parque como a través da adquisición e rehabilitación de vivendas no marco do programa Rexurbe.

Dentro dos programas de rehabilitación, merecen especial atención as actuacións en Contornos Residenciais de Rehabilitación Programada, Áreas de Rehabilitación integral, Áreas Rexurbe e o programa Rexurbe. Continuarase tamén cos programas de axudas a particulares e comunidades, con especial incidencia nas axudas á rehabilitación enerxética de edificios e vivendas e a redacción de proxectos e do libro do edificio existente incluídas na compoñente 2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como dos programas de axuda a mellora da accesibilidade as vivenda.

Neste ámbito seguirase tamén coas axudas a concellos, nomeadamente a rehabilitación de vivendas de titularidade municipal con destino a alugueiro social; a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes e o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

- Liña estratéxica C.- Solo residencial

Nas dúas accións desta liña destinadas á promoción de solo residencial para vivenda protexida, seguirase coa promoción en San Paio de Navia, Vigo e á adxudicación de solo neste ámbito, con destino á promoción de vivendas protexidas de protección autonómica (VPA).

- Liña estratéxica D.- Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación.

Nesta liña seguirase a impulsar o Observatorio da Vivenda de Galicia, a realización de estudos e análises do sector inmobiliario e a posta a disposición de emprendedores e entidades locais de titularidade do IGVS.

### II.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

#### **AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (APLU)**

Para a fixación das principais liñas de acción para o período 2024 da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística tivéronse en conta 3 premisas fundamentais:

- a) A cada vez maior preocupación social pola materia urbanística e, mais en concreto, pola disciplina e potestade sancionadora neste eido. Non pode esquecerse que nos últimos anos desenvolvéronse ao longo da xeografía española actuacións xudiciais e policiais que puxeron en evidencia a existencia de numerosos ilícitos urbanísticos.
- b) A crecente importancia das políticas de ordenación do territorio e de protección do medio ambiente.
- c) A relación existente entre as competencias autonómicas e locais nesta materia, que esixe o exercicio coordinado do conxunto de potestades integradoras da mesma para un axeitado exercicio da competencia urbanística.

Sentado o anterior, o primeiro a destacar é que o obxectivo xenérico desta axencia céntrase principalmente en mellorar a vixilancia e inspección do territorio e a protección do litoral para velar polo cumprimento da legalidade urbanística. Partindo deste obxectivo xenérico as accións concretas a realizar son:

- A prevención e persecución das infraccións urbanísticas e de costas, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia e inspección do territorio para detectar obras en execución sen licenza municipal ou autorización autonómica; outorgar ao persoal formación especializada para mellorar a calidade e eficacia da disciplina urbanística, facilitando a súa participación en conferencias e cursos; a promoción de investigacións para determinar os feitos e identificar os presuntos responsables da comisión de infraccións graves ou moi graves; a paralización e/ou incoación prioritaria e urxente de expedientes de reposición da legalidade de obras en curso de execución sen licenza municipal ou autorización autonómicas preceptivas e cuxo prazo de caducidade estea próximo a cumprirse; a imposición de multas coercitivas no caso de incumprimento voluntario da orde de demolición ou a súa execución subsidiaria transcorrido un ano dende a súa executividade.
- A consecución da máxima coordinación, colaboración e participación dos concellos para a consecución de óptimos resultados no eido do urbanismo, mediante a realización de actuacións tales como a vixilancia do cumprimento por parte dos concellos do seu deber de revisar licencias contrarias ao ordenamento xurídico; dar a coñecer a actividade e as funcións da axencia aos concellos galegos non adheridos á mesma ou o asesoramento aos concellos na interpretación da normativa urbanística.

E que, en última instancia, toda a actuación da Administración pública diríxese á protección do benestar dos cidadáns e, en materia urbanística, esta finalidade última da actividade adminis-

trativa maniféstase na promoción do seu dereito a un medio urbano e rural axeitado para o desenvolvemento da persoa, consonte ao disposto no artigo 45 da Constitución Española de 1978, na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

## II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA (SOGAMA)**

A Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) é unha empresa pública autonómica, participada no 51% pola Xunta de Galicia e no 49% por Naturgy, cuxo cometido se centra na xestión e tratamento dos residuos urbanos producidos na meirande parte do territorio galego conforme á orde xerárquica establecida pola Unión Europea, isto é, fomentando a prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe, que complementa coa valorización enerxética da fracción non reciclable, relegando o vertido a último lugar polo seu negativo impacto sobre a contorna e a saúde pública.

Neste escenario, as súas liñas de acción orientáanse a:

- Impulsar o modelo de desenvolvemento definido pola economía circular, sendo a súa máxima transformar os residuos en recursos, ben a través da reciclaxe ou ben, cando esta non sexa viable, a través da recuperación da enerxía contida no lixo non reciclable, operación que leva a cabo coas máximas garantías para a protección da contorna e a saúde pública.
- Contribuír á formación, concienciación e sensibilización ambiental da poboación galega, dando traslado das boas prácticas na xestión sostible do lixo (consumo responsable, redución, reutilización e reciclaxe).
- Promover a compostaxe da materia orgánica contida nos residuos urbanos, tanto no ámbito doméstico coma no industrial.

No primeiro caso, cabe sinalar que a empresa lidera un programa de autocompostaxe ao que están adscritas 452 entidades (224 concellos, 196 centros educativos e 32 colectivos sociais), tendo repartido, de forma gratuíta, preto de 21.000 composteiros. Así mesmo, construíu unha planta de compostaxe industrial no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa (Cerceda, A Coruña), con capacidade para 15.000 toneladas anuais, que xa está operando.

No marco da rede de infraestruturas deseñada pola Xunta de Galicia para a valorización da materia orgánica, cuxa finalidade é axudar aos concellos a cumprir coas súas obrigas legais (cabe recordar que a lexislación europea obrígaos a implantar a recollida separada da materia orgánica antes do 31 de decembro de 2023), Sogama tamén asumiu a construción, e posterior xestión, de 3 novas plantas de biorresiduos localizadas nas tres provincias restantes (Cervo-Lugo, Verín-Ourense e Vilanova de Arousa-Pontevedra). Estas instalacións contarán co apoio de 13 plantas

de transferencia (6 de nova construción e 7 sometidas a remodelación), que estarán dotadas cunha tolva específica para o transvasamento da materia orgánica recollida de forma diferenciada a través dos contedores marróns, en proceso de implantación na nosa comunidade.

Esta rede, á que se destina un investimento de 40 millóns de euros, dos cales 30 millóns proceden dos Fondos FEDER-REACT como resposta da Unión Europea á crise do Covid-19, posibilitará que a práctica totalidade dos concellos adheridos ao sistema Sogama (295) dispoñan dunha planta de compostaxe ou de transferencia a menos de 50 km de distancia.

- Participar en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental que contribúan a transitar desde unha economía lineal, definida polas malas prácticas de usar e tirar, a unha circular na que os produtos permanezan na economía o maior tempo posible, minimizando a xeración de residuos.
- Promover a aplicación da intelixencia artificial e a dixitalización na súa operativa industrial co fin de facela máis moderna e competitiva, contribuíndo á descarbonización dos seus procesos e a un uso eficiente dos recursos, en liña co Pacto Verde Europeo, cuxa prioridade é conseguir que Europa sexa climaticamente neutra no ano 2050.
- Fomentar o transporte sostible para os residuos urbanos, dando preferencia ao ferrocarril por ser un medio máis eficiente, fiable, respectuoso co medio ambiente e con menor incidencia a nivel de molestias cidadás.
- Colaborar co eido universitario a través da docencia en masters e cursos de postgrao vencellados ao medio ambiente en xeral e á xestión e tratamento dos residuos urbanos en particular.

## **XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA -XESTUR SA-**

Xestión do Solo de Galicia -Xestur SA- é unha sociedade anónima constituída para a realización de actividades urbanísticas no territorio de Galicia. O seu obxecto social está constituído pola realización das actividades dirixidas á promoción e xestión de solo empresarial, residencial e construción de edificacións na comunidade autónoma.

O desenvolvemento destas actividades ten como finalidade garantir a utilización do solo de acordo co interese xeral e dotar a comunidade autónoma de solo suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento socioeconómico e a promoción de emprego, así como de solo para a construción de vivendas dignas e adecuadas, especialmente aos sectores con menos capacidade económica.

A sociedade ten a consideración de medio propio e instrumental e de servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para que, no exercicio dos seus fins sociais e no marco da axenda galega de competitividade industrial, realice as actividades dirixidas á promoción e xestión do solo empresarial para o fomento do emprendemento, do desenvolvemento socioeconómico e da promoción do emprego.

---

Xestur SA realiza dous tipos de actuacións, unha como promotor directo e outra como mandatario do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), que actúa como promotor.

Este solo ponse a disposición nas condicións mais favorables posibles, co obxecto de facilitar a implantación de actividades económicas xeradoras de emprego na nosa comunidade autónoma.

As actuacións de solo empresarial céntranse na continuación dos parques agora en execución así como na planificación e inicio de novas actuacións recollidas no Plan Sectorial de Areas Empresariais co obxecto de atender a demanda existente noutros ámbitos territoriais.

Ademais, Xestur S.A. presta a súa colaboración e asesoramento a concellos que non dispoñan dos medios necesarios para o desenvolvemento de áreas empresariais de iniciativa municipal, incluídas no Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, está a desenvolver actuacións de urbanización de solo residencial destinado a vivendas protexidas.





### III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

#### III.1. PROGRAMAS DE GASTO

##### III.1.1. PROGRAMA 451A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 01.03.02 Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- Vivendas e edificios rehabilitados

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451A consiste basicamente en dispoñer dunha estratexia global que facilite e potencie a recuperación do construído mellorando as condicións de habitabilidade e calidade das vivendas no máis amplo sentido, incluíndo a reparación das vivendas propias do parque de vivendas de promoción pública do Instituto Galego da Vivenda e Solo, e o apoio e fomento da rehabilitación tanto illada como a través da declaración de áreas de intervención no medio urbano declaradas pola Administración autonómica, con especial incidencia nas áreas de rehabilitación supramunicipal declaradas (ARI dos Camiños de Santiago, ARI das Illas Atlánticas e ARI da Ribeira Sacra) e na figura das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

Entre as liñas destinadas ao fomento da rehabilitación, destacan os seguintes programas:

- Rehabilitación de vivendas propias do instituto.
- Programa de áreas de rehabilitación integral.
- Declaración de áreas Rexurbe, aprobación dos correspondentes plans de dinamización e seguimento dos ditos plans.
- Programa de préstamos para as actuacións de rehabilitación promovidas por persoas físicas e comunidades de propietarios, coa subsidiación de xuros en función dos seus ingresos, incentivando así o financiamento destas obras.

- Programa Rexurbe, que busca potenciar a rehabilitación dos núcleos históricos de vilas e cidades cun especial valor patrimonial.
- Rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.
- Programa de Infravivenda.
- Programa Rehaluga de axudas para a rehabilitación de vivendas para incorporar ao programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras “vivendas vivas”.
- Apóstase tamén pola eficiencia enerxética dos edificios en consonancia coas estratexias europeas e pola accesibilidade a través dos programas de rehabilitación existentes. Neste sentido, é importante destacar a xestión dos programas do compoñente 2 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiados cos fondos MRR, regulados polo Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451A ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas propietarias ou inquilinas beneficiarios de actuacións en materia de rehabilitación, de acordo coa normativa aplicable.
- Poboación residente en núcleos rurais, cascos históricos e nas áreas de rehabilitación e áreas Rexurbe.
- Poboación residente en vivendas que non reúnen as condicións mínimas de habitabilidade ou de accesibilidade.
- Veciños e veciñas das parroquias dos Camiños de Santiago.
- Persoas titulares de vivendas que as incorporen ao programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras.
- Persoas xurídicas promotoras das actuacións de rehabilitación e outras administracións públicas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O patrimonio arquitectónico (no que hai que incluír de maneira salientable os edificios e vivendas nos que habitan as persoas) require investimentos significativos non só para a súa conservación senón tamén para a súa mellora, sobre todo se temos en conta que representa

un activo que vai máis alá do meramente material. Neste ámbito incide a elevada dispersión da poboación de Galicia.

Malia a súa riqueza e importancia, existe un abandono e deterioro progresivo do patrimonio arquitectónico, das vivendas, e dos espazos públicos no medio rural e nos conxuntos e núcleos históricos, con despoboamento e envellecemento da poboación, perda de actividades produtivas e da calidade de vida. En algúns casos, as vivendas construídas e de nova construción non acadan os niveis necesarios de calidade, habitabilidade e sustentabilidade propios dunha vivenda digna.

Para facilitar estes obxectivos aprobouse a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia que persegue impulsar a participación pública e privada nas actuacións de rehabilitación.

Segundo datos da Enquisa estrutural a fogares, do IGE, no ano 2020 existían en Galicia 1.068.882 fogares, dos cales o 34,75% residía en vivendas familiares principais con 50 ou máis anos de antigüidade, o 47,74% en vivendas con entre 20 e 49 anos de antigüidade, o 15,58% en vivendas con entre 10 e 19 anos e o 1,93% restante, en vivendas con menos de 10 anos dende a construción.

No tocante ao tipo de edificio, case a metade (49,13%) eran vivendas unifamiliares (independentes ou acaroadas). Os pisos ou apartamentos que formaban parte de edificios con 10 ou máis vivendas supoñían o 31,71% do total de vivendas, mentres que os situados en edificacións máis pequenas (menos de 10 vivendas) conformaban o 19,13% do total.

Polo que se refire ao estado dos edificios, o número de edificacións ruinosas ou con deficiente mantemento en 2020 era de 265.858, polo que cómpre incidir nas políticas de rehabilitación de edificios, sen esquecer as necesidades de impulsar as actuacións en materia de eficiencia enerxética e de accesibilidade.

#### Debilidades:

- Escasa tendencia á rehabilitación e mantemento dos edificios por parte dos seus usuarios.
- É necesario realizar un gran esforzo para axuntar vontades entre os propietarios e romper as inercias que impiden a rehabilitación.
- Dificultade para estimar os prazos da actuación e para establecer unha programación adecuada do financiamento o que, cando é importante aquilatar custos e convencer aos propietarios, constitúe un obstáculo máis que desincentiva a actuación.

#### Ameazas:

- A alta porcentaxe de vivenda unifamiliar, a dispersión da poboación e o progresivo envellecemento de quen ocupan as vivendas con maiores deficiencias, supoñen un risco

de que unha parte importante do parque de vivendas quede á marxe do proceso de rehabilitación.

- Dada a estrutura da propiedade de vivenda os custos da rehabilitación deben asumilos os particulares e hoxe en día a situación económica e a escasa renda dispoñible das familias fai moi difícil que se poidan destinar fondos á rehabilitación.

#### Fortalezas:

- Opinión pública cada vez máis sensibilizada na necesidade de rehabilitación e abandono do modelo expansionista de desenvolvemento urbano.
- Experiencia dos últimos anos dos axentes implicados: administracións, técnicos e empresas, xerada como consecuencia das políticas anteriores de apoio á rehabilitación. É de destacar, especialmente, a experiencia xerada a través do Programa de Áreas de Rehabilitación Integral e dos programas autonómicos de fomento á rehabilitación.
- A presión lexislativa derivada do cumprimento das esixencias europeas en materia de eficiencia enerxética e accesibilidade universal pode constituír un incentivo para a rehabilitación.
- A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, facilita as actuacións de rehabilitación a través de diversas medidas tendentes a axilizar a licenza en actuacións de rehabilitación, eliminar as trabas e incentivar a rehabilitación.
- O Decreto 61/2021, do 8 de abril, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios e se crea o Rexistro Galego de Informes de Avaliación dos Edificios.
- A tramitación do Decreto polo que se modifica o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.

#### Oportunidades:

- A participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións que melloren os diferentes programas ou novas iniciativas en materia de rehabilitación, e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, froito do consenso de todos os implicados no sector.
- O investimento público xera unha alta porcentaxe de retorno do devandito investimento e contribúe a mellorar a economía.
- A posibilidade de novos modelos de intervención pública previstos na Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- A rehabilitación xorde como unha alternativa para a reconversión do sector da construción pola súa capacidade de xerar emprego e de permitir o desenvolvemento de empresas vinculadas ao territorio no que se desenvolve.
- Mellora da calidade de vida dos cidadáns, das cidades e dun parque inmobiliario antigo.

- Redución da factura enerxética e aproximación aos obxectivos das Estratexias Europeas.
- A declaración dende o 2020 das áreas Rexurbe nos concellos de Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos.
- A xestión dos programa de axudas para a rehabilitación enerxética en edificios existentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio; de apoio ás oficinas de rehabilitación; de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e o programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación.
- A rehabilitación de barrios incentiva a eliminación de guetos e permite aproveitar ao máximo os recursos materiais e do territorio e pode contribuír á rexeneración social de determinados ámbitos.

A Comunidade Autónoma de Galicia veu realizando un esforzo para mellorar a calidade e habitabilidade das vivendas no seu territorio. Así, veu actuando no eido das subvencións en todas as súas vertentes para a rehabilitación (vivendas en conxuntos históricos, vivenda rural, reforma de edificios de vivendas de promoción pública...) no marco do plan estatal de vivenda e das normas autonómicas que o complementan, e dos programas propios do IGVS, especialmente o Rexurbe. Tamén, e dado o estado de degradación de algúns cascos históricos e núcleos rurais, o IGVS interveu nos anos anteriores para proceder na medida do posible á súa rehabilitación e posterior posta en valor. Tamén se levaron a cabo iniciativas de colaboración a través de convenios e outros mecanismos legalmente establecidos con distintos axentes (concellos, universidades, institucións sen fins de lucro...) nos distintos aspectos (tanto de rehabilitación como técnicos) referidos á calidade da vivenda.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/88, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, polo que se determinan os aspectos básicos dos programas autonómicos de rehabilitación de vivendas e se dan directrices para o desenvolvemento do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Cóntase coa participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451A ten a finalidade de mellorar as condicións de vida dos propietarios e usuarios das vivendas, de xeito que se favoreza a consecución dunha perfecta habitabilidade das vivendas ao mesmo tempo que se recupera o patrimonio residencial xa edificado, actuando con criterios de calidade e sustentabilidade.

Deste xeito, e atendendo tamén a criterios de necesidade de xerar actividade e desenvolvemento económico, é necesario prestar atención a este progresivo deterioro das zonas rurais e barrios históricos intentado promover a súa conservación. Ao mesmo tempo cómpre, tamén, fomentar a recuperación do xa construído en aquelas zonas de crecemento, favorecendo a compacidade urbana, de tal xeito que supoña un adecuado aproveitamento entre infraestruturas, dotacións, servizos, actividades e residencia.

Para estes efectos establécense medidas de fomento e rehabilitación das vivendas individuais ou en réxime de división horizontal, de reparación do parque público de vivendas e de actuacións sobre ámbitos máis extensos, coa declaración de Áreas de Rehabilitación Integral e Áreas Rexurbe. Merece especial atención a recuperación dos núcleos rurais a través da rehabilitación de vivendas de titularidade municipal, e o programa de infravivenda.

Continúa a liña de financiamento iniciada en 2017 consistente na subsidiación de xuros dos préstamos para a rehabilitación, como ferramenta que posibilitará que as persoas con menos posibilidades económicas podan afrontar as obras de rehabilitación da súas vivendas.

Unha vez aprobada a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, desenvólvese con mais forza o programa Rexurbe, que nace da concienciación da necesidade de recuperar e potenciar o noso patrimonio construído, con especial incidencia nos barrios históricos de Galicia que contan coa declaración de BIC, conseguindo dinamizar estes ámbitos rehabilitando as vivendas, e rexenerando os espazos urbanos.

Nestes momentos, é de especial importancia nas políticas de vivenda facer unha aposta decidida pola rehabilitación como solución eficiente, sostible e de futuro para responder ás necesidades de vivenda da poboación e minorar os impactos no medio, evitando na medida do posible os novos desenvolvementos urbanísticos e fomentando a cultura da rehabilitación, é dicir, que o propietario da vivenda e o resto da cidadanía sintan a necesidade e valoren a rendibilidade de recuperar o xa construído.

Apóstase especialmente pola accesibilidade e a eficiencia enerxética mediante a xestión dos programas do Plan de recuperación, transformación e resiliencia: Pree 5000, Programas de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio; de apoio ás oficinas de rehabilitación; de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio; de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas e o programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación, así como do programa de mellora da accesibilidade en e ás vivendas do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

A rehabilitación de vivendas é unha necesidade permanente que cumpre varios obxectivos:

- Manter a poboación residente en conxuntos históricos, núcleos rurais e barrios de vilas e cidades necesitados de melloras.
- Conservar nas mellores condicións o patrimonio residencial construído.
- Recuperar e rexenerar ámbitos urbanos de especial valor histórico, favorecendo a súa dinamización, para que constitúan centros de actividade social, cultural e económica.
- Promover un rural mais vivo que favoreza o equilibrio territorial.
- Mellorar as condicións de vida dos seus moradores e adaptar as vivendas existentes á realidade actual.
- Reducir a demanda de novos desenvolvementos urbanísticos.
- Mellorar as condicións de accesibilidade dos edificios e vivendas.
- Aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivendas rehabilitadas e reducir a demanda de enerxía.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

#### III.1.2. PROGRAMA 451B - ACCESO Á VIVENDA

##### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 01.03.01. Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- Unidades convivenciais que se benefician das medidas de acceso á vivenda

##### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 451B consiste basicamente en facilitar o acceso á vivenda, tanto en propiedade como en réxime de alugueiro, para aqueles sectores da sociedade que se atopen en condicións máis desfavorecidas.

En materia de vivenda seguiranse as directrices incluídas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, que se constitúe como un instrumento de planificación das políticas públicas neste eido para o período 2021-2025 na Comunidade Autónoma de Galicia. Este pacto asinouse, o 20 de xaneiro de 2021, polos membros do Pleno do Observatorio da Vivenda de Galicia constituído polos representantes das Administracións públicas con competencias na materia e os



representantes de entidades, institucións ou asociacións que agrupan persoas físicas ou xurídicas que teñen a consideración de axentes da edificación na lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación así como as axencias e as administracións da propiedade inmobiliaria, como profesionais da intermediación inmobiliaria.

En execución do pacto, no que afecta a este programa de gasto, destacan as seguintes actuacións:

#### Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda

Esta liña divídese en dous eixes: acceso á vivenda e prevención da exclusión residencial. Dentro dos programas do eixe 1, orientados a facilitar o acceso á vivenda, seguirase coa construción de vivendas protexidas de promoción pública polo IGVS e coa súa adxudicación aos colectivos con maiores dificultades de acceso á vivenda, todo iso en execución da liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023; impulsarase a vivenda protexida de protección autonómica; implementarase un programa dirixido a fomentar a posta no mercado de vivendas baleiras en réxime de alugueiro: o programa "vivendas vivas" e convocaranse axudas para o alugamento do plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025. Esta aposta polo acceso á vivenda en réxime de alugueiro complementase coa convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e para a adquisición de vivendas protexidas ou a prezo limitado, con especial reforzo para as persoas mozas, que busca ademais fixar poboación e dinamizar os núcleos rurais e centros históricos, así como facilitar o acceso a unha vivenda protexida ou a prezo limitado. Destaca tamén o programa de avais para a mocidade destinado a incentivar o financiamento para as persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda.

No eixe 2, dirixido á prevención da exclusión residencial, inclúense 5 accións destinadas a axudar ás persoas con maiores dificultades de acceso á vivenda ou en situación de risco de exclusión social. Dentro destes programas figuran o Bono de alugueiro social, o Bono de alugueiro social para persoas vítimas de violencia de xénero, convocados en 2022 como prestación, a reparación de infravivendas en concellos de menos de 10 000 habitantes, a atención a colectivos vulnerables e a persoas sen fogar.

Por último, hai que sinalar que no 2022 publicouse o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, que se xestiona polo IGVS.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 451B ten un carácter universal, sempre respectando as limitacións que estableza a normativa vixente. En concreto, o colectivo afectado desagrégase en:

- Persoas inquilinas que vaian alugar unha vivenda con axudas autonómicas e estatais.
- Persoas beneficiarias das medidas implantadas pola Xunta de Galicia para evitar e paliar os desafiuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda (programa de realoxos, bono alugueiro, vivendas baleiras, asesoramento xurídico gratuíto...).
- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas menores de 35 anos adquirentes de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, en centros históricos e de vivendas protexidas ou a prezo limitado.
- Adquirentes de vivendas de promoción pública.
- Persoas menores de 36 anos que adquiren a súa primeira vivenda

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Actualmente segue habendo sectores de poboación con dificultades de acceso a unha vivenda en propiedade ou en alugueiro, polo que deben consolidarse as actuacións dirixidas a facilitar o dito acceso.

Debilidades:

- Existencia de familias con necesidade de vivenda e escasos recursos económicos.
- Dificultades de financiamento para acceder a unha vivenda por parte das entidades financeiras.
- Pouca oferta de vivendas, principalmente en alugamento, en algunhas localidades.

Ameazas:

- A dispersión da poboación existente en Galicia.
- Progresivo envellecemento da poboación.

Fortalezas:

- Necesidade de potenciar as políticas de carácter social en materia de vivenda, en particular as dirixidas a posibilitar a permanencia das familias con menos recursos nas súas vivendas.

- Os últimos cambios legislativos no Estado e na comunidade autónoma en materia de protección dos debedores hipotecarios e, concretamente, as medidas da Xunta, o Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025.
- A implantación de programas por parte da Xunta, en execución das medidas para evitar e paliar os desafuzamentos hipotecarios ou por falta de pagamento dos alugueiros e garantir o acceso á vivenda, nos que destacan a colaboración coa SAREB, entidades financeiras, a institución do Valedor do Pobo, o programa de mobilización de vivendas para posibilitar a posta no mercado de vivendas baleiras e o do Bono de alugueiro, que buscan dar solucións áxiles ás persoas para posibilitar a permanencia nas súas vivendas ou o acceso a unha vivenda alternativa.
- A existencia dunha liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023.

#### Oportunidades:

- A participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións que melloren os diferentes programas ou novas iniciativas, e que quedaron recollidos no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.
- Incremento da percepción do alugueiro como forma alternativa de acceso á vivenda; consolidación dos programas destinados a fomentar a axuda ao alugamento para os colectivos máis desfavorecidos, con especial incidencia nas persoas incursoas en procedementos de desafuzamentos ou execucións hipotecarias e as vítimas de violencia de xénero, a través dos programas do bono de alugueiro social.
- A aprobación dun novo plan de vivenda estatal, actualmente en tramitación, que coincide en gran medida cos programas xa implantados pola Xunta de Galicia.

Tamén se procura facilitar o acceso a vivenda a persoas menores de 35 anos a través de axudas específicas, tanto para alugamento como para a adquisición, contando ademais cun programa de avais para a mocidade destinado a persoas menores de 36 anos.

É importante tamén favorecer e impulsar o parque de vivendas en alugamento e neste sentido existen medidas orientadas a fomentar a construción de vivendas en alugamento por parte de promotores públicos ou privados, tendo en conta ademais a existencia dun programa específico financiado tanto con fondos MRR de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxeticamente eficientes, así como a previsión da posibilidade de incrementar o parque público existente con cargo ao próximo plan estatal de vivenda.

Ademais de todo o anterior, o IGVS seguiu a impulsar nos últimos anos unha política de desenvolvemento de solo residencial con destino a vivendas protexidas nas principais cidades de Galicia.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 451B é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, e o Decreto 288/88, que a desenvolve.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de Réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS.
- Decreto 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia
- Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025.

Cóntase ca participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 451B ten a finalidade de facilitar o acceso a vivenda dos sectores con máis dificultades.

Cóntase ca participación activa dos diferentes axentes que interveñen no sector inmobiliario, e que están representados no Observatorio da Vivenda de Galicia, para recoller as súas contribucións nesta materia e que quedaron recollidas no Pacto de Vivenda de Galicia 2021-2025, asinado o 20 de xaneiro de 2021, que foi froito do consenso de todos os implicados no sector.

Executaranse as actuacións previstas na liña estratéxica para o desenvolvemento de vivenda de promoción pública e impulso da vivenda protexida en execución do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 elevada ao Consello da Xunta o 30 de marzo de 2023 que busca incorporar máis de 1800 inmobles para acadar as 5600 vivendas no ano 2026. Para cumprir esta meta, o IGVS vai reforzar a súa aposta polo desenvolvemento de inmobles de promoción pública a través de diferentes vías, ao tempo que impulsará a construción de vivendas protexidas por parte

de promotores privados e cooperativas, para o que porá á súa disposición solo residencial da súa propiedade alí onde se concentra a maior demanda.

Para estes efectos articúlanse actuacións dirixidas a desenvolver solo con destino a construción de vivendas protexidas, con especial incidencia en San Paio de Navia (Vigo).

Por outra banda está prevista a construción de vivendas de promoción pública naquelas localidades onde existe máis demanda.

Tamén se establecen medidas de fomento para a adquisición de vivendas en núcleos rurais, centros históricos e vivendas protexidas ou a prezo limitado e para facilitar o acceso ao financiamento de persoas adquirentes de vivendas protexidas e para o alugueiro, con especial atención ás persoas mozas.

Fomentarase a construción de vivendas en alugamento con axudas a promotores públicos e privados.

Ademais, de xeito moi especial, preténdese dar cobertura ás situacións de risco de exclusión residencial a aquelas familias que están a atravesar situacións de especial dificultade. Estes apoios realízanse a través da implantación de medidas consistentes en programas de marcado carácter social, incluídos no pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 como son os programas do bono de alugueiro social como prestación que integra os dous anteriores programas do bono de alugueiro social e do bono de alugueiro social para vítimas de violencia de xénero e o programa de infravivenda.

Con estas medidas preténdese posibilitar o acceso á vivenda tanto en compra como en alugueiro, especialmente aos colectivos máis desfavorecidos, incrementar a vivenda de promoción pública, impulsar a iniciativa privada para desenvolver vivenda a prezos limitados e xestionar solo residencial que permita a construción de vivendas a prezos limitados.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

#### III.1.3. PROGRAMA 521A - URBANISMO

##### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa centra a súa atención tanto en racionalizar a problemática urbanística en xeral, como en tratar de resolver as necesidades e desequilibrios xurdidos no devir do patrimonio urbano. Neste programa están orzamentados os medios financeiros destinados ao cumprimento dos obxectivos que ao respecto se determinen, fundamentalmente os que fomenten un adecuado planeamento urbanístico.

Obxectivo estratéxico:

- OE.4.04.01: Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial.

Indicadores de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- Plans xerais de ordenación municipal aprobados
- Plans básicos de ordenación municipal aprobados.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A súa execución presentase para dar solución as seguintes necesidades:

- Ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Establecer catálogos e directrices da paisaxe, con carácter vinculante en urbanismo, co obxecto de protexer, xestionar e ordenar a paisaxe de Galicia.
- Mellorar e actualizar a información cartográfica e xeográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais que contribúan á protección da paisaxe e ao seguimento dos instrumentos de ordenación do territorio.
- Creación dunha Plataforma Urbanística Dixital de Galicia que permita a tramitación integral dos instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos, a través dun modelo de sistemas que dea soporte ao proceso completo de tramitación e posibilite de xeito seguro e transparente o intercambio e acceso á información a todos os axentes implicados no proceso.
- Manter actualizadas as directrices de ordenación do territorio de Galicia.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O ámbito de aplicación das actuacións do programa abarcan a totalidade do territorio da comunidade autónoma o que determina o seu carácter universal.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual, dende a premisa do obrigado cumprimento da ordenación do territorio e da planificación urbana, está determinada polos seguintes datos significativos:

Por unha parte, o feito de que máis do 55 % dos concellos de Galicia están redactando o seu planeamento municipal, determina que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, teña comprometido axudas económicas para estes concellos para o cumprimento do obxectivo de que o planeamento acade a todo o territorio da comunidade autónoma, o que se pretende para o horizonte de 2024-2028.

Por outra, as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, como elementos revitalizadores do territorio e do reequilibrio territorial, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas e poñer á disposición dos seus habitantes os valores de ditos espazos. Durante os últimos anos asináronse máis de 260 acordos de colaboración con concellos, o 83 % do total, para execucións desta actuación o obxectivo é acadar o 90 % ata o ano 2024.

Cómpre salientar as execucións en investimento inmaterial relativas á elaboración dos Plans Básicos Municipais, á Lei de ordenación do territorio e á investigación e divulgación de estudos en materia de urbanismo.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal de desenvolvemento das actuacións do programa de urbanismo ven determinado, por un lado, polo establecido na lexislación de ordenación do territorio e urbanismo en canto ás subvencións para a redacción do planeamento urbanístico ás entidades locais e, por outro polos acordos de colaboración para as actuacións que se veñen desenvolvendo en materia de equipamentos e contornos urbanos en colaboración cos concellos de Galicia, que se enmarcan no disposto pola lexislación de réxime local en canto lle corresponde á comunidade autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puideran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica. Cabe así mesmo mencionar a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e o Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público, como instrumentos normativos para desenvolver as actuacións do contido do programa.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Co desenvolvemento do programa preténdese a consecución da finalidade prevista, que se describe do seguinte xeito:

- Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación.
- Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de ordenación do territorio e urbanismo.
- Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais.
- Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio.

Para a consecución deste obxectivo prevese a convocatoria pública de ordes de axudas dirixidas aos concellos para a redacción do seu planeamento urbanístico, a selección de actuacións en materia de equipamentos e contornos urbanos e formalización dos acordos de colaboración cos respectivos concellos e, de selo caso, efectuar a correspondente convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos.



Con todo isto dáse solución a problemas concretos ao poñer á disposición da cidadanía, a través das corporacións locais, as infraestruturas e os equipamentos executados e os instrumentos de planeamento para un desenvolvemento harmónico das actuacións sobre o territorio.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X

Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

Para contribuír co Obxectivo "Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade", identifícanse as seguintes medidas :

- Actuacións de estudo, difusión e promoción (incluíndo campañas de sensibilización e campañas e accións informativas):
  - Indicador estimado (número de actuacións): 28
  - Importe que se estima destinar a estas actuacións: 880.220 €
- Instrumentos de planeamento de desenvolvemento:
  - Indicador estimado (número de plans en tramitación): 168
  - Importe que se estima destinar a estas actuacións: 3.223.998 €
- Humanización de espazos con perspectiva de xénero e de conciliación:
  - Indicador estimado (número de actuacións): 28
  - Importe que se estima destinar para estas actuacións: 8.613.203 €

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

### III.1.4. PROGRAMA 531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 04.04.01. Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.

Indicador de resultado asociado a ese obxectivo estratéxico:

- Número de empresas asentadas.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A necesidade que trata de atender o programa 531A consiste basicamente en ofertar solo industrial de calidade e axustado á demanda, impulsando este recurso como polo de atracción de empresas, facilitando a implantación de novas empresas no noso territorio e evitando a deslocalización das implantadas, para o que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) realizará as funcións que neste ámbito lle corresponden, como son:

- A planificación, desenvolvemento e xestión do solo empresarial no ámbito autonómico.
- A proposta de disposicións para o establecemento, desenvolvemento e xestión da política en materia de solo empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa execución e avaliación.
- A elaboración, promoción e xestión de plans e programas de promoción, adquisición e posta no mercado do solo empresarial que incentiven o asentamento de empresas, a dinamización económica e o equilibrio territorial.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe o programa 531A é o de persoas físicas ou xurídicas (e, dentro destas, públicas ou privadas) que demanden parcelas urbanizadas de solo empresarial.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nestes momentos o IGVS e Xestión do Solo de Galicia - Xestur S.A. dispoñen de máis de 700.000 metros cadrados lucrativos de solo empresarial.

Co obxecto de racionalizar a programación das novas actuacións, o IGVS aprobou o Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais. Este plan ten como obxecto fundamental a programación das actuacións de solo empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, dando prioridade ás que se localizan en ámbitos territoriais nos que se prevé maior demanda de solo, así como facer compatible o desenvolvemento de solo empresarial de Galicia coa defensa do medio ambiente, a paisaxe e o patrimonio cultural.

Paralelamente a este plan foi aprobado o Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial, que é o instrumento que lle permitirá ao IGVS e a Xestión de Solo de Galicia - Xestur SA executar actuacións onde verdadeiramente sexan necesarias, e coas características que os demandantes precisen para instalar as súas empresas e así optimizar ao máximo os recursos dispoñibles.

Por outro lado, o Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS, regula con maior claridade figuras que se estaban a utilizar na práctica como os proxectos empresariais singulares ou a permuta de terreos, que na normativa vixente apenas aparecían contempladas, e que cada vez cobran unha maior importancia na xestión do solo empresarial. Tamén posibilita expresamente este decreto o alleamento de solo empresarial, estea ou non urbanizado, e a minoración de prezos no suposto de que o primeiro concurso quedara total ou parcialmente deserto.

Ademais o Decreto 175/2020, de 15 de outubro, creou o Censo de solo empresarial de Galicia como rexistro público de natureza administrativa dependente da consellería competente en materia de vivenda e solo e xestionado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ten como finalidade coñecer o solo realmente dispoñible e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na comunidade autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial en Galicia.

Ademais, e ao abeiro do artigo 13.4 do Decreto 63/2015, do 23 de abril, o Consello Reitor do IGVS aprobou bonificacións dos prezos de venda do solo empresarial de titularidade do IGVS, no marco de programas ou iniciativas dirixidas ao fomento do emprendemento e a competitividade económica ou ao desenvolvemento empresarial ou industrial de Galicia (o que permitiría aplicar as bonificacións dos prezos de venda segundo a Axenda Galega de Competitividade Industrial de forma similar ás realizadas por Xestur SA). Previsiblemente no 2024 continuarase con estas bonificacións.

A Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia que supón un gran avance na flexibilización e na axilidade na planificación, desenvolvemento, xestión e conservación das áreas empresariais de Galicia.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario no que se desenvolve o programa 531A é o seguinte:

- Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS.
- Decreto 288/1988, do 29 de setembro, de desenvolvemento da referida lei.
- Decreto 108/2012, do 29 de marzo, polo que se regula o Rexistro de Demandantes de Solo Empresarial de Promoción Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 63/2015, do 23 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do solo empresarial xestionado polo IGVS.
- Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 531A ten por finalidade facilitar a implantación das actividades empresariais que contribúan ao impulso da actividade económica e ao fomento do emprego.

Para iso prevese o desenvolvemento de solo empresarial para a súa posterior transmisión en condicións favorables de prazos e prezos de venda.

Continuarase coa comercialización da PLISAN, promovida polo IGVS conxuntamente coa Autoridade Portuaria de Vigo e Consorcio Zona Franca de Vigo e iniciarase o desenvolvemento dunha nova fase do ámbito.

Tamén se iniciarán outras actuacións incluídas no Plan Sectorial de Areas Empresariais de Galicia.

Así mesmo, prestarase o apoio oportuno a Xestur Galicia para facilitar o desenvolvemento de solo empresarial e a súa posta no mercado nas condicións mais favorables posibles para atraer a implantación de iniciativas empresariais xeradoras de emprego e actividade económica.

Con estas medidas preténdese acadar un aproveitamento adecuado do solo empresarial posto a disposición, atraendo investimentos que xeren actividade económica e creación de emprego.

Finalmente, neste ámbito hai que destacar a tramitación dun novo marco xurídico para o solo empresarial que se concretará na primeira lei de áreas empresariais de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego da Vivenda e Solo

## III.1.5. PROGRAMA 541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE

### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos (xefaturas territoriais), tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da

consellería, co obxectivo de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa e de prestar un servizo público de calidade aos cidadáns que se relacionan coa administración competente en materia medioambiental.

Obxectivo estratéxico/instrumental:

- OE 2.03.03 Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na preparación, licitación e adjudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais e periféricos.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- No estudo e tramitación dos anteprojectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería.
- Na coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servizos prestados por este departamento.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

- Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG n° 79 do 25 de abril de 2019) que establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- Orde do 25 de outubro de 2019 sobre delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta este programas son:

- Xestión do persoal da consellería.
- Xestión do gasto asociado ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X



## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

### III.1.6. PROGRAMA 541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. 2.4.5 Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da súa biodiversidade.

Indicadores de resultado:

- Número de instrumentos de planificación específicos aprobados dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Contribuír á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade dunha forma compatible co desenvolvemento das actividades humanas é unha obriga que o goberno debe garantir. Ningunha actividade humana pode prescindir da compoñente ambiental, porque constitúe o medio sobre a que se sustenta.

A xestión e conservación da Rede Galega de Espazos Protexidos constitúe, en esencia, o eixo básico sobre o que pivota a acción da Administración pública, consciente da necesidade de dotala de réximes xurídicos axeitados, acompañados de medidas activas de conservación, restauración e posta en valor.

Continuarase co avance nas medidas establecidas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Plan Director) e na xestión coordinada dos espazos que integran a Rede de Parques Naturais, de xeito que se complementarán os obxectivos formulados nas propias normativas autonómica e estatal cos obxectivos e directrices da Rede Natura 2000, mediante a aplicación das medidas incluídas nos plans reitores de uso e xestión (PRUX) aprobados, que desenvolverán as directrices emanadas dos plans de ordenación dos recursos naturais (PORN) de cada parque natural

A conservación da vida silvestre como expresión da preservación dos elementos da biodiversidade constitúe así mesmo un obxectivo básico. Resulta primordial a implementación de instrumentos e ferramentas ao servizo da conservación das especies materializando a necesidade de planificar e establecer as medidas axeitadas para garantir a súa conservación, tendo en conta a prioridade das máis ameazadas. Neste sentido, no 2024 seguirase a traballar na elaboración da Estratexia galega das especies de flora e fauna ameazadas que ten como obxectivo primordial que aquelas especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas sometidas a un maior grao de ameaza, podan contar cunha proposta de instrumento de planificación que incorpore, en cada caso, a mellor información técnica actualizada dispoñible.

Así mesmo, seguiranse impulsando a elaboración de novos instrumentos de planificación para a conservación e recuperación de especies ameazadas, como ferramentas que inciden directamente na conservación das especies, con especial incidencia na elaboración de plans integrais que contemplan a preservación de especies, tanto de fauna como de flora, con requisitos de conservación análogos, integrándose así mesmo outros tipos de medidas como son o seguimento continuo dos elementos que forman parte do patrimonio natural, as estratexias de eliminación de factores de ameaza comúns a distintos taxóns ou a elaboración de instrumentos de planificación e xestión de espazos naturais protexidos.

Protexer activamente aos animais de compañía e afondar nas políticas e accións centradas na eliminación do maltrato animal e o abandono de mascotas, é un dos obxectivos principais da nova lei de protección e benestar animal aprobada no ano 2017. A aplicación desta norma leva a aparellada a necesidade de implementar medidas e accións que perseguen garantir a protección, posesión e tenza responsable dos animais de compañía, buscando acadar o máximo nivel da súa protección e benestar.

Continuarase así mesmo prestando desde a administración autonómica o apoio iniciado en 2017 ás administracións locais para o desenvolvemento das súas competencias, mediante axudas para o control reprodutivo e identificación de animais, como medidas efectivas para a loita e control do abandono, ampliando estas axudas co fin de apoiar e poñer en valor así mesmo o papel desempeñado polas Asociacións de Protección e Defensa dos animais de compañía.

Como eixo transversal aplicable, incidirase no desenvolvemento de programas de divulgación, información e educación ambiental que permitan sensibilizar e concienciar á cidadanía sobre a importancia de alcanzar un uso sostible do medio natural, acercando os temas ambientais á poboación e propiciando a participación da cidadanía nesta materia.

Compatibilizar as actividades de recreo que demanda a cidadanía coa preservación do medio natural é outro dos obxectivos deste programa. Trátase de proporcionar espazos de lecer a través da natureza, que sirvan de ferramenta para achegar á poboación a súa importancia, logrando deste xeito unha maior sensibilización e unha participación mais directa na súa conservación.

O programa 541B contempla tamén as necesidades relativas á aplicación de políticas preventivas, funcións de policía e vixilancia e control e prevención de impactos no medio natural, para o que é preciso dispor dunha adecuada dotación tanto de medios humanos como materiais co obxecto de adoptar as medidas correctoras e/ou compensatorias, de ser o caso.

Por último, este programa tamén apoia e promove o aproveitamento ordenado das especies cinxéticas e dos recursos piscícolas, integrando os requisitos de conservación e aproveitamento sostible destes recursos nas demais políticas sectoriais e garantindo unha xestión sostible dos ecosistemas.

Cabe destacar que para o ano 2024 continúa coa execución das primeiras partidas do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), establecido polo Regulamento (UE) n° 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, é o elemento central de NextGenerationEU, destinado a financiar os plans de recuperación e resiliencia dos Estados membros da Unión Europea.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) inclúe dentro da política n° “2 Infraestruturas e ecosistemas resilientes” o compoñente N° 4 “Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade” .

Este compoñente ten como obxectivo acadar un bo estado de conservación dos ecosistemas mediante a súa restauración ecolóxica cando sexa necesaria, e revertir a perda de biodiversidade, garantindo un uso sostible dos recursos naturais e a preservación e mellora dos seus servizos ecosistémicos

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ademais da poboación en xeral:

- Á poboación residente no medio rural, con especial incidencia nos residentes na área de influencia dos espazos protexidos.
- Ás corporacións locais.
- Aos visitantes dos espazos naturais.
- Ás asociacións de protección e defensa dos animais.
- Ás sociedades e entidades colaboradoras e representativas da actividade cinxética e piscícola.
- Aos colectivos de gandeiros, agricultores e silvicultores.
- As asociacións ecoloxistas entre cuxos fins figure a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.
- Á comunidade científica e ás universidades.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A conservación do Patrimonio Natural e a Biodiversidade en Galicia ten como escenario común fundamental a súa grande heteroxeneidade, expresada por unha banda na variabilidade das características bioxeográficas e socioecolóxicas, pero tamén, na conxunción de características e factores derivados; por unha banda, dos aspectos ecolóxicos e xeográficos e por outra, nas iteracións humanas que afectan á práctica totalidade do territorio, e que teñen na configuración territorial de Galicia o seu aval máis significativo.

Galicia amosa sen dúbida, un perfil crecente urbano e unha translación da poboación dende o interior á costa, cun territorio rural do 90 % no que se asenta unha importante porcentaxe da poboación total. Esta afirmación ten o seu aval máis significativo nas 26.892 entidades singulares de poboación con menos de 100 habitantes e os 198 municipios con menos de 5.000 habitantes dun total dos 313 dos concellos galegos.

O territorio galego amósase ademais como un escenario complexo, no que a demanda de bens e servizos ten unha correlación directa coa dispersión da poboación e coas necesidades estruturais. As características da propiedade, o alto peso do sector primario, a alta produtividade dos ecosistemas, as fortes demandas de solo para os usos agrarios, forestais ou urbanísticos, a gran dispersión da poboación ou a ocupación intensa dunhas áreas, que incrementan a demografía en termos relativos, fronte ao abandono propiciado polo éxodo rural noutras, configuran este territorio de fortes contrastes dun xeito significativo. Este contexto intensamente antropizado, cunha compoñente rural moi acusada, presenta unha forte dependencia entre as actividades coas que a biodiversidade coexiste e o equilibrio das poboacións silvestres depende, en grande medida, da existencia e da harmonización coas actividades que se desenvolven e manexan no territorio.

As políticas de conservación da natureza abórdanse desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e isto propicia un enfoque integrado das políticas do territorio. Por outra banda, o programa debe afrontar as accións para o fomento da información ao público e os mecanismos de colaboración, cooperación e participación activa da sociedade na consecución destes obxectivos de conservación.

No ámbito das competencias da Dirección Xeral de Patrimonio Natural determínanse as seguintes problemáticas a abordar:

- Posible deterioro e perda da biodiversidade e do patrimonio natural.
- Representatividade das áreas protexidas en termos relativos no contexto español e comunitario.
- Necesidade de impulso da planificación específica a través de instrumentos que fixen as normas de uso, xestión e desenvolvemento transversal dos espazos protexidos.
- Necesidade de impulso do conxunto de ferramentas necesarias para a xestión das poboacións de fauna e flora silvestres, como os plans de recuperación e conservación

de especies ameazadas. Resulta preciso seguir centrando esforzos en dar a coñecer os contidos destes plans tanto aos sectores da poboación mais directamente afectados polas medidas de conservación, como a aqueloutros sectores que reclaman mais medidas de conservación das especies, co fin de axuntar esforzos e compatibilizar ambas sensibilidades.

- Mellora e adecuación de infraestruturas, equipamentos e servizos de uso público que garantan o uso apropiado e sostible do medio natural, en especial, nos espazos naturais protexidos. Estas infraestruturas e equipamentos constitúen unha ferramenta básica na ordenación do uso público e deben ser suficientes e de calidade adecuada. Cómpre polo tanto continuar investindo neste fin, para incluír novos equipamentos e mellorar a súa calidade.
- A oferta limitada dos servizos a visitantes nos espazos naturais protexidos constitúe unha debilidade.
- As áreas protexidas en xeral e os parques, en particular, constitúen escenarios obxectivos de gran valor intrínseco para o desenvolvemento económico e social. É necesario continuar con liñas de axudas necesarias para a promoción socioeconómica dos espazos naturais, o desenvolvemento sostible, a mellora da calidade de vida, o apoio ás oportunidades empresariais e o fomento e mellora do emprego nestas zonas.
- Necesidade de avanzar na transmisión de coñecemento e difusión dos valores do patrimonio natural e a biodiversidade, como ferramenta principal ao servizo da conservación e da poboación.
- Necesidade de incrementar as medidas necesarias para garantir un aproveitamento ordenado dos recursos piscícolas, de cara a preservar para as xeracións futuras unha pesca fluvial máis sustentable, sostible no tempo e compatible cunha protección do medio ambiente a longo prazo. Débese mellorar a accesibilidade das canles fluviais para a ictiofauna, fomentando a conectividade dos hábitats e as especies.
- En canto á ordenación da actividade cinexética, é preciso seguir traballando na aplicación das medidas necesarias para paliar as afeccións ocasionadas polos ataques das especies silvestres de fauna ao gando e aos cultivos agrícolas, e á tensión social asociada. Para isto, cómpre continuar coas medidas implementadas, que inclúen axudas de carácter compensatorio para os afectados, debendo incidirse na necesidade dun maior acceso ás axudas para a adquisición de medidas preventivas fronte aos danos ocasionados pola fauna silvestre, así como incrementarse a divulgación e maior coñecemento entre os sectores afectados sobre estas medidas, co fin de fomentar e apoiar a corresponsabilidade na xestión deste problema.
- Necesidade de mellorar a participación dos colectivos implicados na toma de decisións ambientais.
- Necesidade crecente de medios para afrontar de forma áxil a emisión de informes sobre plans, programas e proxectos que podan afectar á integridade dos espazos naturais, hábitats e especies ameazadas.

- Impulsar a conservación e mellora do patrimonio natural nos espazos naturais mediante actuacións que permitan a conectividade de zonas urbanas e periurbanas para evitar a perda ou deterioro de especies e hábitats e lograr a máxima dotación de superficie verde.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Estratexia de Biodiversidade da UE ata 2030 subliña a necesidade de garantir a coherencia dos obxectivos da UE, entre outros, coa seguridade alimentaria, o cambio climático e o uso sostenible dos recursos naturais, instando aos Estados Membros a que apliquen as medidas necesarias de xeito rápido e ambicioso. Se ben reconece que a UE conta con marcos legais, estratexias e plans de acción para protexer a natureza e restaurar hábitats e especies, indica que para acadar a recuperación en 2030 da biodiversidade débense intensificar as labores de protección e restauración, e sinala que abordar a perda de biodiversidade e a restauración dos ecosistemas requirirá de importantes inversións, públicas e privadas tanto a nivel nacional como europeo para satisfacer as necesidades da Estratexia, incluídas as prioridades de inversión para Natura 2000 e a infraestrutura verde.

Este contexto reflectirase nos marcos comunitarios de acción e nos regulamentos que desenvolven os fondos comunitarios.

Todas as actuacións previstas acomópanse aos principios do VI Programa de Acción Comunitaria en materia de medio ambiente, programa que resulta de especial interese como ferramenta de primeira importancia para acometer iniciativas de desenvolvemento sostenible.

Por último, detállanse as disposicións legais que enmarcan as actuacións do programa:

- Comunitaria:
  - Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.
  - Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres.
  - Regulamento (UE) 511/2014 do Parlamento e o Consello, do 16 de abril, relativo ás medidas de cumprimento dos usuarios do Protocolo de Nagoya sobre o acceso aos recursos xenéticos e a participación xusta e equitativa nos beneficios que deriven da súa utilización na Unión.
  - Regulamento (UE) nº 1143/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de outubro de 2014, sobre a prevención e a xestión da introdución e propagación de especies exóticas invasoras.

- Estatal:
  - Real Decreto 630/2013, do 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras.
  - Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
  - Real Decreto 1082/2008, do 30 de xuño, sobre ampliación das funcións e servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de conservación da natureza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia).
  - Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, modificada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro.
  - Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
  - Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos.
  - Real Decreto 124/2017, do 24 de febreiro, relativo ao acceso aos recursos xenéticos procedentes de taxóns silvestres e ao control da utilización.
  
- Autonómica:
  - Decreto 95/2017, do 21 de setembro, polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia.
  - Decreto 69/2016, do 19 de maio, polo que se crea a Rede de Parques Naturais de Galicia.
  - Decreto 101/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 77/2002, do 28 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais da Serra da Enciña da Lastra e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural Serra da Enciña da Lastra.
  - Decreto 102/2019, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 166/1999, do 27 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Invernadeiro, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Invernadeiro.
  - Decreto 24/2020, do 9 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 274/2001, do 27 de setembro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Monte Aloia e polo que se aproba o II Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Monte Aloia.
  - Decreto 90/2021, do 26 de maio, polo que se modifica o Decreto 148/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural do Complexo Dunar de Corubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que

se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural do Complexo Dunar de Corubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.

- Decreto 24/2022, do 3 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do parque natural Baixa Limia-Serra do Xurés.
- Decreto 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 21 I/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.
- Decreto 80/2015, do 11 de xuño, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais.
- Decreto 30/2015, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Plan de conservación do humidal protexido Lagoa e areal de Valdoviño.
- Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Plan de conservación da píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.
- Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica do escribano palustre (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. *lusitanica* Steinbacher) en Galicia.
- Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do galápagos europeo (*Emys orbicularis* L.) en Galicia.
- Decreto 149/1992, do 5 de xuño, polo que se aproba o Plan de Recuperación do Oso Pardo.
- Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia.
- Decreto 284/2001, do 11 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de caza de Galicia.
- Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.
- Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que se regula o Catálogo Galego de Arbores Senlleiras.
- Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia



- Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os rexistros galegos de animais de compañía e potencialmente perigosos e de adestradores caninos.
- Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia.
- Decreto 130/1997, do 14 maio, polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continental.
- Decreto 15/2018, do 25 de xaneiro, polo que se crea e se regula o Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia.
- Orde do 20 de marzo de 2017 pola que se aproba o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural de Galicia.
- Decreto 177/2018, do 27 de decembro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e Biodiversidade de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Beneficios a acadar:

- Mantemento nun estado de conservación favorable de hábitats e especies mellorando o seu estado de conservación, de ser o caso.
- Lograr unha representación axeitada dos hábitats e das especies propios de Galicia que garanta a súa conservación activa dentro das políticas de espazos naturais protexidos consolidando unha rede de espazos protexidos nun estado adecuado de conservación, cun modelo de xestión compartida e coordinada.
- Ultimar a aprobación e aplicación dos instrumentos de planeamento dos espazos naturais protexidos.
- Posta en valor e desenvolvemento sostible social e económico dos territorios con marcado carácter ambiental.
- Establecer infraestruturas verdes que proporcionen servizos ecosistémicos para a sociedade así como a conectividade entre paisaxes, ecosistemas, hábitats naturais ou seminaturais e que aseguren diversidade biolóxica e os procesos ecolóxicos evolutivos.
- Mellorar a situación de apoio ao desenvolvemento aos habitantes, empresas, ONG, entidades e institucións locais da área de influencia dos Parques Naturais, do Parque Nacional e dos espazos naturais protexidos, axudando a manter o tecido poboacional das áreas incluídas nos espazos, potenciando o valor dos espazos protexidos como axente de desenvolvemento económico e dinamizador das economías locais do seu contorno.

- Dotar os espazos naturais das infraestruturas, equipamentos e servizos ambientais con suficiente oferta e calidade para o goce dos usuarios ordenando o uso socio recreativo do medio natural compatibilizándoo coa súa conservación e garantindo un uso racional do medio natural acorde coas demandas dos usuarios e coa fragilidade dos ecosistemas.
- Mellorar a información e difusión da importancia do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e garantir o goce, resaltando a importancia dos valores naturais e concienciando á cidadanía sobre a importancia de conservar a natureza.
- Mellorar o nivel socioeconómico das poboacións que están integradas nos espazos protexidos, fomentando actividades produtivas respectuosas co medio, e a distribución equitativa dos beneficios ambientais.
- Fomentar a participación das persoas e dos colectivos implicados na conservación do medio e na toma de decisións ambientais.
- Obter os máximos servizos ambientais e sociais das infraestruturas verdes e da biodiversidade para avanzar no valor que a sociedade lles outorga, que permitan o uso e disfrute público por parte da poboación.
- Mellorar o nivel de protección e benestar dos animais de compañía.
- Procurar o equilibrio das poboacións de fauna silvestre e a súa compatibilidade cos intereses de agricultores e gandeiros.
- Acadar un aproveitamento sostible dos recursos piscícolas e a súa preservación para as xeracións futuras.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As estratexias de conservación da biodiversidade constitúen unha oportunidade para promover a igualdade e a equidade entre homes e mulleres. As políticas seguidas desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural provocan a introdución de novas actividades ou cambios nas prácticas existentes, podendo tales cambios estar relacionados co uso da terra, agricultura, silvicultura, gandería, zonas pesqueiras e xestión dos recursos hídricos, entre outras actividades, nas que mulleres e homes levan a cabo participacións distintas, tendo acceso desigual a estes recursos e beneficiándose do seu uso de xeito diferente.

No marco das estratexias nacionais e internacionais de conservación e preservación da biodiversidade, calquera iniciativa nesta materia debe garantir que o desenvolvemento e implementación das propostas, contribúan á igualdade, por medio da creación de posibilidades de acceso e beneficios equitativos tanto para as mulleres como para os homes. Isto queda garantido en todas as estratexias e plans nesta materia promovidos desde a consellería.

A conservación e preservación do patrimonio natural e a biodiversidade de cara ás xeracións futuras é, na mesma medida, un asunto social e un problema ambiental e o éxito da conservación sustentable depende principalmente do uso que os diferentes grupos de persoas lle dean aos recursos biolóxicos. Considérase que as mulleres teñen un papel clave na xestión da biodiversidade xa que teñen un papel crucial en campos como o da xestión da agricultura e son as responsables do control, desenvolvemento e transmisión do coñecemento tradicional, moi ligado á conservación da biodiversidade. Dado que as mulleres representan polo menos a metade dos(as) usuarios(as) dous recursos biolóxicos, considérase primordial a súa implicación na conservación e a sustentabilidade destes recursos.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

Para contribuír co Obxectivo “Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade”, identifícase a seguinte medida :

- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas”
- Indicador estimado (número de contratos que incorporen as citadas cláusulas): 10
- Importe que se estima destinar a estes contratos: 500.000,00 €

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Natural

### III.1.7. PROGRAMA 541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Obxectivo estratéxico:

- OE. OE 2.4.4: Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados

Indicadores de resultado segundo o Plan Estratéxico de Galicia:

- Porcentaxe de residuos reciclados respecto ao total de residuos tratados.

- Producción total de residuos domésticos.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A este programa asígnanselle os recursos destinados a conseguir unha adecuada protección do medio ambiente, priorizando as actuacións de revisión e planificación da xestión dos residuos da comunidade autónoma.

Os obxectivos nos que se centra o programa son, por unha parte, a xestión dos residuos, o fomento da súa reutilización, a reciclaxe e a súa recuperación como instrumento para previr o impacto ambiental e, por outra, trátase de previr, reducir e controlar calquera tipo de contaminación, mellorando a avaliación ambiental e apoiando ás empresas na toma de decisións en relación coa minimización do impacto da súa actividade no medio ambiente

Un dos puntos fundamentais no que se centra este programa é a xestión de residuos.

Os obxectivos básicos da actual política de residuos da Unión Europea (UE) son previr os residuos e fomentar a reutilización, a reciclaxe e a recuperación para reducir o impacto ambiental. O obxectivo a longo prazo é que a UE se converta nunha sociedade que se manifeste en prol da prevención na xeración de residuos, promoción da reutilización, reciclado e redución do vertido, de xeito que se derive nunha xestión sustentable das materias orientadas a protexer, preservar e mellorar a calidade do ambiente, así como a protexer a saúde humana, garantir a utilización prudente, eficiente e racional dos recursos naturais, promover os principios da economía circular, mellorar o uso da enerxía renovable, aumentar a eficiencia enerxética, reducir a dependencia da Unión dos recursos importados, crear novas oportunidades económicas e contribuír á competitividade a longo prazo.

Co obxectivo fundamental de facilitar e promover a transición cara a unha verdadeira economía circular, o Consello da Xunta de Galicia aprobou, o 12 de decembro de 2019, a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030. Así mesmo, aprobou a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050. Ambas regulacións desenvolven o marco procedimental establecido pola Comisión, adaptándoo ás súas peculiaridades económicas, sociais, naturais, produtivas e enerxéticas, o que non só comportará beneficios ambientais asociados á correcta xestión dos residuos e á protección do solo, das augas, do aire e do clima, senón que proporcionará igualmente beneficios económicos e sociais asociados.

Tamén ten en conta as particularidades do territorio galego (dispersión, multiplicidade de entidades poboacionais, estruturas organizativas, etc.) á hora de deseñar os modos de xestión e a súa loxística, tanto no que se refire aos modelos de recollida propostos, como ás posibilidades tecnolóxicas das infraestruturas de tratamento para cada fracción.

Os obxectivos a alcanzar son:

- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia, en canto ao peso pero tamén en volume, diversidade e perigosidade, desaxustando a produción de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais.
- Potenciar as recollidas comerciais en orixe.
- Potenciar o mercado da reciclaxe.
- Garantir a complementariedade de modelos.
- Desenvolver as infraestruturas precisas para tratar os residuos xerados, conseguir os obxectivos marcados e potenciar deste xeito a organización territorial, baixo criterios de suficiencia, proximidade, viabilidade ambiental e económica.
- Minimizar o vertido final en depósitos controlados, especialmente da fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implantación e os coñecementos da poboación e dos xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Acomodar o sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un elemento máis, interrelacionado con outros como a xestión do espazo público, a mobilidade e o ruído.
- Previr a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoas e empresas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Entre as conclusións da diagnose realizada da xestión de residuos domésticos en Galicia nos últimos anos destacan as seguintes:

1. A baixa xeración per cápita de residuos en Galicia en comparación con outras comunidades autónomas e outros países da Unión Europea. A reciclaxe (incluída a compostaxe da fracción orgánica) dos residuos domésticos e industriais sitúase por debaixo da media Europea e lonxe dos obxectivos para 2025 e 2030 (55% e 60% respectivamente, tal e como se recolle na Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia).
2. Dificultade para a determinación das características de perigosidade dos residuos e dificultades á hora de identificar os tratamentos máis adecuados aplicables a cada tipo de residuos.

3. Insuficiente información referente á xeración e recollida de residuos.
4. As posibilidades de optimización que ofrecen as plantas existentes grazas á implantación de melloras nos procesos de clasificación, recuperación e tratamento que permitan optimizar o rendemento das mesmas.
5. Arraigo de malos hábitos de compra e de consumo tal como a xeneralización da pauta de “usar e tirar” e poucos incentivos para a reparación dos produtos co fin de prolongar a súa vida útil, así como a inadecuada xestión e manipulación dos alimentos por parte dos consumidores, que leva a grandes desperdicios.
6. Xeneralización do fenómeno da obsolescencia programada.
7. A elevada dispersión territorial non fai aconsellable un modelo único de xestión, debendo incorporarse novas loxísticas para o medio rural onde algunhas recollidas selectivas teñen unha baixa eficiencia.
8. Baixo nivel de desenvolvemento das recollidas a grandes xeradores.
9. Necesidade de ampliar a xestión in situ, especialmente en lugares con elevada dispersión territorial e plantas de tratamento afastadas, favorecendo o tratamento da fracción orgánica en plantas locais ou comarcais de compostaxe.
10. Necesidade de acometer medidas para impulsar a recollida separada de biorresiduos e a súa reciclaxe (os biorresiduos son aqueles que proceden exclusivamente da recollida selectiva). Dada a importancia da fracción orgánica sobre a xeración total de residuos, e o obxectivo establecido, considérase prioritario actuar sobre a súa xestión.
11. Necesidade de fomentar a xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos tendente a evitar dunha maneira segura e adecuada que estes residuos rematen en vertedoiros incontrolados.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa desenvólvese dentro do marco legal establecido por:

- Normativa comunitaria:
  - Directiva (UE) 2018/852 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 94/62/CE relativa aos envases e residuos de envases.
  - Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos.
  - Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 1999/31/CE relativa á vertedura de residuos.
  - Directiva (UE) 2018/849 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifican a Directiva 2000/53/CE relativa aos vehículos ao final da súa vida útil, a Directiva 2006/66/CE relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de

pilas e acumuladores e a Directiva 2012/19/UE sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

- Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de novembro de 2010 sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación).
  - Directiva 2008/98/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de novembro de 2008, sobre os residuos e pola que se derrogan determinadas Directivas (Directiva Marco de Residuos).
  - 2003/33/CE - Decisión do Consello, do 19 de decembro de 2002, pola que se establecen os criterios e procedementos de admisión de residuos nos vertedoiros con arranxo ao artigo 16 e ano anexo II da Directiva 1999/31/CEE.
- Normativa estatal:
    - Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular
    - Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido de prevención e control integrados da contaminación.
    - Real Decreto 815/2013, do 18 de outubro, pola que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
    - Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados
    - Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados.
    - Real decreto 506/2013, do 28 de xuño, de produtos fertilizantes.
    - Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
  - Normativa autonómica:
    - Lei 1 /1995, do 2 de xaneiro, de Protección ambiental de Galicia.
    - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.
    - Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
    - Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de Inspección ambiental de Galicia.
    - Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e a xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
    - Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados.



- Decreto 125/2012, do 10 de maio, polo que se regula a utilización de lodos de depuradora no ámbito do sector agrario na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regulan os contidos dos estudos de minimización da produción de residuos que deben presentar os produtores de residuos de Galicia.

Dentro do planeamento debe destacarse o encadre de parte das actuacións deste programa no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022, á espera de que se aprrobe un novo plan de xestión.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Xestión de residuos:

Neste eido continuarase coa progresiva implantación das políticas economía circular, reutilización, reciclado e redución de residuos, como con actuacións que se estenden a diferentes ámbitos:

1. Prevención e redución da produción, partindo dunha política de comunicación a todos os niveis propiciando un cambio progresivo nos procesos produtivos e nos hábitos de consumo así como nos modos de xestión, promovendo un uso máis eficaz dos recursos.
2. Creación dunha rede galega para a preparación, a reutilización e reparación.
3. Fomento da recollida selectiva en orixe de todas as fraccións, promovendo o mercado da reciclaxe. En particular, fomentarse a implantación da recollida selectiva da materia orgánica e de biorresiduos entre grandes produtores, especialmente en zonas turísticas.
4. Promoción e apoio ao uso do compost.
5. Fomento da formación e concienciación co fin de implicar á cidadanía e ás distintas organizacións nas actuacións de xestión de residuos (prevención, reciclaxe e compostaxe), con especial atención á sensibilización encamiñada á redución do consumo de bolsas dun solo uso.
6. Potenciar os medios que garantan a calidade e transparencia da información, a través da creación dun sistema compartido e homoxéneo de información estatística, que estea a disposición da poboación e que sexa facilmente comprensible.
7. Apoio ás entidades locais mediante actuacións dirixidas a: (1) potenciar a recollida selectiva en orixe e xestión da fracción orgánica dos residuos municipais coa finalidade de contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados pola normativa; (2) fomentar a prevención e preparación para a reutilización de residuos municipais; (3) mellorar os servizos de proximidade e as instalacións a disposición dos cidadáns que complementen a función que presta a rede de puntos limpos existente na nosa comunidade autónoma para a entrega de determinados

residuos, ao fin de favorecer a súa adecuada recollida e clasificación así como o impulso para a preparación para a reutilización, no seu caso.

Control ambiental:

1. Potenciar unha cultura medioambiental nas actividades tendente a fomentar os sistemas de autocontrol ou xestión ambiental, incidindo no enfoque preventivo.
2. Reducir o impacto das actividades no medio ambiente, mediante accións que tendan a conseguir unha mellora ambiental a través da prevención e o control dos incumprimentos que impliquen un maior risco para as persoas e o medio ambiente.
3. Promover a calidade, competencia técnica e mellora continua.
4. Mellorar a avaliación ambiental, garantindo que as declaracións de impacto ambiental, así como as autorizacións ambientais integradas, sexan resoltas no menor tempo posible e dentro do rigor absoluto ao disposto na normativa ambiental.
5. Actuacións de prevención de riscos medioambientais e de recuperación de solos contaminados.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose).

As actividades do programa non están dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito. No medio ambiente, as mulleres de todo o mundo compren funcións ben definidas: na ordenación da fauna e da flora, das terras áridas, dos humedais e da agricultura, na xestión da auga, etc. pero tamén na vixilancia do medio. Deste xeito aportan o seu tempo, aptitudes e visión persoal no desenvolvemento das comunidades, converténdose nunha fonte invaluable de coñecementos e pericia na xestión do medio ambiente.

Nun estudo do Banco Mundial do ano 2002 chegouse á conclusión de que a igualdade de xénero é fundamental para a economía dos países e de que o desenvolvemento sostible non é posible sen equidade. Estes dous elementos, igualdade e equidade, son en consecuencia elementos esenciais e condicións indispensables para a conservación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

En calquera análise que se faga da muller e do medio ambiente debe terse en conta:

- A división do traballo e as responsabilidades baseadas no xénero.
- Os coñecementos, non só a nivel formativo senón tamén os coñecementos tradicionais, de gran arraigo en Galicia e vencellados habitualmente ás mulleres a través da costume.
- O acceso aos recursos e o control destes e
- A posición da muller dentro da familia e na comunidade, que determina en gran medida o control que estas teñen sobre as decisións relacionadas co medio ambiente, como as actividades de conservación e rexeneración do medio ambiente.

Deste xeito na parte deste programa enfocada á xestión de residuos é de vital importancia a participación das mulleres nos cambios progresivos nos hábitos de consumo e nos procesos de reutilización e reciclaxe de todo tipo de residuos, na posta en marcha dos proxectos de compostaxe e máis concretamente nos de autocompostaxe. Pero a dita participación non pode ser entendida como unha función exclusiva das mulleres, senón que as mulleres son o elemento clave e propulsor da sensibilización, formación e concienciación de todos aqueles que no seu entorno, por descoñecemento ou por abandono non colaboran na promoción dun uso máis eficaz dos recursos nunha economía circular.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto  
As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero  
Non existen indicadores con relevancia de xénero neste programa de gasto.
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo  
Non procede.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as accións planificadas prestan atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes, polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

## SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO

Inclusión como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2023, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

## INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta dirección xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

### *III.1.8. PROGRAMA 541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE.*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

##### **INSTITUTO DE ESTATUTOS DO TERRITORIO (IET)**

Obxectivo estratéxico:

- OE 2.3.3 Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática
- OE 4.4.1. Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.

Indicadores de resultado

- P00020: Actuacións de estudo, difusión e promoción
- P00091: Hectáreas cartografiadas.

##### **DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO**

Obxectivo estratéxico:

- OE. 2.3.1: Fortalecer unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, protección civil e seguridade pública, así como a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

Indicador de resultado:

- Tempo medio transcorrido entre as chamadas e a mobilización de medios.

Obxectivo estratéxico:

- OE 2.3.3: Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática

Indicadores de resultado:

- Poboación exposta a calidade do aire urbana mala ou mellorable.
- Número de persoas mortas directamente atribuído a desastres por cada 100.000 habitantes.
- Total de Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) das unidades residentes per cápita.
- Total de emisións de GEI das unidades residentes por PIB.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa de gasto da cobertura, principalmente a dúas necesidades fundamentais.

Por unha banda, a través do Instituto de Estudos do Territorio (IET) o obxectivo do programa consiste fundamentalmente na protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, no estudo e análise do territorio e na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento dos estudos territoriais, así como na promoción da cultura da sustentabilidade territorial, fomentando a sensibilidade da cidadanía sobre o medio ambiente, o territorio e a paisaxe.

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da Paisaxe de Galicia constitúe o marco de referencia para o desenvolvemento das políticas encamiñadas á protección, ordenación e xestión da paisaxe, así como á sensibilización cidadá. Esta lei establece unha serie de instrumentos que se teñen que desenvolver a partires das prioridades definidas na Estratexia da Paisaxe Galega, aprobada para o período 2021-2024. Cada un dos obxectivos que define a Estratexia concretarase en liñas de actuación entre as que se poden destacar a aprobación do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e a aprobación do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, a elaboración de plans de acción da paisaxe. Conxuntamente co funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, creado polo Decreto 19/2018,

do 1 de febreiro, son instrumentos para acadar unha mellora gobernanza da paisaxe galega. Así mesmo, estes instrumentos deben ser complementados con outras ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.

Pola súa banda, a Estratexia de infraestrutura verde de Galicia ten como obxectivo a identificación e conservación dos elementos do territorio que compoñen a infraestrutura verde, para que a planificación territorial e sectorial asegure a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas, a mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático e a restauración de ecosistemas degradados. En sintonía coa estratexia nacional estase a tramitar a Orde pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas.

No eido da información xeográfica e territorial, dáse cumprimento aos mandatos legais establecidos na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, que traspuxo ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestrutura de información espacial na Comunidade Europea (INSPIRE), na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio (DOTs), e no Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Outra das accións que se levan a cabo dentro deste programa de gasto é o desenvolvemento do Plan de seguimento da sustentabilidade territorial, establecido no Decreto 176/2013, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial, que da resposta ás propias determinacións das DOTs.

Por último hai que facer mención ás axudas para o desenvolvemento de actuacións destinadas á corrección de impactos paisaxísticos. Estas axudas foron convocadas por primeira vez no ano 2021 unha vez detectada a existencia de moitos bens, tanto de titularidade privada como de titularidade municipal que, pola súa situación ou estado de conservación, producen impactos paisaxísticos.

Con estas axudas contribúese a concienciación e sensibilización da sociedade, así como a posta en valor da paisaxe galega, achegando á cidadanía e aos concellos unhas axudas que permiten recoñecer a importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia no eido do respecto paisaxístico.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O obxecto do mesmo determina o carácter universal deste programa, repercutindo no conxunto da cidadanía galega en xeral.



Non obstante, o plan de seguimento da sustentabilidade territorial e a Estratexia da Paisaxe Galega, van especialmente dirixidos aos xestores públicos, que deben velar polo seu cumprimento.

As axudas de corrección de impactos paisaxísticos integradas nesta última, van dirixidas tanto a particulares como a concellos, co obxecto de formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes: promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, así como calquera outra que teña relación co seu obxecto e fins. Promóvese, deste xeito, unha cultura de dignificación do territorio galego no que a cooperación interinstitucional resulta estratéxica, fomentando o coidado da riqueza paisaxística en ámbitos especialmente sensibles e desenvolvendo así obxectivos previstos, tanto naquel como na Estratexia da Paisaxe Galega: a súa posta en valor e a concienciación e sensibilización da sociedade, poñendo especial fincapé na administración pública (recoñecemento por toda a poboación da relevancia do seu papel e da importancia da responsabilidade compartida na mellora e conservación da esencia de Galicia neste eido).

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A xestión da paisaxe é unha actividade relativamente recente nas administracións públicas. Non obstante, dispónse xa en Galicia dunha base de coñecemento e experiencia desenvolvida nos últimos anos, o que permitiu acometer con garantías a elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia, das Directrices da Paisaxe, do Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; do primeiro Plan de Acción da Paisaxe aprobado na Ribeira Sacra; e que permite a redacción dos informes de integración paisaxística que se veñen elaborando.

Dende a entrada en funcionamento no ano 2012, o Instituto de Estudos do Territorio está resultando un instrumento transversal do goberno, encargándose do desenvolvemento, tanto da Lei de protección da Paisaxe de Galicia, como dos instrumentos de planificación do territorio, así como da posta en marcha dun Sistema de Información Xeográfica corporativo en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Nesta liña de actuación, coordínase cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia dentro da Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica. Tamén fomenta a cultura de corresponsabilidade, desenvolvendo un programa proactivo que forme cidadáns responsables e conscientes nos valores territoriais e paisaxísticos de Galicia con iniciativas como o Plan “Proxecta”.

### **(I) Observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia.**

- *Redes de calidade das augas e de calidade do aire.*

Como se puxo de manifesto nas necesidades a satisfacer, a normativa ambiental esixe a execución de probas, análises ou mostraxes que sirvan de presuposto para o establecemento

de medidas correctoras, como contrastación na esixencia ou o cumprimento das condicións impostas na autorización, actuación inspectora etc., o que obriga a dispor dunha unidade administrativa que poida prestar apoio técnico aos órganos afectados. En Galicia esta unidade administrativa é o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, que presta un servizo a diferentes organismos da Xunta de Galicia en temas de impacto ecolóxico, contaminación biolóxica en augas e no diagnóstico da recuperación tras un vertido.

O Laboratorio está acreditado segundo os requirimentos de norma ISO 17025 para ensaios en aire e auga, o que garante a fiabilidade destas actuacións analíticas.

Durante os últimos anos a rede de calidade das augas, dando cumprimento á Directiva Marco da Auga, foise ampliando e na actualidade consta de cento corenta e sete puntos de mostraxe sistemático de augas continentais e de oitenta e nove puntos de toma de mostraxes sistemáticas de augas costeiras e de transición.

Esta rede obtén parámetros físico-químicos e biolóxicos que permiten:

- Avaliar o cumprimento da normativa vixente.
- Servir de base para desenvolver estratexias de prevención contra a contaminación.
- Avaliar, de maneira sistemática, a afección dos vertidos nas augas costeiras e de transición.
- Avaliar a efectividade das medidas desenvolvidas para o control e a redución da contaminación.

O Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia realiza análises periódicos en materia de calidade da auga, en augas naturais continentais, augas de transición e augas costeiras, o que permite avaliar o estado químico e ecolóxico das masas de augas segundo o establecido na Directiva Marco da Auga.

A Rede de vixilancia e control da calidade do aire de Galicia está composta por distintos tipos de estacións: urbanas, industriais, rurais e de fondo. Ditas estacións cumpren diferentes funcións, dependendo da súa situación, poboación á que representan e o grao de cumprimento dos requisitos de macro e micro implantación esixidos pola normativa vixente.

A rede urbana, xestionada e mantida pola Xunta de Galicia, consta na actualidade de 15 estacións fixas cuxo sistema de xestión da calidade está certificado segundo os requirimentos da Norma ISO 9001:2008. Pola súa banda, a rede industrial, que consta de varias subredes asociadas a distintas empresas, ten a finalidade de aportar datos para a vixilancia da calidade do aire no seu entorno. A Xunta ten a obriga de velar polo grao de cumprimento desta finalidade e de enviar os datos validados ao Ministerio competente.

As sinerxías entre rede de vixilancia da calidade do aire e a modelización numérica de MeteoGalicia permiten ampliar as capacidades de modelización e predición en atmosfera á predición de episodios de contaminación atmosférica e avaliación da calidade do aire.

- *Observación meteorolóxica e oceanográfica:*

A rede de observación meteorolóxica e oceanográfica está formada por:

- Un radar Meteorolóxico que rexistra datos das seguintes variables: reflectividade, tipo e intensidade de precipitación, choiva e neve acumulada, saraiba.
- Catro equipos de detección e rexistro de raios.
- Cento sesenta estacións meteorolóxicas e agro-meteorolóxicas.
- Seis estacións océano-meteorolóxicas.

Os equipos das redes transmiten os datos a tempo real ao centro de xestión de datos de Meteogalicia, no que se dispón de ferramentas para a recepción, almacenamento, compilación, tratamento e visualización dos datos. As redes complétanse cos modelos numéricos de atmosfera e mar que permiten aplicar técnicas de rexionalización a partir de modelos globais. O sistema de xestión da calidade destas redes está certificado seguindo os requirimentos da Norma ISO9001:2008.

Toda esta información ten permitido elaborar unha serie de produtos e servizos específicos para a sociedade en xeral e para colectivos específicos. Algúns dos produtos específicos desenvolvidos nos últimos anos, son predicións para confrarías, predición para os Camiños de Santiago, predición marítima, etc., que se difunden a través da páxina web de MeteoGalicia ([www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)).

MeteoGalicia tamén elabora produtos axeitados ás necesidades das actuacións dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, como o Plan de asolagamentos de Augas de Galicia, o Plan da contaminación mariña accidental da Consellería do Mar e o Sistema de información agrometeorolóxica da Consellería do Medio Rural, a elaboración de alertas por adversos meteorolóxicos para a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, etc. Así mesmo, colabora con outros organismos do Estado situados na comunidade autónoma (Puertos del Estado, CSIC, IEO, etc.).

Durante os últimos anos tense feito un esforzo considerable por poñer a dispor da sociedade en formatos estándares tódolos datos da rede e dos modelos de predición segundo a Directiva INSPIRE. Actualmente esta información está sendo usada por multitude de grupos de investigación do sistema universitario galego e máis dun centenar de empresas.

A rede de observación da calidade da auga e da calidade do aire e a rede observación meteorolóxica e oceanográfica constitúen potentes instrumentos da administración galega para facer un exhaustivo seguimento da calidade do ambiente. A dotación de equipos levada a cabo nos últimos anos na rede reforzounas de modo considerable. Non obstante atendendo ás novas ameazas derivadas do climático é preciso avanzar na súa mellora para así afrontar novos riscos ambientais.

## **(2) Loita contra o cambio climático e da adaptación ao mesmo e o fomento do desenvolvemento sustentable.**

O desenvolvemento da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e da Estratexia de Sustentabilidade, que configura a parte ambiental da Axenda 2030 de Galicia, ambas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa

Operativo FEDER Galicia 2021-2027, constituirán a marco de actuación da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

E en canto á implicación de todos os estamentos da Administración pública, a iniciativa da Unión Europea coñecida como o Pacto de Alcaldes polo Clima e a Enerxía, é o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático. Con este obxectivo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asumiu o papel de Coordinador en Galicia do Pacto dos Alcaldes, para promover a adhesión dos municipios de Galicia ao Pacto e para ofrecer aos municipios adheridos o apoio necesario para asumir os compromisos adheridos coa súa adhesión: alcanzar os obxectivos europeos para 2030 en materia de clima e enerxía e adoptar un enfoque integral para a atenuación do cambio climático e a adaptación a este fenómeno. Durante o ano 2024 continuarase impulsado esta iniciativa.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No que atinxe ao eido do Instituto de Estudos do Territorio:

- Lei 7/1986, do 24 de xaneiro, de ordenación da cartografía.
- Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación del Litoral de Galicia.
- Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio.
- Decreto 156/2012, do 12 de xullo, polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
- Decreto 172/2012, do 1 de agosto, polo que se regula a Comisión de Coordinación de Sistemas de Información Xeográfica e Cartografía.
- Decreto 193/2012, do 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental, modificado polo Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro.
- Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial.
- Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia.

- Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.
- Decreto 19/2018, do 1 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- Decreto 96/2020, do 29 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia

No que atinxe á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático:

- Normativa comunitaria
  - Directiva 2013/39/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de agosto de 2013, pola que se modifican as Directivas 2000/60/CE e 2008/105/CE en canto ás substancias prioritarias no ámbito da política de augas.
  - Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións. Plan de acción para unha estratexia marítima na rexión atlántica. Promover un crecemento intelixente, sostible e integrador – COM/2013/0279 final.
  - Directiva 2008/105/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, relativa ás normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, pola que se modifican e derrogan ulteriormente as Directivas 82/176/CEE, 83/513/CEE, 84/156/CEE, 84/491/CEE e 86/280/CEE do Consello, e pola que se modifica a Directiva 2000/60/CE
  - Directiva 2008/50/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2008, relativa á calidade do aire e a unha atmosfera máis limpa en Europa.
  - Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece o marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas
- Normativa estatal
  - Real Decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire.
  - Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Normativa autonómica
  - Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incorporar a paisaxe nos instrumentos de ordenación do territorio, no planeamento urbanístico e mesmo nas accións territoriais públicas na procura da preservación dos valores non renovables do territorio no proceso de desenvolvemento necesario da sociedade.

Levar as cuestións da paisaxe á primeira liña de interese en materia de ordenación territorial en claves de sustentabilidade e gobernanza cidadá, a través do desenvolvemento dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe contemplados na lei, coa aprobación do Regulamento da Lei da Paisaxe e das Directrices de paisaxe e a posta en marcha do primeiro plan de acción da paisaxe.

Fomentar a integración dos valores paisaxísticos nas distintas políticas territoriais e sectoriais que se están a desenvolver na nosa comunidade autónoma así como promover a cooperación entre administracións públicas en materia de paisaxe..

Complementar os instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe establecidos na Lei 7/2008 con outras ferramentas complementarias destinadas a mellorar a gobernanza da paisaxe e a súa xestión, tales como os pactos pola paisaxe e as guías de integración paisaxística.

Poñer ao servizo da administración e da poboación en xeral a información básica para a planificación territorial e, deste xeito, formular actuacións integradas no marco dun desenvolvemento sustentable, empregando as novas ferramentas de xestión da información xeográfica e territorial TIC\_SIX.

Sentar as bases dunha acción coordinada e consensuada de goberno, que sexa quen de conducir a unha sociedade máis cohesionada e respectuosa coa necesaria conservación activa dos recursos naturais a través da elaboración de plans e estudos territoriais orientados a unha xestión integral e sostible do territorio.

Formar, sensibilizar e concienciar á sociedade galega na necesidade de protexer e xestionar debidamente as nosas paisaxes: promover a colaboración e a cooperación en materia de paisaxe, así como calquera outra que teña relación co seu obxecto e fins a través de axudas para corrixir os impactos paisaxísticos.

Executar o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e de sustentabilidade territorial, de acordo co disposto no Decreto 176/2013, do 21 de novembro.

Dar apoio ao labor pedagóxico do profesorado, de cara a realizar, por parte do alumnado, accións de mellora do entorno e protección da paisaxe. En concreto, continuar co programa educativo "Paisaxe - Sustentabilidade" coa finalidade de sensibilizar aos mais novos sobre a importancia do valor natural, cultural, emocional e económico da paisaxe.

Colaborar no desenvolvemento da Estratexia de Infraestrutura verde de Galicia.

Por outra banda, en canto ás finalidades ás que atende o programa dende a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático cómpre indicar as seguintes:

1. Reforzar os sistemas de observación da calidade do aire e da calidade das auga e os sistemas de observación meteorolóxica e oceanográfica, para mellorar cualitativa e cuantitativamente a información dos ecosistemas galegos e en consecuencia:
  - Dispoñer de series de datos temporais de variables climáticas atmosféricas, oceanográficas, sobre a calidade do aire e a calidade das augas.
  - Garantir a fiabilidade das series de datos obtidas.
  - Rexistrar, almacenar, compilar e xestionar eses datos con técnicas baseadas en Big Data. Desta forma será posible dispoñer en calquera momento de información adaptada ás necesidades dos usuarios dos datos, que poderán avaliar os cambios e tendencias nas variables rexistradas e en consecuencia a vulnerabilidade dos sistemas fronte ao cambio climático.
  - Ampliar variables a monitorizar e así mellorar a avaliación da vulnerabilidade dos ecosistemas.
  - Incorporar tecnoloxía que permita automatizar a obtención e xestión de datos.
  - Avanzar no deseño de modelos de predición específicos para Galicia, que permitan analizar a escala rexional o impacto do cambio climático sobre os ecosistemas galegos.
  - Mellorar os sistemas de alerta temperá ante fenómenos meteorolóxicos adversos derivados do cambio climático.
2. Eficiencia e celeridade na reacción fronte a catástrofes naturais. Neste sentido, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático continuará no desenrolo de plans de actuación operativa co fin de prestar unha resposta inmediata, áxil e eficiente en termos de tempo e recursos dispoñibles na xestión e coordinación de emerxencias fronte a catástrofes naturais, tecnolóxicas ou antropoxénicas.

Así mesmo prestara o seu apoio na xestión de emerxencias producidas como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, que poidan poñer en risco á poboación, ás instalacións, subministracións e infraestruturas críticas ou ben ao medio ambiente, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Implantar a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, e a Axenda 2030, e mellorar cualitativa e cuantitativamente a estrutura para a toma de decisións en relación coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores afectados.
4. Impulso á innovación en materia de gobernanza e comunicación, para implicar a toda a sociedade na loita contra o cambio climático e o desenvolvemento sustentable.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os servizos que contrata o Instituto de Estudos do Territorio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares estableceuse que, no caso de empate (igualdade na valoración das proposicións) terá preferencia na adjudicación a empresa que acredite a certificación da implantación dun plan de igualdade conforme ao establecido no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, ou equivalente. De continuar o empate, a adjudicación efectuarase ao licitador que acredite a obtención da Marca galega de excelencia en igualdade conforme o artigo 75 do referido Decreto legislativo 2/2015, e se aínda continuara o empate, a preferencia na adjudicación será da empresa que estableceuse a favor dos seus traballadores e traballadoras medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, de acordo co establecido no artigo 29.4 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Igualmente, de conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, estanse a ter en conta as medidas de promoción da conciliación na contratación do sector público autonómico, incluíndo como criterios para a adjudicación do contrato, un referido ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato, entendendo por tales, entre outras, as que incorporen medidas de flexibilidade espacial, tales como o teletraballo, ou de flexibilidade na organización do tempo de traballo, melloras dos permisos legalmente establecidos ou beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.



- Estatísticas e situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención do programa de gasto (diagnose).

As actividades do programa non dirixidas especificamente ás persoas polo que non procede diferenciar a situación de mulleres e homes en relación cos ámbitos de intervención do programa.

- Información sobre a realidade social de partida, dende a perspectiva de xénero neste ámbito.

Calquera política a facer no eido do cambio climático debe partir dun recoñecemento claro da igualdade de xénero e iso por:

- As mulleres son os pilares da sociedade e determinan xeralmente a capacidade das comunidades de adaptarse ou recuperarse dunha catástrofe.
- As mulleres teñen coñecementos inestimables para actuar como líderes na transición a unha economía baixa en carbono e implementar maneiras innovadoras de adaptarse a un ambiente inestable.
- Tal e como recolle a Resolución do Parlamento Europeo, do 11 de setembro de 2012, sobre o papel das mulleres na economía verde (2012/2035 (INI)), “as políticas de medio ambiente teñen un impacto directo sobre a saúde e a situación das persoas, e que a desigualdade de xénero, combinada cunha falta de sensibilidade cara ás diferenzas na situación e as necesidades económicas e sociais das mulleres, fai que elas adoiten sufrir de maneira desproporcionada a degradación ambiental”. Ademais, “nalgúns Estados membros o papel da muller na economía ecolóxica está infravalorado e non está recoñecido, dando orixe a numerosas discriminacións en termos de falta de beneficios, como a protección social, o seguro sanitario, os salarios adecuados e o dereito á pensión”.

Deste xeito na parte deste Programa enfocada ao cambio climático debe terse claro que a igualdade de xénero é un compoñente principal do desenvolvemento sostible e que a participación activa tanto de homes coma de mulleres nos procesos de decisión, planificación e implementación resulta clave nas actividades de adaptación e mitigación.

- Nº de mulleres e homes potenciais beneficiarias/os do programa de gasto  
As actividades do programa benefician á toda a sociedade, polo que no procede diferenciar entre número de homes e mulleres beneficiarias /os do programa de gasto.
- Existencia de indicadores con relevancia de xénero (citar)  
Non existen indicadores con relevancia de xénero neste programa de gasto.
- Outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo  
Non procede.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas están destinadas a toda a sociedade.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Todas as accións planificadas prestan especial atención ao respecto da igualdade entre mulleres e homes e sobre a redución da brecha de xénero existente polo que a previsión é que efectivamente redunden nesta liña.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Inclusión como cláusula de desempate a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade nos contratos tramitados con cargo ao orzamento de 2023, de conformidade co disposto nos artigos 72 e seguintes do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016).

Nos contratos que se tramitan con cargo ao programa inclúese como condición especial de execución, o respecto ao principio de igualdade de remuneración por razón de sexo previsto no artigo 28 do Estatuto dos Traballadores (Texto Refundido aprobado polo RDL 2/2015, do 23 de outubro), de xeito que a igualdade de funcións e responsabilidade se corresponda co salario efectivamente percibido.

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

Neste ámbito, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos contratos nos que se empregan unha pluralidade de criterios de adxudicación inclúese un deles referido ás políticas empresariais en materia de conciliación, vida persoal, familiar e laboral e coresponsabilidade. Este criterio é valorado nos expedientes desta dirección xeral, como mínimo, co 10% da puntuación máxima que se lle atribúe ás ofertas.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático  
Instituto de Estudos do Territorio

## IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

### OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<b>Programa: 451A FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA</b>	
<b>Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0003 - Articular medidas destinadas a facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E02 - Promover medidas de mellora da accesibilidade, habitabilidade e eficiencia enerxética das vivendas, que sexan saudables e que se adapten aos futuros cambios demográficos, ás novas tecnoloxías e aos retos que supón o cambio climático. Impulsar a rehabilitación da vivenda e a renovación e rexeneración urbana	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
OI03 - Transferencias internas	
0003 - Potenciación do aforro enerxético ao facer máis eficiente o consumo das vivenda rehabilitadas. Rehabilitación enfocada á eficiencia enerxética	
0004 - Fomentar a rehabilitación de vivendas, a rehabilitación illada de edificios, mellorar as condicións de habitabilidade e accesibilidade, impulsar as áreas de rehabilitación integral (ARI).	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00067 - Convenios e/ou acordos asinados	2
P00315 - Vivendas de promoción pública licitadas para rehabilitación	37
P00316 - Vivendas reparadas	250
P0045J - Axudas concedidas para a rehabilitación de vivenda	2.087
<b>Programa: 451B ACCESO Á VIVENDA</b>	
<b>Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Mellorar o acceso á vivenda en propiedade ou en aluguer dos fogares, principalmente para a mocidade e as persoas en situación de vulnerabilidade, e dar cobertura a aquelas situacións que se atopan en risco de perda da súa vivenda habitual	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións encamiñadas á construción de vivenda de promoción pública	
0002 - Articular programas para facilitar a adquisición de vivendas, principalmente polas persoas menores de 35 anos.	
0003 - Articular medidas destinadas a facilitar o acceso á vivenda en réxime de alugueiro	
0005 - Fomentar actuacións que incidan na prevención da exclusión residencial, con especial atención ás persoas incursoas en procedementos de desafiuzamento, vítimas de violencia de xénero, residentes en infravivendas e outros colectivos vulnerables	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00305 - Superficie de solo en proceso de urbanización	99.075
P00314 - Vivendas de promoción pública licitadas	397
P0045D - Axudas concedidas para o acceso á vivenda	3.292
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante	
Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E06 - Erradicar a violencia de xénero en calquera das súas modalidades e consecuencias articulando unha resposta global e coordinada	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Programa: 521A URBANISMO</b>	
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>OI03 - Transferencias internas</p> <p>0001 - Elaboración, coordinación, seguimento e control das políticas territoriais e de utilización racional do solo e dos seus instrumentos de planificación</p> <p>0007 - Programación e impulso da tramitación telemática dos instrumentos de planificación e proxectos en materia de ordenación do territorio e urbanismo</p> <p>0008 - Accións para racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais</p>	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00024 - Número de actuacións de mellora de contornos urbanos e dos núcleos rurais	28
<p><b>Programa: 531A PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS</b></p>	
<p><b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI03 - Transferencias internas</p> <p>O010 - Planificar novos desenvolvementos de solo empresarial e facilitar o acceso ao solo empresarial de titularidade autonómica.</p>	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00302 - Superficie de planeamento en tramitación	2.821.732
P00304 - Superficie de solo adquirido	597.907
P00305 - Superficie de solo en proceso de urbanización	897.870
P01129 - Superficie afectada por traballos técnicos/mantemento	125.485
<p><b>Programa: 541A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE</b></p>	
<p><b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p>	
<p><b>Programa: 541B CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL</b></p>	
<p><b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b></p> <p><b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural</p> <p><b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E05 - Promover o estado de conservación de hábitats e especies de interese comunitario e/ou ameazadas e os servizos ecosistémicos, desenvolver a Infraestrutura Verde de Galicia e xestionar e implantar os instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos e da súa biodiversidade</p> <p style="text-align: center;"><b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b></p>	
<p>OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)</p> <p>0001 - Impulsar a aplicación das ferramentas necesarias para a xestión das poboacións de fauna e flora silvestres, mediante os instrumentos de planificación (como os plans de recuperación e conservación de especies ameazadas), a actualización permanente da información científica e o seguimento do estado de conservación destas especies e a loita fronte as principais ameazadas (como o control e erradicación de especies exóticas invasoras).</p> <p>0002 - Conservación e expansión dos espazos protexidos e promover a posta en marcha de plans de xestión dos mesmos; promoción dos ENIL por parte da Xunta.</p> <p>0003 - Promover as actuacións de conservación e recuperación de espazos de interese afectados con afeccións antropoxénicas e desastres naturais promovendo a resiliencia ao cambio climático.</p>	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
MRR028 - Hectáreas cubertas por actuacións de restauración de ecosistemas en territorios ou ecosistemas degradados	371
MRR029 - Hectáreas cubertas por accións de conservación da biodiversidade	1.503
MRR039 - Superficie a rehabilitar	2.255
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	7
P00160 - Número de axudas en materia de conservación da natureza.	2.169
P0045M - Axudas en materia de conservación da natureza	2.780
P01028 - Actuacións vinculadas co uso público	32
P01029 - Actuacións vinculadas coa mellora do coñecemento e do estado de conservación de hábitats e especies silvestres	41
<b>Programa: 541D CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS</b>	
<b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0008 - Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	2
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E04 - Xestión sostible dos residuos e a restauración de espazos degradados. Desenvolvemento efectivo dunha xestión dos residuos baseada na economía circular. Situar á Galicia entre as rexións europeas con maior taxa de residuos tratados e reciclados	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Promoción e optimización da redución dos residuos xerados e incentivar as actividades de reparación	
0002 - Control preventivo das actividades dos produtores e xestores de residuos.	
0003 - Medidas destinadas á restauración de áreas degradadas. Redución da incineración e o depósito en vertedoiros.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
DOE022 - Capacidade adicional de recollida e transporte de Residuos Adoitados urbanos. Toneladas/ano	7.576
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	152
P00306 - Superficie total de chan rehabilitado	0
<b>Programa: 541E COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE</b>	
<b>Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0002 - Fomento de actuacións que contribúan á diversificación enerxética e redución do consumo de derivados do petróleo incluíndo o fomento de infraestruturas de almacenamento enerxético a diferentes escalas, que favorezan a optimización do consumo enerxético e poiden contribuír á mellora da calidade de subministración en determinadas zonas, especialmente, do ámbito rural.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

**Prioridade de Actuación:** PA03 - Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais

**Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:** E03 - Deseño dunha estratexia medioambiental dotada de ferramentas para loitar contra o cambio climático e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentar a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático. Sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio. Impulsar a gobernanza climática

**Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental**

- OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
- 0002 - Formación e divulgación en materia de territorio, paisaxe e sustentabilidade.
- 0004 - Adquisición, calibración e mantemento de equipos das redes de observación ambiental (calidade do aire, calidade das augas, meteorolóxicos, oceanográficos...) para garantir a calidade técnica dos datos subministrados.
- 0005 - Desenvolvemento de ferramentas de detección precoz relacionadas coa prevención e xestión de riscos, incorporando técnicas de Big Data e intelixencia artificial.
- 0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	5
P00201 - Número de proxectos de carácter ambiental.	7
P01013 - Determinacións en materia de calidade do aire	3.402.030
P01015 - Determinacións en materia de meteoroloxía	122.742.103

**Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial**

**Prioridade de Actuación:** PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única

**Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:** E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial

**Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental**

- OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
- 0002 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe
- 0003 - Articulación dixital do territorio.
- 0009 - Sistema de seguimento das DOT e dos restantes instrumentos de ordenación do territorio

Indicador	Valor Previsto
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	11
P01014 - Determinacións en materia de calidade da auga	123.685



## V. CADROS NUMÉRICOS

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
521A-Urbanismo	1.992			16.369
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	8.648			
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural			49.289	
541D-Control ambiental e xestión de residuos		42.894		
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade		3.643		
<b>Total</b>	<b>10.641</b>	<b>46.538</b>	<b>49.289</b>	<b>16.369</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos		
	80	81	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda		92.901	92.901
451B-Acceso á vivenda		73.823	73.823
521A-Urbanismo			18.362
531A-Promoción de solo para actividades económicas		11.161	11.161
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente			8.648
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural			49.289
541D-Control ambiental e xestión de residuos			42.894
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	5.658		9.301
<b>Total</b>	<b>5.658</b>	<b>177.885</b>	<b>306.379</b>

(Miles de Euros)

**Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos**

Programas	Capítulos						
	I	II	IV	VI	VII	VIII	Total
451A-Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda	11.217	4.550	279	10.515	65.900	440	92.901
451B-Acceso á vivenda	170		13.105	40.174	20.175	200	73.823
521A-Urbanismo	3.605	34	2.030	8.019	4.674		18.362
531A-Promoción de solo para actividades económicas				6.161	5.000		11.161
541A-Dirección e servizos xerais de medio ambiente	6.251	843	273	1.281			8.648
541B-Conservación da biodiversidade e posta en valor do medio natural	19.806	5.124	2.877	15.296	6.185		49.289
541D-Control ambiental e xestión de residuos	6.119	139		15.970	20.666		42.894
541E-Coñecemento do medio ambiente e fomento da sustentabilidade	2.516	345	38	4.402	2.000		9.301
<b>Total</b>	<b>49.684</b>	<b>11.036</b>	<b>18.602</b>	<b>101.817</b>	<b>124.600</b>	<b>640</b>	<b>306.379</b>

(Miles de Euros)

**DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA**

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.025	6.251	3,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	843	843	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.171	2.265	4,3
Cap. VI - Investimentos reais	684	1.281	87,4
<b>Total</b>	<b>9.724</b>	<b>10.641</b>	<b>9,4</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 D.X DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.834	6.119	4,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	414	414	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	16.550	19.338	16,8
Cap. VII - Transferencias de capital	37.482	20.666	-44,9
<b>Total</b>	<b>60.280</b>	<b>46.538</b>	<b>-22,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	19.261	19.806	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	5.120	5.124	0,1
Cap. IV - Transferencias correntes	2.905	2.877	-0,9
Cap. VI - Investimentos reais	20.660	15.296	-26,0
Cap. VII - Transferencias de capital	9.153	6.185	-32,4
<b>Total</b>	<b>57.099</b>	<b>49.289</b>	<b>-13,7</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.506	3.605	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	34	34	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	0	38	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	8.301	8.019	-3,4
Cap. VII - Transferencias de capital	4.387	4.674	6,6
<b>Total</b>	<b>16.227</b>	<b>16.369</b>	<b>0,9</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.439	2.516	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	64	70	8,9
Cap. IV - Transferencias correntes	38	38	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	941	1.034	9,9
Cap. VII - Transferencias de capital	2.068	2.000	-3,3
<b>Total</b>	<b>5.550</b>	<b>5.658</b>	<b>1,9</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.171	11.387	1,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	4.629	4.550	-1,7
Cap. IV - Transferencias correntes	27.450	13.384	-51,2
Cap. VI - Investimentos reais	34.923	56.850	62,8
Cap. VII - Transferencias de capital	61.988	91.075	46,9
Cap. VIII - Activos financeiros	540	640	18,5
<b>Total</b>	<b>140.700</b>	<b>177.885</b>	<b>26,4</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	9.724	10.641	9,4
02 D.X DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO	60.280	46.538	-22,8
03 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO NATURAL	57.099	49.289	-13,7
04 D.X. DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO	16.227	16.369	0,9
80 INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	5.550	5.658	1,9
81 INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	140.700	177.885	26,4
<b>Total</b>	<b>289.580</b>	<b>306.379</b>	<b>5,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

### Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	34.627	35.781	0	13.903	0	0	0	49.684
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.411	6.415	0	4.620	0	0	0	11.036
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	45.311	29.490	0	13.422	0	24.310	0	18.602
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>86.350</b>	<b>71.687</b>	<b>0</b>	<b>31.945</b>	<b>0</b>	<b>24.310</b>	<b>0</b>	<b>79.322</b>
Cap. VI - Investimentos reais	46.194	43.934	0	57.883	0	0	0	101.817
Cap. VII - Transferencias de capital	141.963	173.568	0	93.075	0	142.042	0	124.600
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	640	0	0	0	640
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>188.156</b>	<b>217.502</b>	<b>0</b>	<b>151.598</b>	<b>0</b>	<b>142.042</b>	<b>0</b>	<b>227.058</b>
<b>Total</b>	<b>274.506</b>	<b>289.189</b>	<b>0</b>	<b>183.543</b>	<b>0</b>	<b>166.352</b>	<b>0</b>	<b>306.379</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

### Medios Persoais

Vice 2ª Medio Amb., Terr., e Viv.	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>5</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>538</b>
Subgrupo A1	179
Subgrupo A2	44
Subgrupo C1	241
Subgrupo C2	63
Agrupacións profesionais	11
<b>Persoal Laboral</b>	<b>294</b>
Grupo I	54
Grupo II	11
Grupo III	32
Grupo IV	24
Grupo V	173
<b>TOTAL</b>	<b>837</b>

### Medios Persoais

Instituto de Estudos do Territorio	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>1</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>34</b>
Subgrupo A1	23
Subgrupo A2	5
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	1
<b>Persoal Laboral</b>	<b>19</b>
Grupo I	7
Grupo II	3
Grupo III	9
<b>TOTAL</b>	<b>54</b>

### Medios Persoais

Instituto Galego da Vivenda e Solo	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>1</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>243</b>
Subgrupo A1	49
Subgrupo A2	73
Subgrupo C1	63
Subgrupo C2	47
Agrupacións profesionais	11
<b>Persoal Laboral</b>	<b>11</b>
Grupo I	1
Grupo II	2
Grupo IV	8
<b>TOTAL</b>	<b>255</b>

**Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Funda-  
cións do Sector Público Autonómico**

<b>Consorcios autonómicos</b>	<b>Explotación</b>	<b>Capital</b>
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	4.173	1.310
Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	845	40
Consorcio Casco Vello de Vigo	497	1.289
<b>Sociedades mercantís públicas autonómicas</b>	<b>Explotación</b>	<b>Capital</b>
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	157.198	8.967
Xestión do solo de Galicia - XESTUR S.A.	35.081	20
<b>Total</b>	<b>197.793</b>	<b>11.626</b>

(Miles de Euros)





## CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

### SECCIÓN 07





## I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

### I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia aproba a estrutura orgánica superior da Consellería de Facenda e Administración Pública cos seguintes órganos de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.
- Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.
- Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.
- Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.
- Dirección Xeral da Función Pública.
- Dirección Xeral de Simplificación administrativa.

Adscribíense á consellería:

- O Instituto Galego de Estatística (IGE), organismo autónomo que se axustará, en canto aos seus fins, estrutura e funcionamento, ao previsto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, e ás normas que a desenvolven.
- A Escola Galega de Administración Pública (EGAP), organismo autónomo que se axustará nos seus fins, estrutura e funcionamento ao disposto na Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, e demais normas de aplicación, que queda adscrita directamente á Consellería a través da Dirección Xeral da Función Pública.
- A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, axencia pública autonómica creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro.
- A Axencia Tributaria de Galicia (Atriga), axencia pública autonómica creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro.
- O Consello Económico e Social de Galicia, ente institucional de dereito público, órgano consultivo da Administración autonómica en materia socioeconómica, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.

Tamén está adscrita á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a Sociedade Anónima Redes de Telecomunicación Galegas - Retegal, consonte ao disposto no citado Decreto 252/2011, do 15 de decembro.

Así mesmo, segundo o Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, quedan adscritos á consellería os órganos colexiados seguintes:

- A Xunta Superior de Facenda, creada coa denominación de Tribunal Económico Administrativo da Comunidade autónoma de Galicia pola Lei 13/1991, do 9 de decembro, e regulada polo Decreto 34/1997, do 20 de febreiro, que modifica a súa denominación en virtude do exposto na disposición adicional primeira da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Consello Galego de Estatística, creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.
- A Comisión Orzamentaria da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, creada polo Decreto 206/1996, do 24 de maio.
- A Comité Técnico de Coordinación dos Fondos Europeos, regulado polo Decreto 127/2023, do 31 de agosto.
- A Comisión de Nóminas, regulada polo Decreto 93/2016, do 21 de xullo.
- A Comisión de Seguimento e Control do Gasto Corrente, creada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de maio de 2000.
- A Comisión de Persoal da Xunta de Galicia creada pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e regulada no artigo 18 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e no Decreto 156/1988, do 9 de xuño.
- O Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública Galega, creado polo Decreto 143/2008, do 3 de xullo.
- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, creado pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, que modifica a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico .
- A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Calidade dos Servizos Públicos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, prevista na Lei 1/2015, do 1 de abril, e creada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 9 de xullo de 2015.

## I.2. COMPETENCIAS

### *I.2.1. DA CONSELLERÍA*

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden as competencias e funcións que en

materia de facenda e de función pública se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e as competencias en materia de simplificación administrativa, de conformidade coa lexislación vixente. Así mesmo, corresponderanlle as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

O Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG), aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, establece no artigo 7 as seguintes competencias da Consellería de Facenda e Administración Pública:

- A administración, xestión e recadación dos dereitos da facenda da comunidade autónoma.
- A ordenación dos pagamentos nos termos establecidos na presente lei.
- A elaboración do anteproxecto de lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- O control de eficacia e eficiencia respecto dos obxectivos previstos nos orzamentos xerais da comunidade.
- O exercicio directo das demais funcións de control interno reguladas nesta lei e a dirección e execución da contabilidade pública.
- A execución ou dirección da política económica e financeira aprobada pola Xunta, na forma que esta determine.
- O desenvolvemento das actividades inherentes ao exercicio da tutela financeira sobre os entes locais, que ten atribuída a comunidade no artigo 49 do Estatuto de autonomía
- As funcións executivas en materia de ordenamento e control das institucións de crédito corporativo público e territorial e das caixas de aforro que operen no seu territorio, nos termos previstos no artigo 30 do Estatuto de autonomía.
- As demais funcións e competencias que lle asigne a normativa legal vixente.

## **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO**

Á Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio correspóndenlle as competencias seguintes:

- a) As establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas nas consellerías da Xunta de Galicia así como o exercicio daquelas que lle sexan delegadas pola persoa titular da consellería.
- b) As competencias que as normas reguladoras do patrimonio da comunidade autónoma e sobre sucesión intestada lle asignen, e todas aquelas que as mesmas normas atribúen á Consellería de Facenda e Administración Pública.

## INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Correspóndenlle á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma as seguintes competencias:

- a) O control interno da actividade económico-financieira da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante o exercicio da función interventora e do control financeiro na forma e co contido previstos no capítulo I do título V do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- b) A dirección e xestión da contabilidade pública na forma e co contido previstos nos capítulos II e III do título V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.
- c) A dirección da contabilidade das entidades que forman parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos dispostos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento.
- d) As actuacións de control financeiro de subvencións, de acordo co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento.
- e) As actuacións de auditoría de fondos comunitarios que lle correspondan, de conformidade co establecido nos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.
- f) A xestión da información económico-financieira e formulación de informes e propostas de actuación derivadas do exercicio das súas funcións contables e de control.
- g) O exercicio das demais funcións que ao dito órgano lle asignan a lei e demais normativa de aplicación.

Son competencia propia do titular da Intervención Xeral, sen prexuízo da súa delegación:

- a) A fiscalización previa dos seguintes gastos:
  - Os de contía indeterminada.
  - Os que deben ser aprobados polo Consello da Xunta de Galicia ou afecten a máis dunha consellería.
  - Aqueles que deban ser sometidos a informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia ou doutro alto órgano consultivo.
- b) A emisión de informes de expedientes de gasto que deban ser sometidos á autorización do Consello da Xunta de Galicia.
- c) O nomeamento de representantes da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como a designación de funcionarias/os asesoras/res para a comprobación material das cantidades destinadas a obras, subministracións, adquisicións e servizos, de conformidade coa normativa aplicable en cada caso.

- d) A aprobación dos plans anuais de actuacións de control financeiro, auditoría pública e fondos comunitarios, e das súas modificacións.
- e) A aprobación dos plans estratéxicos de control financeiro e auditoría pública e das estratexias de auditoría de fondos comunitarios, así como das súas modificacións.
- f) O ditado das instrucións que sexan necesarias para o exercicio das actuacións de control financeiro, de auditoría pública e de fondos comunitarios, así como a homoxeneización de criterios aplicables nas distintas unidades da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- g) O exercicio da dirección da Oficina Galega de Auditoría e Control.

## **DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS**

Correspóndenlle as seguintes competencias:

- a) A realización de estudos e actuacións relativos á determinación dos recursos económicos que deben ser transferidos á comunidade autónoma desde os orzamentos doutras administracións públicas, agás os que este decreto lles asigne a outros centros directivos.
- b) A formulación e seguimento dos obxectivos da política orzamentaria, a realización dos estudos relacionados coas ditas actuacións e a elaboración dos criterios para a súa aplicación. A definición das directrices que se deban seguir na elaboración dos escenarios orzamentarios e na evolución das políticas orzamentarias de gasto público que neles se integran. A formulación da normativa e das instrucións precisas para a elaboración anual dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.
- c) A elaboración dos marcos financeiros plurianuais en que deberá de enmarcar a elaboración dos orzamentos anuais, a través dos cales se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública.
- d) A coordinación permanente do desenvolvemento do proceso orzamentario, tanto no momento da elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma como nos períodos anteriores e posteriores, velando pola efectividade da execución das distintas fases do antedito proceso e porque estas se desenvolvan dentro dos prazos previstos. O desenvolvemento das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia orzamentaria.
- e) A preparación dos estudos que informan as decisións dos escenarios de ingresos. Partindo destas decisións, a proposta do límite de gasto non financeiro e a elaboración do proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma con base nas dotacións propostas polos centros xestores, axustadas ao límite de gasto aprobado e ás directrices formuladas nas comisións funcionais do gasto
- f) A análise económico-financieira da evolución orzamentaria na súa vertente de ingresos e gastos; se é o caso, poderá propor aquelas medidas que se consideren convenientes para o necesario equilibrio orzamentario.

- g) O exercicio das competencias atribuídas pola lexislación vixente á Consellería de Facenda e Administración Pública en materia de retribucións do persoal, aprobación e modificación de anexos de persoal, autorización de masa salarial en convenios e acordos colectivos e, en xeral, en todas aquelas materias relacionadas con decisións sobre o persoal que teñan repercusión económica.
- h) A xestión do Fondo de Cooperación Local.
- i) A programación e a xestión do Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).
- j) Polo que se refire aos xestores das políticas de gasto sanitario, sen prexuízo das competencias xerais incluídas nos puntos precedentes, correspóndelle a este centro directivo:
  - O establecemento dos criterios que se deben seguir en materia de xestión de recursos propios.
  - O coñecemento daqueles actos de control, inspección e avaliación da xestión, tanto en centros ou servizos sanitarios propios coma concertados, efectuados pola sección e servizos competentes en materia sanitaria ou por órganos de control interno e externo, que teñan contido económico e que sexan de interese para este centro directivo.
  - A emisión de informe sobre os proxectos de novos investimentos e novos servizos en canto á súa incidencia nos gastos recorrentes.
  - Así mesmo, requirirán o informe previo da dirección xeral, o establecemento de concertos de vinculación, a revisión de tarifas ou outras modificacións nas condicións económicas dos servizos concertados que impliquen a adquisición de novos compromisos financeiros ou que condicionen a asignación dos recursos económicos para futuros exercicios.
- k) O exercicio das competencias que o Estatuto de autonomía lle atribúe á comunidade autónoma en materia de planificación e programación económica. En particular, a avaliación estratéxica e financeira dos plans elaborados no seo do sector público autónomo.
- l) A solicitude, aos centros xestores de gastos e demais entidades do sector público autónomo, de tanta información resulte necesaria para o adecuado exercicio das competencias recollidas nos puntos anteriores
- m) A definición e coordinación da formación específica do seu persoal nas materias relacionadas coa política económica e orzamentaria; co contido e estrutura das políticas de gasto público; coas técnicas de previsión económica, orzamentarias e de avaliación de obxectivos e proxectos, e coas demais materias de coñecemento imprescindible para un adecuado exercicio das súas competencias.

## **DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO**

Exercerá as competencias seguintes:

- a) O desenvolvemento e execución das funcións que lle corresponden á Comunidade Autónoma en materia financeira, en especial as relativas:
- Ao endebedamento da Administración xeral da comunidade autónoma e doutros entes públicos.
  - Ás operacións de garantía que corresponda outorgar ao Consello da Xunta de Galicia, así como aos procedementos de reintegro que se inicien polos avais executados con cargo á Tesouraría da Comunidade Autónoma.
  - Á tutela financeira sobre as corporacións locais galegas.
  - Aos centros de contratación de valores.
  - Ás mutualidades de previsión social non integradas na Seguridade Social e noutras entidades aseguradoras.
  - Á mediación de seguros e reaseguros privados.
  - Ás caixas de aforros e demais entidades financeiras.
  - Á ordenación do crédito, banca e seguros, incluídas as relativas ao recoñecemento, á inscrición e á supervisión dos intermediarios de crédito inmobiliario, dos seus representantes designados e dos prestamistas inmobiliarios nos termos previstos na normativa reguladora dos rexistros de intermediarios de crédito inmobiliario e de prestamistas inmobiliarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A xestión da Tesouraría da Comunidade Autónoma e, en canto estea atribuída á comunidade, a doutros entes públicos, en especial:
- A realización dos ingresos.
  - A ordenación xeral de pagamentos en canto lle fose delegada pola persoa titular da consellería.
  - A ordenación xeral dos pagamentos do Servizo Galego de Saúde, así como a periodicización de pagamentos e provisión de fondos dos seus centros de xestión.
  - A ordenación xeral de pagamentos dos organismos autónomos e entidades do sector público autonómico con tesouraría centralizada na Tesouraría da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - A xestión dos depósitos e fianzas que deban constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma.
  - A autorización da apertura de contas nas entidades de crédito, e o seu réxime de disposición, de acordo co establecido no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.
  - A xestión e rendibilización de todos os recursos financeiros da Tesouraría Xeral da Comunidade Autónoma e a súa distribución para o pagamento das obrigacións.

## **DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS.**

Exercerá as seguintes competencias en relación con todos os programas de fondos europeos en que actúe como autoridade de xestión, organismo intermedio, organismo coordinador ou organismo equivalente:

- a) A coordinación e o seguimento da execución da programación cofinanciada con fondos europeos, executada polo sector público autonómico.
- b) A negociación, elaboración, programación, planificación, avaliación e modificación dos programas e demais formas de intervención cofinanciados co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), Fondo Social Europeo (FSE) e outros fondos que se lle asignen.
- c) O exercicio, no ámbito da comunidade autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes.
- d) A garantía da realización das actividades de avaliación previstas nos regulamentos, relacionadas cos distintos fondos xestionados.
- e) O fomento do cumprimento dos principios horizontais de igualdade de xénero, igualdade de oportunidades e non discriminación, accesibilidade e desenvolvemento sustentable, así como a vixilancia polo cumprimento do principio de adicionalidade.
- f) A realización de análises e estudos económicos no ámbito dos fondos europeos.
- g) A coordinación das misións de control comunitarias, así como da resposta ás solicitudes de información realizadas por institucións comunitarias, sobre os programas de fondos europeos.
- h) A interlocución da Comunidade Autónoma coa Administración xeral do Estado e coas institucións comunitarias, así como, de ser o caso, con outras comunidades autónomas ou Estados membros, no ámbito dos programas de fondos europeos.
- i) A coordinación da actuación dos organismos xestores da comunidade autónoma participantes nos citados programas.
- j) En relación cos programas de fondos europeos en que así se determine, o exercicio, no ámbito da comunidade autónoma, das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen aos organismos intermedios das autoridades de certificación.
- k) O seguimento doutros programas comunitarios desenvolvidos no ámbito da Administración da comunidade autónoma, así como dos proxectos europeos en que organismos xestores da Administración da Comunidade Autónoma teñan a condición de beneficiarios.
- l) En relación cos fondos procedentes do Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea, a coordinación e o seguimento da xestión dentro do ámbito da comunidade autónoma, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.



## **DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

A Dirección Xeral da Función Pública exercerá as seguintes competencias:

- a) A realización dos estudos e traballos que en materia de persoal lle sexan encomendados ou coide conveniente efectuar.
- b) A elaboración dos anteproxectos de disposicións en materia de función pública.
- c) A fixación dos criterios aos que se deberán someter todas as convocatorias públicas de libre designación e de persoal directivo.
- d) A elaboración das ofertas de emprego público.
- e) A coordinación coas distintas consellerías e coa Seguridade Social dos expedientes de xubilación parcial do persoal laboral.
- f) A coordinación das eleccións sindicais do persoal funcionario e laboral.
- g) A coordinación na elaboración das estatísticas do número de efectivos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) A elaboración dos informes en materia de persoal conxuntos coa dirección xeral competente en materia de orzamentos.
- i) A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria de probas selectivas para o ingreso nos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública.
- j) A proposta de resolución dos expedientes de incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- k) A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos ao título II da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como a custodia e a xestión dos rexistros de actividades e de bens patrimoniais de altos cargos.
- l) A coordinación das relacións laborais e sindicais con respecto ao persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma.
- m) As convocatorias para a elaboración de listas para a cobertura temporal de postos de persoal funcionario e laboral, en aplicación da norma que as regule.
- n) A proposta, se é o caso, ao órgano competente da incoación de expedientes disciplinares cando se detecten indicios racionais de responsabilidade administrativa na actuación do persoal, e a elevación ao Consello da Xunta das propostas de imposición da sanción de separación do servizo ou despedimento do persoal xestionado pola Dirección Xeral da Función Pública.
- o) A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten a materia de réxime de persoal ou estrutura orgánica estableza a normativa vixente.

- p) A elaboración dos estudos e propostas sobre as relacións de postos de traballo, así como a elevación ao Consello da Xunta das propostas ou modificacións das relacións de postos de traballo para a súa aprobación.
- q) A coordinación coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para levar a cabo, de ser o caso, a reasignación de efectivos, unha vez que esta realice os estudos organizativos necesarios para valorar as cargas de traballo das distintas unidades administrativas da Xunta de Galicia.
- r) A xestión do Rexistro de Persoal da Xunta de Galicia.
- s) A xestión do Rexistro de Persoal Directivo e dos Contratos de Alta Dirección.
- t) A coordinación e/ou xestión do Rexistro de órganos de representación do persoal ao servizo da Administración xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos, axencias e entidades dependentes.
- u) A proposta á persoa titular da consellería da convocatoria e resolución dos concursos ordinarios de traslados para a provisión de postos de traballo dos distintos corpos, escalas e categorías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia xestionados pola Dirección Xeral da Función Pública
- v) A fixación dos criterios para a elaboración das convocatorias dos concursos específicos por parte das persoas titulares das consellerías.
- w) A ordenación e xestión dos procedementos de recoñecemento profesional e elaboración das propostas de resolución do recoñecemento da carreira profesional.
- x) A coordinación e o impulso do teletraballo, xunto coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

## **DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA**

Son competencias da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa:

- I. En materia de funcionamento dos servizos públicos:
  - a) A planificación e coordinación de auditorías relativas ao funcionamento dos centros, servizos e unidades, dentro do seu ámbito de actuación, para a detección de posibles deficiencias, emitindo o correspondente informe e proponendo medidas correctivas ou evolutivas dirixidas ao órgano competente para a súa adopción.
  - b) O labor de control establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, en relación cos procesos de creación de novas entidades instrumentais ou de integración no sector público autonómico doutras existentes, a través da análise e do informe sobre a súa procedencia, tendo en conta razóns de eficacia, autonomía de xestión e non duplicidade.

- c) A coordinación e supervisión dos sistemas de verificación do cumprimento da normativa vixente en materia de xornada laboral, así como, en coordinación coa Dirección Xeral da Función Pública, as funcións que correspondan en materia de teletraballo.
  - d) O deseño e coordinación dos sistemas de avaliación do desempeño e de rexistro de actividade.
  - e) A coordinación e o impulso da instauración e a consolidación da cultura da xestión por obxectivos e a rendición de contas, e a colaboración coas unidades para a súa implantación eficaz.
  - f) En xeral, aquelas funcións de información, investigación, inspección, auditoría e control que lle sexan encomendadas pola persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública.
2. En materia calidade dos servizos públicos:
- a) A colaboración cos distintos departamentos da Administración autonómica no deseño e implantación de servizos públicos, baseados na escoita activa, no acompañamento de feitos vitais, na diversidade xeracional e na análise personalizada das necesidades da cidadanía, e na oferta de servizos ou procesos que poidan resultar do seu interese.
  - b) A promoción da realización de estudos de análise da demanda de servizos públicos e da avaliación do grao de satisfacción das persoas usuarias.
  - c) A promoción da participación da cidadanía no deseño dos servizos públicos coa finalidade de que resulten máis próximos, confiables, eficientes e transparentes.
  - d) O impulso dos instrumentos e documentos de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia.
3. En materia de racionalización e simplificación de procedementos administrativos:
- a) A promoción, planificación e coordinación dos procesos de racionalización, simplificación e modernización, harmonización, accesibilidade e afabilidade dos procedementos administrativos, mediante a optimización de trámites e documentos, e a redución de cargas administrativas, o emprego xeneralizado de comunicacións previas e declaracións responsables, a lectura fácil e a implantación da administración electrónica, coa finalidade de mellorar a confianza e a resposta á cidadanía e ás empresas.
  - b) A emisión de informe, con carácter preceptivo e previo á súa aprobación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral que regulen procedementos administrativos por instancia de parte, as bases reguladoras e as convocatorias de subvencións, así como o establecemento de servizos á cidadanía e ao persoal empregado público da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e demais entidades integrantes do sector público autonómico.
  - c) A emisión de informe para a incorporación ao inventario de información administrativa e á sede electrónica dos procedementos administrativos iniciados de oficio na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - d) A coordinación cos órganos e coas entidades do sector público autonómico dos contidos e dos servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

- e) O impulso, en coordinación co órgano ou entidade con competencias horizontais en materia de administración electrónica, das actuacións que contribúan á mellora e ao desenvolvemento da interoperabilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e á implantación progresiva do uso de medios telemáticos, tanto nas relacións da cidadanía co sector público autonómico como nas actuacións de carácter interno deste, así como na relación con outras administracións.
  - f) A elaboración e mantemento actualizado da Guía de procedementos e servizos, que está á disposición da cidadanía na sede electrónica da Xunta de Galicia.
  - g) A colaboración e coordinación na aplicación da normativa europea relativa ao acceso en liña á información, procedementos administrativos e servizos ou asistencia para a cidadanía e as empresas europeas a través do Portal Your Europe.
4. En materia de transparencia, información administrativa e atención á cidadanía:
- a) A supervisión do cumprimento das obrigas de publicidade activa do sector público autonómico e do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa reguladora en materia de transparencia.
  - b) O desenvolvemento das accións e, se é o caso, a implantación de catálogos que permitan incrementar o nivel de calidade e transparencia da información pública que difunde o sector público autonómico a través do Portal de transparencia e goberno aberto.
  - c) A xestión e a coordinación funcional do Sistema integrado de atención á cidadanía (Siaci).
  - d) A actuación funcional como oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, de acordo co indicado no artigo 25 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, tendo en conta a avaliación anual das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía.
  - e) A garantía, en coordinación coas secretarías xerais técnicas das respectivas consellerías, da axeitada tramitación das suxestións e queixas presentadas pola cidadanía, coa excepción dos ámbitos sanitario, educativo e xudicial, ante a Oficina de defensa das persoas usuarias dos servizos públicos do sector público autonómico, co obxecto de mellorar a calidade na prestación dos servizos públicos.
5. En materia de integridade institucional:
- a) O impulso da política de integridade institucional da Administración autonómica e a colaboración na instrumentación dunha infraestrutura ética sólida, cos mecanismos axeitados para que a conduta dos responsables políticos e do persoal empregado público sexa exemplar, e a consolidación da transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma de decisións.
  - b) A xestión e a coordinación funcional da canle de denuncias en materia de integridade institucional.
  - c) A realización da investigación preliminar das denuncias que se tramiten a través da canle de denuncias e o outorgamento do tratamento que proceda.

- d) A actuación como Oficina de protección das persoas informadoras, nos termos establecidos pola Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do dereito da Unión, e na normativa de desenvolvemento desta materia.
  - e) A coordinación, impulso e colaboración na elaboración e actualización dos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude.
  - f) O impulso, en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral, da mellora da calidade normativa, baseada nos principios de boa regulación, no fomento da participación cidadá no proceso de produción normativa e da súa pegada, e na comprensión das normas xurídicas pola cidadanía.
6. En materia de estruturas orgánicas e relacións de postos de traballo:
- a) A avaliación, desde o punto de vista funcional, das propostas de estrutura orgánica e relación dos postos de traballo, co obxecto de conseguir unha Administración pública eficaz e eficiente. Os órganos competentes en materia de persoal das consellerías deberán solicitar o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa con carácter previo á solicitude do informe da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos sobre as estruturas orgánicas e as relacións de postos de traballo. De non ser emitido no prazo máximo de oito días naturais, o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa entenderase favorable.
  - b) A realización de estudos sobre a dimensión dos cadros de persoal, propondo as medidas necesarias sobre a reasignación de efectivos en función das cargas de traballo soportadas polas distintas unidades administrativas para conseguir un mellor funcionamento dos servizos.
7. En materia de contratación:
- a) A Presidencia da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no Decreto 237/2007, do 5 de decembro, polo que se crea a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a súa composición e funcións.
  - b) A organización, mantemento e custodia do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro Xeral de Contratistas.
  - c) A organización, mantemento e custodia do Rexistro de Contratos do Sector Público Autonómico de Galicia, de acordo co Decreto 103/2016, do 28 de xullo, polo que se regula.
  - d) A mellora dos sistemas de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das súas entidades instrumentais, co fin de homoxeneizar e informatizar a totalidade dos sistemas de contratación e de garantir a máxima transparencia nos procesos, incluíndo, se é o caso, as investigacións que resulten necesarias.
  - e) O impulso de estratexias de racionalización de compra pública, atendendo á previsión das directivas comunitarias e demais normativa de transposición e desenvolvemento.

- f) O fomento dunha contratación pública máis eficaz, reducindo cargas administrativas e custos de cumprimento.

## *1.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS*

### **INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA (IGE)**

O Instituto Galego de Estatística é un organismo autónomo creado pola Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e cuxo Estatuto foi aprobado por Decreto 60/2016, do 26 de maio. Entre as súas funcións están as seguintes:

- Dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coordinar a actividade estatística levada a cabo polas distintas administracións públicas de Galicia.
- Realizar as estatísticas ou as fases delas que lle encomenden o Plan galego de estatística e os seus correspondentes programas estatísticos, así como calquera outra que lle poidan encomendar ou que se estableza en virtude de convenios con outros organismos estatísticos.
- Colaborar en estatísticas de interese estatal ou supraestatal promovidas polos organismos competentes.
- Asegurar a difusión adecuada das estatísticas publicadas en Galicia, a través dos medios máis pertinentes, e expedir certificacións dos resultados estatísticos da súa competencia.
- Velar polo cumprimento das normas técnicas aprobadas e a aplicación das garantías necesarias para que sexan respectados o segredo estatístico e as outras condicións xurídicas a que se debe suxeitar a actividade estatística.

### **ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)**

A EGAP é un organismo autónomo, creado pola Lei 4/1987, do 27 de maio, encargado das tarefas de formación do persoal ao servizo da Administración pública galega, así como do estudo e a difusión das ciencias da administración.

Son fines da EGAP os seguintes:

- Colaborar na realización das probas selectivas para o acceso á condición de persoal empregado público ao servizo da Administración xeral da comunidade autónoma convocadas de conformidade co disposto na normativa de emprego público aplicable, e

doutras administracións públicas que previo convenio llo encomenden, con excepción do persoal docente e sanitario.

- Organizar e impartir cursos selectivos de formación e cursos complementarios de formación, de carácter non selectivo, correspondentes ás probas selectivas, con excepción do persoal docente e sanitario.
- Organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao que se alude no apartado a) do artigo 3 da lei.
- Realizar as probas e impartir os cursos que se establezan para a promoción interna dos funcionarios.
- Realizar as probas e impartir os cursos selectivos descentralizados para o acceso á condición de funcionarios locais con “habilitación de carácter nacional”, nos termos previstos no artigo 98.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril.
- Realizar as probas selectivas e os cursos selectivos ou complementarios de selección dos funcionarios dos entes locais de Galicia “sen habilitación nacional”, de acordo cos convenios que se subscriban coas distintas entidades locais.
- A investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no eido da Administración pública, promovendo a súa máxima difusión.
- O establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel estatal e internacional.
- A difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.
- Calquera outros que se lle asigne por lei.

### *I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO*

#### **CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)**

Creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, é un órgano consultivo da Administración autonómica en materia económica e social, en aplicación do previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e nos artigos 4.2 e 55.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, co obxecto de facer efectiva a participación dos axentes económicos e sociais na política socioeconómica de Galicia.

#### *I.2.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

##### **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA)**

Foi creada polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, ao abeiro da disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, co obxecto da definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

Entre as funcións da Axencia para Modernización Tecnolóxica de Galicia están as seguintes:

- a) A dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta de Galicia en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- b) O impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.
- c) A elaboración, desenvolvemento e execución da estratexia tecnolóxica global do sector público autonómico de Galicia.
- d) A definición dos estándares e directrices tecnolóxicas a que deberán axustarse a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.
- e) A promoción da inclusión e execución do despregamento das TIC no ámbito da prestación dos servizos públicos.
- f) Garantir o axeitado apoio á xestión tributaria e orzamentaria, así como ao sistema de información contable, de competencia da Xunta de Galicia.
- g) O deseño e execución, en todas as consellerías e organismos dependentes da Xunta de Galicia, dos proxectos de sistemas e tecnoloxías da información que dan soporte á súa operativa, incluíndo a planificación, deseño, xestión e operación das tecnoloxías e sistemas que garantan o funcionamento dunha Administración completamente dixital.
- h) A xestión e coordinación, ben de forma autónoma, ben en colaboración cos órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma e cos órganos de goberno das entidades públicas instrumentais, de instrumentos e actuacións de órganos con competencias en tecnoloxías da información e as comunicacións.
- i) O fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- j) O deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia e coordinación coas distintas consellerías e organis-



mos para o desenvolvemento das actuacións nesta materia no ámbito das súas competencias, garantindo os dereitos da cidadanía e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

- k) A planificación e proposta da normativa relativa ao exercicio das competencias en materia de sociedade da información e das telecomunicacións.
- l) O impulso, xestión e coordinación da Administración dixital, como elemento indispensable para a modernización da Administración pública.
- m) A definición, consolidación e homoxeneización da infraestrutura TIC e dos servizos de telecomunicacións do sector público autonómico.
- n) A dirección, xestión e modernización da infraestrutura TIC da Xunta de Galicia.
- o) A planificación e ordenación do mapa de infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
- p) Sen prexuízo das competencias que, en materia de innovación, poidan corresponder a outras entidades integrantes do sector público autonómico, o fomento da innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións en colaboración cos organismos e institucións competentes na materia.
- q) A participación en órganos de colaboración deliberantes ou consultivos, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.
- r) Todas as demais que deriven dos fins que ten atribuídos e aquelas que lle sexan asignadas legal ou regulamentariamente.

### **AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)**

É unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para a realización das funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei. Ten por obxecto a aplicación de todos os tributos propios, así como, por delegación do Estado, dos tributos estatais cedidos, como instrumento ao servizo dos intereses da Comunidade Autónoma de Galicia para a aplicación efectiva dos recursos ao seu cargo.

Entre as funcións da Axencia Tributaria de Galicia están as seguintes:

- a) Aplicar e exercer a potestade sancionadora nos tributos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos tributos estatais cedidos á comunidade autónoma e nas recargas que se establezan sobre estes, de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Aplicar e exercer a potestade sancionadora noutros tributos estatais ou locais recadados en Galicia que puidese asumir por delegación ou encomenda.

- c) Recadar os ingresos de dereito público de natureza non tributaria que a normativa atribúa á consellería competente en materia de facenda.
- d) Revisar en vía administrativa os actos realizados no exercicio das funcións anteriores. Exceptúanse as reclamacións económico administrativas, revisar os actos nulos de pleno dereito e aqueles outros cuxa revisión se atribúa por lei específica a outros órganos.
- e) Coordinarse e colaborar coas demais administracións tributarias, e en particular participar nos órganos de goberno da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou, de ser o caso, nos das entidades que se creen en relación coa aplicación dos tributos en Galicia.
- f) Calquera outra función que lle sexa atribuída por lei ou por convenio administrativo.

### *1.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

#### **SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL S.A.**

Os estatutos de Retegal, S.A. foron aprobados polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, que foron modificados posteriormente en diversas ocasións, publicándose o texto refundido mediante Resolución do 9 de abril de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG 78, do 23 de abril de 2013), e modificados finalmente polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de maio de 2015 (DOG 215, do 11 de novembro de 2015).

Segundo estes estatutos, Retegal é unha sociedade mercantil pública autonómica, que ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade.

Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico que teñan así mesmo a consideración de medios propios polo que está obrigada a executar as encomendas ou encargos que aquela e máis estas lle realicen dentro do ámbito do seu obxecto social.

O artigo 2 dos seus estatutos sinala que ten por obxecto a realización de actividades dirixidas á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia, para as que obterá os títulos habilitantes que sexan necesarios en cada caso.

En particular, constituirán parte do obxecto social as actividades de promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións. Igualmente, forma parte dese obxecto social a prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

## II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

### II.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Facenda e Administración Pública é a responsable da xestión orzamentaria dos programas propios da consellería e dos créditos consignados na sección de “Gastos de diversas consellerías” destinados ao pago de servizos de carácter horizontal como aluguer, seguros e o imposto de bens inmobles dos que integran o patrimonio da comunidade autónoma.

Os recursos asignados á Consellería de Facenda e Administración Pública no proxecto de orzamentos para o exercicio 2024 deben perseguir o incremento do grao de eficacia e eficiencia do gasto público da consellería co fin de profundar na reforma da Administración pública autonómica como elemento clave no funcionamento da economía, desenvolvendo sistemas e procedementos máis eficientes e modernos. A mellora das infraestruturas tecnolóxicas da administración, de forma que permitan a automatización de procesos, é outra das liñas de acción a seguir.

Os principais obxectivos que se pretenden conseguir son os seguintes:

- No eido do control interno, nas actuacións de control continuarase a configurar un sistema de control baseado en riscos; ademais continuarase potenciando a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, a través de sistemas de seguimento, avaliación e control.
- No ámbito da planificación económica e orzamentaria, o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratéxicas de investimento e gasto do orzamento 2024. Para garantir o cumprimento da planificación estratéxica levarase a cabo unha exhaustiva selección de proxectos de investimento que estea en total concordancia coas prioridades de actuación establecidas.
- En materia de fondos europeos, o 2024 caracterízase pola coexistencia de programas correspondentes a dous períodos de programación. No marco do período 2014-2020, os esforzos centraranse nas tarefas de verificación e certificación dos gastos e as actuacións preparatorias para o peche dos programas FEDER, FSE e POEJ 2014-2020. En relación ao período de programación 2021-2027, unha vez aprobados os distintos programas operativos, os traballos principais serán a implementación do sistema de xestión e control para comezar coa selección de operacións e as actuacións previstas na estratexia de comunicación dos fondos europeos.
- En relación co emprego público, no marco da estabilización do persoal temporal, o remate dos procesos selectivos convocados no 2022, e o desenvolvemento da lei de emprego público de Galicia.
- No eido da mellora da calidade dos servizos públicos, no 2024 continuará o desenvolvemento das accións pendentes de executar de acordo co calendario incluído no Plan Xeral

de Mellora da Calidade dos Servizo do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado o 4 de marzo de 2021.

Por último, na área da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, a AMTEGA exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, a cal está composta de 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal: Goberno e Administración intelixente, Sociedade dixital e inclusiva, Entorno dixital para a saúde e o benestar social, Territorio intelixente, verde e resiliente, Conectividade dixital do territorio, Cultura e turismo intelixente, Economía dixital e sostible e Especialización tecnolóxica.

Estas actuacións desenvolveranse dende os diferentes centros directivos, organismos, axencias e entes públicos tal e como se detalla a continuación.

## **SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO**

A Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio exerce as competencias e funcións establecidas polo ordenamento xurídico vixente, correspóndelle en particular a asistencia técnica e administrativa á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública; as funcións de réxime interior, os asuntos xerais e as competencias en materia de patrimonio da comunidade autónoma.

Os obxectivos e liñas fundamentais, dentro do ámbito das competencias da consellería, céntranse no apoio e na coordinación das actividades do resto das direccións xerais e entes que a integran nos seguintes eidos:

- A organización, simplificación e racionalización da actividade administrativa.
- O seguimento dos convenios e protocolos de colaboración.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería e do orzamento da mesma.
- A coordinación e xestión de todos os asuntos relacionados coa administración e tráfico dos bens e dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a administración, xestión e liquidación das herdanzas intestadas, en execución da normativa patrimonial autonómica.
- O apoio administrativa e técnico-xurídico nas diferentes materias de competencia da consellería.

Entre as medidas que se puxeron en marcha nestes últimos anos destinadas a acadar unha administración máis eficiente destacamos o proceso de redistribución de espazos para conseguir o seu aproveitamento óptimo e rebaixando no posible o gasto en alugueiros e xestionando o alleamento daqueles inmobles que resulten innecesarios para a prestación do servizo público. En 2024 continuarase avanzando na aplicación destas medidas.

Ademais, neste mesmo ámbito do patrimonio, ao longo do 2024 continuarase a desenvolver a normativa patrimonial, logo de que sexa efectiva a nova lexislación en materia de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro do marco do plan de igualdade, a SXTTP ten previsto iniciar os estudos para poder situar, no seu caso, salas de lactación en distintos edificios administrativos nos que existen servizos de atención ao público.

Pola súa banda, no marco do proxecto de Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio elaborará as propostas de adquisición dos títulos representativos da participación da Comunidade Autónoma de Galicia no capital das sociedades mercantís entres cuxas finalidades e responsabilidade corporativa se encontren a de procurar o beneficio social e económico dos proxectos de investimento, co obxecto de valorizar os recursos estratéxicos galegos e canalizalos de cara a todo o tecido socioeconómico da comunidade autónoma, en particular caras ás comunidades locais.

Por último, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio continuará a realizar todas as tarefas de colaboración e coordinación co Instituto Galego de Estatística nos cometidos recollidos na lei do plan galego de estatística de Galicia.

## **INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio 2024 formula como obxectivos primordiais os seguintes:

- Potenciar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a Administración, dedicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos. Este obxectivo concrétese en:
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, así como de auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios, así como as axudas e os procedementos de contratación pública, calquera que sexa a fonte de financiamento, para gañar en eficacia.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e a auditoría das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Potenciar as actuacións de control, tanto no marco da función interventora coma do control financeiro e a auditoría pública, mediante a configuración dun sistema de control baseado en riscos.
- Actualizar a normativa da fiscalización limitada previa e traballar en sistemas de simplificación das labores de comprobación dos aspectos da mesma.

## DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS

Os obxectivos da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o ano 2024 encádranse dentro das funcións propias e específicas de elaboración e seguimento do orzamento da comunidade autónoma, que en concreto son os seguintes:

- A Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira consolida un cambio na xestión financeira da comunidade autónoma, obrigando a deseñar un escenario orzamentario plurianual que constituirá a programación do sector público autonómico con orzamento limitativo; para isto desenvolverase o soporte informático que permita elaborar os devanditos escenarios así como as súas actualizacións, coa finalidade de efectuar un seguimento da execución das principais políticas de gasto aos efectos da súa programación a medio prazo.
- Os escenarios plurianuais serán a base dos orzamentos de cada exercicio, definirán a senda financeira da comunidade autónoma en base á previsible evolución dos ingresos, así como os recursos que se van asignar ás diferentes políticas de gasto, en función dos diferentes obxectivos estratéxicos e os compromisos plurianuais asumidos.
- Elaborar un límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado que enmarque o proceso de elaboración orzamentaria, e así establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, do obxectivo de estabilidade orzamentaria de débeda pública e a regra de gasto.
- O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e a regra de gasto enmarcados na senda de consolidación fiscal acordada no consello de política fiscal e financeira para a Comunidade Autónoma de Galicia esixe a adopción dunha disciplina financeira que parta xa do proceso de planificación das actuacións das seccións orzamentarias. Para iso avalíaranse as repercusións orzamentarias de cada plan, proxecto plurianual ou norma que se propoñan.
- Proseguir co proceso de mellora continua na elaboración e calidade dos orzamentos da comunidade autónoma. En particular recollerán a visión transversal das políticas de gasto con perspectiva de xénero, o orzamento en clave de infancia e un informe do orzamento en clave de obxectivos da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable.
- A Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a obriga de deseñar os contratos plurianuais de xestión das axencias públicas autonómicas, para o que se colaborará no seu deseño e se informará respecto do encaixe dos gastos dimanantes da súa aplicación co escenario financeiro da comunidade autónoma.
- Obter as contas parciais ao longo do ano e dun estado do orzamento vixente de ingresos é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Así mesmo, en colaboración coa IXCA, mellorarase a aplicación informática soporte do sistema contable a nivel consolidado.
- Xestionar eficazmente os expedientes que modifican gasto promovidos polas diferentes consellerías, realizando un análise da súa procedencia e oportunidade así como o análise das súas repercusións orzamentarias e da súa financiación.

- Impulsar a análise das repercusións económico-orzamentarias das diferentes políticas de gasto para os efectos de posibilitar a súa execución dentro do marco da política de estabilidade orzamentaria.
- Levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan mellorar o seguimento e mantemento dos diferentes programas orzamentarios e os obxectivos neles definidos mediante o establecemento de sistemas específicos para os gastos da dependencia, da sanidade pública, dos investimentos en infraestruturas e dos gastos de persoal na Administración institucional.

O Plan Estratégico de Galicia 2022-2030 orientará as liñas estratégicas de investimento e gasto do orzamento 2024. Para garantir o cumprimento da planificación estratégica levarase a cabo unha exhaustiva selección de proxectos de investimento que estea en total concordancia coas prioridades de actuación establecidas. Nesta selección de proxectos serán moi relevantes os recursos procedentes dos fondos europeos, que permitirán financiar actuacións transformadoras que sigan a impulsar o noso tecido económico e permitan un crecemento máis sostible e dixital. Así mesmo, levarase a cabo o seguimento e avaliación do exercicio inmediato anterior (2023) en termos do devandito Plan Estratégico. Este seguimento realizase en base á eficacia e eficiencia dos indicadores financeiros, de produtividade e de resultado.

## **DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO**

Os obxectivos da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro para o ano 2024 son:

- Planificar o endebedamento da comunidade autónoma.
- Negociar e formalizar operacións crediticias coa banca pública europea.
- Lanzamento de débeda pública da comunidade autónoma a longo prazo.
- Obter as mellores condicións financeiras posibles para o endebedamento do exercicio, respectando en todo caso o principio de prudencia financeira.
- Afondar no asesoramento, control e seguimento do endebedamento do sector público da comunidade autónoma.
- Reforzar o asesoramento e a colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma.
- Fortalecer a supervisión das mutualidades de previsión social, os intermediarios de crédito inmobiliario e prestamistas inmobiliarios, así como das entidades e distribuidores de seguros.
- Coordinar e xestionar os procedementos para constituír e devolver avais por medios electrónicos.
- Mellorar os procedementos de pago.

## DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

O obxectivo da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos, no que atinxe á xestión dos Fondos Europeos, consiste en avanzar na implementación da política de cohesión económica, social e territorial da Unión Europea en liña coas prioridades da Comisión Europea e en acadar unha xestión correcta, eficiente e eficaz dos recursos procedentes dos fondos estruturais que contribúen a financiar a política rexional. O ano 2024 caracterízase pola coexistencia de dous períodos de programación, debendo afrontar, por unha banda, o peche dos programas do período 2014-2020, e por outra, a posta en marcha do sistema de xestión e control dos programas do período 2021-2027, aprobados a finais de 2022. No marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España o obxecto da dirección é a coordinación, asesoramento e seguimento da xestión de proxectos públicos financiados con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR) dentro do ámbito da comunidade autónoma.

Así, en relación ao período de programación 2014-2020, os esforzos centraranse nas tarefas de verificación e certificación dos gastos, a fin de garantir a legalidade e regularidade dos mesmos e culminar con éxito a correcta execución dos programas operativos FEDER, FSE e POEJ, tanto en termos de absorción financeira como de consecución de resultados. En 2024 tamén se iniciarán as actuacións preparatorias para o peche dos programas FEDER, FSE e POEJ 2014-2020. Ademais, como se prevé nos plans específicos de avaliación dos programas, realizaranse as seguintes avaliacións: Avaliación de obxectivos/resultados do PO FEDER Galicia para o informe final e Avaliación do impacto da inversión FSE en medidas de loita contra o abandono escolar temperán.

Polo que respecta ao novo período de programación 2021-2027, unha vez aprobados os programas, este centro directivo, na súa condición de unidade de coordinación do Organismo Intermedio Xunta de Galicia para os programas do Fondo de Transición Xusta (FTX), FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027 e FSE + BASICO plurirrexional, centrarase na implementación do sistema de xestión e control para comezar coa selección de operacións para avanzar na execución e cumprir as exixencias da regra N+3 no novo período, así como, de ser o caso, realizar as primeiras certificacións de gasto correspondentes ao dito período.

Outros aspectos nos que se continuará a traballar, por tratarse dun procedemento que debe ser periodicamente revisado e actualizado, serán o marco de xestión de riscos e a adopción de medidas antifraude eficaces e proporcionadas, no marco do Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medida Antifraude da Xunta de Galicia. Tamén se levarán a cabo as actuacións previstas na estratexia de comunicación dos fondos europeos, realizando unha campaña específica de difusión das actuacións cofinanciadas; así como o reforzo da difusión das actuacións en determinados actos, especialmente durante os días próximos ao Día de Europa.

Asemade, a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos no marco do obxectivo da Cooperación Territorial Europea recollido no Regulamento (UE) nº 1299/2013



e Regulamento 2021/1059 CTE 2021-2027 do Parlamento Europeo e do Consello, realizará as funcións de Coordinador Rexional para os programas operativos de Cooperación Transnacional e Interrexional, en particular, a coordinación coas Autoridades dos Programas Operativos; Interreg Espacio Atlántico, Interreg SUDOE (Sudoeste Europeo) e Interreg Europe, así como a representación nos Comités dos referidos programas.

Neste contexto, as principais liñas de acción da Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos para o ano 2024 son as seguintes:

- Garantir unha xestión eficaz, eficiente e correcta dos fondos europeos asignados para o período 2014-2020 no marco dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020 e asegurar a execución dos mesmos.
- Revisar e/ou actualizar os procedementos de xestión de riscos, que inclúe a autoavaliación dos riscos de fraude e a adopción de medidas eficaces e proporcionadas contra o fraude, no marco dunha estreita e continua colaboración cos organismos xestores de FEDER e FSE, aos que se proporcionará asistencia técnica e asesoramento continuo, en coherencia co Plan de Prevención de Riscos de Xestión e Medida Antifraude da Xunta de Galicia.
- Realización das avaliacións programadas no ámbito dos Programas Operativos FEDER e FSE 2014-2020.
- Realizaras tarefas de verificacións administrativas e in situ de operacións e gastos, en particular os financiados no marco do Eixe REACT-UE.
- Implementar os plans de acción e/ou medidas preventivas ou correctivas que poidan derivarse das verificacións e/ou dos controis e auditorías efectuados polas distintas instancias comunitarias, estatais ou autonómicas de control.
- Elaborar a documentación necesaria para o peche dos programas operativos do período 2014-2020.
- Manter actualizada a formación e mellorar a capacitación administrativa e técnica do persoal que participa nas tarefas de xestión e control no seo do OI Xuntade Galicia, mediante a participación e/ou organización de cursos, seminarios ou xornadas divulgativas sobre os distintos aspectos que atinxen aos programas do período 2021-2027.
- Avanzar na implementación da estratexia de comunicación e dos plans de información e comunicación dos programas do período 2021-2027, e levar a cabo as medidas de comunicación necesarias para lograr unha maior difusión da contribución dos fondos europeos, xunto ao seguimento das actuacións nesta materia desenvolvidas polos xestores.
- Posta en marcha do sistema de xestión e control dos programas FEDER e FSE+ do período 2021-2027, e das actuacións necesarias para a implementación en Galicia dos importes asignados do Fondo de Transición Xusta.
- Coordinación, asesoramento e seguimento da execución dos proxectos financiados co MRR.

## **DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA**

A actividade da Dirección Xeral da Función Pública no 2024 virá determinada polos seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Desenvolvemento da aplicación informática de recursos humanos.
- Desenvolvemento das aplicacións informáticas da Oficina de Incompatibilidades e Boas Prácticas.
- Preparación e elaboración dos regulamentos de desenvolvemento da nova lei da emprego público de Galicia, coa fixación dos posibles criterios a ter en conta para o seu articulado.
- Desenvolvemento do Decreto de provisión de postos de traballo de persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Posta en marcha e o desenvolvemento dunha nova aplicación informática nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino e de persoal laboral temporal.
- Tramitación dos concursos de traslados de persoal funcionario e laboral, e en concreto o desenvolvemento dos concursos específicos de persoal funcionario, unha vez aprobado o Decreto de provisión de postos.
- Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración da discapacidade na función pública de Galicia.
- Elaboración da Oferta de Emprego Público anual.
- Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados das ofertas públicas de emprego de anos anteriores.
- Cumprimento das obrigas de publicidade derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Continuación cos procesos de integración dos entes.

## **DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA**

Unha administración que busque altos estándares de calidade debe impulsar as actuacións orientadas ao logro da eficacia no seu funcionamento e da eficiencia na asignación dos recursos, ao impulso da transparencia e da axilización dos procedementos administrativos; a potenciar o acceso electrónico aos servizos públicos, a garantir o coñecemento dos dereitos das persoas usuarias e, en definitiva, a establecer os mecanismos necesarios que contribúan á mellora continua dos servizos públicos para incrementar así o grao de satisfacción da cidadanía.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia por varios motivos. En primeiro lugar, porque estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben

presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral. E, en segundo lugar, porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Co inicio da nova lexislatura o Consello da Xunta aprobou o 4 de marzo de 2021 o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia. Un documento de estratexia ata o último ano de lexislatura.

O plan inclúe 61 accións enmarcadas en 26 medidas que se agrupan en 10 eixos. En concreto, os eixos de actuación do Plan son os seguintes:

- Eixo 1: Funcionamento dos servizos públicos
- Eixo 2: Xestión da calidade e instrumentos de mellora da calidade
- Eixo 3: Racionalización e simplificación de procedementos administrativos
- Eixo 4: Contratación administrativa
- Eixo 5: Xestión do persoal
- Eixo 6: Transparencia
- Eixo 7: Información e atención á cidadanía
- Eixo 8: Participación cidadá
- Eixo 9: Integridade institucional
- Eixo 10: Difusión e comunicación

A parte final do plan inclúe as medidas calendarizadas nos tres anos de desenvolvemento polo que durante o ano 2024 continuará o desenvolvemento das accións pendentes de executar.

Neste marco, ademais de dar continuidade ás actuacións e aos proxectos xa iniciados nos exercicios anteriores, os obxectivos e as liñas de acción da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para o exercicio 2024 presentan unha dobre vertente, cidadá e administrativa, que se expón a continuación.

a) Perspectiva da cidadanía

Supervisarase e proporanse os criterios e as actuacións para aumentar as obrigas de publicidade activa e o exercicio do dereito de acceso da cidadanía á información pública, de conformidade coa normativa básica de transparencia e Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en particular traballarase en aumentar a visualización territorial das políticas públicas a través de ferramentas GIS e incorporar melloras na ferramenta que permitan o apoio as distintas unidades tramitadoras dos procesos de información pública.

Poranse en marcha melloras tecnolóxicas no portal que permitan aumentar os niveis de participación na elaboración de normas e plans. En particular aumentarase o nivel de

accesibilidade de contidos, a utilización de vídeos, a reorganización das canles de participación existentes a fomentar a participación infantil e adolescente.

Continuarase coa mellora da ferramenta do Sistema Electrónico de Atención á cidadanía, (SIACI) incorporando ademais os estudos e auditorías, xa iniciados no ano 2021, respecto daqueles procedementos onde se produza un numero destacable de queixas ou suxestións. E incorporar melloras na ferramenta que permitan o apoio as distintas unidades tramitadoras dos procesos de información pública.

No obxectivo de simplificación de procedementos continuarase cunha parte de dixitalización de procedementos que aínda non estaban incorporados á sede así como a eliminación de aqueles que na actualidade teñen un baixo o escaso uso. Ao tempo, traballarase nunha harmonización de políticas subvencionadoras mediante a revisión de ordes de axuda.

No marco da contratación, ademais de continuar o proceso de normalización da documentación de uso común nos procesos de contratación, velarase pola extensión a todos os centros directivos da Xunta e das súas entidades instrumentais no marco plataforma de xestión de contratos PLATION.

En materia de xestión de persoal continuaranse os traballos nun piloto de medición do rexistro de actividade dos empregados públicos en cumprimento do acordo sindical sobre a modalidade de teletraballo que permita diagnosticar o futuro modelo de cargas de traballo das unidades. Impulsarase a formación en materia de xestión da calidade e do propio Plan de Mellora.

b) Perspectiva administrativa

Fomentarase a rendición de contas dos centros directivos a través da elaboración de modelos de memorias-balance dos distintos centros directivos e na aprobación de memorias de cumprimento por parte das entidades instrumentais.

Dando cumprimento ao programa de melloras das entidades instrumentais do sector público autonómico, continuarase co impulso da aprobación dos contratos programas, unha vez finalizadas as axencias en 2021, o apoio e seguimento no vindeiro 2024 rematará os traballos pendentes coas fundacións públicas e as sociedades mercantís públicas autonómicas.

No relativo aos órganos colexiados traballarase na mellora do rexistro dos existentes e das persoas que o compoñen mediante a creación dunha base de datos de grupos de traballo.

No que se refire á avaliación de calidade as accións centraranse na elaboración de requisitos normalizados e modelos de instrumentos de planificación de políticas publicas para todos os departamentos e entidades.

Continuarase coa difusión do Manual de acollida para o persoal de novo ingreso do sector publico autonómico co fin de favorecer a súa incorporación e facilitarlle a adaptación ao posto de traballo.

Continuarse informando, con carácter previo á súa aprobación, as estruturas orgánicas, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico, con especial atención aos criterios de racionalización e simplificación dos trámites, de eliminación da documentación accesoria e de normalización dos anexos que ha de utilizar a cidadanía.

O 26 de maio de 2021 o Consello da Xunta aprobou o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión, que é a estratexia derivada do Diagnóstico dos sistemas de control interno e prevención de riscos elaborado polo Consello de Contas de Galicia.

A estratexia da Xunta de Galicia para o afianzamento da súa política institucional de integridade, materialízase a través deste Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión que contempla a posta en marcha, de xeito gradual, de distintas medidas orientadas ao fortalecemento dos sistemas de control interno e infraestructura ética para o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión para unha xestión pública eficaz, nun marco de legalidade, transparencia e rendición de contas.

Trátase de adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético.

O programa, xa calendarizado no período 2021-2024, establece un total de 24 medidas agrupadas en 6 eixos.

Este Programa, de carácter eminentemente preventivo, que non reactivo, supón, non soamente o reforzo e a consolidación das medidas e as actuacións xa en marcha senón que, seguindo o esquema e recomendacións formuladas polo Consello de Contas, incorpora todos os elementos que como mínimo, permitan consolidar no sector público autonómico un sistema sólido e avanzado de integridade, obxectividade, eficiencia e transparencia no funcionamento da Administración pública galega e no desempeño da función pública.

Realizarase a actualización anual do Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobado no ano 2023.

Asumirase a xestión e a coordinación funcional da canle de comunicación en materia de integridade institucional así como a realización da investigación preliminar ou o outorgamento do tratamento que proceda.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### **INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE)**

A actividade do Instituto Galego de Estatística ven determinada polos plans anuais de actuación previstos na LOFAXGA e no seu Estatuto e polos plans estatísticos plurianuais concretados nos programas estatísticos anuais. No 2024 abordaranse os seguintes elementos singulares que se superporán ao seu funcionamento ordinario:

- Elaborar as estatísticas do Programa Estatístico Anual (PEA 2024) que lle correspondan e as que se establezan por convenio con outros organismos públicos. Recollerase nova información sobre vivenda, mocidade e mercado laboral, ocio, hábitos culturais e capital social.
- Seguir intensificando o uso estatístico dos rexistros e integrais para construír bases de datos que permitan reducir a carga dos informantes, abaratar custos e dispor de indicadores máis rápidos para a gobernanza. En particular, cos datos cedidos polas universidades galegas elaborárase información estatística sobre inserción laboral das súas persoas egresadas.
- Aumentar o valor da información dispoñible e profundar nas análises demografía, social, económica e territorial. O sector relacionado coas actividades deportivas recibirá un tratamento singular no 2024.
- Realizar as actividades que se lle encomenden no Plan Anual de Actuación (PAA 2024), complementarias das que lle correspondan do Programa Estatístico Anual (PEA 2024). Posición cíclica da economía galega, microsimulación de impactos no IRPF e aplicación do modelo QUEST3RD para Galicia, serán algunhas delas.
- Seguir colaborando coa Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para, entre outros asuntos, construír un sistema harmonizado de indicadores da Axenda 2030 e acordar posicións comúns sobre o esquema nacional de interoperabilidade e o novo ecosistema de datos.

### **ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación.

Neste marco, algunhas das principais liñas de actuación en 2024 serán:

- O deseño dunha formación continua específica mediante un plan formativo único para todos e cada un dos colectivos do persoal empregado público da comunidade autónoma.
- A aposta polas diferentes contornas de aprendizaxe, metodoloxías e novas técnicas docentes, co obxectivo de facilitar a formación continua do persoal empregado público e favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

- A adecuación da oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das Administracións públicas no momento presente desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- O fomento dunha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post-Covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas Administracións públicas.
- A especial atención á formación específica en materia de emprego público, co fin de contribuír a que garanta a mesma calidade no servizo e a mellor consecución dos obxectivos da Administración.
- O reforzo da formación no eido da Administración electrónica e da capacitación dixital do persoal empregado público a través dunha programación específica tanto técnica como normativa. Neste punto cómpre destacar que, no marco do Universo Egap Innova, a EGAP desenvolverá sesións exclusivamente prácticas en diversas materias deste ámbito.
- O afianzamento da programación do Instituto de Economía Pública de Galicia ofertando actividades formativas en materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese das persoas destinatarias da formación na actividade deste instituto.
- A oferta de formación específica en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero dirixida especificamente a concienciar da necesidade de asumir os principios de igualdade e non discriminación.
- A consolidación da Escola como un foro de debate e interacción entre a Administración e a cidadanía que implicará, entre outras cousas, impartir formación práctica e teórica na materia de administración electrónica, tanto para o persoal empregado público como para a cidadanía en xeral.
- A docencia nas materias obxecto da lexislación administrativa básica en todas as modalidades docentes e para todos os colectivos de empregados públicos, con especial atención ás novidades lexislativas que se vaian producindo neste eido.
- A formación en lingua galega e en redacción de documentos técnico-xurídicos nesta lingua para todos os niveis de coñecemento, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística.
- A aposta pola formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas que constitúan unha necesaria ferramenta no desempeño do seu traballo.
- A organización e a realización dos cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determinen, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter nacional.
- A continuidade da implicación da EGAP no apoio ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna de acordo coas pautas que vaia establecendo a Dirección Xeral da Función Pública.
- A formalización de convenios e protocolos e a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das administracións públicas, a nivel nacional e internacional.

- O fomento da investigación, da documentación e do debate nas materias relacionadas coas administracións públicas, mediante a edición de dúas publicacións científicas periódicas- a Revista Galega de Administración Pública (REGAP) e a revista Administración&Cidadanía- e a publicación de monografías.
- A ampliación, mantemento e difusión do fondo bibliográfico e documental da EGAP, especialmente en soporte electrónico, así como a utilización das novas tecnoloxías para a creación de espazos que favorezan a difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola.
- A convocatoria de bolsas, axudas e premios destinados a fomentar o estudo e a investigación en materias relacionadas coas actividades da Escola e a Administración Pública.
- O desenvolvemento de programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva e pre-directiva en colaboración, de ser o caso, con outros centros ou órganos de formación especializados.
- A consolidación e mellora do Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.

### II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

#### **CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA (CES)**

As liñas de acción para o exercicio económico 2024 son atender plenamente as súas actividades, tales como:

1. Ditames de solicitude preceptiva: son aqueles que versen sobre:
  - 1.1. Anteprojectos de lei, proxectos de decretos legislativos, plans xerais e sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.
  - 1.2. Anteprojectos de lei ou proxectos de disposicións administrativas que afecten á organización, ás competencias ou funcionamento do consello.
  - 1.3. Anteprojectos ou proxectos relativos a materias que por precepto expreso dunha lei teñan que serlle consultadas ao consello.
2. Ditames facultativos: son aqueles solicitados polo Consello da Xunta ou polas consellerías.
3. Informes ou estudos por solicitude da Xunta de Galicia:
  - 3.1. Sobre as reformas de normativa vixente sempre que afecten ao desenvolvemento económico e social.
  - 3.2. Sobre a elaboración de plans e programas, en relación ás mesmas materias.



4. Informes ou estudos por propia iniciativa, que se levarán a cabo en colaboración coas tres universidades públicas galegas:
  - 4.1. Sobre as reformas da normativa vixente coa intención de mellorar o desenvolvemento económico e social da comunidade.
  - 4.2. Sobre a elaboración dos plans e programas, co mesmo obxectivo.
  - 4.3. Sobre as repercusións e adaptacións necesarias que a introdución das novas tecnoloxías impoñan no sistema económico e social galego.
  - 4.4. Sobre a execución de plans ou programas de especial transcendencia para o desenvolvemento económico e social de Galicia.
5. Memoria anual:
  - 5.1. Sobre a situación económica e social de Galicia.
  - 5.2. Sobre as recomendacións ou orientacións, se é o caso, acerca da política orzamentaria.
6. Organización de Xornadas de Estudo sobre materias propias do ámbito de funcións que incumben ao CES.
7. Realización de publicacións sobre materias de interese relativas á área socioeconómica.
8. Presenza institucional en foros de discusión ou de colaboración que podan resultar de interese para o organismo.

## II.4. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)**

A actividade da Axencia Tributaria de Galicia para o 2024 ven determinada polo desenvolvemento das funcións previstas no seu Estatuto, de acordo co previsto no Decreto 202/2012, e concretamente:

- Dar cumprimento ás previsións orzamentarias do estado de ingresos nos tributos de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia: tributos propios e tributos cedidos polo Estado.
- Levar a iniciativa nas modificacións legislativas en materia tributaria.
- Incrementar a eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal a través da mellora do tratamento da información e dos procesos de control, a racionalización e modernizacións dos procedementos internos e a detección de áreas de risco (Plan de Control Tributario).
- Mellorar a información e asistencia ao contribuínte orientando a actuación administrativa ao servizo dos cidadáns e á transparencia.
- Consolidar os mecanismos de colaboración coa AEAT, as Administracións Tributarias das restantes comunidades autónomas e a Administración local.

- Promover a alta cualificación do persoal.
- Fomentar e estender a colaboración social e impulsar as novas tecnoloxías, á busca da redución de trámites administrativos e dos custos fiscais indirectos.
- Garantir o funcionamento da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia con novas funcionalidades e novos servizos.

## **AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, como entidade encargada da definición, desenvolvemento e execución da política tecnolóxica da Xunta de Galicia, exercerá o liderado das funcións de seguimento e avaliación da Estratexia Galicia Dixital 2030, aprobada no Consello da Xunta.

A dita estratexia contempla 7 eixos estratéxicos e un eixo transversal:

- **E1. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN INTELIXENTE:** consolidando un goberno dixital, máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos. Informando e comunicando as súas decisións e actuacións baixo un enfoque centrado na cidadanía.

No ámbito da seguridade da información, as liñas de traballo a desenvolver en 2024 estarán aliñadas coa nova Estratexia galega de ciberseguridade 2030, destacando a prestación de servizos de ciberseguridade máis aló do ámbito autonómico, estendendo un servizo básico ao ámbito da administración local e asesoramento a cidadanía e empresas. Tamén se iniciará a obra do novo Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, continuaranse os traballos de coordinación entre as entidades públicas e privadas a través do Nodo de ciberseguridade de Galicia, e se iniciará a execución do proxecto RETECH en ciberseguridade, que persegue despregar unha rede de centros de innovación e competencia en ciberseguridade de ámbito transrexional para impulsar a cohesión do ecosistema de ciberseguridade, e fomentar a innovación, a transferencia de coñecemento, a captación de fondos e a internacionalización do tecido empresarial das rexións participantes.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora na electrónica de comunicacións, no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, así como na mellora do cableado dos centros.

A modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia mellorando e simplificando a relación da Administración co empregador.

- **E2. SOCIEDADE DIXITAL E INCLUSIVA:** dotando ao conxunto da cidadanía da capacitación dixital necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no contexto dixital, apoiando a adquisición das competencias dixitais básicas.

Impulsar a transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación do modelo de Educación Dixital galego que permite ao alumnado e profesorado

dos centros sostidos con fondos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital e impulsando, así mesmo, iniciativas como a creación dunha plataforma de intelixencia de negocio do eido educativo.

En 2022 púxose en marcha o Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, que dá continuidade e intensifica o labor desenvolvido ao longo de máis de dez anos dedicados a facilitar a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. Ao longo de 2023 e ata 2025, proporcionará equipamento tecnolóxico innovador, a reforma física das aulas facéndoas máis flexibles, novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, a ampliación de servizos de inclusión dixital no rural a través dun servizo de aula móbil itinerante e o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento dos sistemas da Rede CeMIT.

- E3. ENTORNO DIXITAL PARA A SAÚDE E O BENESTAR SOCIAL: traballando por un entorno intelixente centrado nas persoas e no seu benestar ao longo de todo o ciclo vital a través do uso eficiente das tecnoloxías dixitais para mellorar a saúde e a autonomía persoal, mitigando os riscos para a saúde e a protección da poboación, e reforzando a robustez e sustentabilidade dos sistemas e servizos socio-sanitarios.

Continuar a transformación do modelo de atención socio-sanitaria nas residencias de maiores e discapacitados, baseándonos na tecnoloxía e poñendo en valor as leccións aprendidas durante o período de pandemia e aproveitando o impulso dos fondos MRR.

- E4. TERRITORIO INTELIXENTE, VERDE E RESILIENTE: avanzando cara a un territorio máis sostible, máis verde e resiliente, mellorando a xestión e o coñecemento do territorio para fortalecer a cohesión territorial, a preservación medio ambiental e a acción polo clima, a sustentabilidade dos recursos e ecosistemas naturais, a seguridade e a prevención de riscos sociais e ecolóxicos.

Contribuír á dixitalización dos sectores primarios, especialmente o agrogandeiro, o forestal e o pesqueiro potenciando o uso de plataformas dixitais de xestión, venda e trazabilidade dos produtos.

Así mesmo, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede Galega da Internet das Cousas, unha rede de sensores conectados aos 300 centros de telecomunicacións públicos de Retegal que proporcionará información para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos naturais.

- E5. CONECTIVIDADE DIXITAL DO TERRITORIO: asegurando o acceso á conectividade dixital para todos e avanzando na transición cara a un sistema intelixente de transporte e mobilidade conectado, sostible e seguro como factores esenciais para garantir a vertebración económica, social e territorial.

Acadar un transporte público moderno e tecnoloxicamente avanzado, aproveitando o impulso dos fondos MRR para o deseño da nova plataforma de pagos no transporte público de Galicia.

Dixitalización do proceso de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.

Destaca o desenvolvemento de liñas de traballo no ámbito da banda larga ultrarrápida, en coordinación co Goberno central, e o despregamento do Plan Galicia 5G, que conta con proxectos piloto xa en marcha.

- E6. CULTURA E TURISMO INTELIXENTE: impulsando o uso de tecnoloxías dixitais para o fomento da competitividade do turismo, a dinamización do patrimonio e a produción cultural e a construción dunha identidade cultural máis aló dun ámbito territorial ou temporal determinado.
- E7. ECONOMÍA DIXITAL E SOSTIBLE: permitindo mellorar a produtividade, a xeración de novos produtos, servizos e modelos de negocio, e facilitar o cambio cara a unha economía circular, eficiente no uso de recursos e de baixa emisión de carbono.

Neste senso despunta o programa ReAccionaTIC, orientado a impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, estratéxicos ou de incorporación de tecnoloxía.

- EIXO TRANSVERSAL: ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA: centrándose en reforzar as capacidades e infraestruturas dixitais de Galicia en tecnoloxías disxuntivas (IA, ciberseguridade, intelixencia do dato e 5G) e en garantir o seu amplo uso na economía e a sociedade. Para isto, o Centro GaiásTech continuará a ofrecer un conxunto de servizos para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos, ao tempo que exerce como eixo coordinador da rede de Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia (5G, IA e Ciberseguridade), xa en marcha.

Tamén, e trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2023 traballárase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

Por último, levaranse a cabo ademais actuacións diversas enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado do persoal empregado público; co deseño do Plan de Administración e Goberno Dixital: Horizonte2025; co III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025; co programa de mellora das capacidades e infraestruturas dixitais da AAPP; co Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas 21-23 (EDU100); co Modelo dixital de Atención Socio-sanitaria Para Residencias de Maiores e Discapacidade en relación ó Plan de Acción 21-23; co Plan de Transporte e Mobilidade dixital e sostible (Plan E-Mobility); co Plan Galicia 5G; coa Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030; coa Estratexia Cloud do Sector Público Autonómico; coa Estratexia galega de ciberseguridade 2022-2026; coa posta en marcha do ecosistema GobTech; co Plan Digitalent 2030: Camiñando en Dixital; co Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, co Plan SmartTurismo; coa iniciativa do catálogo colectivo e dixitalización das bibliotecas; co proxecto para a difusión do patrimonio cultural de Galicia Memoria Dixital de Galicia; co desenvolvemento da Plataforma de Terri-

torio Intelixente; coa rede iCousas; co desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais; e co Plan de Software Libre.

## II.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### **SOCIEDADE ANÓNIMA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL S.A.**

Con carácter xeral e segundo o establecido nos seus Estatutos, os obxectivos xerais de Retegal no ano 2024 tenderán a:

- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas (distribución, contribución, aloxamento, planificación, mantementos, etc.).
- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para facilitar o acceso á sociedade da información de toda a cidadanía de Galicia, o que tamén redundará nunha mellora, tanto da calidade e continuidade dos servizos que xa vén prestando RETEGAL, como da eficiencia enerxética co uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.
- Administrar con eficiencia os recursos xestionados desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custos que derivarán nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan á toda a sociedade galega.
- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos así como os que se lle poidan encargar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.
- Iniciar as accións definidas no plan de cambio organizacional que permitan adaptar a actual estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual, e garanta os niveis de calidade e servizo comprometidos cos clientes.

A contorna internacional seguirá impactando no devir económico do vindeiro ano: a evolución da guerra en Ucraína e a crise enerxética únese o endurecemento da política monetaria coa subida dos tipos de interese dirixida a combater a evolución da inflación. O prezo dos combustibles e enerxía alcanzaron no último ano niveis récord, desproporcionadamente altos e non sostibles. No ano 2024 espérase unha estabilización desta evolución e prevese unha redución dos prezos acadados no ano 2023.

Aínda que se espera unha mellora nos problemas de subministración de materias primas vinculadas ao ámbito tecnolóxico, o seu impacto na operativa e desenvolvemento dos novos proxectos, podería non ser menor ao longo do 2024.

Con carácter máis específico, os obxectivos de Retegal no ano 2024, serán:

1. Servizos de operador neutro de telecomunicacións.

O posicionamento de RETEGAL como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias actuais de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación se orientan ao núcleo do negocio evitando no posible, investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. As infraestruturas e redes que xestiona RETEGAL, especialmente no eido rural, facilitan a prestación de futuros servizos, reducindo os tempos de implantación, investimentos e custos recorrentes de mantemento e explotación a outros operadores.

Ao longo do 2024 prevese unha lixeira redución do volume de ingresos asociados aos servizos de operador neutro derivado dos proxectos de sinerxías abordados polos principais operadores de telefonía móbil (proxecto JUMPING), na medida na que se axilice a xestión dos procesos de regularización (altas e baixas) das infraestruturas por parte dos operadores involucrados.

A evolución do prezo da enerxía obrigará a un reposicionamento das tarifas de enerxía asociadas aos servizos de albergamento. Por parte dos grandes operadores, estanse abordando traballos de regularización e optimización das subministracións eléctricas contratados a terceiros para tratar de paliar na medida do posible o elevado incremento dos custos de enerxía eléctrica. Aínda que por parte destes operadores prevense novas necesidades derivadas da implantación do 5G, o impacto nos ingresos será menor debido a redución esperada tras os traballos de eficiencia vinculados a implantación desta tecnoloxía.

No ámbito dos pequenos operadores prevese unha evolución a baixa dos ingresos derivada do incremento de penetración da fibra nos ámbitos rurais.

2. Servizos de TDT.

2.1.- CRTVG.

O obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2024, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

Retegal ao longo do ano 2024 continuará analizando as novas tecnoloxías e funcionalidades neste eido para garantir o acceso por parte da cidadanía aos novos servizos de TV e dotar dunha maior redundancia á rede actual de difusión e servizos asociados.

2.2.- Concesionarios autonómicos.

RETEGAL presta servizo de difusión ao múltiple autonómico, que está integrado polo xector técnico do múltiple (a CRTVG, con dúas canles dixitais que emiten en simultaneidade en formatos de alta definición e definición estándar) e por outros dous concesionarios de xestión privada.

O 18 de xaneiro de 2022, a Secretaría Xeral de Medios emitiu unha resolución pola que se dou publicidade ao acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia do 11 de no-

vembro, polo que se autorizou a transmisión dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de cobertura autonómica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, titularidade de Radio Popular, S.A. Cadena de Ondas Populares Españolas, en favor de Squirrel Media, S.A. nos termos regulados na proposta efectuada pola Secretaría Xeral de Medios.

Doutra banda, en data 8 de novembro de 2021, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 25 de outubro de 2021, da Secretaría Xeral de Medios, pola que se dou publicidade ao acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia do 21 de outubro, polo que se aprobaron as bases que rexen o concurso público para o outorgamento dunha licenza para a prestación do servizo de comunicación audiovisual televisiva de ámbito autonómico e titularidade privada, e se procedeu a súa convocatoria.

No orzamento de ingresos estimado para o ano 2024, non se prevén novos ingresos derivados do inicio de explotación destas licenzas e a incorporación de novos integrantes no múltiple autonómico.

RETEGAL, operador técnico do múltiple compartido, continuará prestando o servizo portador de difusión de dito múltiple cun despregamento de rede que permite dar cumprimento aos deberes de cobertura da CRTVG (98% da cobertura de Galicia), e un dimensionamento de equipos, redundancias, proteccións e sistemas de supervisión e aseguramento que permitan manter os actuais servizos adicionais tales como as desconexións territoriais ou as emisións simultáneas en calidade SD e HD, e os niveis de calidade e continuidade comprometidos coa CRTVG.

#### 2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión a varios múltiples de TDT Local con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

#### 2.4.- Cadeas estatais.

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato.

Este contrato foi renegociado ao longo do ano 2023, polo que non se prevén variacións ao longo do 2024.

### 3. Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia (RESGAL).

En virtude da encomenda de xestión da AMTEGA a RETEGAL, durante o ano 2024 realizaranse as seguintes accións:

- Manter e xestionar a Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL).
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as coberturas naquelas micro-áreas nas que sexa preciso, mediante estudos exhaustivos das pegadas de cobertura.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as pegadas de cobertura mediante a execución dos eventuais encargos que se reciban.
- Implantar novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos

servizos e aplicacións actuais. Entre os servizos de maior valor engadido, destaca a integración de móbiles intelixentes, que permite o acceso de terminais convencionais para o acceso do servizos da rede e integración de conversacións sen necesidade de pasarelas intersistema.

No ano 2023 modificouse a encomenda do servizo RESGAL para actualizar o volume de terminais e importes derivados previstos para cada unha das entidades autonómicas con competencias en materia de emerxencias e a actualización do alcance e cobertura acadado tras o acordo de colaboración asinado en setembro de 2020 pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e RETEGAL para a realización dun programa de investimentos encamiñados a estender a cobertura poboacional e territorial da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia, con especial fincapé na cobertura territorial en zonas de alto risco de incendios, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-20.

No último ano, a Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) iniciou a actualización do plan de comunicacións do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia, co obxectivo primordial de optimizar as comunicacións entre o Centro Coordinador e o Posto de Mando e as diferentes unidades operativas de emerxencia ou protección civil, e cuxo ámbito de aplicación son os servizos de extinción e salvamento, forzas e corpos de seguridade, sanitarios, grupos loxísticos, grupos medioambientais e agrupacións de voluntarios de protección civil, así como os demais servizos que forman parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia integrados na rede RESGAL operada por RETEGAL. A activación e implantación deste novo plan, implica por parte de RETEGAL a realización de traballos de reprogramación dos terminais integrados na rede, traballos xa iniciados ao longo do ano 2023 e que continuarán ao longo do ano 2024.

Ademais de todos estes traballos de mantemento e actualización dos terminais integrados na rede, ao longo do 2024 RETEGAL, como xestor da rede, continuará realizando labores de potenciación e fomento do coñecemento da RESGAL coa finalidade de difundir os seus beneficios entre todas as entidades prestadoras de servizos de emerxencia e a poboación galega, ademais de seguir fomentando a adhesión de novos organismos á RESGAL, todo iso coa finalidade de potenciar e facilitar a coordinación entre os diferentes efectivos de emerxencias que operan en Galicia.

No ano 2024 finaliza o actual contrato de soporte e mantemento integral do equipamento e sistemas asociados á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Cómpre renovar e actualizar o soporte dalgúns dos elementos e sistemas integrantes da rede, polo que se prevé un incremento do custo respecto a actual licitación.

Con data de resolución do 28 de febreiro de 2022, encargouse a Retegal o servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia.



Ao longo do 2024, Retegal, en canto medio propio e instrumental da Administración da Xunta de Galicia, continuará prestando o servizo de desenvolvemento, apoio e coordinación na operación e soporte aos usuarios da rede dixital de emerxencias de Galicia do dispositivo de prevención de incendios forestais da Xunta de Galicia.

4. Rede de Viovililancia dos Espazos Forestais de Galicia.

Ao longo do 2024, está previsto seguir prestando por parte de RETEGAL os servizos de operación e mantemento, albergamento e conectividade da Rede de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como a renovación de máis de 50 cámaras despregadas na primeira fase do proxecto. E continuaranse os traballos necesarios para dispoñer da información necesaria e suficiente para alimentar o futuro sistema intelixente de predición.

5. Servizos de Radiodifusión.

- Radio Galega. No ano 2024 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituíndo os equipos máis antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custos de explotación de RETEGAL.
- Prestación de servizos a operadores de radiodifusión privados. RETEGAL dispón das infraestruturas idóneas para cumprir uns elevados obxectivos de cobertura para servizos de Radiodifusión.

6. Servizo de transporte e conectividade.

Retegal dispón dunha rede de fibra de máis de 1.855 km, apoiada por unha rede de radioenlaces de alta e media capacidade integrada por 138 vans cunha lonxitude de 2.565 km que ademais de ser utilizada para o transporte de recursos propios integrando nun anel de fibra redundante os centros de telecomunicacións máis significativos, en calidade de operador neutro, pon a disposición doutras empresas e operadores de telecomunicacións. Entre outros, esta rede está a ser utilizada por operadores de radiodifusión para a distribución da súa programación.

7. Novos encargos a realizar como medio propio.

No período 2022-2023, Retegal recibiu novos encargos por parte da Amtega para o despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións para a mellora de cobertura móbil en núcleos rurais e illados do territorio e a dispoñibilidade de novos servizos de internet das cousas (IoT) por parte da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por unha banda, en decembro 2019, a AMTEGA e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un convenio marco de colaboración para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a mellorar a cobertura de comunicacións móbiles no rural de Galicia. Por razóns de eficacia, a AMTEGA encargou a Retegal, como medio propio da Xunta de Galicia, por resolución de data 31 de xaneiro de 2022, a realización das tarefas previstas no citado convenio relativas á validación das parcelas identificadas polos concellos e a execución das infraestruturas de soporte ás redes de telefonía móbil, incluíndo a realización de tódolos administrativos derivados, xa que os traballos a desenvolver se corresponden con tarefas que RETEGAL xa ven realizando, como xestor dunha ampla rede de infraestruturas de telecomunicacións.

No período 2022-2023, Retegal executou os seguintes traballos no marco da actuación de extensión de telefonía móbil en núcleos rurais e illados:

- Validación da viabilidade das parcelas identificadas polos concellos, postas a disposición para a execución das infraestruturas públicas precisas como soporte ás redes de telefonía móbil.
- Apoio na tramitación dos convenios cos concellos para a posta a disposición das parcelas para a execución das infraestruturas soporte ás redes de telefonía móbil.
- Execución dun programa de investimentos para a construción dos emprazamentos precisos como soporte ás redes de telefonía móbil, incluíndo adecuación de terreos, execución de torres e casetas, e equipamento auxiliar preciso para a súa xestión e posta a disposición dos operadores de telefonía móbil, para a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura ás zonas obxectivo da actuación.
- Elaboración dun plan de prezos público para cubrir os custos derivados do mantemento e explotación destas infraestruturas, que deberá ser abonado polos operadores que fagan uso das mesmas.
- Xestión dos emprazamentos construídos no marco desta actuación durante o período de execución dos investimentos por parte dos operadores de telefonía móbil, incluíndo:
  - Xestión da demanda dos operadores de telefonía móbil, para a instalación do equipamento preciso para dotar de cobertura ás zonas obxectivo.
  - Mantemento e explotación das infraestruturas, gastos que serán sufragados polos operadores de telefonía móbil segundo o plan de prezos indicado no punto anterior.

A xestión e explotación destas novas infraestruturas incrementará o catálogo de servizos de albergamento de Retegal a partir do ano 2024.

No que respecta ao despregamento dunha rede para a implantación de novos servizos IoT por parte da Administración autonómica, a visión definida na Estratexia Galicia Dixital 2030 pola Xunta de Galicia é situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúa a aumentar a calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas vertentes social, económica e medioambiental.

Un dos eixes estratéxicos a desenvolver é o eixe E4. Territorio Intelixente, verde e resiliente, para impulsar a xestión intelixente do territorio e promover unha Comunidade dixital, verde e ecoeficiente.

Dentro da liña de acción definida por parte da Amtega para o deseño e posta en marcha da plataforma do Territorio Intelixente, contéplase a posta en marcha da Plataforma Galicia Territorio Intelixente, que consolidará nunha base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos, como instrumento estratéxico para a definición das políticas públicas, a vixilancia territorial, o desenvolvemento das estratexias de sustentabilidade ambiental e o desenvolvemento social e económico da poboación vinculado ao territorio.

Con data 21 de decembro de 2022, por parte da Amtega ditouse unha resolución pola que se modifica a Resolución do 22 de decembro de 2021 que acorda encargar a RETEGAL determinados servizos para o desenvolvemento dunha rede de acceso IoT para a auto-prestación de servizos da Comunidade Autónoma de Galicia, susceptible de ser financiada ao 100% no marco do Eixe REACT-EU do programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 como resposta da Unión Europea á pandemia do COVID-19.

No período 2022-2023, Retegal realizou o desenvolvemento, a operación, a xestión e o mantemento dunha rede de acceso IoT, a Rede Galega de Internet das Cousas (iCoUsas), para autoprestación de servizos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a operación, xestión e mantemento das infraestruturas da rede resultante e a implantación de servizos sobre a mesma.

O despregamento posterior das redes de sensores e a súa instalación e mantemento, así como a personalización de acceso á información ou a extensión de cobertura en interiores e/ou onde non chega a rede, poderá realizarse en cada caso mediante instrumentos como addendas á encomenda da rede de acceso ou convenios de colaboración específicos coas entidades interesadas. Cada proxecto levará asociado o seu modelo de negocio, para a definición das tarifas, custos e investimentos asociados.

Ao longo do ano 2024, Retegal asumirá a xestión e explotación da nova rede de acceso e continuará o traballo iniciado no plan de comunicación e difusión do proxecto con todos os organismos da Administración autonómica co obxecto de identificar as necesidades e ámbitos de sensorización a priorizar no desenvolvemento da Plataforma Galicia Territorio Intelixente.

#### 8. Adecuación operativa de RETEGAL.

Debe considerarse este un proceso en continuo ciclo de mellora, polo que no ano 2024 RETEGAL deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa execución dos proxectos xa iniciados en anos anteriores relativos ao plan de sistemas, e a adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais entre outros.

Neste sentido, durante o ano 2024, continuaranse os traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permita optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes. E no eido financeiro, continuarase co proceso de mellora do actual sistema de xestión contable para continuar a transformación e automatización dos procesos contables e financeiros para dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas e axilizar os procesos de reporte da información neste ámbito. Co obxecto de dispoñer dunha maior información relativa aos ingresos e custos asociados a cada servizo, iniciarase un estudo de adaptación das tarifas a un novo modelo de reparto de custos á servizos, así como a súa adaptación á Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Derivado dos traballos de continua adecuación operativa e no marco da mellora continua, Retegal volveu a renovar no primeiro semestre do 2023 a renovación da ISO9001. Ao longo

do ano 2024, continuaranse traballando nos plans de acción e mellora planificados no ámbito destas certificacións para a renovación das ISO14001 de Medio Ambiente e as ISO45001 de Sistemas de Xestión da Seguridade e Saúde no traballo.

No último trimestre do 2023, realízase a renovación da rede de alta velocidade constituída por máis de 130 vans de radioenlaces de microondas, que permite a interconexión das infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia. Estes equipos, cunha antigüidade superior a 12 anos, deben ser renovados por outros máis novos para garantir os compromisos de calidade e dispoñibilidade comprometidos por Retegal. No período 2024-2026 continuarase con este proceso de actualización e renovación da rede de radio-enlaces.

Ao longo do ano 2024, prevese finalizar a execución das accións prioritarias definidas nos plans de accións relativos a adecuación a RGPD-LOPDGDD e aquelas accións máis prioritarias para acadar a medio prazo a Certificación ao Esquema Nacional de Seguridade.

No ano 2023, iniciouse un plan de dixitalización na sociedade que permita avanzar cara a unha organización sen papeis. Este proceso permitirá a medio e longo prazo aumentar a efectividade e eficiencia na xestión interna, mediante a dixitalización e automatización da xestión dos procesos que permita un funcionamento máis sinxelo, áxil e seguro.

A primeira fase do plan de dixitalización aborda parte dos procesos realizados no eido administrativo, así como a dixitalización dos contratos formalizados cos clientes.

O consumo e a xestión eficiente da enerxía é un dos principais retos aos que se enfrontan as empresas na actualidade. Esta necesidade ven determinada, por unha banda, pola crecente subida dos prezos da enerxía e, doutra banda, pola necesidade de contribuír a loita contra o cambio climático. Retegal instalará ao longo do 2024 sistemas baseados en enerxías renovables nalgúns dos centros de telecomunicacións que xestiona para analizar a eficiencia e optimización enerxética acadada con este tipo de instalacións.

#### 9. Innovación tecnolóxica

Ao longo do 2024, RETEGAL continuará colaborando coa Amtega e as diferentes conselleirías na implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT), Big Data ou a intelixencia artificial.

#### 10. Redes de quinta xeración.

Coa finalidade de contribuír á implantación e extensión das novas tecnoloxías na comunidade autónoma, especialmente no que atinxe ao 5G, RETEGAL na súa condición de medio propio da Administración Autonómica, seguirá participando activamente nos plans institucionais para o desenvolvemento de novas tecnoloxías.

A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, publicou no ano 2018 o Plan Galicia 5G, no que se definen unha serie de medidas (4) para impulsar a implantación das 5G en Galicia. Dentro das medidas 2 e 3 defínese a implantación do Nodo de Cooperación 5G de Galicia que Retegal deberá seguir coordinando ao longo de 2023 e que actúa como punto de confluencia de desenvolvedores e demandantes de solucións 5G.

No segundo semestre do 2024 está previsto formalizar un novo convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, Amtega e Retegal para o teste e simulación de tecnoloxías

de comunicación avanzadas sen fíos e sensorización. O obxecto do convenio é a colaboración entre a Universidade de Vigo, Amtega e Retegal para o fomento do uso de tecnoloxías de comunicación avanzadas e sen fíos dentro dun espazo de teste e simulación dentro da Comunicación Autónoma de Galicia.

Por parte de Retegal, ao longo do período 2023-2024, levaranse a cabo todas as actuacións precisas para a consecución dos obxectivos acordados, así como a financiación das actividades, apoio e comunicación relativos a existencia e funcións do espazo de teste.

Independentemente do anterior, promoverá a participación dos diferentes axentes do sector na elaboración de proxectos piloto para a extensión dos novos servizos da sociedade da información en Galicia.

#### II. Plan de cambio organizacional.

Durante o ano 2024, continuaranse as accións definidas no plan de cambio organizacional para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a corto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.



### III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

#### III.1. PROGRAMAS DE GASTO

##### III.1.1. PROGRAMA 122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMNISTRACIÓN PÚBLICA

###### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Simplificación Administrativa configúrase como o órgano central, con ámbito de actuación sobre a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico definido pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de impulso de actuacións no ámbito dos servizos públicos e da contratación pública, co obxectivo de acadar unha Administración pública eficaz, eficiente, proactiva e orientada á prestación de servizos de calidade á cidadanía, así como de velar polo cumprimento da política de integridade institucional.

Impútanse a este programa as actividades tendentes a:

- Apoiar ás unidades administrativas da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico.
- Impulsar a mellora continua da calidade na prestación dos servizos.
- Harmonizar, simplificar e modernizar os procedementos administrativos, mediante a redución dos trámites accesorios, a redución de cargas administrativas e a promoción da Administración electrónica.
- Fomentar unha contratación pública máis eficaz, mediante a redución de cargas administrativas e custos de cumprimento, a homoxeneización e informatización dos sistemas de contratación e de garantir a máxima transparencia nos procesos.
- Coordinar o cumprimento das obrigas de publicidade activa e impulsar as accións que melloren a calidade da información e a accesibilidade en materia de transparencia.
- Xestionar as queixas e as suxestións da cidadanía.
- Impulsar a política de integridade institucional da Administración autonómica, colaborar na instrumentación duna infraestrutura ética sólida e consolidar a transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma das decisións públicas.

En particular para o ano 2024 os obxectivos da dirección xeral que fundamentarán a súa actuación están definidos polo Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021 e o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión aprobado no Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Busca permanente dos mecanismos eficaces que contribúan a mellorar a calidade dos servizos públicos e, con ela, o grao de satisfacción da cidadanía á que van dirixidos.

Neste eido, cómpre poñer á disposición da cidadanía uns servizos homoxéneos fáciles de utilizar, cuns procedementos administrativos áxiles e uns modelos normalizados que reduzan as cargas administrativas e os tempos de tramitación; e garantir, tanto o acceso electrónico aos servizos públicos, como o coñecemento das persoas usuarias dos seus dereitos e o seu exercicio, en particular, o exercicio do dereito de acceso á información pública, mediante o cumprimento das obrigas de publicidade activa e a reutilización da información pública.

Para coñecer o grao de satisfacción e actuar en consecuencia, cómpre ofrecer un servizo de Oficina de defensa das persoas usuarias que centralice a recepción das súas queixas e suxestións, e propoña as accións correctivas ou de mellora do seu funcionamento dos servizos públicos.

Entre as necesidades de xestión, destacan os traballos de agrupación dos procedementos existentes e de incorporación dos non electrónicos, para intentar acadar unha tramitación electrónica integral no novo contexto da Administración dixital; así como os procesos de avaliación periódica da calidade do sistema de información administrativa.

Busca continua da mellora da eficiencia interna do sector público implantando un sistema de rendición de contas dos centros directivos a través de memorias balance da súa actividade e do cumprimento por parte das entidades instrumentais de elaborar e publicar os seus contratos de xestión ou contratos programa.

Nesta liña resultan cada vez máis necesarias novas formas de traballo administrativo que sistematicen os obxectivos e as tarefas asignadas, cunha especial incidencia respecto do persoal que presta os seus servizos na modalidade do teletraballo derivado do acordo coas organizacións sindicais e publicado o 7 de xaneiro de 2021.

Esta busca continua esixe velar pola racionalidade e a simplificación das estruturas orgánicas dos departamentos e das entidades instrumentais, as relacións de postos de traballo, as normas reguladoras dos procedementos administrativos, e as bases e as convocatorias das axudas e subvencións do sector público autonómico.

Nos últimos anos, ademais, os niveis de demanda da cidadanía de servizos públicos eficientes téñense incrementado en paralelo coa demanda dun comportamento ético e dunha conduta exemplar de integridade nos servidores públicos e esixe das institucións maior integridade e transparencia, principios que se integran, como nunca antes o fixeran, no seo da administración

Por esta razón, resulta necesario traballar na consolidación da transparencia, a integridade e a rendición de contas na toma de decisións públicas.



## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións diríxense a todos os centros directivos que conforman a estrutura do goberno galego e a todas as entidades do sector público autonómico galego con independencia da súa localización xeográfica, así como a todos os procedementos e servizos públicos que presta a Administración da Xunta de Galicia. A totalidade da cidadanía galega será a beneficiaria destas accións na medida en que o obxectivo primario sempre se dirixe a acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión pública que se traduza nuns servizos públicos que funcionan ben e satisfacen as demandas e necesidades da sociedade de Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Xunta de Galicia mantén aberta unha axenda de reformas iniciada no ano 2009 e que proseguirá no presente exercicio orzamentario. Trátase dunha axenda de mellora continua -centrada na modernización da Administración autonómica- e vertebrada nos ámbitos esenciais, como o da transparencia, a eficiencia na xestión pública, a redución dos trámites, a eliminación de duplicidades, o aproveitamento do potencial tecnolóxico, a simplificación das estruturas e das cargas administrativas ou a mellora do marco de regulación, entre outras.

O compromiso da Administración autonómica cunha política de integridade tivo un avance relevante no ano 2015 coa aprobación do Programa de impulso democrático.

Este programa, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 27 de xaneiro de 2015, constitúe o punto de partida na adopción de medidas cualificadas de rexeneración democrática e exemplaridade coa proposta de aprobación de cinco leis e 50 medidas no eido da participación cidadá e dos partidos políticos, con medidas de control externo e medidas no ámbito interno do propio goberno e da propia Administración.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico supuxo un importante impulso na área de simplificación e racionalización, tanto do sector público, como dos procedementos administrativos.

A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, supuxo un cambio de tendencia no ámbito da modernización na Administración autonómica de Galicia; estableceu cambios na organización e no xeito de desenvolver a actividade administrativa sobre as novas bases que deben presidir as relacións entre a Administración e a sociedade en xeral, e porque se enfocou na prestación de servizos á cidadanía e nas formas de ofrecelos a partir da aplicación dos principios de boa administración, mellora continua, proximidade e fomento da participación cidadá nos asuntos públicos, e simplificación administrativa.

Especial relevancia ten a aprobación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que ademais de incrementar as obrigas de publicidade activa e regular o dereito de

acceso á información pública por parte de calquera cidadá, aumentou as obrigas de transparencia dos altos cargos.

Máis recentemente, a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, resultado da trasposición da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións no Dereito da Unión, reforza a cultura da integridade pública e privada coa regulación de aspectos novidosos tales como a protección das persoas que comuniquen infraccións coñecidas no ámbito laboral ou profesional, os canais de comunicación, os responsables do sistema ou a autoridade independente.

Múltiples iniciativas que converxen nun único propósito final: mellorar a xestión e incrementar a calidade dos servizos e prestacións que reciben os cidadáns e as cidadás de Galicia.

Tanto o Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia como o Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión realizan un diagnóstico da situación de partida e todas as medidas e accións están dirixidas a paliar as debilidades.

No que se refire á publicidade activa e á transparencia, o portal de transparencia recibiu no ano 2021 un total 711.787 visitas con mais de 239.100 visitantes diferentes.

En materia de simplificación informáronse 497 procedementos incluídos en 380 normas cun promedio de 9,21 días de tramitación para procedemento.

O Sistema Integrado de Atención a Cidadanía resolveu 1.532 queixas e suxestións.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan Xeral de Mellora da Calidade dos Servizos do Sector Público Autonómico de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta o 4 de marzo de 2021.
- Programa Marco de Integridade Institucional e Prevención de Riscos de Xestión aprobado no Consello da Xunta do 26 de maio de 2021.
- Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección ás persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

- Decreto 97/2020, do 25 de xuño, polo que se regulan determinados instrumentos para a xestión, a avaliación, a supervisión e a mellora da calidade no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 48/2014, do 30 de abril, polo que se autoriza o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para adaptar e incorporar á sede electrónica os procedementos administrativos da Xunta de Galicia (DOG nº 83, do 2 de maio).
- Orde do 7 de decembro de 2012 pola que se regula a tarxeta de acreditación especial de empregados públicos do sector público autonómico.
- Orde do 25 de maio de 2011 pola que se regula a tarxeta do persoal ao servizo do sector público autonómico.
- Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia.
- Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización, reordenación e reestruturación do sector público autonómico de Galicia. Simplificación, redución de cargas administrativas, incremento da transparencia e mellora da calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos, nun marco de integridade institucional de tolerancia cero ante a fraude.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Simplificación Administrativa

### *III.1.2. PROGRAMA 122B - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA*

#### **A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA**

#### **NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA**

A Escola Galega de Administración Pública orienta a súa actuación a garantir o cumprimento, coa máxima eficiencia, dos obxectivos marcados na súa lei de creación. Así, procurará consolidar a súa oferta formativa, mesmo ampliándoa, optimizando os recursos dispoñibles.

Baixo esta premisa, entre as necesidades que atenderá o programa son as seguintes:

- Diseñar unha formación específica, o que se logrará a través dun plan formativo único para todos e cada un dos colectivos de empregados públicos da comunidade autónoma.
- Modernizar e mellorar a eficiencia no traballo do persoal das distintas administracións, para o cal se ofertará unha formación común, pero tamén uns contidos diferenciados e específicos adecuados ás necesidades de cada colectivo que atenda ás especificidades e aos desafíos concretos que se lle presentan ao persoal de cada Administración. En tal sentido, ofertarase a formación en lexislación administrativa básica e en toda a normativa incidente na Administración pública e no seu funcionamento e en particular, polas necesidades derivadas do actual contexto no que nos atopamos, prestarase especial atención á materia de emprego público.
- Conciliar a vida laboral e familiar dos empregados públicos, para o cal a EGAP aposta, a partir de criterios de innovación pedagóxica, polas diferentes contornas de aprendizaxe, novas técnicas docentes e metodoloxías de carácter flexible, entre as que están a autoformación e a teleformación, ou o uso de sistemas de videoconferencia e telepresenza, configurándose a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías de ensino como unha das liñas distintivas da acción formativa da EGAP.
- Capacitar e actualizar constante dos coñecementos do persoal empregado público e, en relación con ela, a de que se presten uns servizos de calidade á sociedade, para o cal a EGAP adecuará a súa oferta formativa ás necesidades e aos novos obxectivos das administracións públicas, desde un compromiso de transparencia e ética pública.
- Fomentar unha nova Administración máis participativa e colaborativa no contexto post-Covid, co fin de contribuír á identificación de novas oportunidades, á innovación e ao cambio nas administracións públicas, o que se substanciará mediante a realización de obradoiros prácticos denominados comunidades de práctica nos que os empregados e empregadas públicos poderán intercambiar experiencias de innovación e poñer en común novas destrezas adquiridas no exercicio das súas competencias.
- Consolidar e facer efectivos os fins da administración electrónica en Galicia trae como consecuencia que se convocarán cursos superiores na materia e se desenvolverán, no marco do Universo Egap Innova, sesións exclusivamente prácticas en materias coma

certificado dixital, sede electrónica, sinatura electrónica, facturación electrónica ou contratación electrónica e SILEX. O anterior complementarase con píulas formativas en forma de vídeos titoriais e comunidades de práctica.

- Afianzar a programación do Instituto de Economía Pública de Galicia coa impartición de materias relevantes e de actualidade no eido da economía pública con especial atención ás de carácter transversal, de xeito que se poda testar o interese das persoas destinatarias da formación na actividade do instituto.
- Concienciar ao persoal empregado público do respecto aos principios de igualdade e non discriminación como principios básicos da nosa sociedade, derivará na formulación dun plan de formación específico deseñado ao abeiro do programa deseñado en virtude do disposto polo Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Precisar que o persoal empregado público e a sociedade en xeral conte cun foro de debate e interlocución, o que se conseguirá a través da realización de actividades divulgativas, tales como xomadas, cursos monográficos, congresos, seminarios e conferencias en materias de interese para as administracións públicas e a sociedade no seu conxunto, con especial atención ás novidades normativas, e aos retos que se lles presentan actualmente ás administracións públicas.
- A formación na lingua galega, reforzando a misión da escola de difundir e normalizar o idioma galego na Administración pública e de contribuír á capacitación lingüística do seu persoal, co obxecto de facer reais e efectivos os dereitos da cidadanía en materia lingüística, mediante a realización de actividades destinadas ao persoal das distintas administracións e o incremento do uso dos medios telemáticos na formación en lingua galega.
- A formación en linguas estranxeiras co fin de dotar ao persoal empregado público da posibilidade de empregar outros idiomas dos países da nosa contorna que constitúan unha ferramenta necesaria no desempeño do seu posto de traballo, tómase unha prioridade inescusable
- Continuar apoiando ao persoal empregado público que decida participar nos procesos selectivos de promoción interna. En tal sentido, a EGAP profundará na organización de actividades que resulten de utilidade para que o dito persoal conte con material de apoio e ferramentas suficientes, así como coa titorización de persoas expertas de cara a preparar adecuadamente para as probas selectivas que se prevexan para a promoción interna na Xunta de Galicia.
- Internacionalizar a actividade formativa de cara a ampliar a dita actividade e aforrar custos, para o que se asinarán convenios e acordos para a realización de intercambios formativos con organismos semellantes das Administracións públicas, a nivel nacional e internacional.
- Lograr o maior grao de difusión, ampliación, mantemento e difusión do coñecemento xerado a partir das actividades organizadas pola escola, para o que se aposta especialmente pola utilización das tecnoloxías da comunicación e a información de cara a crear

espazos que favorezan a posta á disposición dos interesados do fondo bibliográfico e documental da EGAP.

- Incorporar a opinión dos distintos axentes participantes no proceso formativo e de tomar en consideración as peculiaridades de cada modalidade de impartición para adecuar a formación ás necesidades reais e ás expectativas das persoas usuarias, o que se logra mediante un Sistema Integral de Avaliación da Calidade da Formación da Escola.
- Poder contar con programas de capacitación e formación para o exercicio da función directiva de actividades dirixidas á formación dos cadros de persoal directivo das administracións públicas - e predirectiva –actividades formativas para xefes/as de sección e negociado- na Administración, así como de organizar e impartir cursos selectivos para o acceso aos corpos e escalas da Administración autonómica que se determine, así como o acceso aos corpos de funcionarios locais con habilitación de carácter estatal.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A escola ofrece formación aos seguintes colectivos: empregados públicos ao servizo da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia (20.310 persoas), empregados públicos da Administración local (27.508 persoas), empregados de xustiza transferidos á comunidade autónoma (2.956 persoas), persoal da administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia (PAS) (2.741 persoas). En total, a EGAP atende ás demandas de formación de 53.515 empregados públicos.

Por outra banda a EGAP tamén é un organismo aberto á sociedade, especialmente por tratar daqueles temas de actualidade e de especial interese social, desenvolvéndoos a través de xornadas, seminarios e a súa páxina web, instrumentos aos que pode acceder calquera persoa allea á Administración.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A EGAP elabora para cada un dos colectivos mencionados anteriormente (Administración autonómica, local, xustiza e PAS) e en estreita colaboración co persoal que os representa a estes efectos, un programa de formación específico que se integra, no caso dos tres primeiros colectivos, no plan de formación da EGAP. O devandito plan de formación, así como o programa que se aproba para o PAS mediante convenio coas tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, materialízanse en convocatorias de cursos que se publican no DOG. A través das actividades convocadas, a escola forma persoal empregado público tanto con materias de carácter transversal (procedemento administrativo, ofimática, lingua galega, idiomas estranxeiros, xénero etc.), que incrementan a súa capacitación profesional- promovendo o seu desenvolvemento persoal e facilitando a súa mobilidade e promoción profesional- como con outras materias específicas máis estreitamente relacionadas cos diversos ámbitos de traballo da Administración.

Este programa de gasto reflicte o esforzo realizado de cara a consolidar a impartición da formación de acordo con criterios de racionalización e eficiencia no gasto público, criterios que permiten manter, en todo caso, tanto os niveis de calidade na prestación do servizo coma as diferentes liñas de acción do organismo e tanto no ámbito da formación coma no ámbito da investigación e divulgación.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº. 143, do 2 de xuño), modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo (DOG nº. 141, do 24 de xullo de 1989) e pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro.
- Decreto 306/1990, de 24 de maio, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento da EGAP (DOG nº 141, do 12 de xuño).
- Decreto 52/2013, do 14 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 62, do 1 de abril).
- Decreto 294/1992, do 10 de setembro, que regula o diploma de directivo (DOG nº 208, do 26 de outubro), modificado polo Decreto 1/1995, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, do 13 de xaneiro de 1995), polo Decreto 319/1996, do 26 de xullo (DOG nº 153, do 6 de agosto de 1996) e polo Decreto 172/2011, do 4 de agosto (DOG nº. 159, do 22 de agosto de 2011).
- Resolución do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008).
- Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas do 9 de marzo de 2018 (BOE nº 74, do 26 de marzo).
- Decreto 13/2014, do 30 de xaneiro, polo que se crea a Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 29, do 12 de febreiro de 2014).
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 20 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2022, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (DOG nº 107, do 6 de xuño).

As actuacións desenvólense, así mesmo, no marco dos seguintes plans estratéxicos da Administración autonómica:



- Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.
- VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade entre mulleres e homes 2021- 2027.
- Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2021-2024.
- Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2022-2025.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Mediante as diferentes actividades formativas, a EGAP procura a capacitación profesional do persoal empregado público coa finalidade non só de mellorar o seu rendemento laboral e de facilitar a súa mobilidade dentro da Administración, senón tamén de que se lle traslade á cidadanía un mellor servizo público.

Ademais, a EGAP, a través das diferentes actividades de divulgación (xomadas, seminarios, edición de publicacións) pretende achegar á sociedade en xeral aqueles temas relacionados coa Administración que poidan ser do seu interese, e facilitar a comprensión das diferentes novidades normativas.

Finalmente, a escola traballa con diferentes iniciativas relacionadas coa detección de necesidades formativas, a calidade e a satisfacción dos usuarios e das usuarias, que contribúen a mellorar non só a formación, senón que tamén axudan a racionalizar os procesos de xestión.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Escola Galega de Administración Pública vén desenvolvendo actividades de formación específicas sobre igualdade e violencia de xénero dirixidas a todos os colectivos do persoal da Administración, que se imparten a través das distintas metodoloxías de ensino, co propósito de achegar a formación nesta materia ao maior número posible de persoas destinatarias. Cómpre destacar neste sentido o incremento da oferta formativa nesta materia que se vén producindo nos últimos anos e tamén a diversificación dos contidos.

As actuacións da EGAP neste eido están enmarcadas no Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes, e tamén ao abeiro da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, achegando periodicamente datos acerca da actividade formativa da EGAP cos que avaliar a súa contribución neste eido. En todo caso esta formación ten dende o ano 2019 un novo alicerce que no Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese a obriga de que os centros encargados da formación do persoal empregado público deseñen e executen plans de formación en igualdade entre mulleres e homes e prevención e loita contra a violencia de xénero. Estes plans deberán ter en conta a estrutura desta formación en tres niveis (básico, medio e superior), polo que a formación impartida pola EGAP nesta materia adecuarase a este esquema e adaptará o volume da súa acción formativa aos prazos de referencia recollidos na nesta norma.

Ademais da formación especificamente centrada en materia de igualdade, incorpóranse este tipo de contidos nos programas doutras actividades formativas, co propósito de que o alumnado poida formarse en contidos xenéricos respecto do xénero e a igualdade. Trátase, en definitiva, de achegar os conceptos básicos en materia de igualdade de oportunidades e as ferramentas necesarias para integrar a perspectiva de xénero no traballo cotián do persoal empregado público.

Así, nas actividades que organiza a Escola abórdase a igualdade desde unha perspectiva xurídica, para coñecer o marco legal das políticas de igualdade e aténdese especificamente á igualdade nas Administracións públicas, mediante o estudo da avaliación do impacto de xénero e os instrumentos de intervención nesta materia.

Porén, a formación neste eido non se circunscribe á igualdade no contexto da Administración pública, senón que tamén se forma ao persoal desde a perspectiva de xénero noutros ámbitos, para fomentar a igualdade en todos os contextos.

Ao mesmo tempo seguirá a desenvolverse un módulo sobre políticas de igualdade nas actividades formativas de maior impacto e que procuran unha capacitación xeral e multidisciplinar do persoal empregado público, co propósito de incorporar a cuestión de xénero como unha materia transversal á formación daquel. Por outra banda, e para promover a igualdade no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración, na EGAP asígnaselle unha

puntuación adicional no baremo de selección ás persoas que gozasen dun permiso de maternidade ou doutro proxenitor distinto da nai biolóxica, así como dunha redución de xornada ou dunha excedencia para o coidado de familiares, favorecendo así a súa preferencia no acceso ás actividades de formación.

Polo que se refire ás actividades formativas organizadas pola EGAP durante o ano 2022 poden extraerse os seguintes datos:

- % de mulleres que participaron nas actividades formativas: 71,46%

Do total do alumnado que participou nas actividades formativas da EGAP en 2022, un 71,46% foron mulleres, o que vén dar conta do elevado grao de participación das empregadas públicas no conxunto da formación desenvolta pola escola.

Se atendemos de xeito diferenciado aos distintos colectivos de empregados públicos aos que se dirixe a formación da EGAP, atopamos o seguinte:

No caso do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e á Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia, o 70,56% son mulleres. No caso das actividades para o persoal ao servizo da Administración local, un 71,39% dos participantes foron mulleres.

Destaca a elevada presenza feminina nas actividades dirixidas ao persoal da Administración de xustiza, cun 77,56% de mulleres.

Finalmente, no caso das actividades que desenvolve a EGAP dirixidas ao persoal de Administración e Servizos (PAS) das universidades do Sistema Universitario de Galicia, atopamos que un 71,95% das persoas que participaron nas ditas actividades foron mulleres.

- Nº de cursos impartidos en 2022 en materias especificamente relacionadas coa igualdade ou a prevención da violencia de xénero: 60 edicións. Trataríase de 53 edicións correspondentes a 20 actividades formativas. Adicionalmente, desenvolvéronse 7 actividades na modalidade de autoformación, correspondentes a 4 actividades diferentes.

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
A educación emocional como ferramenta para promover a igualdade	2	20	Participantes: 92 Mulleres: 81
Acompañamento social e apoio as mulleres que sofren violencia de xénero	2	25	Participantes: 95 Mulleres: 85
Aproximación á violencia de xénero	3	30	Participantes: 140 Mulleres: 111
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	8	20	Participantes: 371 Mulleres: 269
Ciberviolencias sexistas. Novos espazos para a violencia de xénero	2	25	Participantes: 96 Mulleres: 78
Comunicación incluínte nas administracións públicas	1	15	Participantes: 16 Mulleres: 13
Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	5	30	Participantes: 242 Mulleres: 198
Detección e intervención ante a violencia de xénero nos centros de maiores, centros de día e centros de axuda a domicilio	1	15	Participantes: 22 Mulleres: 22
Diversidade afectivo-sexual, identidades de xénero e non discriminación das persoas LGTBI+	1	15	Participantes: 21 Mulleres: 21

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Empoderamento feminino e crecemento persoal	1	15	Participantes: 24 Mulleres: 24
Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade profesional	1	15	Participantes: 17 Mulleres: 16
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	3	20	Participantes: 141 Mulleres: 102
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	5	20	Participantes: 237 Mulleres: 194
Integración da perspectiva de xénero na xestión pública	2	30	Participantes: 95 Mulleres: 83
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	4	30	Participantes: 194 Mulleres: 160
Muller, medios de comunicación e TIC	2	30	Participantes: 98 Mulleres: 83
O enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos	3	25	Participantes: 142 Mulleres: 118
Violencia de xénero na adolescencia e xuventude	2	30	Participantes: 93 Mulleres: 84
Violencia familiar. Violencia sobre a muller e os menores. A violencia vicaria.	1	14	Participantes: 29 Mulleres: 26
Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital	4	20	Participantes: 192 Mulleres: 155

- Programa de autoformación

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero	2	20	Participantes: 325 Mulleres: 242
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	2	20	Participantes: 337 Mulleres: 261
Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero	1	20	Participantes: 159 Mulleres: 128
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	2	30	Participantes: 344 Mulleres: 275

- Nº de cursos impartidos en 2022 nos que existe un módulo de igualdade: 6 cursos ( 6 edicións)

NOME DO CURSO	EDICIÓNS	HORAS/ EDICIÓN	PERSOAS PARTICIPANTES (DESAGREGADO POR SEXO)
Operacións cofinanciadas polos programas operativos FSE Galicia e POEX 2014-2020	1	20	Participantes: 12 Mulleres: 9
Contratación estratéxica	1	35	Participantes: 127 Mulleres: 88
Xestión e control do programa operativo Feder Galicia 2014-2020:especial referencia aos Fondos REACT e ás políticas Antifraude	1	25	Participantes: 19 Mulleres: 12
Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais - Proba de avaliación	1	20	Participantes: 79 Mulleres: 55
Incorporación de cláusulas sociais e de xénero na contratación pública	1	20	Participantes: 43 Mulleres: 35
Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	1	20	Participantes: 47 Mulleres:

Por outra parte, entre o conxunto do persoal docente da EGAP, isto é, os titores/as das actividades en liña e os docentes da formación presencial, rexistramos así mesmo unha notable presenza feminina, sendo un total de 207 as mulleres que participaron como colaboradoras docentes da EGAP ao longo do 2022.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Formación do persoal ao servizo da Administración pública para a aplicación do principio de igualdade e a prevención da violencia de xénero, convocando un programa formativo completo e actualizado de actividades formativas relacionadas especificamente coa igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero. Este programa formativo vén reforzar a actividade da escola neste eido a través dunha importante oferta do número de accións específicas e de prazas de formación, co propósito de que o maior número de empregados/as públicos, das distintas administracións públicas da comunidade autónoma poida acceder a unha formación específica sobre estes contidos; e contribuír así, a través da capacitación do persoal, a integrar a igualdade de oportunidades de forma transversal nas actuacións das administracións públicas de Galicia.

Mellora da conciliación dos empregados/as públicos, a través da potenciación da formación baseada no uso dos medios telemáticos, isto é a teleformación, telepresenza, mixta, autoformación O desenvolvemento dun maior número de actividades formativas baseadas no uso das TIC, ao reducir os desprazamentos e posibilitar unha mellor organización do tempo, contribúe a mellorar a conciliación, e promover, deste xeito, que todos os empregados/as públicos poidan acceder á formación nas mellores condicións, aproveitando todas as potencialidades que brindan as novas tecnoloxías.

Proxección do principio de igualdade nos distintos ámbitos de actuación da Administración pública.

Recollida da perspectiva de xénero nas estatísticas, memorias, informes e noutro tipo de material divulgativo que edite a EGAP; e incorporación así mesmo, de indicadores específicos en materia de igualdade que posibiliten comprobar os avances nesta materia no conxunto da actividade formativa da EGAP (tales como o número de actividades formativas realizadas na materia, o número de persoas formadas nestes contidos, achegando os datos de xeito desagregado por sexo...).

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

Con este programa conséguese de maneira efectiva a igualdade de trato e oportunidades no acceso á formación de todo o persoal ao servizo da Administración autonómica e local. Así mesmo, téñense en conta as diferenzas que seguen existindo entre mulleres e homes respecto á asunción das responsabilidades familiares, polo que ao ofertar un porcentaxe considerable da actividade formativa na modalidade de teleformación ou telepresenza, estase a favorecer a conciliación e a coresponsabilidade.

Ademais, ao incluír módulos específicos sobre igualdade en cursos de temática xenérica promóvese a conciencia de que se debe aplicar a perspectiva de xénero de xeito transversal nas diferentes áreas competenciais da Xunta de Galicia.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

Respecto das actividades específicas en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero:

- Número de edicións convocadas: 60
- Horas de formación impartidas: 1404
- Persoas formadas: 3522
- Mulleres formadas: 2829 (80,32% do total)

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

Implantáronse as seguintes estratexias:

- I. Realización dunha convocatoria de actividades de formación en materia de igualdade e violencia de xénero independente da convocatoria xeral. Esta forma de xestionar as convocatorias permite a este organismo facer énfase nestas actividades que non só perseguen formar senón tamén sensibilizar e concienciar ao persoal empregado público sobre a impor-

tancia de ter unha cultura de traballo baseada na igualdade. Así mesmo, permitirá obter unha información máis directa e específica sobre o interese e a satisfacción que estas actividades en concreto espertan sobre o persoal empregado público e facer un seguimento do grao de cumprimento do Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Recollida sistemática de datos desagregados por sexo acerca dos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na EGAP. A Escola conta actualmente cunha base de datos que permite desagregar por sexo a información relativa aos empregados/as públicos que cursaron actividades formativas na correspondente anualidade, atendendo aos distintos colectivos de persoal e ás diversas modalidades de formación. Se ben anteriormente só se dispuña de información desagregada por sexo relativa ás persoas que cursaron formación especificamente en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, desde 2021 esta información diferenciada por razón de sexo fíxose extensiva ao conxunto da actividade formativa da EGAP; posibilitando así dispoñer de información diferenciada acerca do número de mulleres e homes que se forman nos distintos contidos e modalidades de formación.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Escola Galega de Administración Pública

### III.1.3. PROGRAMA 124A - DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é levar a cabo as funcións propias deste centro directivo, que se concretan nas seguintes:

- Tramitación de procesos selectivos en todas as súas fases.
- Tramitación de procesos de contratación temporal.
- Procesos de provisión: concursos de traslados de persoal laboral e funcionario.
- Subvencións aos comités de empresa
- Resolución das situacións administrativas e demais do persoal funcionario, laboral da Administración da comunidade autónoma previstas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e no Convenio colectivo único da Xunta de Galicia.
- Emitir os informes previos en relación coas retribucións e, en xeral, con calquera autorización de melloras retributivas, individuais e colectivas, que afecten ao persoal ao servizo da comunidade autónoma.



- Coordinación, información e participación nos órganos correspondentes relativos ás relacións laborais do persoal ao servizo da Xunta de Galicia.
- A inscrición no rexistro central de persoal de todos os actos que afecten á vida administrativa do persoal da súa competencia.
- A clasificación de órganos de selección de persoal e fixación do límite máximo de asistencias que percibirán os membros de tales órganos.
- A xestión dos rexistros de altos cargos.
- A tramitación dos expedientes de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica sometidos á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Mantemento e xestión do rexistro de persoal eventual da Xunta de Galicia.
- A emisión dos informes preceptivos e previos que sobre os proxectos de disposicións que afecten en materia de réxime de persoal.
- Rexistro do persoal directivo

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Racionalización e control do persoal ao servizo da Administración autonómica.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal do sector público autonómico.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese dunha situación na que o persoal se ve afectado pola reorganización do sector público autonómico derivado fundamentalmente da Lei 16/2010.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións públicas.

- Lexislación sobre igualdade de xénero.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Racionalización e optimización dos efectivos.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O principal obxectivo deste programa orzamentario dende o punto de vista da perspectiva de xénero é o de manter e avanzar na consecución dunha Administración autonómica máis igualitaria.

Os principais indicadores que se poden utilizar para facer unha análise da situación actual aplicando a perspectiva de xénero son: porcentaxe de mulleres e homes que son persoal ao servizo da Administración pública autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan postos directivos na administración, porcentaxe de mulleres e homes que desempeñan altos cargos na administración autonómica, porcentaxe de mulleres e homes que participan nos procesos selectivos e porcentaxe diferenciado de mulleres e homes que superan ditos procesos e polo tanto acceden a un emprego público.

No caso do acceso á función pública, a desagregación deses datos por sectores de actividade, corpos, escalas ou categorías de acceso, permitiría detectar aqueles sectores onde o grao de paridade no acceso sexa menor.

Para obter esta información que permita facer este análise dende o punto de vista do xénero, a propia administración dispón do Rexistro de Persoal, dos Rexistros de altos cargos, do futuro Rexistro do persoal directivo así como da información de xestión dos procesos selectivos.

Para obter unha visión xeral aínda que sen ter en conta a distribución en canto a niveis de responsabilidade, segundo os datos do IGE, en xaneiro de 2019 o persoal da administración autonómica que prestaba os seus servizos no ámbito das consellerías e os seus organismos autónomos, a docencia non universitaria, institucións sanitarias e administración de xustiza ascendía a 91.779 persoas, das que 65.797 eran mulleres, o que supón o 71,69% do total.

#### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A administración debe desenvolver un tratamento exemplar en canto á introdución do principio de igualdade entre mulleres e homes na súa xestión de recursos humanos, máxime nunha administración pública estatisticamente feminizada en termos xerais, malia que non a todos os niveis.

Por iso vanse desenvolver medidas que favorezan a mellora da acción pública en materia de igualdade de xénero entre o persoal ao servizo da Administración autonómica e con efecto exemplar na sociedade e así fomentarse a flexibilidade horaria no desenvolvemento da xomada de traballo e o teletraballo co obxectivo de favorecer a conciliación da vida familiar, persoal e laboral e a corresponsabilidade.

No terreo do acceso e promoción profesional, manterase a esixencia de coñecemento da normativa en materia de igualdade nos programas dos procesos selectivos e valoraranse os cursos sobre igualdade de xénero nos concursos de emprego público.

Ademais, difundiranse os datos sobre a presenza de mulleres e de homes en cada corpo, escala ou categoría de emprego público.

Todas as actuacións que desenvolve a Dirección Xeral da Función Pública teñen como destinatarios potenciais o conxunto de persoas empregadas públicas na administración autonómica. Ademais, no exercicio das súas competencias relacionadas cos procesos selectivos, as persoas destinatarias son as que participan en ditos procesos para obter un posto de traballo. Debido á inclusión de mecanismos que garanten a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, non existen nestes procesos distincións de xénero e está garantida a composición paritaria dos tribunais.

## PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Cumprimento dos obxectivos e das medidas propostas en materia de incorporación da perspectiva de xénero

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral da Función Pública

### III.1.4. PROGRAMA 571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACION E DO COÑECENTO

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa 571 A “Fomento da sociedade da información e do coñecemento” atende ás prioridades de actuación do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030 PA 3.2 “Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible”, incluída no “EIXE 3. COMPETITIVIDADE E CRECEMENTO”, e PA 4.4 “Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única.”, incluída no “EIXE 4. COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL ”

Adicionalmente, as actuacións da axencia noutras as áreas ( Xustiza, Política Social e Educación...) aparecen recollidas nos correspondentes programas de gasto:

- 131 A “ Administración de Xustiza”
- 311 A “ Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social”
- 421 A “Dirección e Servizos Xerais de Educación”
- 611 A “Dirección e Servizos Xerais de Facenda”

As necesidades e retos detectados neste eido son os de:

- Promover unha Administración dixital innovadora que permitan desenvolver un servizo máis pro activo e personalizado á cidadanía e empresas, aberto e accesible dende calquera lugar e en calquera momento.
- Fomentar a incorporación de tecnoloxías innovadoras para mellorar os modelos de prestación de servizos públicos (educación, xustiza, etc.) á vez que contribúen á innovación e ao emprendemento dixital en Galicia. Aproveitar os avances en intelixencia artificial e Big Data para mellorar os servizos públicos, desenvolvendo un efecto tractor que impulse e dinamice a iniciativa privada neste eido.
- Situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa que facilite a adopción de tecnoloxías dixitais de alto impacto tanto no sector público como nos diferentes sectores económicos, prestando especial atención ás PEMES.
- Asegurar que Galicia conte cos profesionais necesarios para dar resposta á transformación dixital. Diseñar actuacións dirixidas a os profesionais e a cidadanía que posibiliten a formación e o desenvolvemento das habilidades precisas para dar resposta á transformación dixital.

- Impulsar a adopción das tendencias tecnolóxicas en todos os sectores produtivos como un elemento clave para potenciar a competitividade.
- Impulsar o uso de solucións dixitais para mellorar a xestión e o coñecemento do territorio como base para permitir aumentar a capacidade de adaptación ás necesidades e oportunidades que se lle presenten á comunidade, dunha forma ordenada, áxil, eficiente e eficaz.
- Afondar na adopción das novas tendencias tecnolóxicas para aumentar a capacidade de xeración de valor no territorio reducindo o consumo de recursos e mellorando o seu rendemento, avanzando cara a un modelo de rexión sostible e climáticamente neutra.
- Potenciar a innovación dixital aplicada á dinamización e salvagarda do patrimonio e a produción cultural da comunidade como recurso vivo e accesible e compoñente fundamental da nosa tradición, identidade e recoñecemento colectivo; incluíndo a lingua galega como creadora de cultura e vehículo de posibilidades representativas.
- Favorecer a conectividade TIC necesaria para garantir a vertebración dixital do territorio de xeito seguro e sostible. Posta en marcha da plataforma Galicia territorio intelixente, que consolide en base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos.

Así, os resultados que se pretende conseguir son os de acadar a modernización tecnolóxica dos servizos públicos mediante proxectos vinculados á Administración electrónica e consolidar o e-Goberno e a incorporación das TIC e as novas posibilidades de xestión que estas ofrecen á Administración pública para facilitar e facer máis eficientes as relacións coa cidadanía e as empresas.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Galicia suma un amplo percorrido do proceso de transformación dixital nos últimos anos, centrado en promover a conectividade e a dixitalización dos servizos e actividades, construíndo o camiño da transformación dixital de todas as áreas de desenvolvemento da comunidade.

Actualmente, facilitar a transición cara a unha sociedade máis dixital e ecolóxica constitúe unha prioridade comunitaria fundamental para potenciar a revitalización da economía e asegurar unha senda de crecemento sostible. Un aspecto que cobra aínda máis importancia para apoiar á recuperación dos danos económicos e sociais provocados pola pandemia do coronavirus e o conflito en Ucraia.

Neste contexto, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital na comunidade nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico; no 2020 aprobouse a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) coa visión posta en situar a Galicia como unha rexión intelixente de referencia en Europa, onde o uso das tecnoloxías dixitais contribúe a aumentar a

calidade de vida e o desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, Administracións Públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), contribuíndo de xeito decisivo na xeración dunha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social cara uns maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega, ademais de levar a cabo un proxecto tecnolóxico global na Xunta de Galicia que impulse a modernización da Administración pública.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo da historia, os avances tecnolóxicos aumentaron a eficiencia dos medios para producir, mudaron a forma de consumir e diminuíron barreiras de espazo e tempo. Ningún destes avances tivo a capacidade transformadora das tecnoloxías dixitais; a transformación dixital xa non consiste en adaptarse aos cambios, senón en xerar o cambio aproveitando o potencial da tecnoloxía. Neste contexto, xurde o proceso de elaboración da Estratexia Galicia Dixital 2030, co obxectivo de establecer unha estratexia dixital única para Galicia, da que sexan participes a cidadanía, as empresas e as administracións, estratexia que constitúe unha folla de ruta para apoiar a toma de decisións no ámbito dixital na próxima década que, sobre as bases construídas, contribúa a extrapolar ideas das tendencias globais actuais, explorar algúns dos desafíos clave que darán forma ao futuro de Galicia, e anticipar mellor algunhas das eleccións e decisións que poderemos afrontar nos próximos anos.

En febreiro de 2021 publicouse o resultado final, que conta cos ambiciosos obxectivos de situar a Galicia como unha rexión dixital de referencia en Europa, implantar un marco dixital común para todas as administracións públicas galegas, desenvolver un novo marco xurídico que regule a nova realidade dixital e buscar un ecosistema atractivo para facilitar o investimento privado.

Galicia conta ademais cunha estratexia propia para o desenvolvemento da Intelixencia Artificial, adoptada en 2021 e que suporá un investimento público de máis de 330 millóns de euros no período 2021- 2030. Galicia aspira, a través da implantación das accións que nela se recollen, a converterse nunha rexión intelixente en base ao desenvolvemento e despregamento dunha Intelixencia Artificial de vangarda, ética e segura que lle permita avanzar cara a unha economía baseada no coñecemento.

Neste contexto, no ano 2022 procedeuse á constitución do Nodo galiciA como estrutura de cooperación para o desenvolvemento de actividades que permitan o impulso das tecnoloxías que habilitan a Intelixencia Artificial en Galicia que perseguirá posicionar á Eurorexión Galicia-Norte de Portugal como un referente no ecosistema internacional da Intelixencia Artificial e un xerador de iniciativas e servizos innovadores desde unha perspectiva ética.

No marco do nodo galiciA, desenvolveuse a candidatura para que Galicia fose sede da Axencia Estatal de Supervisión de Intelixencia Artificial, que finalmente recaeu na Coruña. Isto supuxo un recoñecemento aos esforzos de Galicia por situarse na vangarda da transformación dixital pese as limitacións de partida relacionadas coas súas características poboacionais e xeográficas. A instalación da AESIA na nosa comunidade cumpre e reforza os nosos obxectivos de atraer infraestruturas e entidades de referencia, así como de reter e atraer talento dixital.

En 2023 deben resaltarse avances en diferentes ámbitos:

- No ámbito do desenvolvemento dixital da administración pública galega, continuou a execución do “III Plan de Administración e GobernoDixital. 2025”, alíñado cos obxectivos da EGD2030, contribuíndo á introdución das tecnoloxías dixitais que permitan á Administración mellorar a súa relación coa cidadanía e empresas dando lugar a xestións administrativas máis áxiles e eficientes, e incrementando a proactividade e personalización. Debe mencionarse tamén o contexto normativo que establece a Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Avanzouse no deseño e construción do modelo de información e de prestación de servizos orientado a dispor dunha visión 360° do cidadá e prestarlle servizos proactivos. Tendo como referencia a orientación cara a identidade dixital do cidadán. Como parte visible deste liña iniciada, en 2023 ampliáronse os medios de identificacións da cidadanía permitindo a identificación de non residentes (Chave para non residentes, Cl@ve), destaca a posta en marcha da app XuntaEU, que fai accesible para o cidadán a información actualizada de expedientes, notificacións, certificados e tarxetas, citas, etc. Continuou tamén o proceso de dixitalización plena dos procedementos administrativos, extendendo os sistemas de tramitación dixital, ou de dixitalización dos rexistros administrativos, ampliación dos certificados dispoñibles no nodo de intermediación PasaXe!, etc. Púxose en marcha a plataforma de automatización de procesos da Xunta de Galicia, iniciándose o análise de máis de 15 oportunidades de aplicación destas tecnoloxías en diferentes ámbitos da administración pública.
- Finalizou o desenvolvemento do novo sistema de Comisión e Consello e iniciouse unha fase de deseño para a renovación do Diario Oficial de Galicia, incorporando tecnoloxías de IA para o tratamento de contidos.
- No 2023 consolidouse a plataforma dixital para o emprego público, FIDES. A través do que se tramitaron convocatorias de procesos selectivos e oferta pública de emprego, carreira profesional e desenvolvemento do expediente dixital do persoal empregado público.



- Igualmente, no 2023 no ámbito do desenvolvemento da plataforma de sistemas de análise e sistemas de indicadores de administración dixital, ampliáronse os ámbitos de análise (sistemas de quedas, consumo, turismo,...), e continuo a execución do Plan Plataforma Galicia Territorio Intelixente como elemento transversal dos sistemas de información da Xunta de Galicia, orientada a permitir o coñecemento e xestión dixital do territorio, imprescindible para o desenvolvemento de servizos dixitais.
- Continuou tamén a execución “Plan 2021-2023 de posto dixital avanzado de persoal empregado público”, no que finalizou o proceso de ordenación dos medios de impresión na totalidade dos centros dependentes da Xunta, estendeuse o modelo de posto de traballo con capacidade de mobilidade así como o uso da plataforma de virtualización de criterios, e a renovación de medios adecuados en diferentes ámbitos. Levouse a cabo tamén a ampliación da prestación dos servizos de soporte tanto remoto, como soporte in-situ, derivado da necesidade de atender o incremento de usuarios e medios e sistemas de información en funcionamento na administración pública galega.
- Doutra banda, dentro do plan de posta en marcha do MGCD, no marco do decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, aprobouse o primeiro documento de bases para o desenvolvemento do MGCD, fíxose a convocatoria para a certificación de persoal formador, as primeiras convocatorias de formación para o persoal empregado público, e a proba de análise da competencia dixital do alumnado do 4ºESO. As actividades de capacitación do persoal empregado público víronse tamén reforzados cunha nova edición do convenio coa EGAP para actividades de formación no ámbito da administración electrónica e seguridade.
- No eido da Administración de Xustiza, estase a executar o “III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2025”, que da continuidade a consolidación do expediente xudicial electrónico íntegro, a potenciar tamén as relacións dixitais coa cidadanía e profesionais, nunha contorna dixital, e que se alínea tanto coa EGD2030 e coas iniciativas estatais desenvolvidas no plan de execución dos fondos MRR xestionados pola conferencia sectorial deste ámbito. Destacou en 2023 a execución do traslado e dotación de medios no novo edificio da Cidade da Xustiza de Vigo, e a finalización do proceso de dotación de medios dixitais nas salas de vistas, a mellora das ferramentas, e mellora na calidade de contidos e consolidación do índice do expediente xudicial electrónico, e no caso da sede electrónica xudicial a posta en marcha de 4 novos procesos que se poden tramitar telemáticamente, así como os servizos que permiten a posta a disposición dos profesionais do expediente xudicial electrónico. Destaca tamén as actividades de formación e difusión no ámbito da administración xudicial electrónica e da ciberseguridade. Continua o proceso, en coordinación co Ministerio de Justicia, de posta en marcha do novo modelo de rexistro civil, e a dixitalización de libros en xulgados de paz.

Por outra banda compre destacar proxectos de dixitalización en ámbitos específicos:

- No eido da empresa e dos consumidores, o desenvolvemento do espazo privado da Oficina Galicia Empresa, dentro das iniciativas vinculadas ao Sistema de atención ao investimento, recollido na LEI 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, e a continuidade da dixitalización dos procesos de relación co consumidor. E análise de alcance da iniciativa de trazabilidade, baseada en tecnoloxías blockChain, no ámbito de GaliciaCalidade.
- No eido do Patrimonio e Cultura, e en concreto na iniciativa “Memoria Dixital de Galicia”, avanzouse na execución de proxectos para o aproveitamento das TIC no eido da dixitalización, xestión e difusión do patrimonio cultural de Galicia. Neste senso, continuouse coa evolución e incremento de fondos en Galiciana.gal, que recolle o patrimonio dixital de Galicia, tanto no relativo a fondos arquivísticos como fondos bibliográficos, e integrado coa rede Europea. Especial mención neste ámbito debe facer dos procesos de aplicación das tecnoloxías de intelixencia artificial coa continuidade do proxecto Nós, para a aplicación de intelixencia artificial para a integración da lingua no contexto da intelixencia artificial. E a adxudicación do desenvolvemento da plataforma Galiciana Semántica No ámbito do sistema galego de bibliotecas, continuou a extensión nas bibliotecas escolares, especializadas ou rede galega de bibliotecas municipais.
- No ámbito de turismo, avanzouse na dixitalización dos procedementos incluídos no sistema de Xestión de Recursos Turísticos de Galicia. Púxose en marcha o Sistema Intelixente de Turismo (SIT) baseado en tecnoloxías bigdata tanto no relativo á oferta como á identificación dos usos de turistas e visitantes, e o cadro de mando da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Igualmente, continuaron as actuacións vinculadas a sensorización do territorio para o mellor da actividade turística en Galicia. E púxose en marcha o sistema de información de recursos turísticos para ás oficinas de turismo.

Neste sentido, a Xunta de Galicia puxo en marcha a Rede Galega da Internet das Cousas, unha rede de sensores conectados aos 300 centros de telecomunicacións públicos de Retegal, que proporcionará información para a toma de decisións e a xestión eficiente dos recursos naturais.

Por outra banda, merecen mención tamén:

Nos ámbitos sectoriais, a modernización tecnolóxica de distintas áreas: educación, servizos sociais, transporte, vivenda, urbanismo, medio ambiente, emprego, agro-gandería, forestal, mar, turismo, cultura, ... implica a necesidade de procesos de transformación e de plataformas e sistemas de información que dean soporte a ditos procesos de modernización e permitan tanto a relación telemática entre os cidadáns e a administración como a xestión dixital desas áreas e a xeración de valor engadido a través da análise da información. Esta necesidade tamén se ve acrecentada pola necesidade de sistemas que permitan a xestión dos instrumentos dispoñibles no novo período de financiamento europeo.

En particular destacar proxectos estratéxicos de transformación nos seguintes ámbitos:

- O impulso ao proxecto de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, que acadou ao longo do curso 2022-2023 máis de 60.000 alumnos e alumnas en 600 centros educativos.

Ademais avanzouse na dixitalización das aulas do sistema educativo galego, incorporando máis de 4.600 novas aulas dixitais entre primeiro de Primaria e segundo de Bacharelato. En canto aos contidos dixitais, incorporáronse un maior número de recursos educativos, e procedeuse a unha actualización dos contidos debido a nova lei orgánica (LOMLOE) que resulta plenamente aplicable no curso 2023-2024, tras unha aplicación gradual no curso 2022-2023.

- A consolidación do sistema de Historia Social Única Electrónica que rexistrou un notable aumento nos seus indicadores de uso, e co que agora se contempla avanzar na coordinación socio-sanitaria coa materialización do acceso a este sistema desde os equipos de traballo social de Sanidade (SERGAS). Especialmente relevante neste ámbito resulta a continuidade na execución dos proxectos definidos dentro do novo Modelo residencial promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude e enmarcados no concepto da Residencia dixital intelixente. Neste contexto cabe mencionar a potenciación do sistema de xestión corporativa de centros de políticas social (CENPOS), a continuación do proxecto de despregue do sistema de historia clínica electrónica (IANUS/HCEPRO) en residencias socio-sanitarias privadas, a continuación do proxecto de implantación dun censo avanzado de residentes no global das residencias de Galicia, a consolidación e integración de proxectos tecnolóxicos actualmente en plena execución, coma os sistemas de comunicación residente-enfermeira ou de monitorización da actividade do residente, ou o proxecto de dotación dunha solución para a automatización da toma de biomedidas con equipos multiparamétricos en residencias de maiores e discapacitados dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude.
- No eido da mobilidade estanse a executar diversas medidas contidas no plan de mellora tecnolóxica neste ámbito, como a consulta de servizos de transporte en tempo real aos cidadáns a través da APP de transporte público de Galicia e do portal de bus.gal a partir dos datos suministrados por os SAE's locais ao Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL). Outra actuación é a pilotaxe dunha tarxeta Xente Nova virtual no móbil baseado en códigos QR no transporte metropolitano de Ferrol. Finalmente incorporáronse novas funcionalidades á oficina virtual de transporte como: melloras no proceso de adscrición de vehículos, o novo módulo de facturación, a integración automática co sistema de transporte escolar para a exportación dos servizos integrados e o rexistro das reservas de prazas, etc).
- A xestión e conservación do medio ambiente. Neste ámbito a modernización estase centrando no desenvolvemento de sistemas integrais para a xestión da relación telemática co sector (como e o caso do novo rexistro de produtores e xestores de residuos na Plataforma Galega de Xestión de Información Ambiental – GAIA, ), sistemas enfocados ao cidadán (como a plataforma de reserva de accesos ao Xidoiro Areoso) e a

posta en valor da información a través de ferramentas de análise de datos para a toma de decisións.

- Na transformación do sector primario a través das TIC abrangue múltiples actuación nos ámbitos pesqueiro, agrogandeiro e forestal. Como exemplos pode indicarse a implantación do novo sistema integral de xestión do ámbito de gandería (XESGAN), co módulo de xestión dos movementos gandeiros, así como a integración coa Oficina Virtual Gandeira así como a primeira parte do proxecto Agro 4.0 coa posta en uso da Xestión de Explotacións de Galicia (XEAGA); ou tamén a posta en produción dun Sistema de Información de Terras de Galicia (Sitegal) para o soporte e apoio na xestión dos instrumentos e procedementos de recuperación da terra agraria de Galicia contidos na Lei 11/2021, do 14 de maio) co gallo do apoio na mobilización da terra agroforestal; ou a posta en funcionamento do Inventario Forestal Continuo de Galicia, así como a detección de cortas forestais non autorizadas coa axuda de visión por satélite e procesado con intelixencia artificial.
- Seguindo os calendarios dos orzamentos europeos puxéronse en funcionamento sistemas vencellados ao novo período das axudas da Política Agraria Común do novo período 2023\_2027 (Plan Estratéxico da PAC, PEPAC) mesmo reforzando o cumprimento das obrigas de seguridade da información definidas pola Comisión Europea na xestión destes fondos, como por exemplo a evolución da ferramenta SICOP de xestión económica do organismo pagador (FOGGA) para adaptala ao PEPAC, co código fonte desta ferramenta desenvolto en Galicia en compartido cos organismos pagadores nacionais para a súa reutilización, en colaboración co FEGA (Fondo Español de Garantía Agraria). Igualmente puxéronse en funcionamento sistemas de xestión cara ao período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027 nos que, por exemplo, inclúen a xestión das axudas polos Grupos de Acción Costeira (GALP).
- No ámbito do Emprego, continuouse coa modernización dos sistemas que dan soporte ao Sistema Público de Emprego de Galicia coa evolución das canles de intermediación entre cidadáns, administración e o sector empresarial.
- No eido da Facenda Autonómica, no ano 2023 xa plenamente integrados na estrutura da Amtega, os proxectos máis relevantes foron os seguintes:
- No eido tributario, a implantación de novos medios de pagamento como o Bizum nas dependencias da Atriga e a posta en marcha do módulo de recadación executiva nas delegacións da Atriga. Tamén continuaron os traballos para dotar a Axencia dunha plataforma analítica para a loita contra a fraude, baseada en tecnoloxías novidasas como a IA e a analítica avanzada.
- No que respecta aos sistemas de control e xestión económico, no 2023 adaptáronse os sistemas para incorporar os grupos de gasto, ademais de continuar as permanentes actualizacións e incorporación de funcionalidades nos sistemas que soportan a xestión económica e contable da Xunta de Galicia.

En canto á infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade, a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a preto de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. Esta dispersión fai moi complexo garantir unha equidade no servizo proporcionado, debido a que hai moitas localizacións rurais onde non é tecnoloxicamente posible chegar co mesmo nivel de servizo que nas zonas urbanas.

Así pois, é imprescindible manter e evolucionar o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso mellorar o servizo para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade, o que require importantes investimentos, que son precisos para acadar unha equidade nos servizos, independentemente da situación dos centros galegos. Para o ano 2024 continuarase coa mellora no equipamento de telecomunicacións, no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, así como na mellora do cableado dos centros.

En materia de seguridade, estará en marcha a execución das liñas de acción da nova Estratexia Galega de Ciberseguridade 2030, destacando o inicio da licitación da obra do Centro de Excelencia en Ciberseguridade, así como a progresiva incorporación de novos servizos de ciberseguridade dirixidos á administración local (concellos e deputacións). A dinamización do Nodo de Ciberseguridade de Galicia será de vital importancia para a mellora da colaboración público-privada neste ámbito.

Continuarán realizándose tarefas de xestión e supervisión da seguridade corporativa da Xunta de Galicia así como de seguimento do cumprimento normativo en materia de protección de datos persoais e do Esquema Nacional de Seguridade, ademais da promoción e realización de actividades de concienciación e formación.

Continuarase co servizo de xestión da seguridade da información, auditoría e vixilancia da ciberseguridade, para mellorar as capacidades de prevención, detección e reacción ante incidentes de ciberseguridade.

Tamén se iniciará a execución do proxecto RETECH en ciberseguridade, que persegue despreñar unha rede de centros de innovación e competencia en ciberseguridade de ámbito transrexional para impulsar a cohesión do ecosistema de ciberseguridade, e fomentar a innovación, a transferencia de coñecemento, a captación de fondos e a internacionalización do tecido empresarial das rexións participantes.

Grazas ás actuacións das administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia acadáronse os seguintes obxectivos a mediados de 2022: o 93% dos galegos con cobertura de redes de 30Mbps, 78% con redes de 100Mbps e no que respecta a polígonos industriais, o 77% con redes de 350Mbps xa dende 2018.

Coas subvencións concedidas por ambas administracións ata agora, agárdase que preto do 90% dos galegos conte con cobertura de redes de máis de 100Mbps no ano 2023, o que supón

un incremento de 29 puntos porcentuais respecto á cobertura existente antes de que se iniciasen estas actuacións.

Cómpre salientar, que actualmente é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020 o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da sociedade, a economía e os territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G.

Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps; dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos e estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. Ademais, o Estado contempla o traslado ás CCAA de parte dos fondos europeos enmarcados no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para actuacións relacionadas coa conectividade.

Por outra banda, o Goberno galego, consciente da importancia dos servizos de comunicacións en mobilidade, tamén traballará, de xeito complementario e paliativo ao Goberno de España, ao longo do ano 2023 nunha mellora de cobertura móbil en zonas con deficiencias do rural. Trala aprobación por parte da Comisión Europea en decembro de 2021, concedeuse a Vodafone una subvención para o despregamento de redes móbiles por un importe de 3,7 millóns de euros. Esta rede móbil que se vai despregar no período 2022-2023 dotará de cobertura a 290 entidades de poboación de 65 concellos galegos, que contan con máis de 7.000 habitantes.

Neste ámbito, cómpre recordar tamén o traballo realizado no marco do Plan Galicia 5G para posicionar á comunidade como territorio preferente na fase de pilotaxe de solucións tecnolóxicas baseadas na tecnoloxía 5G, coa posta en marcha do Nodo de Cooperación 5G para facilitar o desenvolvemento de solucións baseadas nesta tecnoloxía e que estableceu os cimentos para que Galicia conseguira 2 dos 3 pilotos 5G licitados por Red.es a nivel nacional.

Na actualidade estase a traballar no reposicionamento do Nodo 5G para convertelo no Nodo Conectivi.gal, que expandirá o ámbito do mesmo ao conxunto de tecnoloxías de comunicación sen fíos.

No eido da inclusión dixital da cidadanía, a Rede CeMIT, composta por 97 aulas en 91 concellos e o Programa de Voluntariado Dixital de Galicia, levan traballando desde o seu lanzamento en 2011 e 2012, respectivamente, na promoción do uso das TIC na poboación, proporcionando plans de alfabetización e capacitación dixital á cidadanía en xeral e especialmente entre os colectivos en risco de exclusión dixital. Ambas iniciativas foron os instrumentos clave para desenvolver o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, que se centrou na consecución dunha sociedade plenamente dixital, e xerou as bases para que calquera persoa poida evolucionar no seu nivel de madurez dixital. Adicionalmente, o Plan de Inclusión Dixital puxo en funcionamento, desde o ano 2016, un modelo de relación en rede, baseado en “alianzas dixitais”, que potencia

a colaboración entre a Xunta de Galicia, Entidades Locais e FEGAMP, Universidades e Colexios Profesionais. Actualmente a Rede CeMIT conta coa colaboración de 937 aliados dixitais o que permite agregar capacidades, recursos e iniciativas, así como xerar sinerxías e conseguir un efecto multiplicador para acadar unha maior chegada das actuacións de inclusión dixital ao territorio e, en definitiva, á cidadanía.

No mes de outubro e novembro 2023 desenvolveuse o curso Intelixencia Artificial no teu día a día nun total de 7 aulas CeMIT.

Nesta liña, desenvólvese tamén o Plan de Promoción do Talento Dixital de Galicia, DigiTalent, orientado á promoción do talento dixital e para asegurar que Galicia compite como rexión de referencia a nivel europeo no ámbito da transformación dixital a través de profesionais que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras. Deste Plan colaboran as empresas asinantes do Pacto Dixital.

En 2023 aprobouse por parte do Consello da Xunta de Galicia, o desenvolvemento dun novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital en Galicia, cunha visión agregada e integrada para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.

Adicionalmente, en 2022 púxose en marcha o Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT, que dá continuidade e intensifica o labor desenvolvido ao longo de máis de dez anos dedicados a facilitar a alfabetización e capacitación dixital da cidadanía. A transformación da Rede CeMIT permitirá adaptarse ás novas demandas de capacitación dixital e que as aulas sigan a ser unha referencia tecnolóxica e un centro ao que acudir para formarse, asesorarse, acceder a equipamento e a conectividade, etc.

Esta modernización e evolución da Rede CeMIT proporcionará, ao longo de 2023 e ata 2025, equipamento tecnolóxico innovador, a reforma física das aulas facéndoas máis flexibles, novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, a ampliación de servizos de inclusión dixital no rural a través dun servizo de aula móbil itinerante e o desenvolvemento de novas funcionalidades, soporte e mantemento dos sistemas da Rede CeMIT, transformando e adaptando ás aulas CeMIT para dar resposta aos novos tempos e ás necesidades establecidas na Estratexia Dixital de Galicia 2030.

Ao abeiro do Plan de Software Libre, durante o ano 2024 darase continuidade ás actuacións dirixidas tanto á cidadanía en xeral como ao sector empresarial en particular a prol de incrementar o uso e o coñecemento das solucións tecnolóxicas baseadas no software libre, coa colaboración coas diferentes asociacións de promoción do Software Libre tanto no eido empresarial (AGASOL), como no eido da sociedade e a cidadanía, mediante unha convocatoria en concorrencia competitiva de axudas.

Así mesmo, dende o ano 2016 estase a desenvolver o programa ReAccionaTIC, orientado a impulsar a modernización tecnolóxica do tecido empresarial galego ofrecendo ás pemes galegas un catálogo unificado de servizos a prezos reducidos orientados a mellorar a súa competitividade a través de aspectos operativos, estratéxicos ou de incorporación de tecnoloxía, que continuará durante o ano 2024.

No marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, no ano 2023 avanzouse na coordinación e elaboración do estudo sobre o marco ético das tecnoloxías intelixentes, así como na constitución grupo expertos IA. Neste ano tamén se avanzou na elaboración do anteproxecto de Lei que regule o uso da intelixencia artificial na Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

Ademais, co foco posto no impulso da transformación dixital de Galicia, no ano 2020ponse en marcha o proxecto do centro GaiásTech localizado na Cidade da Cultura, orientado a ofrecer un conxunto coherente e coordinado de servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e start-ups, a ser máis competitivos.

O centro GaiásTech actúa ademais como eixo vertebrador da rede de nodos de especialización tecnolóxica, da que forman parte o nodo Conectivi.gal, o nodo de ciberseguridade (ciber.gal) e o nodo galicIA no ámbito da intelixencia artificial.

Tamén se puxo en marcha o ecosistema GobTech, que busca implicar ao tecido produtivo na xeración de produtos e servizos tecnolóxicos para o sector público baseados en tecnoloxías disruptivas e adxudicouse o acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público por un importe global de 30 millóns de euros. Así mesmo, ao longo de 2024, contarase con unha oficina técnica que acompañe a AMTEGA no proceso de descubrimento e levantamento do reto, dentro do sector público autonómico.

A Xunta de Galicia conta, a través da AMTEGA, co Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), que se define como un sistema de información e divulgación de informes e estudos enfocados na análise, seguimento e observación dos principais datos, información e coñecemento sobre as materias da sociedade da información, a modernización administrativa e a administración dixital dentro do ámbito das administracións públicas de Galicia.

Ao longo de 2024, ante a necesidade de seguir medindo os principais indicadores para poder establecer eficientes políticas públicas, seguirá desenvolvendo e promovendo estudos e análises de datos, elaborando informes de situación e evolución, facilitando datos a outros organismos e contribuíndo á definición estratéxica de políticas públicas; analizando constantemente o estado de desenvolvemento da dixitalización para toda a cidadanía.



## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa orzamentario e os instrumentos de planificación sectoriais que enmarcan as distintas actuacións previstas desenvolveranse, con carácter xeral, dentro do marco establecido pola Estratexia Galicia Dixital 2030 nas súas diferentes liñas estratéxicas.

En concreto, a normativa legal e os instrumentos de planificación máis salientables son os seguintes:

- A Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
- O Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.
- O Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- O Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- A Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicación de Galicia.
- A Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.
- Decreto 150/2014, do 27 de novembro, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en estradas promovidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.
- Decreto 11/2016, do 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na rede corporativa da Xunta de Galicia.

- Orde do 19 de setembro de 2016 pola que se aproba a Guía de especificacións das infraestruturas de telecomunicacións na Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción.
- A Estratexia Galicia Dixital 2030, a folla de ruta para a vindeira década destinada a que a comunidade estea preparada para afrontar os retos da futura dixitalización e poida beneficiarse das oportunidades que ofrecen as novas tecnoloxías.
- O “III Plan de Administración e Goberno Dixital. 2025” orientado ao desenvolvemento dixital do funcionamento da administración pública galega tanto para acadar a dixitalización plena dos seus procesos, incorporando aspectos como a xestión orientada ao dato, ou a aplicación de tecnoloxías de automatización e intelixencia artificial, para o desenvolvemento de servizos dixitais que permitan facilitar servizos máis avanzados e proactivos cara a cidadanía.
- A Estratexia galega de ciberseguridade 2030, que mellorará a seguridade dos sistemas de información.
- O “III Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2025” para o desenvolvemento da Administración xudicial electrónica e o expediente xudicial electrónico. Ademais de dar continuidade ás actuacións de infraestrutura, seguridade, implantación de sistemas de información e formación específica do uso das TIC neste contexto.
- O Plan Plataforma Galicia Territorio Intelixente, para a dotación de sistemas e servizos que permitan o desenvolvemento de servizos dixitais para a xestión de servizos en territorio, baseada nunha cartografía única e a xestión de datos de sensorización do territorio.
- O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital en Galicia, para asegurar que Galicia conta cunha cidadanía capaz e empoderada dixitalmente e cos profesionais e expertos dixitais para a competitividade sostible, a equidade social e a resiliencia.
- A Estratexia Galega de Intelixencia Artificial 2030 que ten por obxectivo converter a Galicia nunha rexión intelixente que contribúa á soberanía dixital da Unión Europea.
- A estratexia de Educación Dixital Innovadora para o impulso do uso de contidos dixitais nos centros educativos que imparten educación primaria e secundaria en Galicia.
- O Plan tecnolóxico do Transporte en Galicia.
- O Plan tecnolóxico para a xestión e conservación do Medio Ambiente.
- O Modelo Dixital de Atención Sociosanitaria para residencias de maiores ou discapacidade.
- O Plan Tecnolóxico de Modernización no eido de Urbanismo.
- O programa Primare, de impulso TIC o sector primario, artellado a través de varios retos.

- O Plan SmartTurismo, para a consolidación das TIC como ferramenta para a xestión, promoción, fidelización e innovación no turismo de Galicia.
- A iniciativa Memoria Dixital de Galicia, para avanzar na dixitalización e difusión do patrimonio cultural de Galicia.
- O Programa TransformaTIC que establece unha política común da Administración autonómica contando cos axentes do sector, coas universidades e co tecido empresarial para o impulso e desenvolvemento do sector TIC en Galicia. Co obxectivo de dinamizar o tecido rexional TIC a través da aplicación de solucións en sectores tradicionais e estratégicos para Galicia. Así como impulsar a produtividade de todos os sectores produtivos e favorecer o emprego e a xeración de riqueza en Galicia.
- O Pacto Dixital de Galicia, un acordo entre a Xunta, o Cluster TIC e 12 grandes empresas tecnolóxicas, no que tanto o Goberno galego como as empresas asinantes asumen un decálogo de compromisos para atraer investimento a Galicia, favorecer a internacionalización das pemes galegas e lograr a colaboración activa entre as grandes e pequenas empresas para conseguir o crecemento do sector.
- Decreto 77/2018, do 26 de xullo, polo que se regulan as infraestruturas de soporte e os espazos de reserva para o despregamento de redes de comunicacións electrónicas en áreas empresariais promovidas polas administracións públicas de Galicia.
- Plan Galicia 5G.
- Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CeMIT 2022-2025.
- Plan de software libre.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ano 2020, aprobouse a Estratexia Galicia Dixital 2030 que establece a estratexia tecnolóxica global de Galicia para dar unha resposta integral aos retos sociais, económicos e medio ambientais aos que se enfronta Galicia, aproveitando as oportunidades que brindan as tecnoloxías dixitais.

Así, tomando como base os logros acadados no ámbito dixital en Galicia nos últimos anos e o novo contexto social, económico e tecnolóxico, as actuacións da Estratexia Galicia Dixital 2030 encadraranse en 20 programas que operativizan as distintas áreas de actuación para a consecución dos obxectivos. Estes obxectivos establécense en 7 eixos estratéxicos que potenciarán solucións dixitais para contribuír a dar resposta aos novos retos globais, baixo un enfoque integrado de rexión que asegure á cidadanía no centro e se oriente cara á construción dunha Galicia máis sostible nas súas tres vertentes: social, económica e medio ambiental. E hai 1 eixo transversal, que promove a especialización tecnolóxica ao servizo do resto de eixos.

En definitiva, durante o ano 2024:

- No ámbito da administración dixital, será relevante a execución do plan de automatización de procesos mediante a plataforma RPA da administración pública galega, que reducirá os tempos de tramitación en especial no caso de procesos masivos. Abordarase o desenvolvemento da identidade do cidadán co nodo de información cidadá (citizen data hub) e continuará a incorporación de contidos en XuntaEU e carpeta cidadá, así como posta de novos servizos no eido de atención a cidadanía, entre outros a identificación remota no proceso de acreditación en Chave365 ou o desenvolvemento de asistentes virtuais e melloras nas canles de atención e información, e ampliación dos servizos en mobilidade. E en conxunto continuarase co desenvolvemento dos principios e instrumentos que quedan recollido na Lei 4/2019, de 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia. Igualmente debe mencionarse: a extensión dos servizos dispoñibles na plataforma de xestión dos procesos de emprego público e do expediente dixital do empregado público. E abordarase a elaboración da estratexia do dato dentro do desenvolvemento da economía do coñecemento.
- Continuará a incorporación de tecnoloxías innovadoras median a posta en marcha da asistencia virtual e o sistema para a análise de procesos. E a renovación da plataforma de elaboración, publicación e difusión do Diario Oficial de Galicia, integrando IA para a mellora da accesibilidade ao DOG como base de coñecemento.
- Por outra banda, dentro dos sistemas corporativos para o desenvolvemento de servizos dixitais, darase continuidade ás iniciativas no contexto da “Plataforma de Territorio intelixente”, que ten como finalidade garantir a dispoñibilidade e coñecemento de información do territorio a partir da información de fontes diversas tanto de tramitación como de sensorización do territorio, e que evolucionará para por en marcha un xemelgo dixital do territorio galego.
- No relativo a capacitación dixital da cidadanía en xeral, e do persoal empregado público en particular, desenvolveranse os plans de capacitación e procesos de acreditación da certificación galega en competencias dixitais. Ampliaráanse as capacidades das plataformas de formación utilizadas nos diferentes ámbitos sectoriais da Xunta, así como as específicas do marco galego de competencias dixitais.
- Darase tamén continuidade á execución do “III Plan de Sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia: Senda2025”. Abordarase a execución dos proxectos a desenvolver no marco do MRR de Xustiza. Será especialmente relevante a execución do proceso de renovación dos sistemas para a xestión dos recursos humanos deste ámbito, a posta en marcha do sistema de atención á vítima do delito, así como a renovación do sistema de gravación de vistas, dixitalización de libros do rexistro civil, ou posta en marcha do plan de automatización neste ámbito, e a consolidación do expediente xudicial electrónico.
- No ámbito dos medios para o persoal empregado público, continuara o proceso de dotación de medios para o teletraballo, e dos medios para a xestión sostible do equipamento, así como a ampliación da canle de autoservizo na relación coas persoas usuarias

dos medios dixitais, tanto do sector público autonómico como da Administración de Xustiza en Galicia.

Nos ámbitos sectoriais (educación, servizos sociais, medio ambiente, transporte, vivenda, urbanismo, emprego, agrogandeiro, forestal, pesqueiro, consumo, cultura, turismo, ...), desenvolveranse diversos programas de modernización tecnolóxica entre os que destacan:

- O Proxecto Abalar de transformación do sistema educativo galego a través das TIC, coa consolidación e ampliación dun modelo de Educación Dixital que permita ao alumnado e profesorado dos centros sostidos con recursos públicos de Galicia aproveitar as posibilidades dun ensino completamente dixital. No curso 2023-2024, o alumnado con libro dixital incrementárase en máis de 5000 alumnos ata chegar aos 65.000 alumnos entre 5º de primaria e 4º da ESO en 600 centros educativos. Tamén este curso avanza na dixitalización das aulas do sistema educativo galego, incorporando máis de 4.500 novas aulas dixitais entre primeiro de Primaria e segundo de Bacharelato, para superar as 9.200 aulas dixitais. Complementáanse con múltiples actuacións como a adaptación de cambios normativos na xestión das probas ABAU de acceso á universidade 2024.
- Continuarase coa execución de proxectos relacionados co novo Modelo residencial da Consellería de Política Social, enmarcados no concepto da Residencia dixital intelixente, coa implantación de solucións de teleasistencia avanzada e sensorización nas residencias de maiores e discapacitados e no ámbito domiciliario. Así mesmo no contexto do desenvolvemento do proxecto de Historia Social continuarase coa renovación da actual ferramenta de traballo de referencia en servizos sociais comunitarios (SIUSSGAL).
- Na modernización tecnolóxica do transporte, continuarase coa execución do proxecto plataforma galega de mobilidade 4.0. que integra entre outros compoñentes: un planificador avanzado e un sistema de reservas que integre servizos de transporte de toda a comunidade autónoma (interurbanos, urbanos, navieiras, transporte adaptado, etc); a modernización dos sistemas de billeteaxe adoptando un modelo baseado en conta que permita o pago co móbil, tarxeta bancaria (EMV) ou una nova tarxeta de transporte de Galicia; o lanzamento dunha nova tarxeta de transporte público de Galicia e os servizos financeiros, de soporte e de atención aos usuarios da plataforma. Así mesmo avanza no desenvolvemento dunha aplicación para a dixitalización da labor inspectora en materia de transporte e continuarase co desenvolvemento de novas funcionalidades na oficina virtual do transporte (OTRANS) e no Sistema de Axuda á Explotación de Galicia (SAEGAL).
- A modernización tecnolóxica da xestión e conservación do medio ambiente, especialmente coa incorporación á plataforma Gaia de novos procesos para unha xestión telemática da relación co sector, o desenvolvemento dun novo portal para Meteogalicia e o desenvolvemento dun sistema integral para a xestión de permisos en coutos de pesca fluvial.

- Desenvolverase un novo sistema de tramitación de expedientes da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, integrado coas distintas ferramentas corporativas comúns da administración autonómica (registro, notificación, sinatura, etc).
- Continuarase co desenvolvemento dunha plataforma de xestión integral dos bens de titularidade do Instituto Galego dA Vivenda e Solo, que permite realizar unha xestión integral do seu patrimonio e coa posta en marcha dos sistemas necesarios para dar resposta ás liñas de actuación de Plan Estatal de Vivenda 2022-2025 e das iniciativas autonómicas en materia de vivenda.
- Continuarase co desenvolvemento da plataforma urbanística dixital de Galicia que permitirá a xestión integral dos diferentes instrumentos de planeamento urbanístico para convertelo nun proceso normalizado, estruturado, transparente e simplificado.
- A modernización dos sistemas que dan soporte ao Servizo Público de Emprego coa modernización das canles de autoservizo do cidadán. Mellora da información á dirección, e mellora e simplificación da relación co empregador. Tamen se mellorará a xestión do acceso ás plataformas telemáticas, permitindo e simplificando o acceso a persoal ocupado aos cursos de formación.
- No relativo ao Medio Rural abordaranse múltiples actuacións entre as que poden destacarse a adaptación dos sistemas de xestión á nova Política Agraria Común 2023-2027, o desenvolvemento de funcionalidades do novo sistema de xestión para as explotacións agrarias (Agro 4.0) e a actualización do Rexistro Vitícola, e a implantación de ferramentas para a realización de actas sobre o terreo polo persoal da consellería e integración automática cos sistemas de xestión.
- No eido Forestal desenvolveranse novas ferramentas de ordenación forestal e afondarase na explotación do Inventario Forestal Continuo de Galicia, evolucionaranse os sistemas existentes para facilitar un mercado de Créditos de Emisión de Carbono na estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D). Reforzarase a rede de vixilancia forestal e desenvolveranse módulos que melloran a análise, seguimento e xestión en directo dos incendios forestais, mesmo con incorporación de múltiples fontes de información coma a dispoñible en medios aéreos.
- No sector pesqueiro, completarase o desenvolvemento e posta en marcha de sistemas de xestión cara ao período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e da Acuicultura (FEMPA) do período 2021-2027, engadiranse ferramentas de explotación analítica de datos (BI) na Plataforma Tecnolóxica da Pesca e melloranse os procesos de comercialización no proxecto Lonxas Galegas 4.0, e evolucionarase o sistema de xestión dos permisos de marisqueo.
- No eido da empresa, continuarase coas iniciativas vinculadas ao Sistema de atención ao investimento, recollido na LEI 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, coa ampliación do alcance da Oficina Galicia Empresa. Adicionalmente, continuarase co proceso de dixitalización do ámbito de consumo. E a posta en marcha da iniciativa de trazabilidade, baseado en blockchain, no ámbito da marca GaliciaCalidade.

- No eido do Patrimonio e Cultura, e en concreto na iniciativa “Memoria Dixital de Galicia”, continuarase coas mesmas liñas de mellora da difusión dos contidos de galiciana.gal para o seu achegamento á cidadanía, poranse en marcha a plataforma Galiciana Semántica para a aplicación de tecnoloxías baseadas en grafos de coñecemento que permitirán abordar un novo xeito de difusión do patrimonio; estenderanse os arquivos integrados nos sistemas corporativos de xestión de arquivos; continuarase coa ampliación do sistema de xestión do catálogo de patrimonio. E poranse en marcha servizos para o pilotaxe dos compoñentes desenvolvidos no ámbito do proxecto Nós, e o plan de vitalidade de lingua no entorno dixital.
- No relativo ao sistema de bibliotecas de Galicia, continuarase coa extensión nas bibliotecas municipais, escolares e especializadas. E poráse en marcha a converxencia das bibliotecas físicas e dixitais para a prestación de servizos dixitais que integren ambos contidos.
- No ámbito de turismo, continuarse coa execución do Sistema de Información Intelixente de Turismo de Galicia (SIT), a posta en marcha do sistema de información para as oficinas de turismo, e o impulso de tecnoloxías innovadoras para o achegamento ao visitante, con iniciativas como o asistente virtual para a axenda turística.

No ámbito da Transformación Dixital da Facenda Autonómica estas son as principais iniciativas que se desenvolverán no 2024:

No que respecta a xestión tributaria, seguirase a traballar nos tres eidos que marcan a estratexia tecnolóxico dos vindeiros anos:

- Mellora da relación co contribuínte: Mellora e simplificación do funcionamento das canles telemáticas da Atriga (oficina virtual tributaria), facilitando ao máximo ao cidadán o cumprimento.
- Eficiencia na xestión: continuarase co proceso de robotización dos principais procesos de negocio da axencia e se lle dará cobertura nos sistemas a novos ámbitos funcionais. Abordaranse tamén as continuas evolucións e adaptacións derivadas dos cambios normativos, como por exemplo a implantación do novo tributo sobre residuos ou a interoperabilidade co HUB para o intercambio de información co Tribunal Económico Administrativo Rexional (TEAR).
- Loita contra o fraude: Seguirase a avanzar no emprego de tecnoloxías avanzadas de análise de datos para detectar a fraude tributaria.

No que se refire aos sistemas de nómina e contratación, as principais iniciativas están vencelladas ao impulso definitivo a estandarización do Xestor de Expedientes de Contratación (PLATION) nas entidades do sector público Galego.

No ámbito dos sistemas de xestión e control económico avanzaremos cara ao funcionamento plenamente electrónico do sector público con diversas actuacións entre as que cabe destacar a finalización das tarefas para a posta en funcionamento do documento contable elec-

trónico coa integración con Portasinturas para a firma electrónica de documentos internos e a notificación electrónica a cidadáns e empresas en procesos de auditorías da Intervención Xeral e a adaptación e incorporación de ferramentas para permitir o cumprimento das obrigas de reporte de información da xestión dos fondos FEDER do período 2014-2020.

Dende un punto de vista transversal, a plataforma tecnolóxica empregada pola Área de Transformación Dixital da Facenda Autonómica precisa da modernización da seus elementos para poder seguir prestando os servizos á cidadanía e administración cos parámetros de calidade necesarios. No ano 2024 actualizarase a infraestrutura tecnolóxica de base dos principais sistemas de información da Consellería (AMT-LION), e avanzarase na definición dun marco tecnolóxico moderno e sólido que asegure as capacidades de evolución tecnolóxica e incorporación de novos sistemas e plataformas de maneira sostible nos próximos anos.

Con respecto ás telecomunicacións, continuarase coa mellora no ancho de banda e na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa.

A evolución tecnolóxica do equipamento que se iniciou recentemente continuará coa adquisición de almacenamento necesario para dar cabida ao crecente volume de información xestionada, así como coa progresiva adaptación dos sistemas para ofrecer servizos de Cloud, á par que se investe en melloras na seguridade da información aloxada neste centro de proceso de datos.

O Regulamento Xeral de Protección de Datos europeo (RXPDP), Regulamento UE 2016/679, introduciu unha serie de importantes cambios no relativo á protección de datos persoais, que a Amtega debe promover no ámbito da Xunta de Galicia. Durante o ano 2024 están previstas unha serie de actuacións encamiñadas a dar cumprimento a este regulamento, que garanten a confidencialidade, autenticidade, integridade e dispoñibilidade da información sensible da cidadanía e das empresas que as administracións públicas e empresas teñen almacenada nos seus sistemas de información. Así mesmos, garantizará o bo funcionamento dos servizos ofrecidos pola Xunta de Galicia, acadando unha protección avanzada, sendo capaces de anticipar, detectar e resistir ciberataques.

Entre as actuacións previstas podemos destacar a progresiva adecuación técnica ao RXPDP e ao ENS (Esquema Nacional de Seguridade) dos sistemas de información, o servizo de apoio aos Delegados de Protección de Datos, así como o impulso da formación e concienciación en seguridade da información.

Como novidades máis relevantes para o ano 2024 cómpre destacar o inicio da execución da obra do edificio que albergará o Centro de ciberseguridade de Galicia e tamén a execución de contratos derivados do acordo marco de servizos de ciberseguridade, que permitirán dar continuidade á prestación de servizos de ciberseguridade no ámbito da administración local.

No ámbito da sociedade dixital, manteranse as iniciativas que se están a levar a cabo e lanzaranse outras orientadas aos colectivos obxectivo, aqueles nos que a fenda dixital é máis evidente:



no ámbito empresarial ás pemes, micropemes e autónomos, e no ámbito da cidadanía, facendo foco nos colectivos en risco de exclusión dixital, intensificando a atención adicada ás persoas maiores, mulleres e poboación asentada no rural.

Os obxectivos estratéxicos seguen sendo dotar ao conxunto da cidadanía dos medios, a conectividade e a capacitación dixital necesaria e impulsar un ecosistema de transformación dixital no tecido empresarial galego a través da introdución de solucións avanzadas. As actuacións máis relevantes son as seguintes:

- No eido da conectividade, resaltamos que é o Goberno de España o que conta cos principais fondos europeos para continuar coa extensión de redes de moi alta velocidade no territorio do Estado e, por conseguinte, en Galicia. Neste senso, o Goberno central aprobou a finais de 2020 o novo Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da Sociedade, a Economía e os Territorios, así como a Estratexia de impulso ao desenvolvemento da tecnoloxía 5G. Con estes mecanismos, o Goberno de España pretende acadar os novos obxectivos 2025 establecidos por Europa, entre os que se atopa: acadar ao 100% da poboación con cobertura de 100Mbps, dotar de 1Gbps ao principais motores socioeconómicos, estender as novas redes 5G en vías de transporte e cidades. A AMTEGA fará un seguimento dos principais indicadores de cumprimento.
- Actuacións para a incorporación das TIC nas pequenas e medianas empresas de Galicia, xunto co impulso do uso de servizos dixitais por parte de todos os sectores produtivos, a través da continuidade do programa de apoio á transformación dixital das pemes ReAccionaTIC.
- Actuacións enfocadas a impulsar e potenciar ao sector TIC galego.
- Proseguirase co desenvolvemento das actuacións de inclusión, alfabetización, capacitación e talento dixital recollidas no novo Plan Digitalent 2030 co obxectivo de converter á sociedade galega nunha "Comunidade Dixital" e en liña coa Estratexia Galicia Digital 2030 que marca como obxectivo asegurar que a cidadanía conta coas capacidades dixitais básicas para participar de forma efectiva no novo contexto dixital, propiciando unha mellor calidade de vida, a creación de oportunidades de emprego e a redución das fendas de participación existentes, en especial entre os colectivos máis vulnerables.

No ano 2024, no seo do Plan de Reforma e Ampliación da Rede CeMIT deseñado co fin de transformala e facela evolucionar para dar resposta aos novos tempos coa disposición de centros de referencia tecnolóxica e que impacten en todo o territorio con actuacións de alfabetización, capacitación e talento dixital, continuará coas seguintes iniciativas:

- A dotación de equipamento tecnolóxico innovador e a renovación do equipamento de base.
- A reforma física das aulas, que as transformará, facéndoas máis flexibles e adaptadas ás últimas tendencias pedagóxicas, tecnolóxicas e arquitectónicas.

- Implantación de novos servizos de formación e capacitación dixital aliñados co Marco Galego de competencias dixitais, que contribuirán a lograr o obxectivo marcado polo Compoñente 19.11 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A ampliación de servizos de inclusión dixital no rural contará cun servizo de aula móbil itinerante.
- Unha quinta liña focalizará o seu esforzo na integración, soporte e mantemento dos servizos dixitais para o fomento da inclusión e capacitación dixital.

Estas cinco liñas de traballo serven de apoio ao desenvolvemento do Marco galego de competencias dixitais, regulado polo Decreto 123/2021, do 2 de setembro, un labor que dá continuidade ao traballo iniciado en 2022 e que conta coa Rede de aulas CeMIT e os seus profesionais como aliados clave para lograr os seus obxectivos. Así, poranse en marcha e deseñaranse plans de capacitación e certificación para a cidadanía e o persoal empregado público, así como sistemas e ferramentas que permitan xestionar esta capacitación.

- Durante o 2024 o centro GaiásTech seguirá a prestar os servizos necesarios para axudar aos distintos axentes do ecosistema dixital, e especialmente ás pemes e startups, a ser máis competitivos. Ademais, GaiásTech como centro demostrador e de experimentación dixital, seguerá a exercer de nodo central asumindo a gobernanza e coordinación dos Nodos de Especialización Tecnolóxica de Galicia e que están ao servizo das estratexias e/ou planes de innovación, emprendemento ou desenvolvemento industrial de Galicia.
- Despois do éxito acadado pola Guía de Boas Prácticas elaborada en 2022, continuarase co desenvolvemento de actuacións para o fomento e difusión do Software Libre no sector empresarial, a cidadanía e a propia administración pública, a través do novo Plan de Software Libre de 2024, en colaboración cos diferentes axentes do tecido do sector en Galicia.
- Trala posta en marcha do ecosistema GobTech, durante o 2024 traballarase no desenvolvemento das actuacións contempladas no seo do acordo marco para o impulso de tecnoloxías avanzadas no sector público, perseguindo fomentar o liderado da administración na adopción de tecnoloxías dixitais innovadoras.

A innovación tecnolóxica ten un papel chave á hora de mellorar o desenvolvemento económico, facilitar a inclusión social e permitir unha mellor protección do medio ambiente. Neste senso, continuarase co desenvolvemento da Estratexia Galicia Dixital 2030 para aproveitar o potencial dixital para responder aos novos retos globais co obxectivo de configurar un futuro dixital para todos contribuíndo ao aumento da calidade de vida na comunidade e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medioambiental. Con esta nova folla de ruta para a vindeira década refórzase o compromiso e aposta pola transformación dixital adquirido en 2009, e que se foi renovando e reforzando cos diferentes obxectivos marcados nas dúas Axendas Dixitais de Galicia.

No marco da Estratexia Galega de Intelixencia Artificial, promoverase a elaboración de guías de uso para aplicar a intelixencia artificial na Administración Xeral e do Sector Público Autonómico. Tamén se elaborarán códigos de conducta aos que se poderá adherir o tecido produtivo.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A pesar de que as actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal, pois están dirixidas a acadar a inclusión no novo contexto dixital da sociedade galega no seu conxunto (cidadanía en xeral, administracións públicas, sector empresarial, asociacións sen ánimo de lucro), o mesmo ten tamén un impacto positivo na redución da fenda dixital de xénero existente na actualidade. Ao longo de 2023, conseguíuse eliminar a fenda dixital de xénero pois as mulleres empregan máis e mellor, as ferramentas e coñecementos tecnolóxicos.

O Plan para o impulso da Inclusión e Talento Dixital incluído no presente programa, aínda que non dirixido unicamente a mulleres, si seguirá mantendo un impacto positivo dende a perspectiva de xénero na medida en que contribúe á redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...).

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Realización de actividades formativas, de sensibilización e de capacitación co apoio do voluntariado dixital e os aliados dixitais do Plan para a Inclusión e Talento Dixital de Galicia, destinadas á alfabetización dixital, redución da fenda dixital e a facilitar o acceso á sociedade da información daqueles colectivos máis desfavorecidos (persoas con discapacidade, mulleres, persoas maiores...), así como a mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade a través da capacitación dixital e a espertar as vocacións tecnolóxicas desde idades temperás e a potenciar a presenza da muller no eido dixital.

## **PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

A priori, as actuacións enmarcadas no Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento destínanse a toda a cidadanía, pero permitirán mellorar a incorporación das mulleres e dos homes á sociedade dixital e mellorar a súa calidade de vida e empregabilidade.

## **SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.**

No marco do Programa de fomento da sociedade da información e do coñecemento continuouse reducindo a fenda existente entre homes e mulleres no acceso á sociedade da información.

No que se refire ás liñas de traballo creadas para a formación en Competencias Dixitais, tamén será fundamental o papel dos centros para acadar que o 70% dos galegos e galegas teña competencias dixitais básicas, o 50% deles mulleres, segundo establece a Estratexia Galicia Dixital 2030.

## **INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN. EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.**

Na análise previa para a definición do Plan DigiTalent, para o fomento das vocacións tecnolóxicas e novos perfís dixitais, tívose especialmente en conta a perspectiva de xénero, tanto na presenza actual das mulleres nas carreiras do ámbito STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) como no ámbito profesional, adoptándose iniciativas tendentes a reducir a fenda de xénero identificada.

Así cabe salientar:

Ante a demanda e os bos resultados acadados en anteriores edicións polo programa 'GIRL STEAM: demubando estereotipos', prevese a continuidade desta iniciativa, unha actividade desenvolvida ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado entre o Colexio Profesional de Enxeñeiros Técnicos en Informática e a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modemi-

zación Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e enmarcado no Plan de Promoción do Talento Dixital da Amtega, que busca reducir a fenda de xénero que existe entre mulleres e homes nos estudos nos campos STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Artes e Matemáticas).

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

### *III.1.5. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA*

Este programa inclúe as actividades do Instituto Galego de Estatística (IGE) e das conselleiras, a través dos seus órganos estatísticos sectoriais (OES), encadradas nos programas estatísticos anuais (PEA), que desenvolven o Plan Galego de Estatística (PGE 2022-2026).

O obxectivo do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico e conseguir un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que contribúa ao coñecemento e á análise da realidade, ao tempo que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns, axeitándose aos criterios de economía e uso das fontes existentes, minimizando as molestias aos cidadáns e garantindo o segredo estatístico.

Este obxectivo central concrétese nos informativos, instrumentais e de calidade, que se satisfán coas actuacións relacionadas e descritas nos programas anuais

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Crear, organizar e difundir coñecemento estatístico acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e dos cidadáns.

Contribuír a estruturar e desenvolver a organización estatística, potenciando a coordinación e a colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais, relacionadas coa estatística.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Fornecedores de datos (fogares e empresas, fundamentalmente) e calquera que utilice a información estatística (cidadanía, persoal investigador, administracións públicas e universidades; Xunta de Galicia, Parlamento de Galicia e demais órganos estatutarios).

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O PEA 2024, vencellado con este programa orzamentario, será o segundo do PGE 2022-2026, aprobado por Lei 16/2021, do 20 de decembro.

Para avaliar este plan, o sexto da comunidade autónoma (1998/2001, 2002/2006, 2007/2011, 2012/2016, 2017/2021 e 2022/2026), cómpre medir os resultados de cada un dos seus cinco programas. Os indicadores básicos elixidos reflicten a execución das actividades programada, a puntualidade na difusión, a oportunidade dos datos e a satisfacción das metas de información. Pendente de executar o PEA 2023, o cadro seguinte recolle os resultados dos cinco anteriores e os obxectivos para 2022.

IGE e DEPARTAMENTOS DA XUNTA	PEA 2017	PEA 2018	PEA 2019	PEA 2020	PEA 2021	Obxectivos PEA 2022
<b>Execución operacións e actividades</b>	89%	98%	98%	98%	94%	95%
<b>Execución operacións novas</b>	90%	100%	100%	100%	100%	100%
<b>Cumprimento calendario difusión</b>	72%	77%	73%	76%	79%	80%

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal que ampara o Programa 581A queda establecido na seguinte lexislación:

- Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro e 8/2011, do 9 de novembro.
- Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan Galego de Estatística 2022-2026.
- Decreto 173/2007, do 30 de agosto, polo que se establece a forma de designar aos membros do Consello Galego de Estatística (CGE).
- Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, polo que se regulan os órganos estatísticos sectoriais e se establece o procedemento de designación.
- Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
- O IGE e os OES executan os programas estatísticos anuais aprobados por decreto, logo do informe do CGE.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O PEA 2024, vencellado co programa orzamentario 581A, recollerá e describirá as actividades que darán cumprimento aos obxectivos do PGE 2022-2026, en particular, aos informativos plasmados nas súas metas. No PEA 2024 tamén figurarán as relacionadas coas liñas de actuación salientables do Plan.

En relación cos obxectivos instrumentais tentarase implantar unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico e intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas. Entre os obxectivos de calidade, reforzaranse a transparencia e a accesibilidade das estatísticas cunha remodelación da web do IGE para mellorar a súa funcionalidade en todo tipo de dispositivos, introducir prácticas inclusivas e seguir os estándares da Xunta.

A consideración das perspectivas de xénero e idade tamén será unha obriga da organización estatística.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	



Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo a Lei 16/2021, do 20 de decembro, do PGE 2022-2026, as estatísticas programadas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas no PEA 2024 que prevexan datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	

Outros (especificar) Programa que ten por finalidade xerar información estatística sobre a desigualdade entre mulleres e homes	X
---	---

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
  - Orzamento: 0€
  - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
  - Orzamento: 0€
  - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero"
  - Orzamento: 0€
  - Persoas ou entidades ás que está dirixida: cidadáns, en xeral

**PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

O Informe de seguimento do PEA 2021 aprobado polo Consello Galego de Estatística e remitido ao Parlamento, contempla os resultados das actividades directamente relacionadas coa perspectiva de xénero do apartado anterior:

1. Elaboración e difusión de "Indicadores de xénero".
  - Execución: 100%
2. Elaboración e difusión de "A realidade da muller galega".
  - Execución: 100%
3. Elaboración e difusión da "Estatística de violencia de xénero"
  - Execución: 100%

Con respecto ao obxectivo xeral de considerarmos a perspectiva de xénero en todas as estatísticas que prevexan datos sobre persoas físicas, o Informe de avaliación do PGE 2012-2016 inclúe un anexo específico e indicadores de cobertura de cada actuación programada. A estimación media é que se cumpre no 81% das operacións e no 65% das variables difundidas e potencialmente desagregables por sexo. No próximo informe de avaliación do PGE 2017-2021 calcularanse estes indicadores.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Estatística

### III.1.6. PROGRAMA 611A - DIRECCIÓN E XERVIZOS XERAIS DE FACENDA

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa de gasto atende as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e daqueles departamentos que, por non ter orzamento singularizado para o desenvolvemento da totalidade das súas funcións, precisan do apoio técnico, administrativo e orzamentario da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As actividades céntranse na dirección, coordinación e xestión nas áreas de actividade competencia da consellería, e mais en concreto:

- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio
- Na xestión de gastos de persoal e de funcionamento dos servizos centrais.
- No control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na emisión de informes sobre os anteprojectos de lei e proxectos de regulamentos da consellería.

O marco de vida económica e social galega é a referencia na que o CES desenvolve a súa actividade. Entre as súas funcións asignadas pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o CES, o artigo 5 destaca a elaboración de ditames, informes ou estudos.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Todas as prestacións e servizos desenvoltos por este organismo teñen un ámbito de actuación que afectan a toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación actual encádrase dentro do fomento da e-administración, incrementando a informatización dos procesos administrativos, sobre todo naqueles que incidan dunha forma máis directa nas relacións coa cidadanía. Así mesmo, estanse a incorporar novas funcionalidades nos sistemas horizontais da Consellería de Facenda e Administración Pública que permitan incrementar as medidas de control económico-financeiro como medio necesario para acadar os obxectivos de austeridade e disciplina orzamentaria.

O Consello Económico e Social de Galicia créase como ente consultivo da Xunta de Galicia en materia socio-económica en aplicación do previsto no artigo 9.2º da Constitución española e nos artigos 4.2º e 55.4º do Estatuto de autonomía de Galicia, co obxecto de facilitar a participación de todas/os galegas/os na vida política, económica, social e cultural.

Por outra parte, o Consello Económico e Social responde tamén á aspiración dos axentes económicos e sociais de que se atendan as súas opinións e propostas, no proceso de adopción de decisións pola Xunta de Galicia, e á pretensión desta de centralizar a participación social para tales efectos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa encádrase no marco do Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, así como no resto da normativa aplicable ás diferentes actividades incluídas no programa.

O marco regulamentario que ampara as actuacións deste programa, no relativo ao CES é o seguinte:

- Lei 6/1995, do 28 de xuño, pola que se crea o Consello Económico e Social de Galicia.

- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é a de atender e xestionar os gastos dos servizos centrais da Consellería de Facenda e Administración Pública, coordinando os diferentes servizos tanto no que respecta a medios humanos como materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

Con respecto ao CES, a finalidade é facer efectiva a participación dos distintos axentes na política social e económica de Galicia. Responde así o seu espírito á lexítima aspiración da sociedade civil organizada, de que as súas opinións sexan escoitadas e os seus traballos tidos en conta á hora de adoptar decisións que afecten aos seus intereses por parte do Goberno galego.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Consello Económico e Social de Galicia  
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

### *III.1.7. PROGRAMA 612A - PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Elaboración e seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma:

1. Elaboración do proxecto anual de orzamentos xerais da comunidade autónoma e xestionar as modificacións precisas para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan Estratégico e na normativa de estabilidade orzamentaria.
2. Análise e seguimento da execución do orzamento de ingresos, con especial atención ao sistema de financiamento autonómico e ao financiamento finalista doutras administracións.
3. Seguimento da execución dos programas de gasto orzamentados e do equilibrio orzamentario, no eido dun sistema de orzamentación encamiñado a resultados.
4. Información sobre calquera iniciativa legislativa ou norma de rango regulamentario, plans ou programas de actuación, co fin de valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de xeito estrito ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade orzamentaria, tendo en conta os escenarios financeiros da comunidade autónoma.
5. Seguimento e soporte da execución financeira do Sergas.
6. Mantemento e seguimento dos obxectivos estratéxicos e operativos de cada programa de gastos.
7. Orzamentación, seguimento e proposta de racionalización dos gastos de persoal, tanto na Administración xeral coma na instrumental co obxectivo de optimización dos recursos existentes, garantindo unha consolidación do gasto de persoal axustada á capacidade financeira da comunidade autónoma e en consonancia co acordo marco sobre sustentabilidade das finanzas públicas.
8. Programación, seguimento, inspección, avaliación, estudos e comunicación dos fondos estruturais FEDER, FSE e POEJ Galicia 2014-2020 e dos programas do Fondo de Transición Xusta (FTX), FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027 e FSE + BASICO plurirrexional do período 2021-2027.
9. Análise dos obxectivos e actuacións das entidades que integren o sector público autonómico, da súa coherencia coas políticas de gasto e avaliación da súa incidencia financeira.
10. Seguimento e avaliación dos obxectivos do Plan Estratégico de Galicia 2022-2030.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Incrementar a eficacia e a eficiencia nos procedementos de coordinación de axudas públicas e da programación, xestión e seguimento dos programas europeos da política rexional comunitaria.

Deseñar un marco orzamentario que de soporte financeiro ás políticas estratéxicas de gasto da comunidade autónoma e garanta a sustentabilidade das finanzas públicas.

Realizar un seguimento da execución dos orzamentos da comunidade autónoma consonte a lei aprobada polo Parlamento e os obxectivos de estabilidade orzamentaria previamente determinados.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa actúa sobre a elaboración, execución e liquidación dos orzamentos de todo o sector público autonómico.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos trimestres Galicia rexistra unha senda de crecemento estable do PIB. Estes crecementos son produto principalmente da redución das restricións asociadas á crise sanitaria que permitiu un crecemento notable dos servizos máis afectados pola pandemia. Pero no momento actual as previsións de crecemento a nivel internacional están sendo rebaxadas debido aos efectos económicos da invasión de Ucraia por parte de Rusia, os principais efectos son o mantemento de elevados prezos en numerosas materias primas (enerxéticas, minerais e alimenticias) e a moderación no grao de dinamismo dos intercambios comerciais mundiais que se suman aos problemas de estrangulamento nas cadeas de aprovisionamento que se viñan rexistrando.

A curto prazo, anticipase que a guerra seguirá tendo unha incidencia notable sobre a actividade, espérase unha minoración do crecemento previsto previo á contenda. Espéranse, con todo, unhas condicións financeiras algo máis estritas que as que imperaron no pasado recente en parte, como consecuencia do avance no proceso de normalización ou endurecemento da política monetaria que están a seguir os principais bancos centrais mundiais.

O encarecemento dos prezos da materias primas, xunto co incremento da demanda de servizos que conlevan unha maior interacción social está a producir un forte incremento dos prezos, detrás do crecemento da inflación subxacente estarían algúns efectos indirectos como a transmisión dos maiores custos de produción aos prezos finais e ademais hai unha alta probabilidade de que se desencadeen efectos de segunda volta ou de realimentación entre prezos e salarios,

que supoñerían unha perda de competitividade exterior, unha maior inflación e un menor nivel de actividade e emprego para a economía galega.

Por tanto, as contas de 2024 terán como obxectivo en primeiro lugar, seguir a garantir a seguridade socio sanitaria e paliar os incertos efectos da situación económica prevista para o ano próximo, en especial sobre os que máis o precisan, os galegos en risco de exclusión social e os que se verán máis afectados polo crecemento dos prezos, tamén debería contribuír a minorar o efecto sobre o nivel de emprego que a situación económica prevista podería producir, realizando as reformas estruturais precisas para contar cun tecido económico máis moderno, produtivo e sostible.

Por outra banda o reforzo da recuperación da capacidade produtiva e do emprego da nosa economía débese realizar nun contexto de reformas estruturais que acaden ganancias de competitividade en base a unha modernización do noso tecido produtivo a partires da transición ecolóxica e dixital previstas. Ademais, o desenvolvemento dunha economía máis verde e circular, a innovación e o deseño, deben colaborar a establecer unha mellor imaxe de marca das empresas galegas que se posicionarán mellor no mercado mundial, aumentando o seu tamaño e a súa capacidade para enfrontar con solvencia vindeiras crises

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (BOE núm. 103, de 30 de abril) que establece os principios reitores que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, orientada cara a estabilidade e a sustentabilidade como garante dun crecemento económico sostible, e da creación de emprego.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG).
- Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia
- Normativa de aplicación aos fondos estruturais e PEG 2022-2030.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
---	--



Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

#### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	X

**IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.**

En relación á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a DX de Política de Cohesión Fondos Europeos presenta unha tipoloxía de actividades de carácter “indirecto”, é dicir, que non inflúen directamente en ningún colectivo de mulleres ou homes, nin asociacións ou outras entidades. As actuacións deste órgano en relación da promoción da igualdade, presentan resultados xerais no ámbito da xestión de fondos estruturais.

Así, a DX de Política de Cohesión e Fondos Europeos leva a cabo a tarefa de coordinación e impulso da promoción da igualdade en todas as fases de xestión dos programas operativos FEDER e FSE de Galicia 2014-2020 e FEDER e FSE+ Galicia 2021-2027, en calidade de Organismo Intermedio en delegación da Autoridade de xestión do citado programa; así, este centro directivo conta con representación e participación activa na Rede de Políticas de Igualdade entre Mulleres e Homes nos Fondos Comunitarios Coordinada polo Instituto das Mulleres do Ministerio de Igualdade, que aglutina a todos os axentes implicados na xestión de fondos EIE e os organismos con competencias en materia de igualdade e actúa como foro de intercambio de información, experiencias e capacitación para fomentar a incorporación da perspectiva de xénero nos diferentes ámbitos de intervención dos fondos EIE.

Por outra banda, a DX de Política de Cohesión e Fondos Europeos ven de aplicar determinadas medidas de “discriminación positiva” para empresas cun maior desenvolvemento en materia de igualdade, para os casos de empate. Concretamente:

Nas cláusulas administrativas dos pregos dos procedementos de contratación especifícase que, no caso de persistir empate de proposicións, logo de aplicar o recuento de persoal con discapacidade, resolverase para aquela empresa que acredite obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme ao artigo 75 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Por outra banda, no que respecta a rexímenes de axuda nos que a contratación de persoal ten un peso relevante, en particular no eido dos proxectos de I+D+i, foméntase a valoración do equilibrio de xénero na composición do equipo investigador.

No ámbito do Plan Estratéxico de Galicia realízase o seguimento e avaliación do principio horizontal de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres o do obxectivo estratéxico correspondente.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos  
Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro  
Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos

### *III.1.8. PROGRAMA 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DO CONTROL*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Inclúense neste programa as actuacións en materia financeira, tributaria, patrimonial e de control.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A planificación, control e xestión do programa de endebedamento da comunidade autónoma, a correcta xestión dos tributos propios e cedidos, a xestión do patrimonio da comunidade autónoma e o control da actividade económico-financeira.

O Programa atopa o seu fundamento na aplicación efectiva dos tributos xestionados pola Axencia Tributaria de Galicia a través de procedementos que redunden na eficacia e na eficiencia na recadación dos ingresos públicos

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións previstas dentro deste programa teñen carácter universal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos mercados financeiros que nos últimos anos dificultaron o acceso ao financiamento para as comunidade autónomas, tanto nos mercados de capitais como nos mercados de crédito.

Nun marco recesivo a diminución de ingresos, en especial en autoliquidacións, fai necesario poñer o énfase na optimización dos medios materiais e humanos para manter a recadación, en especial a través de actuacións de investigación e comprobación.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Concellería de Facenda e Administración Pública.
- En materia de endebedamento e tutela financeiras das entidades locais: a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das CCAA, que determinan a súa capacidade de endebedamento. No ámbito da normativa galega, o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece no seu Título II o réxime básico ao que haberán de axustarse as operacións de endebedamento que efectúe a comunidade autónoma.
- O programa desenvólvese dentro do ámbito marcado pola normativa en materia de política financeira: o Real Decreto-lei 3/2020, no ámbito dos seguros privados, a Lei 20/2015 de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como os acordos adoptados no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas en materia de endebedamento.
- Axencia Tributaria Galega (Atriga) creada ao abeiro do disposto no artigo 10 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, como instrumento para realizar as funcións administrativas de aplicación dos tributos e demais funcións e competencias que lle atribúe a citada lei.
- O Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.
- A Orde do 19 de decembro de 2012 de inicio das actividades da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se establece a organización e se atribúen determinadas funcións no ámbito de competencias das áreas de Xestión e de Colaboración Social, Información e Asistencia da Axencia Tributaria de Galicia.
- A Orde do 20 de decembro de 2012 pola que se organiza e se atribúen funcións á Inspección de Tributos no ámbito de competencias da Área de Inspección Tributaria da Axencia Tributaria de Galicia

---

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dende o punto de vista das competencias en materia financeira, a finalidade do programa é a seguinte:

- A planificación do endebedamento da comunidade autónoma.
- O desenvolvemento normativo e execución en materia de mediación de seguros.
- A tutela financeira sobre corporacións locais galegas.
- A ordenación de pagamentos e xestión de cobros

Dende o punto de vista das competencias tributarias, o control da aplicación dos tributos e ingresos xestionados pola Atriga coas seguintes accións:

- A análise e deseño da política global de ingresos públicos, e elaboración da súa normativa no relativo aos tributos cedidos polo Estado á comunidade autónoma e aos tributos propios e prezos que esta estableza.
- As accións de mellora da eficacia e eficiencia na aplicación dos tributos e a loita contra a fraude fiscal.
- As accións de mellora na información e asistencia ao contribuínte.
- O impulso da administración electrónica.
- O impulso e a coordinación das relacións de colaboración en materia tributaria con outras administracións públicas.
- O apoio ás actuacións da Xunta Superior de Facenda.

Atendendo ás competencias en materia patrimonial e de control, as finalidades do programa e as actuacións para a súa consecución son as seguintes:

- Coordinar e xestionar a contabilidade orzamentaria, financeira e patrimonial da comunidade autónoma.
- Levar a cabo o control interno da actividade económico-financiera.
- Incrementar a eficacia no gasto público introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto.
- Auditar e controlar os distintos programas de gasto e especialmente as actuacións con fondos comunitarios e as axudas públicas financiadas con fondos non comunitarios, para gañar en eficiencia.
- Levar a cabo o control financeiro permanente e as auditorías das entidades do sector público dentro dunha programación plurianual.
- Buscar unha maior eficiencia na utilización do patrimonio inmobiliario e no gasto en aluguer (xestión patrimonial).

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUCENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma  
 Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro  
 Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio  
 Axencia Tributaria de Galicia

## IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

### OBXECTIVOS DE PROGRAMA

<b>Programa: 122A AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0007 - Culminación da reordenación das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia.	
<b>Programa: 122B FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN DA C.A.</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Accións formativas para os empregados e empregadas públicas.	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
P240.H - Persoal público participante nas actividades de formación (Homes)	25.719
P240.M - Persoal público participante nas actividades de formación (Mulleres)	62.115
<b>Programa: 124A DIRECCIÓN, MODERNIZACIÓN E XESTIÓN DA FUNCIÓN PÚBLICA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Optimización dos recursos humanos. Unha administración que xestiona o seu persoal apostando pola innovación, o talento, a formación continua e adaptada estruturalmente aos novos retos	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
<b>Programa: 131A ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA</b>	
<b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia.	
0005 - Posta en marcha das iniciativas do Plan Senda 2025: consolidación do Expediente Xudicial Electrónico, aumento da dixitalización dos procedementos xudiciais e os medios dixitais para os profesionais, desenvolvemento de novos servizos para a cidadanía e garantía da interoperabilidade con outros territorios e administracións.	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	22.000
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0008 - Valorización da Administración: avanzar cara a unha Administración dixital innovadora.	
Indicador	Valor Previsto
DOE017 - Órganos xudiciais cubertos polo Expediente xudicial electrónico	270
<b>Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL</b>	
<b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia.	
0004 - Mellora da accesibilidade aos servizos públicos dixitais por parte da cidadanía.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	301.605
<b>Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN</b>	
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0004 - Fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento. Maior presenza da educación dixital e contextos híbridos de ensinanza	
Indicador	Valor Previsto
DOE015 - Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos	204.547
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
<b>Programa: 571A FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO</b>	
<b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Liderar a automatización e a transformación dixital da Administración autonómica a través do emprego de tecnoloxías avanzadas, priorizando os servizos centrados na cidadanía e empresas e garantindo a seguridade destes servizos.	
0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia.	
0003 - Avance na xestión intelixente dos datos públicos para mellorar a toma de decisións, a participación cidadá e fomentar un modelo de goberno aberto.	
0007 - Reforzo da calidade e seguridade das infraestruturas dixitais da Administración.	
0008 - Posta en marcha dun novo Data Center para asegurar a dispoñibilidade de servizos e maximizar a súa seguridade.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.210.000
DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	8.000
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital	



**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0002 - Difusión e desenvolvemento de formación en competencias dixitais considerando especialmente ás persoas maiores, atendendo á perspectiva de xénero e buscando chegar aos profesionais de todos os sectores económicos.	
0003 - Aplicación do Marco Galego de Competencias Dixitais para que a cidadanía, así como o persoal empregado público, poida acreditar os seus coñecementos dixitais e mellorar ou actualizar as súas competencias neste eido.	
0004 - Impulso dunha educación innovadora a través de: a implementación do Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas (Plan EDU100); o incremento da oferta de contidos dixitais no ámbito educativo - EDIXGAL; a mellora das infraestruturas dixitais educativas; a evolución das canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital; a mellora das competencias dixitais dos docentes.	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	243.000
MRR037 - Aulas dixitais	9.527
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E03 - Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural</b>	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0009 - Apoio ao despregamento de infraestruturas para dotar de conectividade a todos os cidadáns e empresas a través de: plans para a mellora de cobertura de redes; o impulso da cobertura de redes 4G e 5G, con foco nas zonas máis rurais e illadas; bonos dixitais para colectivos vulnerables; adaptación das infraestruturas para telecomunicacións en edificios.	
0010 - Xeración dun ecosistema dixital de apoio á mobilidade seguro e respectuoso co medio ambiente, poñendo especial atención nas actuacións definidas no eido do plan e-Mobility.	
0012 - Adopción das tecnoloxías dixitais para a posta en valor dos activos patrimoniais e culturais da rexión e a potenciación da oferta turística galega, a través do desenvolvemento da Memoria dixital de Galicia e o impulso da transformación dixital do sector do turismo e das industrias culturais e creativas.	
0013 - Desenvolver e implantar o Plan de Smart Turismo de Galicia facendo foco na incorporación de tecnoloxías avanzadas e utilización do dato para a promoción de Galicia como destino seguro.	
Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	125
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	75.000
DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	50
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro</b>	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Prestación de servizos de demostración e experimentación dixital a través do centro GaiásTech.	
0006 - Apoio á promoción do talento dixital en Galicia para contribuír á redución da fenda entre a demanda e á dispoñibilidade de traballadores con competencias dixitais avanzadas.	
0008 - Impulsar a creación e utilización de contidos dixitais como instrumento para a educación, o turismo ou a cultura, apostando por unha sociedade dixital competitiva, mellorando o uso e a calidade das TIC.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
Indicador	Valor Previsto
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.210.000
DE024A - Número de procedementos teletramitables que se crean ou melloran coa operación	1.000
<b>Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial</b>	
<b>Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única</b>	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial</b>	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0003 - Articulación dixital do territorio.	
Indicador	Valor Previsto

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.000
<b>Programa: 581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA01 - Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Xestión orientada a resultados, transparencia e rendición de contas. Unha administración centrada na cidadanía, próxima, áxil e eficaz, que xera confianza baseada na transparencia e rendición de contas	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0002 - Impulso da estatística oficial a través das operacións estatísticas.	
<b>Programa: 611A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA</b>	
<b>Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
0002 - Impulso á dixitalización dos servizos públicos nos diferentes ámbitos sectoriais mediante a aplicación de solucións innovadoras, que permitan mellorar a súa calidade, seguridade, eficiencia e eficacia.	
0004 - Mellora da accesibilidade aos servizos públicos dixitais por parte da cidadanía.	
0099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	2.210.000
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E01 - Proseguir na mellora da eficiencia das administracións públicas e administrar os recursos públicos de forma eficaz e eficiente, mediante uns servizos públicos sostibles	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Garantir a tramitación telemática de todos os expedientes e trámites coa administración autonómica.	
<b>Indicador</b>	<b>Valor Previsto</b>
DOE024 - Usuarios que teñen acceso ou están cubertos polas aplicacións/ servizos de Administración electrónica	5.200
<b>Programa: 612A PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E02 - Mantemento dos niveis máis baixos de débeda de entre as CCAA. Estabilidade e competitividade das finanzas públicas que favorezan un custe moderado do servizo da débeda e un clima favorable ao investimento en Galicia	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	
0001 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..	
0002 - Reforzar as tarefas de planificación da Xunta e de xestión dos Programas Operativos dos fondos estruturais.	
0003 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións	
<b>Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.</b>	
<b>Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza</b>	
<b>Prioridade de Actuación:</b> PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san	
<b>Obxectivo Extratético /Obxectivo Instrumental:</b> E03 - Sistema tributario competitivo e xusto, que apoia a os que máis o precisan e incentiva a realización de negocios e proxectos vitais en Galicia	
<b>Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental</b>	
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)	

**OBXECTIVOS DE PROGRAMA**

0002 - Garantir a transparencia, integridade e responsabilidade na administración pública e no gasto de fondos públicos, facendo fincapé, non en implementar novas normas e requisitos, senón en aplicar con contundencia as xa existentes..

0003 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións



## V. CADROS NUMÉRICOS

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos						
	01	02	03	04	05	06	07
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	90						1.693
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública						4.823	
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	5.072						
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	1.443		1.890		4.466		
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	620	9.239		1.558			
<b>Total</b>	<b>7.224</b>	<b>9.239</b>	<b>1.890</b>	<b>1.558</b>	<b>4.466</b>	<b>4.823</b>	<b>1.693</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos					
	80	81	A1	A2	B1	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública						1.782
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.		4.938				4.938
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública						4.823
131A-Administración de xustiza			9.091			9.091
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social			13.989			13.989
421A-Dirección e servizos xerais de educación			7.244			7.244
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento			152.068			152.068
581A-Elaboración e difusión estatística	5.328					5.328
611A-Dirección e servizos xerais de facenda			9.129		1.123	15.324
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica						7.799
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control				18.800		30.216
<b>Total</b>	<b>5.328</b>	<b>4.938</b>	<b>191.521</b>	<b>18.800</b>	<b>1.123</b>	<b>252.602</b>

(Miles de Euros)

### Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
122A-Avaliación e calidade da Administración pública	1.693				90		1.782
122B-Formación e perfeccionamento do persoal da Administración da C.A.	1.460	2.085		758	635		4.938
124A-Dirección, modernización e xestión da función pública	4.823						4.823
131A-Administración de xustiza		401			8.690		9.091
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social					13.989		13.989
421A-Dirección e servizos xerais de educación		2.870			4.374		7.244
571A-Fomento da sociedade da información e do coñecemento	20.625	13.257		2.077	97.021	19.089	152.068
581A-Elaboración e difusión estatística	3.542	366			1.419		5.328
611A-Dirección e servizos xerais de facenda	4.778	1.080		175	9.291		15.324
612A-Planificación, elaboración de orzamentos e coordinación económica	6.356			30	1.400	13	7.799
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	26.605	2.698	3		910		30.216
<b>Total</b>	<b>69.883</b>	<b>22.757</b>	<b>3</b>	<b>3.039</b>	<b>137.818</b>	<b>19.101</b>	<b>252.602</b>

(Miles de Euros)

### DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.892	4.060	4,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	730	730	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	30	30	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.931	2.391	23,8
Cap. VII - Transferencias de capital	13	13	0,0
<b>Total</b>	<b>6.595</b>	<b>7.224</b>	<b>9,5</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	8.954	9.239	3,2
<b>Total</b>	<b>8.954</b>	<b>9.239</b>	<b>3,2</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.782	1.890	6,1
<b>Total</b>	<b>1.782</b>	<b>1.890</b>	<b>6,1</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.566	1.555	-0,7
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0,0
<b>Total</b>	<b>1.569</b>	<b>1.558</b>	<b>-0,7</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.375	4.466	2,1
<b>Total</b>	<b>4.375</b>	<b>4.466</b>	<b>2,1</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.373	4.823	43,0
<b>Total</b>	<b>3.373</b>	<b>4.823</b>	<b>43,0</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

07 DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.660	1.693	2,0
<b>Total</b>	<b>1.660</b>	<b>1.693</b>	<b>2,0</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.431	3.542	3,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	351	366	4,4
Cap. VI - Investimentos reais	1.219	1.419	16,4
<b>Total</b>	<b>5.001</b>	<b>5.328</b>	<b>6,5</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.433	1.460	1,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.896	2.085	10,0
Cap. IV - Transferencias correntes	710	758	6,7
Cap. VI - Investimentos reais	635	635	0,0
<b>Total</b>	<b>4.673</b>	<b>4.938</b>	<b>5,7</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	20.048	20.625	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	16.432	16.648	1,3
Cap. IV - Transferencias correntes	2.077	2.077	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	140.750	133.083	-5,4
Cap. VII - Transferencias de capital	10.180	19.089	87,5
Cap. IX - Pasivos financeiros	7.836	0	-100,0
<b>Total</b>	<b>197.323</b>	<b>191.521</b>	<b>-2,9</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	14.588	15.812	8,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.580	2.698	4,6
Cap. VI - Investimentos reais	330	290	-12,1
<b>Total</b>	<b>17.498</b>	<b>18.800</b>	<b>7,4</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	701	718	2,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	225	230	2,1
Cap. IV - Transferencias correntes	156	175	12,0
<b>Total</b>	<b>1.082</b>	<b>1.123</b>	<b>3,8</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA E DO PATRIMONIO	6.595	7.224	9,5
02 INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	8.954	9.239	3,2
03 DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS	1.782	1.890	6,1
04 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOIRO	1.569	1.558	-0,7
05 DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS	4.375	4.466	2,1
06 DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA	3.373	4.823	43,0
07 DIRECCIÓN XERAL DE SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA	1.660	1.693	2,0
80 INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	5.001	5.328	6,5
81 ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	4.673	4.938	5,7
A1 AXENCIA PARA A MODERNIZACION TECNOLOXICA DE GALICIA	197.323	191.521	-2,9
A2 AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	17.498	18.800	7,4
B1 CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	1.082	1.123	3,8
<b>Total</b>	<b>253.886</b>	<b>252.602</b>	<b>-0,5</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

### Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		00.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	25.602	27.726	0	42.157	0	0	0	69.883
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	730	730	0	22.027	0	0	0	22.757
Cap. III - Gastos financeiros	3	3	0	0	0	0	0	3
Cap. IV - Transferencias correntes	63.645	66.195	0	3.009	0	66.165	0	3.039
<b>OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>89.980</b>	<b>94.653</b>	<b>0</b>	<b>67.194</b>	<b>0</b>	<b>66.165</b>	<b>0</b>	<b>95.682</b>
Cap. VI - Investimentos reais	1.931	2.391	0	135.427	0	0	0	137.818
Cap. VII - Transferencias de capital	160.963	154.528	0	19.089	0	154.516	0	19.101
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>162.894</b>	<b>156.919</b>	<b>0</b>	<b>154.516</b>	<b>0</b>	<b>154.516</b>	<b>0</b>	<b>156.919</b>
<b>Total</b>	<b>252.874</b>	<b>251.573</b>	<b>0</b>	<b>221.710</b>	<b>0</b>	<b>220.681</b>	<b>0</b>	<b>252.602</b>

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)



### Medios Persoais

Consellería de Facenda e Admón. Pública	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>9</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>500</b>
Subgrupo A1	192
Subgrupo A2	132
Subgrupo C1	120
Subgrupo C2	52
Agrupacións profesionais	4
<b>Persoal Laboral</b>	<b>9</b>
Grupo III	1
Grupo IV	7
Grupo V	1
<b>TOTAL</b>	<b>518</b>

### Medios Persoais

Instituto Galego de Estatística	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>1</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>55</b>
Subgrupo A1	40
Subgrupo A2	8
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	1
Agrupacións profesionais	1
<b>Persoal Laboral</b>	<b>9</b>
Grupo I	1
Grupo III	8
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>

### Medios Persoais

Escola Galega de Administración Pública	2024
<b>Altos Cargos</b>	<b>1</b>
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>23</b>
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	3
Subgrupo C1	3
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
<b>Persoal Laboral</b>	<b>11</b>
Grupo I	1
Grupo III	3
Grupo IV	5
Grupo V	2
<b>TOTAL</b>	<b>35</b>

### Medios Persoais

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	2024
Altos Cargos	1
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>227</b>
Subgrupo A1	98
Subgrupo A2	48
Subgrupo C1	80
Agrupacións profesionais	1
<b>Persoal Laboral</b>	<b>171</b>
Grupo I	9
Grupo II	72
Grupo III	75
Grupo IV	13
Grupo V	2
<b>TOTAL</b>	<b>399</b>

### Medios Persoais

Axencia Tributaria de Galicia	2024
Altos Cargos	1
<b>Persoal Funcionario</b>	<b>393</b>
Subgrupo A1	95
Subgrupo A2	93
Subgrupo C1	129
Subgrupo C2	68
Agrupacións profesionais	8
<b>Persoal Laboral</b>	<b>9</b>
Grupo III	3
Grupo IV	4
Grupo V	2
<b>TOTAL</b>	<b>403</b>

### Medios Persoais

Consello Económico e Social de Galicia	2024
Altos Cargos	2
<b>Persoal Laboral</b>	<b>10</b>
Grupo I	7
Grupo III	3
<b>TOTAL</b>	<b>12</b>

### Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autónomo

Sociedades mercantís públicas autónomas	Explotación	Capital
Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.	10.878	387
<b>Total</b>	<b>10.878</b>	<b>387</b>

(Miles de Euros)